Tese de Doutoramento

A VISIÓN DA GALICIA EMIGRADA A HISPANOAMÉRICA EN TORNO Á DISCUTIDA ORIXE GALEGA DE CRISTÓBAL COLÓN

Isabel Elena Peleteiro Vázquez

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ESTUDOS CULTURAIS: MEMORIA, IDENTIDADE, TERRITORIO E LINGUAXE

Lugo
2021

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DA AUTORA DA TESE

A visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica en torno á discutida orixe galega de Cristóbal Colón

Dna. Isabel Elena Peleteiro Vázquez

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Lugo, a 23 de marzo de 2021

Asdo.: Isabel Elena Peleteiro Vázquez

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR / TITOR DA TESE

A visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica en torno á discutida orixe galega de Cristóbal Colón

D. Francisco Rodríguez Lestegás

INFORMA:

Que a presente tese correspóndese co traballo realizado por Dna. **Isabel Elena Peleteiro Vázquez**, baixo a miña dirección, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En Lugo, a 23 de marzo de 2021

Asdo.: Francisco Rodríguez Lestegás

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

A doutoranda agradece ás persoas e institucións que levan adiante o esforzo por facer dos Estudos Culturais un espazo de traballo e constante divulgación, polo que é fundamental destacar os profesores que motivaron á autora a desenvolver o tema: Carmen Blanco García, Francisco Rodríguez Lestegás, María Pilar Cagiao Vila, María Amparo de Juan Bolufer e Carme Silva Domínguez, docentes e investigadores da Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra banda, cabe destacar o incesante labor demostrado polas persoas que ofreceron informacións, achegas, explicacións e datos esclarecedores para levar adiante este estudo, en especial Guillermo García de la Riega e Eduardo Esteban Meruéndano, pertencentes á Asociación Cristóbal Colón Galego "Celso García de la Riega", investigadores e divulgadores da orixe galega do descubridor, pero tamén os cronistas e narradores orais da cidade de Pontevedra.

Neste senso, a doutoranda quere subliñar a importancia dos escritores e dinamizadores culturais da emigración galega en Hispanoamérica, que son os verdadeiros protagonistas da investigación. Eles son os que lle deron pulo á tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón nos espazos do asociacionismo galego desde finais do século XIX ata o presente.

Asemade, cómpre expresar o agradecemento a todos os organismos e as institucións que facilitaron contidos e materiais relacionados coa investigación: a Fundación Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra, a Casa Museo Cristóbal Colón de Poio, a Biblioteca América da Universidade de Santiago de Compostela, o Consello da Cultura Galega, o Arquivo Galego da Emigración e o Museo de Pontevedra.

A doutoranda tamén desexa salientar que o gran impulsor deste estudo é o profesor Amancio Peleteiro Yrago, quen exerceu un exemplar traballo cultural e educativo coa colectividade galega emigrada a Venezuela. Así mesmo, quere referirse ao profesor Serafín Portugal Soto, incansable estudoso da diáspora venezolana en Galicia, a Juan Manuel Giráldez da Irmandade Galega de Caracas, aos profesores Ulpiano Santos Fuentes, Rosa María Pérez de Santos (Universidad Central de Venezuela), Milagros Elena Rodríguez (Universidad de Oriente, Cumaná, Venezuela), David Ruíz Chataing (Universidad Pedagógica Experimental Libertador, Caracas) e José Manuel Solla Santos (UNED, Pontevedra).

Por último, é fundamental destacar o traballo de moitas socias e socios dos centros galegos da Irmandade Galega de Caracas, cuxo esforzo e contribucións solidarias e desinteresadas permiten levan adiante as moi diversas tarefas neses espazos culturais galegos de Hispanoamérica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dedicatoria

A investigación intenta visibilizar o traballo das mulleres e homes que atesouraron os contidos científico-culturais da tese de Colón galego en Hispanoamérica, configurando verdadeiras comunidades de transmisión da cultura galega no Novo Mundo. Elas e eles son os dinamizadores culturais galegos da emigración a ese continente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INDICE

RESUMO 15

PRESENTACIÓN 17

CAPÍTULO 1. A ORIXE DE CRISTÓBAL COLÓN, UN ENIGMA HISTORIOGRÁFICO 45

1.1 As dificultades historiográficas sobre a orixe de Cristóbal Colón 45

1.2 Tese xenovesa 51

1.3 Teses mediterráneas: catalá, mallorquina e ibicenca 54

1.4 Tese andaluza 58

1.5 Tese portuguesa 61

CAPÍTULO 2. A TESE GALEGA COMO CONTIDO CULTURAL 65

2.1 Luis de la Riega (1827-1909) 76

2.2 Celso García de la Riega (1832-1914) 77

2.3 Prudencio Otero Sánchez (1847-1936) 87

2.4 Evidencias patrimoniais a prol da hipótese galega 88

2.5 Os detractores da tese galega 115

CAPÍTULO 3. TRAVESÍA TRANSATLÁNTICA DA TESE GALEGA POLO OCEÁNO DA ESPERANZA: A EMIGRACIÓN E O EXILIO GALEGO A HISPANOAMÉRICA (1898-1960) 121

3.1 De Pontevedra á Habana: as epístolas da tese galega 122

3.2 As viaxes da tese galega a Ultramar: A Habana (1898-1930). 126

3.3 As travesías transatlánticas das décadas posteriores (1936 - 1950) 136

CAPÍTULO 4. A RECEPCIÓN E A TRANSMISIÓN CULTURAL DA TESE GALEGA EN HISPANOAMÉRICA NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX 145

4.1 Breve contexto e circunstancias do continente hispanoamericano 145
4.2 As conexións culturais entre Pontevedra e Hispanoamérica 147
4.3 O Centro Galego e as Sociedades de Instrución impulsoras da tese galega na Habana 152
4.4 O Comité Pro-Colón Español da Habana 155
4.5 Outras conexións transatlánticas 164

CAPÍTULO 5. VISIÓN CIENTÍFICA DA TESE GALEGA NOS INTELECTUAIS EMIGRADOS A HISPANOAMÉRICA (1900-1960) 171
5.1 Constantino Horta y Pardo (1860-1923) 172
5.2 Enrique Zas y Simó (1877-1929) 177
5.3 Rafael Calzada (1854-1929) 180
5.4 José María Mosqueira Manso (1886-1962) 182

CAPÍTULO 6. A VISIÓN CULTURAL DA TESE GALEGA NO IMAXINARIO LITERARIO DA MULLER GALEGA EMIGRADA 191
6.1 Eva Canel (1857-1932) 195
6.2 Mercedes Vieito Bouzas (1888-1960) 204

CAPÍTULO 7. AS EDICIÓNS FACSÍMILARES E LIBROS DE DIVULGACIÓN DA TESE GALEGA EN HISPANOAMÉRICA (1900-1960) 213
7.1 Edicións facsímilares, obras, autores e revistas 213
7.2 Cuba 218
7.3 Arxentina 228
7.4 Uruguai 229
7.5 Venezuela 234
7.6 Paraguai 247
7.7 República Dominicana 248
7.8 Puerto Rico 250

7.9 Ecuador 253
7.10 Chile 254
7.11 México 256
7.12 Honduras 258

CONCLUSIÓNS 259

GLOSARIO 289

ANEXO I. RELACIÓN DAS ENTREVISTAS FEITAS AOS INFORMANTES DO ESTUDO 301

ANEXO II: INDICE DE ILUSTRACIÓNS 305

ANEXO III: APÉNDICE DOCUMENTAL 307

BIBLIOGRAFÍA 317

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

A tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón como fillo da cidade de Pontevedra foi formulada hai máis dun século. O propósito deste estudo é presentar esta tese como un estudo cultural con vixencia e proxección actuais. Os antecedentes historiográficos sobre o problema expoñen brevemente as diversas teorías existentes arredor do enigma sobre a orixe do descubridor e céntranse nos procesos de evolución da tese cara ao Novo Mundo. A tese galega efectúa unha viraxe decisiva a través do Atlántico, primeiramente á illa de Cuba, para centrarse logo nos procesos de asentamento e autoorganización dos emigrados galegos en Hispanoamérica desde finais do século XIX que fixeron posible a recepción e asimilación cultural. Cómpre sinalar que o estudo non discute a afirmación do descubridor de América asentada nos documentos colombinos, entre os que contamos cunha acta notarial apócrifa datada do 22 de febreiro de 1498 onde Colón expresa con contundencia: "En Génova nací y de Génova salí". Esta é unha afirmación da visión universal sobre a orixe do descubridor.

O obxecto do estudo transcende o enunciado para centrarse na visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica en torno á discutida orixe galega de Colón. Para iso, contextualízase a xénese da tese galega na cidade de Pontevedra e inténtase responder á repercusión, finalidade e impacto que tivo nesas nacións antigas colonias estaban nun proceso de independencia de España. Neste senso, pártese das argumentacións feitas polo creador da hipótese, o pontevedrés Celso García de la Riega, na edición orixinal da obra *Colón, español. Su origen y patria* (1914).

O estudo é relevante porque pon en valor a necesidade de esclarecer un conxunto de contidos culturais que, sendo propios de Galicia, transcenderon a través das diversas ondas migratorias galegas aos territorios transoceánicos hispanoamericanos onde os galegos se

organizaron en espazos de beneficencia, instrución e recreo, sentando así as bases do asociacionismo galego, feito que propiciou o desenvolvemento da tese galega. A metodoloxía do traballo desenvólvese desde a perspectiva plural, integradora, interdisciplinaria e transversal propia dos estudos culturais. E céntrase na análise dos discursos e produtos editoriais publicados nas edicións facsímilares, xornais e libros dos galegos emigrados, nos que o enfoque xeohistórico permite coñecer os diversos testemuños, entrevistas, historias de vida e documentos producidos na ampla bibliografía divulgada polos galegos da diáspora. Alén mar este contido cultural continúa a travesía e propágase vertixinosamente nos países que acolleron aos emigrados, constituíndo un movemento cultural e patriótico.

A tese de doutoramento estrutúrase en sete capítulos: o primeiro expón o enigma historiográfico sobre a orixe de Cristóbal Colón; o segundo describe a tese galega como contido cultural; o terceiro explica a travesía transatlántica da tese galega; o cuarto céntrase na recepción e transmisión cultural da tese galega en Hispanoamérica na primeira metade do século XX; o quinto ofrece a visión científica dos seguidores desta tese emigrados a Hispanoamérica; o sexto introduce a perspectiva de xénero con respecto á visión cultural da tese galega, ao abordar o imaxinario literario da muller galega emigrada; por último, o capítulo sétimo describe as edicións facsímilares e libros de divulgación da tese galega sobre a orixe de Colón publicadas en Hispanoamérica (1900-1960) a partir das referencias que recolle a prensa da Galicia emigrada. As conclusións revelan a visión, os significados, as interpretacións sobre a intensa apropiación cultural deste contido que se converte nun feito cultural a o outro lado do océano e que a partir deste estudo fai unha viraxe cara a Galicia.

PRESENTACIÓN

E xusto subliñar que a figura do descubridor de América tivo unha fonda pegada identitaria no eido da emigración galega a América. Os relatos da emigración veñen ser unha materia pendente que desborda o ámbito educativo e científico para chegar aos medios de comunicación. A prensa, o cine, a radio e a televisión son espazos nos que se presentan con inusitada frecuencia os contidos culturais sobre Cristóbal Colón. Xeralmente, estes ofrecen un carácter plural, transversal, interdisciplinario e integrador marcado polos intereses do contexto histórico e sociocultural no que se desenvolven os protagonistas do estudo que constitúen un contido cultural aínda escasamente coñecido nos espazos públicos de Galicia. Porén, o estudo oriéntase a satisfacer a curiosidade dun lector que poida sentar posición neste tema en discusións e debates vencellados á relación existente entre os contidos culturais xerados en Galicia e a súa transmisión a Hispanoamérica como resultado do feito migratorio galego.

Neste senso, os antecedentes do estudo parten dunha base obxectiva. O contexto ten a xénese nos informantes primarios que son os creadores e seguidores da "tese galega" sobre a orixe de Cristóbal Colón. Todos estes elementos susténtanse na edición orixinal de Celso García de la Riega (1914), *Colón Español. Su origen y patria*, e os seus seguidores e descendentes ao longo de máis dun século. Entre eles pódense citar a Prudencio Otero Sánchez, principal continuador do secular esforzo de García de la Riega, quen divulga a tese galega na

prensa histórica de Hispanoamérica nas décadas posteriores á publicación do libro. Este autor vén ser o principal valedor da tese unha vez falecido García de la Riega. Prudencio Otero divulga e desenvolve esta hipótese a través das numerosas comunicacións epistolares e viaxes feitos coa finalidade de ilustrar sobre o asunto aos emigrados alén do mar nos centros galegos da Habana, Bos Aires e Montevideo. Asemade, cítanse as achegas actuais feitas na cidade de Pontevedra por Guillermo García de la Riega, bisneto do pioneiro creador da teoría.

No entanto, o estudo intenta esclarecer algúns aspectos relacionados coa forma de transmisión de tese galega a Hispanoamérica, a súa recepción, aceptación, estudo, análise e divulgación. Estes datos áchanse nos principais arquivos galegos da emigración, así nos centros de documentación da cidade de Pontevedra, e proceden dos primeiros colectivos emigrados ás Antillas nas décadas iniciais do século XX, polo que se consideran documentos antigos e descatalogados que están a cumprir un século a meirande parte deles. Moitos outros destes materiais publicáronse nos centros do asociacionismo galego en América e consisten nunha ampla variedade de edicións facsímileares, libros, artigos, textos, anuncios, cartas, comunicacións e alegorías feitas en base ao tema da descuberta de América polos autores do exilio e a emigración galegas a Hispanoamérica. Algúns deles áchanse hoxe en día en situación de retorno a Galicia.

A participación dos emigrados e exiliados é fundamental para a comprensión do tema desde unha perspectiva plural e integradora. As contribucións escritas ofrecen a posibilidade de testemuñar en relación a como e porqué se desenvolveu a hipótese de Colón pontevedrés en Hispanoamérica. O estudo toma en conta as características dos diversos espazos onde exerceron este movemento cultural, intelectual e comunicacional dirixido aos colectivos emigrados á Habana, Bos Aires,

Montevideo, Caracas, México, Santo Domingo e Asunción, entre outros destinos.

No entanto, cómpre coñecer as limitacións do estudo para a construción historiográfica desta investigación. As informacións arredor da orixe galega do Gran Nauta na provincia de Pontevedra presentan grandes dificultades de forma e fondo, por mor da notable dispersión na que se atopan os documentos consultados en diversos centros de documentación.

Unha primeira ollada á cuestión descríbea o primeiro entrevistado galego retornado de Bos Aires, o animador cultural Manuel Lage, oriúndo de Vilanova de Arousa e procedente desa cidade suramericana polo feito migratorio galego. Manifestou que chegou a aquela cidade con nove anos. Estuda nesa capital na década dos sesenta e alí, na escola, "*un profesor díxolle que Colón podía non ser italiano*"[1]. Na cidade de Bos Aires xa daquela estaban aparecendo novas sobre a historia oficial do lugar de orixe do descubridor. No relato, o informante describe como o mestre de educación primaria lle presentara con minuciosidade ambas contornas do océano Atlántico, a americana e a galega, aparellando os trazos xeográficos existentes entrambas as dúas beiras. Amosáballe aos rapaces nomes coincidentes entre a toponimia galega e a das illas das Antillas, no mar Caribe.

Este feito pode ser constatado e validado de xeito contundente e documental a través dalgúns textos descoñecidos e esquecidos. Ao respecto, o ilustre poeta e dramaturgo Ramón María del Valle-Inclán, na súa viaxe a América, toma contacto coa idea da galeguidade de Cristóbal Colón. Alí coñece sobre a cuestión desde a voz do ministro

[1] Manuel Lage. Fonte oral. Emigrante retornado de Arxentina, dinamizador cultural dos Concellos de Vilaxoán e Vilagarcía de Arousa. Actualmente afincado na cidade de Vilanova de Arousa. Entrevista realizada o 10/11/2017.

de Instrución Pública da República de Chile, quen lle mostra un libro de texto reformado pouco tempo antes, sinalando Galicia, e concretamente a provincia de Pontevedra, como lugar de nacemento de Cristóbal Colón (Juan Bolufer, 2013).

Do anterior pódese afirmar que os aspectos idiosincráticos destas nacións hispanoamericanas veñen en parte dados a partir dos feitos culturais protagonizados por aqueles galegos e galegas que desembarcaban nos portos suramericanos, dando orixe a unha sociedade plural e integradora na que aínda hoxe se poden apreciar trazos lingüísticos procedentes da lingua galega.

Outro caso corresponde á propia autora deste estudo, quen procede da emigración a Venezuela na década dos anos cincuenta do século pasado. Refírese á experiencia da infancia co libro de texto do terceiro grao de educación primaria na escola "Juana de Arco" da cidade de Caracas. Alí, a mestra que dirixía a lectura sobre a orixe xenovesa de Colón quedou abraiada, pois o autor daquel libro escolar xa explicaba que algúns autores defendían a tese de que o lugar de nacemento de Cristóbal Colón podía ser a provincia de Pontevedra. Ante tal situación, a mestra insiste na localización xeográfica deste lugar e pregunta se alguén coñecía onde se atopa esta cidade, cuestión á que se responde coa sinal de costume, sinalando a Pontevedra como unha provincia situada en Galicia, rexión do noroeste de España. Ante tal afirmación, a docente amósase interesada en coñecer en profundidade aquela importante discrepancia que botaba por terra a consabida orixe xenovesa do descubridor de América.

Esta e outras anécdotas, que se posúen como lembranza do proceso migratorio galego, constitúen parte das motivacións e puntos de partida do presente estudo, pois é evidente que xa a emigración galega a Ultramar tiña coñecemento, dun xeito formal e informal, da

controversia existente entre a versión oficial sobre a orixe italiana e a tese sobre a orixe galega arredor do lugar de nacemento do descubridor. No entanto, algunhas testemuñas desde os eidos da emigración galega amosan que este traballo supón, máis alá dunha análise crítica, un suposto desafío que vén xerar controversias sobre a tese hispánica relacionada cos outros posibles lugares de orixe de Colón na Península Ibérica.

Non obstante, por ser unha discusión que vén desenvolvida desde os eidos da emigración, amosa relatos anecdóticos, e as emocións que suscita a imaxe de Cristóbal Colón, español, como símbolo identitario nos diversos colectivos emigrados a América. Sobre o tema aprécianse motivacións relacionadas coa orixe galega de Colón e aínda máis alá coa liberdade de publicar contidos culturais en lingua galega que naquela época non estaban permitidos en Galicia.

Ao fío da cuestión, existen evidencias dalgúns enfrontamentos entre os emigrados italianos e galegos asentados en Bos Aires. Estas diverxencias de opinións en canto á orixe do descubridor transcenderon aos medios de comunicación bonaerenses e foron estudados a fondo por académicos galegos como Xosé Manuel Núñez Seixas. Paga a pena destacar que, tanto o colectivo galego como os outros emigrados ás capitais da América española, tiveron un forte encaixe e unha fonda pegada sociocultural nesas nacións, nas que moitos deles dirixiron as colectividades emigradas e fundaron espazos culturais, radiofónicos e xornalísticos. Porén, algunhas das ideas expostas pola emigración a prol da discusión entre a tese xenovesa e a pontevedresa tamén forman parte dos contidos escollidos para a análise da visión dos emigrados en relación ao tema en estudo.

No tócante a esta cuestión e mesmo fronte a estas testemuñas, a investigación céntrase, por unha banda, na revisión, análise e

interpretación dalgunhas publicacións feitas polos dinamizadores culturais nos centros galegos da emigración a Hispanoamérica. Por outro lado, dirixiremos a nosa atención a coñecer en profundidade non só a tese da orixe galega e pontevedresa do explorador Cristóbal Colón, senón tamén á explicación das outras teorías que sustentan que o navegante podería ser italiano, catalán, mallorquín, ibicenco, andaluz ou portugués, por mencionar só as teses máis coñecidas e divulgadas na bibliografía e nos xornais actuais.

Emporiso, a visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica vista desde os contidos culturais transmitidos pretende ser un esforzo de síntese sobre os diversos sinais e símbolos de identidade histórica colectiva compartidos entre Galicia e Hispanoamérica a través da emigración, nos que sobresae unha lectura polisémica centrada na celebración da festividade do feito descubridor de América como propio da nación española por ser un acontecemento histórico protagonizado polo español e pontevedrés Cristóbal Colón (García de la Riega, 1914).

Esta idea vén a configurar unha ampla posibilidade de significados, onde o importante é afianzar a identidade a favor de España sinalada polos emigrados, situación que se constata reiteradamente ao longo do estudo.

Os referentes atópanse nos actores sociais que lle deron impulso e continuidade á hipótese da orixe galega de Cristóbal Colón nos centros galegos e espazos das nacións da emigración a Hispanoamérica. No entanto, un dos propósitos centrais deste traballo é sentar as bases para tecer un relato, bordar unha discusión e revelar as voces que fan posible estes feitos narrativos galegos en Ultramar. Emporiso, o traballo ocúpase de facer unha análise, estudo e interpretación desta tese na diáspora a Hispanoamérica. Neste senso, desenvólvense algunhas ideas

tendentes a demostrar como os contidos culturais sobre a orixe galega do descubridor deron lugar á discusión sobre o berce e suposta orixe galega de Colón nos diferentes países que son espazos de acollida á emigración galega. Para iso, partimos ademais dos antecedentes históricos rexistrados na provincia de Pontevedra. O traballo intenta aportar ideas e puntos de vista a favor dunha toma de conciencia xeográfica e cívica que permita visibilizar a identidade galega intercultural reivindicando o feito diferencial aportado polos galegos no mundo.

A tese galega foi acollida con gran interese e logo espállase polos centros galegos da emigración, repercutindo neles como contido cultural e intelectual. Esta cuestión ofrece coñecementos sobre un conxunto de elementos patrimoniais pontevedreses que lle dan apoio e divulgación á controversia e que tiveron eco nos autores que describiron a tese desde a América española.

Ao fío da cuestión, o que constitúe unha das principais contribucións deste traballo é a achega dos nomes dos emigrados e exiliados que forneceron e animaron a divulgación desta hipótese nos eidos da emigración alén mar coa finalidade de que estas foran de uso e dominio público, como se pode constatar na realidade dos arquivos documentais e edicións facsímileares e xornais existentes nas nacións hispanoamericanas e que se rexistran nos centros de documentación de Galicia.

Na actualidade, na cidade de Pontevedra destaca máis dun centenar de autores interesados no tema. Saliéntanse numerosas contribucións de Alfonso Phillippot Abeledo (1994), Guillermo García de la Riega (2014), ou Aquilino Vila Fariña (2006) que afondaron neste tema. Pódese citar tamén a Roberto Taboada (2018), que recompilou e divulgou a maior parte da bibliografía e literatura escrita sobre o Colón

galego. A hipótese orixinal de Celso García de la Riega conta co seu principal valedor Prudencio Otero Sánchez, que asume a súa divulgación en Hispanoamérica.

Coa finalidade de lograr unha maior comprensión do estudo, a investigación ocúpase de contextualizar o tema dentro da realidade pontevedresa actual, contando para iso coas achegas da Asociación Cultural "Celso García de la Riega", organización que ten o apoio da Deputación de Pontevedra. Emporiso, non só se analiza a controversia, senón que se inclúe o estado da cuestión nesta cidade na que se reivindican as recentes contribucións sobre a consabida diversidade de posturas arredor da orixe xudía do descubridor. Neste senso, ábrense novas liñas de investigación con enorme potencial. Entre os cronistas e historiadores pontevedreses que están a traballar esta nova hipótese, atópanse algúns estudosos desa cidade como David Vázquez Barbazán e outros colaboradores. É importante destacar tamén o labor dos narradores orais pontevedreses como Vicente Cerdeiriña, párroco de Poio, que ofrece contribucións importantes sobre a posible orixe pontevedresa do Gran Nauta e cuxas achegas tamén forman parte deste estudo.

O historiador José Fortes (1993) destaca os coñecementos, testemuños e escritos sobre a historia da cidade de Pontevedra. Logo dun amplo percorrido, este académico ofrece unha visión plural e ampla que abrangue desde a Baixa Idade Media ata a Idade Moderna pontevedresa. Nos seguintes séculos e logo dunha aparente escuridade fronte ao tema, esta cidade ábrese en 1914 a desvelar a orixe de Colón, o que implica descubrir un enigma de carácter universal que terá gran impacto e repercusión na América de fala española coa emigración galega.

O mesmo permite comprender algúns aspectos inherentes á discutida orixe de Colón como habitante desta cidade medieval dos séculos XIV e XV. Seguindo a Juan Juega Puig (1996), esta é unha historia que aínda se encontra por facer. O citado historiador describe á realidade pontevedresa dun xeito documental que evoca a realidade do momento histórico en cuestión e dálle ao estudo un senso de totalidade. Cómpre tamén agradecer os debuxos feitos polo polifacético creador da tese galega, a través dos que se poden comprender as características da cidade medieval, cuxo patrimonio arquitectónico se transformou hoxe en día e perdeu parte da súa fisionomía orixinaria.

A medida que se avanzou no obxecto de estudo, puidemos apreciar que se trata definitivamente dunha historia e discusión pendentes. Ao estudo interésalle a viaxe transatlántica da tese galega que fai a travesía nos vapores da man dos emigrados. Porén, o estudo debuxa a ollada destes colectivos da diáspora, que sen lugar a dúbida se reflicten na tese galega en América, contido cultural que vén cumprir unha extraordinaria e extensa misión histórica e patriótica a favor de España ata agora moi escasamente estudada e analizada. No entanto, esta é só unha parte da historia da emigración galega ás terras americanas. Quedarían aínda por atender nos eidos migratorios outras moitas importantes facetas da emigración galega, como son os feitos dos grupos de teatro, os orfeóns, as corais, as foliadas, os bailes folclóricos, os radiodifusores e líderes deportivos destes espazos, que coa súa convicción e traballo construíron espazos para os seus descendentes. Esta é, sen dúbida, a outra historia por facer (Juega Puig, 1996), situación que vén ser definida por autores como Michel Foucault (1976, 1979), cando insiste na existencia de múltiples saberes e historias somerxidas e subordinadas a outras impostas con maior poder.

O estudo xustifícase polo seu propósito de subliñar e validar a tese galega fóra de Galicia. Neste senso, confírmase a existencia de contidos

soterrados que abren novas perspectivas e miradas na reconstrución dos procesos sociais das mulleres e homes que saíron de Galicia cara á emigración. Emporiso, o estudo desta tese vén ser un tema fundamental para a comprensión totalizante da historia da Península Ibérica, dado que o autor da tese galega vén cumprir unha misión reivindicadora dos territorios que formaron parte do imperio español.

Celso García de la Riega, polifacético bibliófilo e lexicógrafo de finais do século XIX, desempeña funcións moi importantes en Hispanoamérica que puideran ser o xermolo da incubación, concepción e presenza da súa hipótese nestes territorios ultramarinos anos antes de que fora publicada na provincia de Pontevedra. Esta interrogante do estudo abre o debate sobre se a tese galega foi primeiramente divulgada en Hispanoamérica antes que en Galicia.

A teoría rieguista vén darlle luz ás densas sombras e néboas que envolven o enigma sobre o berce do Almirante das Indias. Este comprometido pontevedrés desenvolve dun xeito claro unha transcendental contribución que se orienta a facer unha "*rectificación histórica e xeográfica sobre a verdadeira orixe do descubridor*" (García de la Riega, 1914, p. 12). Deste xeito, coa súa investigación, De la Riega promove o rexurdir doutros numerosos estudos e investigacións feitos por personaxes galegos e pontevedreses que lle dan pulo ou contradín a teoría matriz.

Cómpre incidir no feito de que os descendentes deste eminente historiador recollen o seu valioso legado. Neste senso, é importante salientar a divulgación feita por Guillermo García de la Riega e por outros prominentes investigadores e coleccionistas pontevedreses a prol da tese galega. Estes axentes e persoas interesadas destacan pola sucesiva publicación de traballos propios e de moitos eruditos desta comarca en torno ao tema. Todos eles forman parte da historia viva da

comarca pontevedresa que resoa nos espazos da Galicia emigrada a Hispanoamérica.

O estudo interésase polas implicacións requiridas para a recepción desta nova primeiramente na Gran Antilla e posteriormente no resto dos territorios americanos. Asemade, ocúpase por esclarecer as motivacións da súa vertixinosa dispersión polos espazos da emigración a Centroamérica e América do Sur. Emporiso, arredor do Colón galego comézanse a abrir numerosas evidencias escritas en publicacións que se converten en testemuñas dun labor a prol da cultura galega na diáspora.

O que se está a describir no presente traballo pode contribuír a xerar novas rutas e liñas que permitan rastrexar as condicións de vida daqueles galegos que se afanaron en construír asociacións e urdir tramas sobre as comunidades emigradas. Estas reflicten é subliñan as consecuencias históricas do transcendental feito migratorio galego neses territorios.

Os numerosos documentos escritos polos dinamizadores da diáspora son obxecto da análise do estudo e configuran unha parte substancial da historia non totalmente esclarecida de Galicia. No entanto, revisáronse escritos destes intelectuais feitos en Cuba, Arxentina, Uruguai, Venezuela, República Dominicana, México, Chile, Paraguai, Puerto Rico, Honduras e outros países. Neste senso, escóllese soamente unha parte moi representativa e significativa da numerosa mostra documental existente na que se aprecian defensores e detractores da tese.

Así, o estudo non se propón unicamente contribuír a ofrecer novas liñas de análise. Alén da dificultade histórica de reconstruír procesos humanos, é necesario colaborar ao esclarecemento dos aspectos polémicos da cuestión para despexar a incógnita e validar os datos

existentes sobre a orixe do descubridor. Neste senso, o estudo percorre as principais cidades ultramarinas e recompila os discursos dos emigrados atendendo á visión plural e interdisciplinaria que xerou a presenza de Colón en toda América.

O estudo é relevante para Galicia, porque o desenvolvemento desta ofrece unha mirada da visión dos emigrados aberta e ampla que define a presenza da Galicia de alén do mar como protagonista de procesos culturais, interculturais e transculturais que conectan coa creación dunha conciencia colectiva de evolución e desenvolvemento humano, sustentada nos devezos de liberdade e autonomía que entroncan a historia e identidade compartidas cos pobos existentes a ambas beiras do Atlántico: Galicia e América.

Esta óptica permite entender que o impacto etnográfico da sociedade galega actual é produto do feito migratorio nos territorios hispanoamericanos no século XX. Emporiso, evidéncianse os elementos culturais e identitarios cos que tiveron estreita relación os emigrados galegos en América.

O estudo ofrece a visión dos emigrados galegos a Hispanoamérica en torno á discutida orixe galega de Cristóbal Colón, desde a perspectiva dos Estudos Culturais e desenvolve os seguintes obxectivos:

1) Realizar unha análise sistemática e rigorosa da recepción desta hipótese por parte da emigración galega a Hispanoamérica

2) Facer unha análise rigorosa da hipótese sobre a orixe galega de Colón en Hispanoamérica: os defensores e detractores e a validación historiográfica.

3) Reflexionar sobre a finalidade, significados e impacto cultural que a tese galega tivo en Hispanoamérica tomando en conta o enfoque de xénero.

A partir destes obxectivos o estudo ten a intención de desvelar as seguintes interrogantes:

¿Cales son os percorridos desenvolvidos pola tese galega nese traxecto a Ultramar?

¿Como os emigrados galegos puideron asimilar estes contidos culturais baseados en cuestións de carácter intelectual e culta?

¿Que funcións, significados e consecuencias xera a presenza da tese galega nos eidos da emigración a Hispanoamérica?

¿Cal foi o legado que deixou esta hipótese nos espazos hispanoamericanos cara ao futuro?

De feito, na revisión preliminar das primeiras publicacións editadas na Habana, entre os anos 1902 e 1930, exprésanse as interpretacións en canto á repercusión e transcendencia da tese galega alén mar. Nelas apréciase o porqué os galegos emigrados desenvolverían con entusiasmo o tema sobre a orixe galega de Colón. Ao respecto cítase que:

> A argumentación da orixe galega de Colón resulta de importancia para os emigrados galegos, porque representa unha forma de lexitimar fronte aos latinoamericanos a súa presenza nos diferentes países de destino da emigración galega, de aí a

> recorrencia con que o tema é tratado en diferentes publicacións da nosa emigración[2] (Girgado, 2006, p. 17).

Deste xeito, o propósito fundamental parte da análise das diversas publicacións feitas polos exiliados e emigrados galegos a Hispanoamérica, nas que se desenvolveron os diversos contidos culturais relativos á orixe de Colón, facendo énfase no contexto no que se producen, na procura dos elementos e sinais de identidade reflectidos nas obras da arte universal que representan o enigma do Gran Almirante e que pasan pola relectura da Historia.

A metodoloxía de investigación dentro dos Estudos Culturais é interdisciplinaria, céntrase en atender á memoria, o pensamento, o territorio e a linguaxe. Neste senso, a visión dos emigrados en torno á discutida orixe galega de Cristóbal Colón en Hispanoamérica asúmese como un Estudo Cultural, polo que o corpus teórico e documental céntrase nestes elementos disciplinares. Porén, o enfoque do estudo é plural, integrador e interdisciplinario e segue una metodoloxía transversal e humanística.

Seguindo Carmen Silva Domínguez (2020), esta metodoloxía parte da análise dos contidos e enunciados transmitidos a través das diversas edicións de libros e facsímiles escritos e publicados polos exiliados e emigrados galegos arredor da hipótese sobre a orixe galega do descubridor de América no continente americano de fala española.

Neste senso, tómanse en conta algunhas precisións lingüísticas escritas polos autores emigrados como fonte fundamental de datos. O estudo pon en valor as argumentacións e discursos que expresan os

[2] Luis Alonso Girgado é compilador e coordina o proxecto de edición dos facsímiles publicados nas diversas sociedades galegas emigradas a Hispanoamérica desde a Fundación Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia, estes documentos son unha parte fundamental do estudo.

emigrados galegos como vehículo dese relevante contido cultural no Novo Mundo. Asemade, interesa coñecer as intencións dos exiliados en transmitir a cultura galega nas sociedades emigradas. Ao respecto, Carmen Silva Domínguez (2020) expresa:

> "a análise do discurso postula que a transmisión e difusión da ideoloxía e da cultura dunha sociedade é un feito de lingua, e por tanto depende de mecanismos puramente lingüísticos, que poden ser descritos ou postos ao descuberto a través de métodos de análise de natureza gramatical, en último termo".

De isto se desprende que interesan as voces que as escriben, as causas que as motivan e as consecuencias do discurso para a interpretación sociolóxica do mesmo. (Silva Domínguez, 2020 p.1).

Este traballo asume, desde un enfoque interdisciplinario e transversal, a cuestión fundamental que é a visión dos emigrados sobre a orixe do Almirante, polo que no estudo participa a fusión, aliaxe e mestura nos modos de achar, procesar e interpretar as informacións, o que se coñece como "transmetodoloxía", que se sustenta nos procesos mentais interpretativos coñecidos como hermenéutica. Ao respecto, Posada García (1982) expresa que é importante salientar que, segundo os autores, o comentario de textos "en sentido estricto ha de pretender la elucidación de la especificidad del texto analizado" (Posada Garcia, M., 1982 p.35), precisando que o obxectivo e dar conta da forma e o contido temático, dándolle relevancia á localización onde o texto se produce.

A análise consiste en comprender os feitos lingüísticos: as persoas, os acontecementos e as verbas. Precísase ir máis alá dos significados aparentes dos textos publicados polos emigrados. Procúrase obter unha

mirada plural, integradora e interdisciplinaria. Esta visión dos emigrados en torno á tese galega toma en conta o espazo xeográfico onde se producen os escritos, o tema, a argumentación e a valoración do propio autor sobre o texto. É dicir, procúrase traballar sobre o significado do contido en si mesmo dentro do contexto requirido polo colectivo da diáspora. En case todos os textos apréciase que estes grupos sociais sufragan colectivamente as publicacións, situación que desde o inicio dá conta do compromiso e importancia sociolóxica que lle outorgan os emigrados ao tema cultural.

O estudo, polo seu carácter interdisciplinario, ocúpase do problema historiográfico tomando en conta a iconografía universal existente arredor das facianas do Gran Nauta. A argumentación pictográfica presenta valor documental, artístico e histórico. A diversidade de interpretacións feitas polos pintores retratistas do Gran Almirante ao longo da historia serven como evidencia da demostración da problemática historiográfica en cuestión. As pinturas desvelan a opacidade histórica existente en canto ás diferentes facianas do descubridor, asunto clave nunha controversia xa descrita polos eruditos en conxunto, na que existe unha multiplicidade de opinións en torno ao lugar de orixe e nacionalidade do descubridor de América.

Outros aspectos relacionados coa metodoloxía do estudo refírense aos enunciados das publicacións feitas en Hispanoamérica. Michel Foucault (1979) relata ao respecto que se trata de resolver a existencia e a potencia de coñecementos soterrados, é dicir que non son de dominio público nos territorios en cuestión.

Estes enunciados son afirmacións verificables nos documentos de estudo e indicativas da relevancia e o significado da tese como contido cultural de gran valor e importancia para os emigrados no momento histórico da emancipación das colonias americanas de España

en 1898. Este considérase o resultado dunha realidade constatable e confirmable no senso material do obxecto publicado, de tal xeito que a análise dos textos e discursos publicados en Ultramar polos emigrados constitúen o obxecto da investigación. Esta circunstancia definirá a existencia dunha verificable e numerosa variedade de formacións e acontecementos discursivos sobre o Colón galego en Hispanoamérica (Foucault, 1979).

Ao respecto, Foucault pronúnciase polos saberes que non lograron emerxer, os coñecementos que permanecen sometidos como saberes inferiores xerarquicamente por ser incapaces de lograr unanimidade no contexto no que se producen. Estes contidos presentes nas fontes documentais que repousan nos arquivos institucionais de Galicia e Hispanoamérica son tamén parte esencial do estudo, alén da existencia e a confirmabilidade da devandita discusión sobre a orixe do descubridor nos centros galegos do continente americano. (Foucault, 1976).

Neste senso, a investigadora venezolana Milagros Elena Rodríguez crea unha liña de investigación na Universidade de Oriente sobre Educación Patrimonial Transcompleja, onde estuda este problema a fondo e insiste na urxente necesidade de salvagardar e lexitimar os saberes soterrados, esquecidos e xerarquicamente considerados insuficientes (Rodríguez, 2019).

Por ser un estudo interdisciplinario sustentado na relación Galicia-Hispanoamérica, interésanos destacar a fonda pegada dos escritos feitos polos emigrados arredor da propia xeografía do descubrimento e que amosan as semellanzas toponímicas existentes nas dúas beiras do Atlántico, contribucións que se demostran nas publicacións e reflicten o cumio da produción intelectual dos emigrados e exiliados. Entre os máis sobranceiros figuran Enrique Zas y Simó, Rafael Calzada, José

María Mosqueira Manso, Agar Eva Infanzón Canel e Mercedes Vieito Bouza.

O tema que nos ocupa tamén se aborda desde o enfoque xeohistórico, que permite ofrecer unha ampla visión da emigración galega a Hispanoamérica arredor desta discutida tese galega na cidade de Pontevedra. O estudo asume a Europa e América como espazos xeográficos a analizar como punto de partida e chegada dun contido cultural relevante, o que representa unha das razóns polas que se escolle esta metodoloxía (Santaella Yegres, 2005).

Ramón Tovar (1986) conceptualiza a xeohistoria como ciencia total, de síntese, que parte da indución-dedución para a comprensión dialéctica do fenómeno histórico-social. Outra definición preséntaa coma unha "sucesión integrada de presentes, en consecuencia es geográfico con implicaciones históricas"[3], relacioado neste caso coa emigración galega, onde conflúen as ideas procedentes da antropoloxía, a socioloxía, a cultura e a arqueoloxía, as cales permiten comprender a historia como un todo social. Así, pois, desde este enfoque a xeohistoria é:

> Lo geohistórico es la relación entre la Geografía y la Historia; una modalidad de interdisciplinariedad obligante en el estudio del espacio y su dinámica. Lo geográfico forma parte de la historia para ser explicado socialmente. En consecuencia, lo geohistórico es proceso, contingente, activo. La Geohistoria nos permite reencontrar lo 'contemporáneo' de la estructura espacial en cada período propuesto (Tovar López, 1986, p. 1).

[3] Ramón Tovar, coa súa obra *El Enfoque Geohistórico*, foi o gran precursor desta perspectiva metodolóxica en Venezuela.

O enfoque xeohistórico parte neste estudo da fundamentación económica que constitúe unha das causas nas que se basea o fenómeno emigratorio galego desde hai máis de douscentos anos. Este resolveuse nun amplo é diverso espazo hispanoamericano e vén sendo parte dun amplo territorio que configura toda América. O mesmo é cinguido ás dificultades obxectivas galegas en canto ao traballo e a falta de oportunidades dos galegos de cara ao futuro. Este fenómeno emigratorio reproduce os contidos culturais galegos nestes territorios, que son unidades espaciais concretas, como o son os elementos culturais relacionados coa tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón, constituíndose nun sinal identitario co que o home europeo asegura a súa permanencia sobre unha vasta superficie da terra: o continente americano.

Para o estudo é necesario describir a realidade que se vive naqueles embarques da emigración galega ás Antillas, en especial a illa de Cuba como principal receptora da tese galega. A análise cualitativa dos discursos dos emigrados facilita a explicación das categorías resultantes que amosan a visión dos emigrados sobre o problema en cuestión.

As categorías da análise permítennos estudar a emigración galega no continente americano coma un fenómeno social na súa dimensión temporal-espacial; é dicir, a xeohistoria como modelo metodolóxico de abordaxe dos procesos emigratorios galegos, o cal amosa a posibilidade de obter unha visión integradora, interdisciplinaria e de totalidade. Este feito é indispensable para os estudos culturais por canto o xeográfico forma parte dos procesos históricos e precisa da historia para ser explicado satisfactoriamente. É dicir, trátase dunha simbiose entre a Historia e a Xeografía que nos aproxima a un coñecemento total (Tovar López, 1986).

A visión xeohistórica compleméntase coa apropiación que fai dela a escola xeográfica francesa, na que a xeografía é estudada e practicada como parte da historia; esta dirección metodolóxica e conceptual lémbranos as reflexións xeohistóricas feitas polo autor cando expón: "Tal como lo comprendió Eliseo Reclus: 'la historia es la Geografía en el tiempo, mientras la Geografía es la historia en el Espacio'; sin solución de continuidad [para luego precisar], una simbiosis interdisciplinaria" (Tovar López, 1986, p. 1).

Seguindo estas consideracións, Tovar promove a urxencia que ten toda ciencia social, entre elas á xeográfica, de determinar a natureza histórica de todo espazo, é dicir, "ir del presente al pasado", o que constitúe o principal obxectivo do estudo. Coñecer o estado da cuestión sobre a discutida orixe galega de Cristóbal Colón na América española é o punto focal deste traballo. Por iso, desde o punto de vista do investigador, o enfoque xeohistórico é unha sucesión integrada de presentes: os das correntes migratorias de Galicia a América de ida e volta, con énfase nas décadas comprendidas entre os anos 1898 ata a actualidade. (Tovar López, 1986).

O marco cronolóxico do estudo vén sendo, por unha banda, o que abrangue desde o ano 1898, cando se defendeu por primeira vez a tese sobre a orixe galega de Colón proposta polo erudito Celso García de la Riega. Este período comprende os materiais producidos cun século de antigüidade, o que permite facer unha relectura dos produtos culturais feitos polos dinamizadores galegos na diáspora e relacionados coa nomeada tese de Colón galego nos territorios descubertos por España. En consecuencia, aténdese ao xeográfico e ás súas implicacións históricas, cuestión esta moi natural no que se refire ao coñecemento dos problemas da emigración galega. Se nos encamiñamos ao estudo das causas da emigración temos que "o sistema económico social

globaliza su acción sobre la tierra para convertirla en aldea" (Tovar López, 1986).

Pola outra banda, tómase en consideración o período histórico relacionado coa identificación da teoría de Celso García de la Riega, a partir da conferencia pronunciada na Sociedade Xeográfica de Madrid en 1898, época na que comeza a coñecida idade de ouro do Colón galego (1898-1930) en Galicia e a súa repercusión en Hispanoamérica ata o presente.

Ramón Tovar expresa: "Todo ocurre durante un período o época de la historia"; esta é unha concepción histórica para facer a análise sobre a visión da emigración galega a Hispanoamérica como fenómeno antropolóxico e cultural. Porén, cítanse as palabras de Ramón Santaella, discípulo de Ramón Tovar:

> La historia es el todo social en movimiento, onde se insertan cuantas dinámicas sociales sean posibles (económica, geográfica, política, sociológica, antropológica, cultural) y tales dinámicas son, a su espacio-tiempo, producto de las múltiples relaciones de la sociedad con su espacio, en el que además de percibirse organizaciones político-territoriales, como municipios, estados y países, se trata de dinámicas que, perfectamente, pueden haber trascendido los linderos de esas estructuraciones político-territoriales, verbigracia, los espacios ocupados por el proceso de metropolización de algunas ciudades. Más todavía, no se puede hacer geografía sin una profunda mirada histórica (Santaella Yegres, 2005).

Ao fío da devandita cita, o estudo asume as tradicións orais como metodoloxía para a análise, as cales constitúen un elemento de importancia no estudo e na reconstrución da historia das persoas que habitaron os espazos que amosan a realidade da emigración

transatlántica. Esta é plural e complexa, interesase pola historia local, polo enfoque de xénero, os valores, as familias, pretendendo coñecer en profundidade a realidade da época en estudo cara á interpretación dos feitos e procesos.

Finalmente, o traballo intenta explicar o feito da emigración galega como fenómeno sociolóxico actual, dado que os actores sociais implicados no estudo proceden deste. Esta situación resulta particularmente interesante, dado que permite encaixar novas achegas dentro dos estudos migratorios galegos e abren novas liñas de traballo para o estudo da historia e a demografía galegas construídas orixinalmente nestes centros galegos da diáspora hispanoamericana e que están presentes agora como parte da sociedade da Galicia territorial.

O estudo aproxímase a facer un esquema das achegas do que representou a tese galega no Novo Mundo e como estas foron percibidas polos galegos emigrados. Intenta chegar aos significados e utilidade desta tese para lograr as metas da diáspora galega. Para isto, estase a facer unha análise e síntese dos discursos destas mulleres e homes nos territorios afastados de Galicia en concordancia directa co método hermenéutico que caracteriza toda a actividade interpretativa dun fenómeno migratorio complexo como o galego[4]. Neste método visualízase o interese e compromiso dos emigrados en asumir a tese galega de xeito interdisciplinario. Os estudos culturais reflicten este proceso de amalgama e sincretismo cultural na relación Galicia-Hispanoamérica. Isto dá idea dunha comprensión e entendemento globais, que favorecen a comprensión e visión interdisciplinaria da

[4] Ramón Tovar resulta, por enriba de calquera prognóstico, un pedagogo indispensable, un verdadeiro creador ou construtor cuxa metodoloxía permítenos chegar á comprensión científica dos feitos sociais.

complexidade histórica, sociolóxica e antropolóxica da Galicia actual de cara ao século XXI.

A metodoloxía do presente estudo consiste na investigación, arqueo de fontes nos arquivos históricos de Galicia, recolleita, catalogación e ordenación das informacións que constitúen o eixe principal da tese. Deste xeito, o estudo por ser pluridisciplinario tamén recolle as evidencias que os artistas e as obras de arte reflicten en torno as diversas facianas do descubridor ao longo da historia universal.

Alén diso, complementáronse as informacións cos traballos de campo e os percorridos feitos cos investigadores pontevedreses nos principais espazos patrimoniais que sustentan a tese de Colón galego. Por unha banda, cítanse as continuas visitas aos diferentes elementos patrimoniais que permiten coñecer en profundidade os argumentos propios da tese galega. Entre estes figuran a Casa-Museo Cristóbal Colón, o mosteiro e igrexa de San Salvador de Poio e as lousas da igrexa de Santa María de Caldas de Reis, entre outros. Por outra banda, na cidade de Pontevedra analízanse os elementos patrimoniais existentes no Barrio Hebreo: a muralla, o arrabalde da Moureira, o convento de San Francisco, o Liceo Casino, a rúa da Picota, a sinagoga e outros espazos arquitectónicos que, entre outras evidencias patrimoniais, son testemuños tanxibles da vinculación do mareante coa Galicia medieval.

Deste xeito, tamén se orientou a recolleita nas principais bibliotecas depositarias dos fondos documentais: Biblioteca Xeral da USC, Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, Biblioteca do mosteiro de Poio, Arquivo de Indias de Sevilla, Arquivo Franciscano de Santiago de Compostela e Arquivo Histórico da Deputación de Pontevedra. Asemade, fíxose unha revisión das fontes no Arquivo da Emigración, no Consello da Cultura Galega, na Biblioteca América, nas Bibliotecas Municipal e a do Museo de Pontevedra e nos depósitos

dixitais da Universidade de Santiago de Compostela, así como na Asociación Cultural Celso García de la Riega.

Unha primeira etapa permitiu identificar aos informantes pontevedreses que lle dan baseamento á orixe galega de Cristóbal Colón. Neste senso, levouse a cabo un conxunto de entrevistas iniciais en profundidade aos historiadores pertencentes á Casa Museo Cristóbal Colón de San Salvador de Poio e, posteriormente, contactouse cos alcaldes e outros personaxes que se encargan da tradición oral das cidades de Pontevedra e Poio.

Unha segunda etapa da análise dedicouse a compilar a localización cronolóxica e xeográfica de todas e cada unha das evidencias nomeadas na Casa Museo como soportes argumentais da tese galega de Cristóbal Colón. Estes traballos de campo foron os seguintes: visita á igrexa de Santa María de Caldas de Reis e recoñecemento e valoración das Lousas da Descuberta de América, visita e recompilación de entrevistas e rexistro fotográfico no mosteiro de Poio, onde se puideron visualizar algúns documentos e murais vinculados ao descubridor Cristóbal Colón.

Outra das actividades de campo consistiu en coñecer as evidencias que sobre Cristóbal Colón se poden apreciar na fachada da basílica de Santa María a Maior en Pontevedra. Sobre estas mostras patrimoniais fixéronse os rexistros fotográficos respectivos e observáronse os indicios xa comentados polos autores e historiadores pontevedreses, incluíndo a visita e observación das coleccións privadas sobre documentos testemuñais que confirman a hipótese do Colón galego e que se achan en poder dos historiadores pontevedreses. Asemade, convén indicar que se amplía a mirada en base as exposicións auspiciadas pola Xunta de Galicia en relación ao tema e tamén as

desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra sobre as décadas de ouro do Colón galego.

Un terceiro momento da análise serviu para recoller a revisión exhaustiva dos textos, documentos e publicacións co fin de coñecer quen foron os escritores e dinamizadores culturais emigrados a Cuba, Arxentina, Uruguai, Venezuela, República Dominicana e Porto Rico, países cunha vasta produción de traballos rexistrados en revistas e xornais, así como documentos dixitais, fotografías e rexistros audiovisuais e sonoros que dan fe do forte impacto divulgativo e dinamizador das colectividades galegas presentes en Hispanoamérica, o que representa a visión da emigración galega sobre a discutida tese galega de Cristóbal Colón.

Seguidamente, efectúase a validación e confirmación das informacións obtidas nos elementos patrimoniais coas actividades editoriais de Hispanoamérica: libros, xornais, revistas e arquivos sonoros da emigración. Ao tempo, estes valídanse con entrevistas feitas a persoas procedentes dos países da emigración e que se atopan afincados nas cidades galegas de Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela, Lugo, Vigo e Caracas.

De semellante xeito, fixéronse repetidas entrevistas en profundidade aos historiadores e divulgadores desta tese galega na cidade de Pontevedra, sendo o principal informante Guillermo García de la Riega. Neste senso, a investigación tamén contou co apoio de Esteban Eduardo Meruéndano, presidente da Asociación Cultural Celso García de la Riega. Outros historiadores que formaron parte dos informantes clave foron María del Carmen de la Riva García, Xosé Álvarez Castro, Roberto Taboada, Carlos Gegúndez López, Pedro de Lorenzo y Macías e David Vázquez Barbazán.

Estes personaxes permitiron darlle unha visión integradora, interdisciplinaria, transversal e plural a este estudo, no que conflúen a un tempo a ollada europea e americana, dadas as características e diversidade de lugares de procedencia dos informantes, moitos de eles oriúndos de Cuba, Arxentina, Uruguai, Venezuela e República Dominicana. Tales informacións realizadas desde a perspectiva hispanoamericana permiten validar as achegas obtidas nos documentos revisados nos arquivos galegos. Da revisión do amplo repertorio de fontes obtivéronse referencias que se clasifican en base a cinco niveis.

Por unha banda, os contidos recollidos en libros escritos polos intelectuais que traballan desde a emigración como obxecto de estudo. Entre eles pódese salientar a obra do recoñecido intelectual da emigración venezolana Xurxo Martínez Crespo (2007), autor de diversos traballos sobre a historia da recente emigración galega a Venezuela e á República Dominicana. O devandito autor desenvolve unha obra que inclúe catro biografías do exilio galego a Venezuela, as cales contextualizan o traballo no espazo e no tempo desde o final do século XIX ata a posguerra española e o exilio galego de Ultramar.

A ollada fotográfica presenta as vivencias de Martínez Crespo ao partillar coa autora algunhas experiencias e visións dos emigrados na Irmandade Galega de Venezuela. É importante nomear tamén que Xurxo Martínez mantivo como informante clave sobre a historia da emigración a Venezuela ao profesor Amancio Peleteiro Yrago e colaborou coa autora na edición de materiais divulgativos dos emigrados galegos de Caracas.

Un segundo nivel refírese a outros traballos escritos directamente polos seus protagonistas. No arqueo bibliográfico evidénciase a existencia de libros que corresponden ao exilio galego vivido e publicado directamente polos autores emigrados a América do Sur

seguindo a metodoloxía das historias de vida dos intelectuais galegos do exilio americano que lle deron forza e significado ao feito migratorio a transatlántico.

Un terceiro nivel refírese aos diversos medios utilizados para transmitir a mensaxe: comunicacións epistolares e artigos que se atopan nas cabeceiras de xornais e revistas que foron producidos polos dinamizadores sociais como actores clave dos centros do asociacionismo galego daqueles tempos. Estes espazos fundáronse e transformáronse para dar paso a outros desde o Lar Galego e o Centro Galego de Caracas, dos que xorde a Irmandade Galega de Venezuela. Escóllese o número 8 da revista *Galicia* dese Centro Galego de Caracas, facsímile centrado completamente no contido cultural sobre a tese galega da orixe de Colón.

Un cuarto nivel de informacións son rexistros e gravacións radiofónicas producidas a partir de textos e informacións que formaban parte dos servizos que as sociedades galegas de América lles prestaban ás sociedades dos países de acollida. Algúns dos programas radiofónicos galegos foron pioneiros nesta materia en América. Interprétase que o estudo inclúe dun xeito claro unha parte da dinámica cultural das colectividades galegas da diáspora, centros neurálxicos da cultura galega, e describe como os dinamizadores chegaban a estes colectivos. Pódense citar outras experiencias tanxibles recollidas nos arquivos sonoros da emigración e dalgúns outros producidas pola autora no programa radiofónico "Alborada Galega", nos que certamente se emitiron contidos radiais sobre a suposta orixe galega do Gran Nauta.

Unha quinta fase refírese ao tratamento dos datos. A análise cualitativa dos contidos permitiu atopar evidencias que demostran a univocidade e algunhas transformacións existentes nos contidos expresados nas novas pontevedresas sobre a tese galega e as de

Hispanoamérica. Estas foron publicadas, de xeito directo e idéntico a como se producían en Galicia, nos xornais que formaban parte das rotativas nacionais dos países de acollida e revelaron como a hipótese de Colón galego transcende os espazos das sociedades galegas nos países receptores. Publicábanse tal como se recibían naqueles grandes xornais que constituíron espazos públicos de lectura nas sociedades daqueles países que os acolleron, o que se pode comprobar nos arquivos da hemeroteca da Biblioteca Nacional de Caracas.

Este estudo promove unha análise a fondo do contexto real. Os nomes, os feitos e as verbas permiten facer unha síntese global do estudo. Nestes eventos recóllese a natureza lingüística da transmisión e revelan datos socioculturais e políticos sobre as voces que escriben, as causas que empurran aos emigrados a escribir, as motivacións persoais e grupais e os valores subxacentes na interpretación da tese. Denotan o enorme encaixe sociocultural e o protagonismo exercido por aqueles dinamizadores culturais da emigración galega que non se conformaban cunha divulgación interna, senón que ían máis alá dos espazos colectivos, escribindo as súas inquedanzas culturais nas principais cabeceiras dos países receptores.

CAPÍTULO 1. A ORIXE DE CRISTÓBAL COLÓN, UN ENIGMA HISTORIOGRÁFICO

1.1 As dificultades historiográficas sobre a orixe de Cristóbal Colón

O estudo delimítase dentro do panorama historiográfico da controversia sobre a orixe do descubridor que motiva a coñecer os detalles do desenvolvemento da tese que estamos a analizar sobre a discutida orixe galega de Cristóbal Colón en Hispanoamérica.

A investigación céntrase na travesía Atlántica da tese galega desde Pontevedra a Hispanoamérica. É importante salientar que o estudo non revela solucións ante o universalmente aceptado enigma historiográfico en relación ao lugar de orixe de Cristóbal Colón. O traballo intenta explicar o fenómeno en estudo que consiste no percorrido, asimilación e visión dos galegos emigrados sobre a tese galega cara ao Novo Continente. Emporiso, céntrase na explicación e descrición dos sendeiros transatlánticos que fixeron posible que certos personaxes, espazos, feitos e documentos, unha vez en Hispanoamérica, posibilitaran a recepción, discusión e a propagación da discutida tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón.

A investigación parte da existencia a priori dun debate aberto arredor da orixe do mareante nos espazos sociais da provincia de Pontevedra. Neste senso, asúmese que a teoría oficial sobre a orixe do descubridor de América é a xenovesa, partindo do testemuño do propio Colón: “Siendo yo nacido en Génova (…) vine yo a servir a Sus Altezas aquí en Castilla” e “tenga y sostenga siempre en la ciudad de Génova

una persona de nuestro linaje que tenga allí casa y mujer..."[5] (Altolaguirre y Duvale, 1926, p. 2).

Malia as numerosas investigacións realizadas, a orixe de Cristóbal Colón segue a ser un enigma sen resolver, se ben a tese máis comunmente aceptada seguindo á Raccolta[6] é a xenovesa, o que non impide a continua aparición de novos relatos que defenden as máis variadas hipóteses: Colón portugués, catalán, balear ou, por suposto, galego, sen que o debate teña visos de rematar. En efecto, ningunha das propostas goza do consenso dos expertos, aínda que todos eles coincidan en que o propio Colón en ningún momento amosou a intención de dilucidar o misterio sobre a súa orixe. Mesmo se pode dicir que foi o seu fillo, Hernando Colón, quen sementou aínda máis dúbidas arredor do enigma, procurando que a súa patria e orixe foran cada vez menos claros e máis incertos.

A longa discusión sobre a problemática historiográfica arredor do berce de Colón é explicada por moi numerosos autores. Díaz-Trechuelo (1992)[7] entende que o enigma sobre a patria de Colón foi creado polo mesmo descubridor cando afirma "que siendo yo nacido en Génova les vine a servir a los Reyes Católicos aquí en Castilla". Máis abaixo ordena ao seu herdeiro "que tenga y sostenga siempre en la ciudad de Génova una persona de nuestro linaje que tenga allí casa y mujer... pues della salí y en ella nací" (Díaz-Trechuelo, 1992, p. 30), afirmación que é sustentada polo seu fillo, Hernando Colón. Estes testemuños confirman

[5] Ángel Altolaguirre y Duvale, académico de número da Real Academia da Historia que defende a tese xenovesa.

[6] A Raccolta é nome dun libro publicado entre os anos 1807 e 1950, no que se enumeran documentos notatiais e oracións católicas romanas e outros actos de piedade propostas polo Papa Pío IX e que sustenta a tese xenovesa sobre a orixe do descubridor.

[7] Lourdes Díaz-Trechuelo é unha figura fundamental do americanismo, cuxos estudos a converteron na máis importante autoridade mundial na especialidade sobre os temas colombinos.

o misterio existente en torno á orixe do descubridor e déronlle certo aire de escurantismo contribuíndo a ofrecerlle un carácter mitolóxico á fazaña do Gran Almirante. Contrariamente ao que vimos sinalando, Díaz-Trechuelo, gran detractora da tese galega, expresou que a orixe dos predecesores familiares de Colón sitúase na Piacenzza e Lombardía italianas, e de acordo coa excepcional testemuña de Hernando Colón sobre a patria do seu proxenitor, "a dúbida e a confusión quedou servida" (Díaz-Trechuelo, 1992, p. 30), situación explicada polos intelectuais colombinos en Hispanoamérica.

Isto confírmase polo feito de que no testamento que lle deixara outorgado en Sevilla o 3 de xullo de 1539 identifícase como "hijo de don Cristóbal Colón, genovés, primero almirante que descubrió las Indias". Como pode verse, a afirmación é rotunda e o documento contundente. Asemade, nos seus diarios de navegación chámase "extranjero" e o mesmo ocorre en varias cartas, existindo afirmacións nas que se rexeita a tese de Colón español. No entanto, seguindo a Díaz-Trechuelo, o que resolve o conflito é un documento asinado con data 22 de febreiro de 1498, no que se institúe o morgado a prol do seu fillo Diego. A autora sostén que Hernando Colón rexistrou outros testemuños que sustentan a tese xenovesa como o seguinte:

> ...porque suelen ser más estimados los que proceden de grandes ciudades y generosos ascendientes... quisieran algunos que yo me detuviese en decir que el almirante descendía de sangre ilustre, y que sus padres por mala fortuna habían llegado a la última estrechez y necesidad (Díaz-Trechuelo, 1992, p. 31).

Súmase á longa listaxe de detractores da hipótese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón o académico Rómulo Carbia. A importancia de Carbia para o presente estudo é que este historiador arxentino, que fundamenta a tese xenovesa sobre a orixe do descubridor, convértese nun dos primeiros académicos que rexeitan a tese de Colón galego

impulsada na Arxentina polos eruditos pontevedreses que foi daquela moi ben acollida pola emigración galega (Carbia, 1927)[8].

Non obstante, tamén é certo que o afán de ocultar a súa orixe, nas verbas do propio fillo de Colón, Carbia recoñece que se debe ao propósito de facer inadvertible o avoengo xudaico, a través do nome da súa nai a xudea Susana Fonterosa e a marcada afección ás citas bíblicas, as cales repite o descubridor ao longo do seu diario de a bordo, de maneira que lle dá validez á tese de Díaz-Trechuelo sobre á orixe xudía do mareante (Carbia, 1927).

Na cuestión obxecto do estudo os autores coinciden en que, sobre a patria de Colón, os testemuños foron creados polo mesmo descubridor e sustentados polo seu fillo Hernando Colón. Estes misterios ofrecen certo aire de enigma e contribuíron a darlle un carácter mitolóxico a fazaña do descubrimento de América.

O enigma sen descifrar é o punto de partida de Celso García de la Riega. O que se presenta ao longo do tempo como misterio ou tarefa difícil de descifrar é a profunda reserva de Colón sobre os seus pais e parentes, no testamento de 1498, e sobre os que se observou un silencio absoluto, reserva imitada polos seus irmáns Bartolomé e Diego. Sobre esta cuestión e no que se basea de la Riega para desvelar a liñaxe de Colón nos documentos pontevedreses.

A orixe da polémica pódese citar cronoloxicamente, xa que existe unha serie de autores que ao longo deste século (1914-2017), no que vai do XX ao XXI, afloran moi diversas interpretacións deste debate-controversia aínda inconcluso e do cal deben xurdir puntos de encontro e acordos que lle permitan ás novas xeracións ter unha visión clara sobre o transcendental tema.

[8] Rómulo Carbia, académico e historiador, é un dos máximos expoñentes do rexeitamento da tese galega, acentuándose as súas afirmacións en contra da tese galega nos espazos académicos arxentinos.

Nun primeiro momento convén destacar a colaboración na defensa da tese galega de Casto Sampedro, quen era notable funcionario do concello e arquivo da cidade de Pontevedra, creador da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, que sentou as bases para a fundación do actual Museo de Pontevedra. Foi este personaxe, xunto con Prudencio Otero, os que colaboraron dun xeito xeneroso con Celso García de la Riega na recompilación dunha serie de documentos co fin de que este puidera presentar as evidencias que demostraban que Colón era fillo de Galicia.

Esta situación desvirtuouse vinte días despois do pasamento de Celso García de la Riega en febreiro de 1914, de maneira que Castro Sampedro deixou de ser o máis inmediato colaborador da tese rieguista para se converter no seu máis acérrimo detractor, desacreditando ao seu amigo de la Riega, xunto con outros personaxes da Real Academia Galega como Manuel Murguía e outros pertencentes á Real Academia da Historia. A nova argumentación baseouse en que os trece documentos do século XV, aportados por de la Riega co apelido Colón e Fonterosa, eran falsos por ser obxecto de remarcaxes feitas por el para demostrar forzadamente a orixe pontevedresa do descubridor. No entanto, convén situar que o obxecto de estudo vén sendo a realidade que se desenvolveu arredor deste contido cultural nos países de Hispanoamérica.

Nestes espazos de alén mar tamén se coñece e discute acerca desta situación difamatoria contra a tese pontevedresa formulada por Celso García de la Riega. Neste senso, quen se pronunciou na súa defensa foi o pontevedrés Prudencio Otero Sánchez, quen en varias comunicacións epistolares e viaxes desde Galicia a Arxentina divulgou a tese e as controversias que se suscitaron en torno a ela. Asemade, deixou constancia destes feitos publicando materiais no Centro Galego de Bos Aires nos que se aludía á "rectificación dun erro histórico".

Polo tanto, subliñase no estudo que esta inxuria non deixa de ser coñecida nos países de acollida dos exiliados e emigrados, quen amosaron notable interese por este contido cultural e pola discusión que se desatou arredor dela. As orixes da controversia pódense citar cronoloxicamente, xa que existe unha serie de autores que ao longo deste século amosan moi diversas interpretacións deste debate-controversia aínda inconcluso, do cal deben xurdir puntos de encontro e acordos que lle permitan ás novas xeracións ter unha visión clara sobre o transcendental tema.

Nun primeiro momento convén destacar os traballos e colaboracións dos seus seguidores, defensores e detractores. Algúns deles, que se describen máis adiante, eran notables funcionarios do concello e arquivo da cidade de Pontevedra. Estes personaxes colaboraron inicialmente dun xeito xeneroso con Celso García de la Riega co fin de que este puidera presentar as evidencias que demostraban a visión de conxunto sobre Colón como fillo de Galicia.

O desenvolvemento da tese en Pontevedra dá conta dun ir e vir de réplicas e contrarréplicas a favor e en contra. Nas obras dos defensores da tese galega argúense os traballos que impulsan a tese e os rexeitamentos expresados contra esta en Pontevedra, tomando en conta que existen algúns eruditos hispanoamericanos que a rexeitan. Moitas das afirmacións dos detractores están superadas por estudos actuais, que confirman a veracidade documental da teoría rieguista. Na actualidade existen estudos que certifican a validez destas fontes. Alén diso, a memoria narra e testemuña a historia dun pobo cun percorrido cíclico de ida e volta que merece a recolleita das historias orais das persoas que se interrelacionan entre si.

Nestas operan as relacións entre os bens patrimoniais e o pobo. As historias orais son a esencia da identidade e están ao coidado da transmisión destes contidos. Isto lévanos a comprender a interdisciplinariedade da tese galega descrita no vídeo do presidente da

Asociación Cristóbal Colón Galego "Celso García de la Riega", que abrangue a memoria, o pensamento e a linguaxe sobre o tema en estudo (Meruéndano, 2020)[9].

Por outra banda, no campo da investigación, a toma de conciencia sobre o pasado xudeu de Cristóbal Colón vén collendo auxe. Desde que esta tese se vén divulgando con meritorios traballos sobre o tema, os investigadores atopámonos con enormes dificultades, por exemplo os cemiterios xudeus son unha materia pendente para os arqueólogos pontevedreses e poderían achegar moitas luces para a clarificación deste tema.

Ao fío da cuestión, cómpre ter en conta algúns puntos de vista nos que consideran a Colón como orixinario de diversos espazos, non só xenovés, senón tamén como orixinario da Península Ibérica descrito nas teses catalá, mallorquina, ibicenca, andaluza ou portuguesa.

1.2 Tese xenovesa

En relación coa tese xenovesa, está susténtase na Raccolta. O suposto universalmente aceptado da existencia desta tese apoiase nestes documentos. Porén, merece ser explicada no contexto onde se producen os feitos da tese rieguista. Está claro que a intención do estudo é ofrecer unha visión plural e integradora sobre a visión dos emigrados en Hispanoamérica con respecto á tese galega sobre a orixe de Colón. Neste senso, Ricardo Beltrán y Rózpide é o académico que, décadas máis tarde con respecto á presentación da tese na conferencia da Sociedade Xeográfica, presenta un informe moi pormenorizado sobre a controversia. Este erudito, cuxa actuación é determinante no impulso da tese galega, examina a cuestión con detemento. Para iso, parte do

[9] Este documental de recente data amosa as iniciativas da Deputación de Pontevedra en conxunto coa Asociación Cultural Celso García de la Riega en canto á divulgación da tese galega.

recoñecemento que o propio descubridor expresa sobre o seu lugar de orixe, Xénova. Neste senso, a Raccolta vén sendo o conxunto documental a prol desta tese, polo que é importante coñecer o exame crítico que publica ao respecto este home de ciencia.

Ricardo Beltrán e Rózpide ten o mérito de promover a conferencia que constitúe o feito decisivo que lle dá luz pública á tese galega en Madrid en 1898. No entanto, dúas décadas despois, a revisión crítica e documental do devandito académico da Historia en 1918 sinala que no documento "a Raccolta di documenti e studi publicati dalla R. Commissione colombiana pel quarto centenario dalla scoperta dell'América" (Beltrán y Rózpide, 1918, p. 6) é un conxunto de actas vencelladas a un tal Cristóforo Colombo ou Columbo.

A interpretación do erudito sobre o citado prego permite inferir que, segundo as actas notariais, Cristóforo Colombo e Cristóbal Colón non son a mesma persoa. Seguindo a escritura de 22 de Setembro de 1470, o precitado Colombo é xenovés, mercador de viño e tecedor, pero que tal identidade non corresponde coa do descubridor Cristóbal Colón, home este que desde moi mozo estivo vencellado ás actividades dos mareantes: "Había empezado a navegar a los catorce años de edad, es decir en 1460"(Beltrán y Rózpide, 1918 p. 84).

En resumo, os documentos que século tras século foron aparecendo en Xénova e Savona pertencen a Cristóforo Columbo cando aínda vivían Hernando Colón, o fillo do Almirante e Bartolomé de las Casas, que negaron o parentesco de Cristóbal Colón con esa familia.

Por outra banda, aprécianse as obras dalgúns pintores italianos que ilustraron as facianas do descubridor. A imaxe que reflicte a lámina 1 represéntao coma un nobre medieval, cuxo rostro é presentado e descrito polo artista italiano Ghirlandaio (1483-1561). Non obstante, os pintores dos distintos séculos representárono de diversas maneiras. Tal o revelan os retratos da súa personalidade realizados ao longo dos

séculos sucesivos, a excepción dunha moeda na que se representa cando se presentou por primeira vez ante os reis Isabel e Fernando.

Lám.1. Retrato de Colón por Ridolfo Ghirlandaio. Museo del Mare e della Navigazione (Xénova). Fonte: https://yhoo.it/2O7NNYD

Moitas das facianas de Colón permiten comprender que só existen un ou dous retratos do descubridor feitos por Ghirlandaio no século XVI, sendo este probablemente o retrato máis representativo do descubridor. Ghirlandaio foi un prominente artista florentino, pertencente ao renacemento italiano. Fillo de Domenico Ghirlandaio, foi discípulo do pintor Piero de Cósimo e dos seus tíos David e Benedetto.

Lám. 2. Cristóbal Colón polo artista Sebastiano del Piombo. Museo J. Paul Getty (California). Fonte: https://yhoo.it/2O7NNYD

Outro artista que o representou foi Sebastiano del Piombo. No seu retrato aprécianse os cabelos roxos de Colón. Esta serie de retratos diferentes entre sí confirman a diversidade de hipóteses existentes en relación aos trazos identitarios do descubridor.

Con independencia de que a versión da orixe xenovesa de Colón sexa a máis aceptada, moitas outras propostas se foron abrindo paso nos estudos sobre o descubridor, entre elas a que defende a súa orixe portuguesa.

1.3 Teses mediterráneas: catalá, mallorquina e ibicenca

Tese catalá

Por outra banda, a visión sobre a orixe catalá do Gran Almirante e Virrei das Indias atópase moi explicada por Luis Ulloa. Segundo o citado autor, existe a probabilidade de demostrar con evidencias verificables que o apelido Colom sexa orixinal de Cataluña. Unha carta titulada "La Patria de Colón", que defende a catalanidade do

descubridor, foi enviada por este académico e americanista de orixe peruana ao xornal catalán *La Vanguardia*, onde amosa a súa participación no Congreso de Americanistas celebrado en Hamburgo en 1930 (Ulloa, 1930). Esta postura é a que vén tendo seguidores e esgrime as audaces inexactitudes en canto á grafía do apelido Colón, sendo en realidade Colom. Por outra parte, o autor apunta a existencia de catalanismos e reminiscencias xeográficas catalás en documentos feitos polo descubridor (Ulloa, 1927).

Na actualidade, a xornalista Raquel Quelart demostra a catalanidade de Colón e a súa empresa. A autora esgrime os xiros catalanistas da análise caligráfica utilizada polo descubridor entre outros argumentos. Neste traballo rexeita categoricamente a orixe xenovesa do Almirante e defende que se apelidaba Colom, en catalá. Asemade, explica que a expedición descubridora saíu dos Baix de Empordé (Bajos de Ampurdá), comarca catalá sita na provincia de Girona. Esta hipótese foi defendida polo Círculo Catalá de Historia no 56º Congreso Internacional de Americanistas celebrado en Salamanca (Quelart, 2018).

Tese mallorquina

A tese mallorquina forma parte da tese balear. Gloria Márquez Bermejo, historiadora venezolana, afirmou que o navegante podería ser fillo do Don Carlos, príncipe de Viana e irmán do rei Fernando o Católico e da mallorquina Margarita Colón, atribuíndose o seu nacemento ao lugar de Felanixt, na illa de Mallorca, no ano 1460. O feito de ter sangue real explicaría a aparente facilidade no acceso que tivo Colón ás cortes reais portuguesas e españolas. Segundo a historiadora, Colón arribou a Portugal no ano 1470, onde moraba en Lisboa o seu irmán Bartolomé, que posuía un negocio de cartas de marear. Foi o seu irmán quen lle complementara a Colón a información

sobre a posibilidade real de chegar ás Indias navegando a través do Atlántico.

Esta variedade de teorías dálle coherencia e sentido á realidade da diversidade cultural, non só do descubridor, senón tamén das inmensas posibilidades que nestas terras se puideran crear a partir da chegada de xentes de diferentes espazos xeográficos. É xustamente esa a intención deste estudo, a de amosar as consecuencias moi obxectivas para o desenvolvemento en Galicia dunha estratexia divulgadora de fonda pegada que facilite a comprensión entre os pobos, a partir do construto teórico da diversidade cultural (Márquez Bermejo, 2009).

A diversidade cultural implica a aceptación en termos harmónicos de dúas ou máis vertentes culturais humanas nun mesmo territorio político ou nunha nación. Este tende a xerar unha variedade lingüística, gastronómica, relixiosa ou artística que tende a orientar o capital cultural dun país ou rexión. Este concepto atópase relacionado cos conceptos de interculturalidade e multiculturalidade.

Non obstante, cómpre ser moi conscientes de que aínda queda moito por pescudar sobre a orixe de Cristóbal Colón, de maneira que o presente estudo non pretende ofrecer unha postura definitiva nesta discusión. Nun contexto de tantas incertezas, a consideración do Colón galego como contido cultural que cruzou o Atlántico e se propagou por Hispanoamérica constitúe o eixe central deste traballo. En relación con esta hipótese veñen traballando desde hai varias décadas diversos cronistas e historiadores pontevedreses e americanos, de maneira que estes contidos culturais seguen vivos e plenamente vixentes en determinados ámbitos tanto da cidade de Pontevedra como da vila de Poio, contribuíndo a rescatar e recuperar o sentido de pertenza e a cultura propia pontevedresa, así como a súa repercusión nos outros espazos do Atlántico.

Neste senso, a partir destes contidos culturais ábrense liñas de investigación e acción para a valoración e divulgación do moi valioso e abondoso repertorio cultural presente en Galicia arredor da tese sobre a orixe galega de Colón, cuestión de vital importancia para a exaltación dos valores e sentimentos de cidadanía que se precisan na actualidade.

Tese ibicenca

Outra achega a tomar en consideración é a tese do Colón ibicenco, unha hipótese cuxa capacidade de convicción parte da súa simpleza e naturalidade. A este respecto, Vergara (1988)[10] sostén que Colón apelidábase en realidade Colom e que proviña dunha poderosa familia ibicenca, documentada desde o século XIV.

En relación con esta hipótese, dispoñemos doutra representación pictórica da faciana do descubridor moi diferente ás anteriores, que se pode apreciar na Casa Colón de Ibiza.

[10] Nito Vergara, fundador e principal impulsor da Casa Colón de Ibiza, vén recompilando desde hai varias décadas documentos orixinais asinados polo descubridor, que se expoñen nesa institución museística. Para apoiar esta hipótese funciona tamén a Asociación Cristóbal Colón de Ibiza, que posúe unha importante biblioteca especializada neste tema.

Lám.3. Colón, ibicenco. Casa Museo Colón de Ibiza. Fonte: https://yhoo.it/2Ta7eB9

1.4 Tese andaluza

Tampouco faltan autores que defenden que Colón podería ser orixinario de Andalucía. Esta proposta apóiase na pintura de Alejo Fernández titulada "A Virxe dos Mareantes" (ou "Virxe dos Navegantes"), orixinalmente deseñada como táboa central dun retablo para a capela da Casa de Contratación de Sevilla e na que se representou por primeira vez o descubrimento de América. O cadro resalta, ademais, a particularidade de representar na parte esquerda o perfil da faciana do descubridor.

Lám. 4. Alejo Fernández: A virxe dos Mareantes (Real Alcázar de Sevilla)
Fonte: https://yhoo.it/2O7NNYD

Outro espazo nos que se obtivo información relevante sobre este tema foi a Torre del Oro de Sevilla, lugar onde se atopa unha pintura da Virxe dos Navegantes, rodeada das personaxes da corte de España, sendo Colón un dos que alí se representaron, coñecido tamén como o Retablo da Virxe dos Mareantes ou "do Buen Aire", é unha obra feita polo pintor Alejo Fernández, no ano 1535.

É esta a primeira vez que se representou en Europa aos nativos americanos. Pódense observar as diferentes tipoloxías da flota española do século XVI. Nos catro cuarteis laterais pódese ver a San Sebastián e a Santiago á esquerda, San Telmo e San Juan á dereita. Aquí prostrouse Juan Sebastián Elcano tras culminar a primeira volta a o mundo da historia.

Considérase unha das máis antigas pinturas, atribuída ao pintor Alejo Fernández, quen a pesar do seu nome é de orixe alemá e pinta ao estilo

flamenco, xa que se di que o artista coñecera ao descubridor de primeira man. É posiblemente o único retrato feito en vida do descubridor.



Lám.5. Detalle da faciana de Colón na obra Virxe dos Mareantes. Real Alcázar de Sevilla.Fonte : http://bit.ly/2VZjhmy

Esta pintura foi feita por Alejo Fernández, entre os anos 1531 e 1536. Atribúese a esta obra a faciana máis representativa de Colón, dado que se di que o pintor traballou cos personaxes en vida. Apréciase que na parte superior aparece a virxe, a cal estende o seu manto protector sobre as figuras dos mareantes. A faciana de perfil dá idea da fisionomía pontevedresa.

A diversidade de pinturas con facianas disímiles dá conta dun feito. Colón foi interpretado cunha pluralidade e identidade diversa, o que amosa a diverxencia de opinións en relación á cosmovisión dos artistas sobre as facianas do descubridor. Neste senso, interpretamos que segue sendo un enigma que ten unha fonda pegada na historia occidental e que a personalidade do descubridor segue sendo aínda hoxe en día un segredo por esclarecer.

Os trazos da personalidade do descubridor foron descritos na obra da celebración do Centenario. O historiador Juan Manzano describe ao enigmático personaxe como un home de indomable vontade que se move coa finalidade de acadar un obxectivo que ninguén podería apartar dos seus designios descubridores. Perseverante e tenaz na súa empresa do convencemento aos Reis Católicos sobre a viabilidade do proxecto descubridor, tiña a sospeita de que algo moi difícil de explicar se agochaba ou encubría. Era imposible que se desviara da súa idea inicial. Procedía coma un aventureiro, aínda que era un exemplar investigador, navegante e autodidacta (Manzano Manzano, 1989).

1.5 Tese portuguesa

Seguindo a teoría da diversidade das facianas do descubridor de América, por unha banda os traballos de Augusto Mascarehnas Barreto fan referencia a que nunca o navegante se chamou "Colombo" e que non existe relación entre o cardador nacido en Xénova co verdadeiro mareante. Este autor continúa sinalando que as actas notariais xenovesas son de xenuinidade dubidosa, e titula o seu traballo *Colombo português: Provas documentais* (Mascarehnas Barreto, 1997). Súmaselle a esta tese a investigación dos esposos Manuel Luciano da Silva e Silvia Jorge da Silva, na que dan idea do valor e importancia da tese portuguesa a partir da análise do monograma do descubridor. Nesta investigación os autores presentan que Cristóvao Colon era un nome que ocultaba a verdadeira identidade do navegante: o portugués Salvador Fernández Sarco (Da Silva e Da Silva, 2008).

Alén destes aportes historiográficos existen outros escritos feitos polos cronistas e algunhas outras testemuñas orais presentes na provincia de Pontevedra nas que describen as inmensas posibilidades de que a infancia e a educación deste home de mar houbera transcorrido no mosteiro de Tui, próximo á fronteira con Portugal.

Os investigadores lusos manteñen a postura de que Colón non naceu en Xénova e mudou o seu nome por razóns de seguridade. O profesor Fernando Branco, do Instituto Superior Técnico de Lisboa, explica que non morreu na batalla naval do Cabo de San Vicente en 1473, e que chegou ao Algarve, co nome de Pedro Colón. Outros célebres autores sinalan a vinculación con Portugal a través do casamento con Perestrello e o nacemento do seu fillo en Portosanto. Algúns autores describen que naceu na vila de Cuba, no Alentejo luso, e que traballou como espía ás ordes do Rei Joao II, quen lle encargou a misión de afastar aos españois do camiño as Indias. No entanto, a prol desta tese evidéncianse os supostos portuguesismos ou lusismos presentes na grafía de Colón e o consenso entre os autores respecto do anagrama da sinatura do personaxe en cuestión.



Lám.6. Colón Portugués na portada da obra do pintor español Pedro Berruguete. Col. Particular
Fotografía propia

Como o confirman as devanditas evidencias pictográficas, esta é unha das teorías máis polémicas dentro da historiografía occidental. Existe unha variedade de facianas do gran nauta que fan posible a comprensión das dificultades, misterios e sombras que impiden

esclarecer un enigma que aparenta ao longo dos derradeiros séculos indescifrable.

A meirande parte dos pintores en cada época da historia da arte non é testemuña presencial da caracterización psicolóxica e física do Gran Almirante, polo que todos e cada un deles representouno de acordo ao contexto no que se desenvolve. No entanto, a pictografía que máis se aproxima ao logro dunha imaxe o máis verdadeira e certeira posible de Cristóbal Colón estase a presentar na tese galega, cuestión que estamos a desvelar no seguinte capítulo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 2. A TESE GALEGA COMO CONTIDO CULTURAL

O estado da cuestión en relación ás investigacións sobre a tese galega amosa o interese institucional da Universidade de Santiago de Compostela sobre este tema tan relevante. Un conxunto de recentes conferencias dan conta da importancia deste debate. Ao respecto, as memorias do congreso organizado polos profesores Eduardo Rey Tristán, María del Pilar Cagiao e María Luisa Pazos (2014) evidencian a preocupación dos académicos pola divulgación desta teoría. Este evento contou coa participación das institucións involucradas, como son o Museo de Pontevedra, a Casa Museo de Poio, a Deputación de Pontevedra e a devandita universidade. Neste evento foi amplamente debatida a discutida tese galega. (Rey Tristán, E., Cagiao, M., Pazos, M. 2014).

Os contidos culturais da tese galega abranguen máis dun século e relaciónanse coa descrición do contexto xeohistórico no que esta xurde. Por unha banda, o traballo contextualiza o problema de estudo nas evidencias documentais xa esclarecidas científicamente na cidade de Pontevedra. Por outra, céntrase na análise dos discursos producidos polos eruditos galegos emigrados ás terras americanas descubertas por Cristóbal Colón. O obxecto do estudo é presentar a visión dos emigrados galegos a Hispanoamérica en relación coa tese galega. Esta tese explícase desde os enfoques propios dos Estudos Culturais de maneira plural, integradora e transversal, situación que induce a asumir

dentro do contexto os primixenios contidos culturais producidos arredor da tese na cidade de Pontevedra.

Ao respecto, os investigadores galegos publican recentemente estudos onde se explica o interese que en 1911 existe en América sobre o Colón Galego. Amparo de Juan Bolufer (2013) e Carlos Gegúndez López (2016) coinciden en explicar como se coñece a nova rexistrada no diario barcelonés La Publicidad o 13 de xuño de 1911 sobre a orixe galega de Colón. O artigo, do que se descoñece o autor, describe as accións reportadas polo escritor Ramón María del Valle Inclán na súa viaxe a América en 1910, na que toma contacto coa tese de Celso García de la Riega (Juan Bolufer, 2013).

Valle-Inclán viaxa a Suramérica e visita Chile. Alí é onde coñece a existencia da tese que defende a orixe galega do navegante. O encontro revela dun xeito entusiasta a entrevista co Ministro de Instrución Pública daquela República, quen lle mostra un libro de texto reformado había pouco tempo, no que se sinala Galicia, e concretamente a provincia de Pontevedra, como lugar de nacemento de Cristóbal Colón (Gegúndez López, 2016).

Os citados investigadores converxen en rexistrar as palabras textuais de Valle, quen relata a súa derradeira viaxe a América: "Ustedes han oído hablar de que Cristóbal Colón era gallego? Es indudable. Es cosa probada" (Gegúndez López, 2016, p. 2). Os estudos salientan que unha das cuestións máis impactantes para o escritor naquela viaxe a América foi coñecer a existencia desta nova, onde é valorada e lexitimada e consta nos textos escolares.

Outra reportaxe refírese á Asociación Celso García de la Riega, na voz do seu presidente Eduardo Esteban Meruéndano, na que se rexistra o seguinte: "Es un orgullo y un lujo saber que Valle Inclán vibró con la teoría del Colón Gallego" (Gegúndez López, 2016, p. 4).

As achegas dos investigadores sobre a realidade constatada por Valle-Inclán en Hispanoamérica en canto aos libros de texto é de importancia para este estudo. Ao fío da cuestión, Delfín Ortega Sánchez e Francisco Rodríguez Lestegás (2017) reportan a relevancia destes contidos culturais nos libros de texto. Neles obsérvanse unha ausencia elocuente de información orientada á consolidación dunha conciencia e identidade cultural iberoamericana. O estudo expresa que nos textos de educación primaria de España a perspectiva curricular é hexemónica e eurocéntrica, situación que leva a conclusións sobre a repercusión ou non da tese galega nos espazos educativos de Hispanoamérica (Ortega e Rodríguez, 2017).

Ao afondar no problema de estudo, é relevante ir á xénese da tese galega, contextualizar este contido e por en valor a súa orixe. A xénese da teoría remite ao beneditino Frei Martín Sarmiento (1695-1772), quen constitúe un referente primario sobre a posibilidade de chegar a descubrir a densa escuridade arredor da orixe de Colón. Ao respecto, este eterno namorado da bisbarra pontevedresa afirma que a obra na que se describe a carabela na que saíu Colón a buscar un Novo Mundo merece copiarse sen quitar unha soa sílaba. Un dos moi importantes antecedentes do estudo remóntase as afirmacións que sobre o frade Frei Martín Sarmiento fai Antolín López Peláez en 1895, quen describe ao devandito sacerdote como un gran amante e cidadán de Pontevedra aínda sendo orixinario de Vilafranca do Bierzo. O seu amor e mirada espiritual o subliñan así:

> La Carabela en que salió Colón, se llamó Gallega, según Oviedo, y era dedicada á Santa María, aludiendo a la patrona de los de Pontevedra. Es mucho concurrir el que Enrique IV diese como dió a Pontevedra el privilegio de una feria de 70 días, 15 antes y 15 después de la fiesta de San Bartolomé patrono de la villa: el que los Reyes Católicos hubiesen dado como dieron a todos los mareantes de la villa el privilegio de que no los

> pudiesen ajusticiar, sino como a nobles, no siendo por delito de alta traición: el que los mismos Reyes mandaran que todos usasen escudos de la fábrica de Pontevedra. Y el que la Carabela de Colón se llamase La Gallega, y estuviese dedicada a Santa María… para que sea inverosímil… Haya sido fabricada en el arrabal o pescadería de Pontevedra y que se dedicase a S. María de la Grande…. Que es la patrona de todos los marineros, en parroquia separada (López Peláez, 1895, p. 247).

Evidentemente, Frei Sarmiento é un dos primeiros referentes documentais sobre a existencia de argumentacións arredor do tema. Ao fío da cuestión, exponse como se desenvolve este contido nos eruditos pontevedreses que manteñen vivos os argumentos de Martín Sarmiento, como son Luis de la Riega e o creador da tese Celso García de la Riega.

En todo caso, tamén atopamos unha inxente corte de detractores da tese galega, entre os que se poden citar aqueles que, sen entrar en diatribas, apoian a ortodoxa e recoñecida universalmente orixe xenovesa, idea que respondeu posiblemente a intereses políticos na Italia dun período histórico determinado e que se propaga acotío a través dos currículos escolares como feito único e indiscutible.

Finalmente, por se fose pouco o desafío, o estudo asume o interese en examinar a fondo as motivacións dos que inxurian a García de la Riega acusándoo de falsificador documental. E, neste senso, atopamos unha gran idea forza que se está a recuperar e espallar polo mundo enteiro, relacionada coa orixe xudía do gran Almirante e coa contorna que o rodeou e fixo posible a súa histórica fazaña, o que nos obriga a aproximarnos á comprensión da realidade pontevedresa medieval.

A medida que se afonda no estudo da documentación e se interactúa cos informantes, historiadores, descendentes de Celso García de la Riega e cronistas locais, así como o patrimonio que evidentemente

sustenta esta tese, é posible entender que estes contidos culturais sufriron transformacións marcadas polas polémicas e os intereses políticos, económicos e culturais, xunto a outros aspectos de índole socioeconómica moi relevantes.

Un dos aspectos máis transcendentes vén dado polo fenómeno do exilio e a emigración. Este longo e dramático proceso leva a millares de galegos a cruzar o Atlántico cara a América, transcendendo así as fronteiras de Galicia. De aí a fonda pegada divulgativa que deixa este contido cultural na Galicia emigrada a Hispanoamérica. A mesma recóllese nas publicacións dos centros galegos e nos rotativos nacionais deses países. Emporiso, as voces dos exiliados e os emigrados proporcionan deste xeito un novo sentido e significado ás indagacións en torno á suposta orixe galega de Cristóbal Colón no Novo Mundo.

Seguindo as evidencias a prol da tese sobre a orixe galega, convén destacar como esta se representa nos retratos pictóricos. A diversidade retratística sobre as facianas e a personalidade do descubridor non deixan de validar o conxunto de enigmas existentes arredor da súa vida.

Este punto constitúe un elemento de moita importancia, xa que a través dos retratos do descubridor pódese comprobar dun xeito claro que a existencia desta controversia non só é certa nas diversas teorías que se están a analizar sobre o tema, senón que tamén forma parte deste traballo desvelar como na iconografía do Almirante da Mar Océana existen representacións pictóricas que reflicten a diversidade de trazos psicolóxicos e facianas, as cales confirman e lle dan validez á existencia da diverxencia de visións fronte aos posibles lugares de nacemento.

O historiador e guía da Casa Colón de Gran Canaria, Javier Pueyo, sostén que nos retratos “ningún é Colón e todos son Colón", de maneira que a verdadeira faciana do gran Almirante segue sendo un de tantos misterios que confirman a hipótese da controversia sobre a orixe do

descubridor. A disparidade de visións en relación a súa identidade foi plasmada polos artistas ao longo dos séculos. No entanto, a lámina 7 mostra unha pintura atribuída a Rafael Tejedo, correspondente ao ano 1828, na que o rostro reviste unha importancia fundamental dado que foi escollida polo creador da tese de Colón galego para destacar a relación do descubridor coa ría de Pontevedra e, de feito, ilustra os escritos e publicacións dese autor[11].

Lám.7. Pintura de Colón atribuída a Rafael Tejedo (1828), que ilustra e sustenta todas as publicacións da tese galega. Arquivo de Indias de Sevilla e réplica no Museo Naval de Madrid. Fotografía propia.

Neste punto céntrase a controversia. Isto pódese ver dun xeito moi nítido e claro nos moitos aspectos vencellados aos seus trazos faciais que indican expresións distintas segundo o artista e a época na cal se presenta a obra. Seguindo aos autores, na actualidade non houbo retrato algún do descubridor mentres este viviu. Esta obra vén sendo a que referencia o autor Celso García de la Riega na súa tese do Colón español e galego.

[11] O historiador Javier Pueyo, afirma que este retrato asemellase áo rostro real do descubridor de América.

A pintura destaca a importancia que tiveron as Illas Canarias nos logros do navegante. O autor reflicte que esta é unha das máis axeitadas facianas descritas polos autores e artistas. No entanto, os historiadores coinciden en expresar que moitos retratos desfiguran a súa aparencia de acordo coa perspectiva social e política do momento e que incluso, seguindo o obra do Almirante, o Diario de a bordo, reflicte as testemuñas e comentarios a prol da súa idea da viaxe transoceánica que foron impulsados nas interaccións establecidas por Colón na súa parada no arquipélago canario.

Estes homes déronlle pulo á moi impoñente fazaña descubridora. O que logo o Almirante describe no seu Diario de a bordo, dándolle recoñecemento á colaboración que a expedición recibe por parte dos poboadores das illas de Hierro, La Gomera e Tenerife, todas elas nomeadas no Diario do descubridor (Colón, 1985).

Unha validación desde a historia da arte debulla a posibilidade de encontrar a xenuína identidade pontevedresa do descubridor Cristóbal Colón. Nestas pinturas pódese apreciar unha vez máis que nas características da devandita ilustración que se recolle no traballo de De la Riega son evidentes os trazos antropolóxicos pontevedreses. Tal situación vén sendo a que recoñecen a maioría dos autores de Hispanoamérica que lle seguen nesta teoría.

Esta imaxe é a máis representativa da teoría da que estamos a falar. Nela pódense apreciar os trazos antropolóxicos propios das xentes pontevedresas: ollos claros, nariz aquilino, cabelos canos e cute branca, o que lembra a herdanza celta dos poboadores galegos e marcadamente contribúe con claridade a validar a orixe galega do descubridor. Nin moi delgado, nin moi groso, ou nin moi alto nin baixo, a súa descrición por ser variada é imprecisa, observándose disparidade nos seus retratos. Estas achegas sobre a diversidade dos rostros do descubridor Colón poden corroborarse no Arquivo de Indias de Sevilla. A variación de

versións que en torno á súa fisionomía existiron rexístranse nalgunhas pezas pictóricas moi relevantes e póstumas á vida do Almirante.

Outra versión máis ecléctica e contraposta á imaxe anterior sobre os trazos identitarios do descubridor vese no retrato co cal se identifica a tese galega formulada polo historiador pontevedrés Ángel Carracelas Requejo. Neste retrato ábrese un conxunto de posibilidades interpretativas sobre a orixe galega do Almirante Cristóbal Colón. Na obra representada no libro de Ángel Carracelas, que colabora dun xeito protagonista coa diversidade de actividades culturais da Casa Museo Cristóbal Colón de Poio, evidéncianse outros trazos identitarios diferentes.

Carracelas é un dos principais impulsores da teoría Colón-Madruga, que desenvolve no libro *La Huella de Pedro Madruga en Cristóbal Colón* (Carracelas, 2014), onde destaca a dupla personalidade de Colón e Pedro Madruga. Esta obra reflicte un traballo de investigación e representa unha contribución e punto de vista coa que se pode avanzar na teoría do Colón galego sen chegar a conclusións definitivas.

A pintura reporta e sustenta a visión propia sobre a faciana do descubridor. A dupla mirada no retrato do pintor Caamaño Xestido ten sustento nun innumerable conxunto de testemuños paleográficos que lle dan soporte a unha identidade na que se reflicten coincidencias entre a personaxe Pedro Madruga, ou mellor coñecido como o nobre galego Pedro Álvarez de Soutomaior, o cal dálle forma á configuración dunha faciana de Cristóbal Colón que representa as posibles trazas de Pedro Madruga (1486), nas que o autor presenta a fusión das dúas personalidades existentes entre o descubridor de América e o nobre galego. Neste senso, o historiador Carracelas rompe cos moldes orixinais da biografía de Colón, dándolle unha opción nova de interpretación cun carácter rigorosamente documentado no que se reflicten elementos caracterolóxicos que lle dan valor á tese da dobre

personalidade e temperamento do explorador Colón. Nela visualízanse e sincronízanse as experiencias dese nobre galego coas do Almirante Colón.

Executada polo artista cangués Camilo Caamaño Xestido (2014), Carracelas argumenta a correspondencia e conxunto de coincidencias sobre a tese de Cristóbal Colón galego coa biografía do nobre galego mellor coñecido como Pedro Álvarez de Soutomaior. Afondando na tese da dobre faciana de Colón, na análise deste retrato de data recente pódense captar o Colón explorador da mar Océano, dividindo o retrato en dúas porcións simétricas que dan fe dunha dobre caracterización psicolóxica. Por unha banda, no lado esquerdo do retrato, coincide coa mirada dos outros retratos sobre a que se debulla o Colón visionario e teimudo investigador. No lado dereito, a faciana denota dun xeito sinxelo as características do nobre e comerciante feudal Pedro de Soutomaior. Nesta visión e interpretación do estudoso Carracelas, quen demorou máis de dez anos traballando a tese de Colón-Madruga, vense as coincidencias temperamentais e psicolóxicas de Colón.

A prensa pontevedresa permite pensar dun xeito certo que se pode sustentar por unha banda a orixe pontevedresa do descubridor Colón, xa que a tese galega preséntase moi arraigada nas conciencias do pobo pontevedrés que sinte con especial vehemencia que existen suficientes elementos conceptuais, argumentativos e documentais sobre a orixe do ilustre navegante.



Lám.8. Colón pontevedrés do pintor cangués Caamaño Xestido. Casa Museo Cristóbal Colón de Poio. Fonte: fotografía reproducida con autorización do Museo.

Por outra parte as asociacións culturais que divulgan a tese de Colón galego presentan a súa propia iconografía, como a que se amosa na lámina 8.



Lám. 9. O descubridor na revista pontevedresa da Asociación Cultural Cristóbal Colón. Deputación de Pontevedra. Fotografía propia.

Ao fío da cuestión, pódese concluír que un dos máis importantes defensores da tese galega é Alfonso Philippot de Abeledo, nado en Vigo e descendente de italiano e galega, tivo a oportunidade de entrar no fondo da controversia de Colón. O devandito autor, quen se dedicou á profesión de capitán da mariña, é un gran estudoso do tema sobre a orixe do Almirante, afirmando de xeito categórico que a tese sobre á orixe galega é a verdadeira. Por unha banda, este experto esfórzase en espallar a realidade do problema. É dicir, a pesar de ser el galego e ter unha avoa italiana, tivo a oportunidade de coñecer a polémica desde ambas as dúas posturas en litixio, polo que puido constatar coas autoridades xenovesas algúns puntos de vista arredor do tema. A medida que avanzou no seu traballo investigador foi atopando diferentes posicións en torno ao lugar de nacemento do descubridor que o levaron a concluír que, en efecto, a patria de orixe do mareante é Galicia (Philipot Abeledo, 1994).

Dentro das dificultades historiográficas aparece como o eixe de fundamental importancia o que se coñece na literatura colombina como *Documentos Pontevedreses*. A principal causa da problemática confrontada polos historiadores para precisar a orixe do Almirante foron as correccións ou as remarcaxes feitas polo creador da hipótese galega, o célebre Celso García de la Riega. A revisión documental amosa a explicación das causas. A realidade da controversia non chegaría a ter o eco histórico que tivo se non fose por unhas moi sinxelas correccións que o erudito lle fixo aos documentos pontevedreses coa única finalidade de darlle mellor lectura e clarificar nomes e datas. Ante estás remarcaxes, a crítica da época aplícalle a censura e cualifícaas de "documentos escandalosamente adulterados" (Ulloa, 1930).

A pesar destes contratempos, a tese galega na cidade de Pontevedra recupera o seu valor e explícase desde a panorámica dos seus antecesores e impulsores. Figuran neste espazo Luis de la Riega, o

propio creador da tese Celso García de la Riega e o impulsor desta en Ultramar, Prudencio Otero Sánchez.

2.1 Luis de la Riega (1827-1909)

Os antecedentes do estudo da discutida tese sobre a orixe pontevedresa de Colón en América parten dos aportes do erudito Luis de la Riega, nacido en Pontevedra. Este xornalista e escritor pontevedrés é tío de Celso García de la Riega, correspondente da Real Academia da Historia e funcionario da Deputación de Pontevedra. Na súa obra *El Río Lérez* (De la Riega, 1892), o autor fai referencia á orixe deste importante río pontevedrés na Serra do Candán en Forcarei, as súas cascadas, formando parte da vertente atlántica na súa desembocadura configurando a ría de Pontevedra.

Nesta obra o autor describe as pintorescas marxes deste río e os sucesos ocorridos nel. É importante destacar a influencia deste home na traxectoria posterior do seu descendente Celso García de la Riega e salienta aspectos que puideron motivar o desenvolvemento da orixe da tese pontevedresa nos seus herdeiros. Esta situación destaca o relevante legado interxeracional que se aprecia na saga familiar de la Riega constatada ao longo do arqueo bibliográfico e as recentes publicacións nas que se amosan características moi significativas do legado familiar de la Riega na bisbarra pontevedresa en catro xeracións (De la Riega Bellver, 2020).

> En Luis de la Riega pódese extraer o comentario no que apunta “me he detenido un poco en daros a conocer lo más importante de esta escritura: otorgamos e reconocemos que aforamos e damos por vía de aforamento a vos Juan de Colon mareante é Costanza de Colón vosa muller vesinos é moradores en a Moureira arrabalde de vila de Pontevedra que sodes ausentes como si fuesedes presentes por tempo de nosas vidas de ambos e

> máis alende do postrimeiro do vos por tempo e vida." (De la Riega, 1892, p. 55).

E segue falando da existencia do apelido Colón en Pontevedra onde expresa:

> la persona que otorgó el foro de que se trata esta escritura, llevase un apellido tan célebre como lo es el del descubridor del nuevo mundo, siendo además mareante y vecino del arrabal de Pontevedra, nombrado la Moureira y en el que de antiguo vienen habitando los marineros de la ciudad. Y véase que Costanza de Colón es hija de Bartolomé de Cangas. (De la Riega, 1892, p. 56).

Ante isto, engade o autor que o apelido Colón era sen dúbida de persoas que prestaran servizos á sociedade ou formando parte de exploracións ou campañas emprendidas. Neste texto alúdese tamén á propiedade da Horta de Andurique, evidencia da presenza deste apelido nesa comarca de Poio, adxacente á ría de Pontevedra (De la Riega, 1892, p. 56).

Esta evidencia documental sobre a presenza do apelido Colón en Pontevedra constitúe unha das bases fundacionais da tese pontevedresa. Como se pode apreciar, é posible constatar que estes antecedentes investigados e publicados polo seu devanceiro Luis de la Riega inspiraran ao seu descendente.

2.2 Celso García de la Riega (1832-1914)

A visión crítica dos emigrados galegos parte da análise obxectiva do proxecto vital deste importante pontevedrés. A súa actividade febril como representante e protagonista da historia hispanoamericana no Novo Mundo así o evidencian. Celso García de la Riega caracterízase

por ser un intelectual de fonda pegada transcultural nas Antillas españolas. A xénese da polémica remóntase ao ano 1892. Nado en Pontevedra, é quen sistematiza e logra importantes achegas sobre a orixe do descubridor.

Así, na súa obra *La Gallega* (1897) demostra documentalmente que a nave capitaneada por Colón durante a súa primeira viaxe foi construída enteiramente en estaleiros galegos. Do mesmo xeito, acredita que, a comezos do século XVI, as terras de Poio figuran ao nome do matrimonio formado por Xoán de Colón e Constanza de Colón.

Lám.10. Celso García de la Riega.
Fonte: https://yhoo.it/2ufmSks

O creador da tese tivo a oportunidade de viaxar a Cuba en 1873 co ministro republicano Santiago Soler y Plá. Recibe condecoracións por méritos, retorna a Galicia e na subida do partido liberal en 1881 volve ao Ministerio de Ultramar como Xefe de Negociado e Secretario do Ministro. Posteriormente, desempeñouse como deputado ás Cortes por Cambados en 1886 e foi Gobernador de León en 1891. Neste mandato fixo importantes contribucións elevando á categoría de monumentos nacionais diversos conventos.

É posible que García de la Riega estivera moi ao tanto dos polémicos sentimentos emancipadores e independentistas das nacentes nacións hispanoamericanas, o que revela o coñecemento das causas desa desleixada propaganda antiespañola imperante no continente ultramarino con respecto á metrópole peninsular. Como o sinalan os biógrafos, entre eles o seu bisneto e seguidor da tese galega, o estudo intenta salientar como a presenza de García de la Riega en Hispanoamérica tivo repercusión na asimilación temperá desta tese.

A súa actividade pode ser o motivo que reflicte a posterior visión dos emigrados en relación á discutida orixe de Cristóbal Colón. Home de fondos valores morais, sentimentos de lealdade, fidelidade e xustiza a favor de España, puidera ser o primeiro en deixar a semente da tese galega na Gran Illa antillana.

Na conferencia pronunciada en Madrid en decembro de 1898, por petición de Ricardo Beltrán y Rózpide[12] na Sociedade Xeográfica, é cando García de la Riega, co titulo "Colón: ¿Español?", puido amosar fronte a unha audiencia adversa e incrédula as indubidables evidencias que botaban por terra a tese do Colón xenovés ou procedente de calquera outro espazo que non fose a provincia de Pontevedra, afirmando como resultado deste parladoiro e de común acordo que esta cuestión tíñase que examinar dun xeito moito máis minucioso. Antes e despois da morte de Celso, a tese galega tivo seguidores e impugnadores.

Os primeiros apoios posteriores á citada conferencia parten do secretario desa prestixiosa sociedade, Beltrán e Rózpide. Este pode considerarse un dos principais promotores apoiando coa divulgación posterior de artigos a favor da tese galega. Beltrán e Rózpide (1852-1928) foi xeógrafo, investigador, docente, arquivista e bibliotecario. O

[12] Ricardo Beltrán y Rózpide representa á Real Academia da Historia. É secretario xeral da Real Sociedade Xeográfica de Madrid en 1921.

auspicio desta maxistral explicación de García de la Riega dálle formalidade á tese dentro da vida cultural da época, creando inquietude e curiosidade sobre o tema (Beltrán y Rózpide, 1918).

Esta conferencia vai ter impacto transnacional nos espazos ultramarinos, especialmente na Gran Illa antillana. Nestes territorios estúdanse, analízanse, discútense, relátanse e divúlganse con inusitada intensidade os feitos inherentes ás argumentacións formuladas por Celso García de la Riega na súa tese no ano 1898 en torno á orixe galega de Cristóbal Colón. A partir desa data, unha parte dos seguidores do intelectual pontevedrés en Hispanoamérica están a promover unha postura efervescente no que se refire á orixe pontevedresa e española do descubridor de América.

Neste espazo o erudito pontevedrés expuxo os seus coñecementos e argumentacións sobre as evidencias da existencia do apelido Colón na cidade de Pontevedra, verificable nos documentos e actas notariais dos séculos XV e XVI. Relaciónanse cos nomes de Juan, Domingo, María, Blanca e Bartolomé. Aparecen tamén algúns co nome Fonterosa, o que se supón é o apelido materno do Almirante (Vila Fariña, 2009).

Celso García de la Riega baseouse neses documentos e chegou á conclusión de que o descubridor de América puido nacer en Pontevedra entre os anos 1436 e 1437, sendo os seus pais Domingo de Colón o Mozo e a hebrea Susana Fonterosa (García de la Riega, 1897).

A análise da obra *Colón Español: su origen y patria* (1914) revela a súa fonda identidade co mundo hispano, xa que o autor dedica este libro "a los pueblos que hablan la lengua española" (García de la Riega, 1914, p. 1). Esta afirmación confirma o pensamento hispanista do autor. A partir deste libro converteríase no gran formulador e impulsor da hipótese sobre a orixe galega do descubridor desde a cidade de Pontevedra ao Novo Mundo.

A síntese biográfica do ilustre creador da tese galega lévanos a comprender o seu carácter moi sensible polas artes e rigoroso na análise histórica, aspectos que sumados á praxe de funcionario puideron permitirlle poñer en práctica o desenvolvemento da tese desde a controversia histórica que esta viña a resolver nunha América chea de rexeitamentos, odios e inconformismos fronte as seculares políticas sectaristas de España. A análise do citado libro da idea desta realidade (García de la Riega, 1914).

A clave do estudo pódese apreciar no prólogo da obra de Celso García de la Riega. O autor presenta o coñecemento e contacto cos intelectuais emigrados a Hispanoamérica. Agradécelles nesas follas preliminares aos emigrados Eva Canel e a Constantino Horta y Pardo a súa vinculación coa tese da que fixeron as primixenias publicacións en Hispanoamérica (García de la Riega, 1914).

A posible presenza temperá do autor nesa xeografía antillana fai agromar o seu sentido de líder que tenta privilexiar a presenza de España e o sentimento español en América a través de Cristóbal Colón galego e español. É posible que a actividade neses altos cargos administrativos no goberno da Habana lle permitiran adiantar algúns aspectos relacionados coa tese sobre a orixe de Colón nos espazos dos emigrados galegos, o que explica o gran encaixe que a tese tivo nese continente. É moi posible que García de la Riega tivese logrado concienciar aos emigrados. O autor podería describirlles desde este territorio e con inusitada claridade e elocuencia o conxunto de evidencias que destacan con meridiana certeza a posibilidade contundente de que a orixe de Colón fose pontevedresa (García de la Riega,1914).

As finalidades que ía resolver a tese galega nese transcendental contexto histórico ameazado pola presenza estadounidense e polas loitas ideolóxicas pola independencia de América e as ideas antiespañolas de romper a toda costa con España non se facían esperar.

A defensa da patria de orixe, España como a "Madre Patria", forma parte esencial e vén explicar o ímpeto, fascinación e entusiasmo que lle imprimiron os emigrados á tese galega no Novo Mundo.

Hoxe en día, a divulgación desta hipótese é asumida con gran entusiasmo por Guillermo García de la Riega Bellver, bisneto de don Celso, quen desenvolve un encomiable traballo intelectual de dinamización nas redes sociais defendendo a orixe pontevedresa de Colón.

Outras ideas que fortalecen a personalidade do autor reflicten que é un amante da cidade de Pontevedra. Seguindo as informacións dadas polos propios descendentes, o labor que posiblemente favoreceu o fortalecemento da tese galega puido ser posible polo coñecemento adquirido por Celso García de la Riega na representación pictórica da cidade medieval. Grazas aos seus debuxos pódese obter unha visión de conxunto sobre a cidade de Pontevedra no século XV o que amosa o labor deste polifacético escritor e artista pontevedrés. Os debuxos de García de la Riega permiten apreciar esta cidade coma unha puxante urbe, lugar de transferencia comercial do peixe ao resto de Europa. A ría de Pontevedra, co seu respectivo peirao, foi testemuña dun enorme esplendor derivado do traballo dos mareantes, pescadores e afíns, principais actividades relatadas polos historiadores (Fortes Bouza, 1993).

A actividade económica mariñeira, en particular a venta do peixe salgado procesado nas casas da ribeira do Lérez, con especial énfase no arrabalde da Moureira, converte a Pontevedra nun importante lugar de entrada deste produto para o resto de Europa. Ademais, a Pontevedra do século XV beneficiouse da auxe da peregrinación a Compostela, ao ser a súa estafeta lugar obrigado para o descanso das bestas que percorrían o camiño a Santiago.

Deste xeito, Pontevedra contaba cun recinto urbanizado, zona portuaria, fueros, muros, pontes romanas e peiraos, o que lle permitiu se converter pronto nun activo burgo coa presenza de embarcacións a carón dos ríos Lérez e Tomeza. Neste senso, cómpre subliñar que a Pontevedra do século XV era considerada a maior cidade galega do momento, dada a puxanza do transporte marítimo e do comercio pesqueiro co resto de Europa, antes de que tivese lugar a gran crise que coincidiu cos séculos XVII, XVIII e XIX, motivada pola acumulación dos sedimentos arrastrados polo río Lérez e a conseguinte desaparición do porto pesqueiro.

Lám.11. A ría de Pontevedra, a cidade medieval atlántica galega.
Fonte: http://bit.ly/2UKJFRb

Agora ben, para posibilitar unha comprensión axeitada da Pontevedra medieval precísase conectar directamente coa arquitectura da época, a vida cotiá e os personaxes salientables dese momento histórico. A destrución dos edificios civís e militares, como consecuencia dos saqueos, das invasións e dos conflitos sociais, remítenos ao escenario das revoltas irmandiñas. O paso do tempo fixo desaparecer fortalezas e castelos, e o proceso de modernización da

cidade provocou o esquecemento de aspectos claves da súa arquitectura medieval. Afortunadamente, dispoñemos da obra escrita e artística de Celso García de la Riega, os seus debuxos facilitannos o recoñecemento das formas orixinais dalgunhas meritorias obras arquitectónicas, como é o caso das Torres Arcebispais (a construción máis importante da cidade, con funcións defensivas) ou certas edificacións propiedade de ordes relixiosas (dominicos, franciscanos e clarisas), ao tempo que nos proporcionan unha visión global da cidade amurallada.

Por outra banda, a micro historia ou a historia da xente común é a que senta as bases para a reconstrución histórica. Estamos a falar da aproximación á comprensión de pequenos espazos e organismos, como poden ser unha comunidade rural, a vida dun muiñeiro ou un espazo arqueolóxico, sen deixar de ter en conta as explicacións de carácter xeral sobre á sociedade. Tamén nos interesa destacar o papel das mulleres e homes do común, as súas condicións de vida e as formas de resistencia. Por último, é fundamental amplar as temáticas de estudo á familia, a alimentación, a vivenda, a sexualidade, o lecer, a morte, etc. En definitiva, o que se trata é de darlle á historia un carácter humanista poñendo a énfase nas persoas concretas e na xente común.



Lám. 12. A estafeta, lugar de descanso das bestas no camiño a Santiago na Pontevedra do século XV. Debuxo de Celso García de la Riega. Museo de Pontevedra.
Fonte: https://yhoo.it/2Ta7eB9

Neste senso, a vida cotiá na Pontevedra medieval permite salientar unha estreita vinculación ao funcionamento eclesial, ámbito no que o arcebispo Fonseca asumiu un rol protagonista durante o século XV.

En resumo, os mareantes, artesáns e labradores representaban as dedicacións dominantes, das que sobresaía un pequeno grupo de fidalgos e mercadores enriquecidos que constituían a oligarquía da época. Dentro da vila amurallada, a freguesía de Santa María era un promontorio dominado pola presenza das Torres Arcebispais e constituía o emprazamento socialmente distinguido onde residían os membros do clero e da fidalguía: os Ponte, os Arias, os Aldán, os Montenegro... son familias vinculadas en moitos casos ás confrarías de oficios.

Deste xeito a cidade de Pontevedra convertíase no berce do descubridor do Novo Mundo, descifrando un histórico enigma. Posteriormente, Celso García de la Riega resumía os seus argumentos na obra sinalada, a escasos meses de finar.

Todos estes aspectos resaltan a importancia deste emblemático contido cultural que intenta esclarecer as cuestións relacionadas sobre a orixe do descubridor de América. Arredor deste tema apréciase un espeso manto de misterio e néboa, aspectos sobre os que percibimos que o Almirante tivo un labor intencionado e protagonista. Este halo de tenebrismo é relatado polo fillo do descubridor, Hernando Colón.

Por estes motivos, esta resulta ser unha das máis interesantes controversias históricas actuais dada a diverxencia de opinións, estudos e argumentos que a rodean, polémica á que durante os vindeiros anos nos vemos na obriga de darlle novas vías de solución.

Neste estudo sobre á orixe da controversia, apuntamos a priori que vén dada por varias cuestións, unha delas e quizais a máis importante son os coñecidos "Documentos Pontevedreses", sobre os cales se espertou nas colectividades galegas de Ultramar unha inusitada alegría prematura que se viu reflectida nos xornais da diáspora a Arxentina, Uruguai, Cuba e Venezuela.

O núcleo central do seu discurso situábase na divulgación dun erro histórico: o Cristóbal Colón descubridor dun novo continente non ten nada que ver co Cristóforo Colombo de Xénova. Mentres que un mozo de dezanove anos de idade, chamado Cristóforo Colombo, cardaba las e desempeñaba o oficio de taberneiro en Xénova, arriba a Lisboa un home de trinta e sete anos que xa tiña navegado durante vinte e tres (Beltrán y Rózpide, 1918).

2.3 Prudencio Otero Sánchez (1847-1936)

Unha vez falecido Celso García de la Riega un mes despois da publicación do libro citado, o principal valedor da tese galega é Prudencio Otero Sánchez (1847-1936). Este erudito pontevedrés convértese no principal protagonista do relato hispanoamericano por ser un dos principais xestores da travesía da tese galega de Pontevedra a Hispanoamérica.

Escribe unha obra senlleira que demostra xuridicamente as alegacións a favor da nacionalidade galega de Cristóbal Colón. A maiores, mantén estreita correspondencia epistolar cos emigrados galegos á illa antillana. Estas misivas prolónganse por máis dunha década e representan a travesía epistolar da tese galega ao continente ultramarino (Gegúndez López, 2017).

Otero expresa que viaxa a América en 1907 e alí, nos espazos dos emigrados, testemuña que tivo nas súas mans todos os documentos que amosan a nacionalidade pontevedresa do descubridor.

A revisión documental da obra de Otero Sánchez dá idea da fonda repercusión das viaxes que este fixo para ditar conferencias ao Centro Galego de Bos Aires. Logo diso, sinala o impacto da tese galega nas nacións americanas que incluíron nos seus libros de ensinanza a orixe pontevedresa do descubridor e salientaron neses contextos a presenza "dun erro histórico" que o Almirante pola súa conveniencia quixo producir ao sinalar "De Génova salí y en ella nací" (Otero Sánchez, 1922). Esta afirmación e indicativa do compromiso de Otero coa tese galega:

> Nada cierto se sabe acerca de los primeros años de Cristóbal Colón. La época, el lugar de nacimiento, están envueltos en igual oscuridad, no son conocidos sus antepasados; y ha sido tal la

> fatigosa esterilidad de los historiadores, que es difícil descubrir la verdad en medio del laberinto de conjeturas que la envuelven (Otero Sánchez, 1922, p. 5).

O texto dá a entender que a problemática sobre a orixe de Colón mantense coma un enigma non resolto.

2.4 Evidencias patrimoniais a prol da hipótese galega

Por ser un estudo transdisciplinario, plural e intercultural descríbense os elementos patrimoniais, lingüísticos e toponímicos que configuran as principais evidencias deste contido cultural. A revisión das fontes permite describir de maneira sucinta algunhas das máis salientables probas a favor de tese galega que son descritas polos autores en Hispanoamérica.
O estudo intenta describir as evidencias patrimoniais, documentos e vestixios sobre a orixe galega do Almirante. Estes son a base que lle dá sustento cultural e visión de totalidade da tese galega que se reciben no continente ultramarino.

Punto 1: A cidade de Pontevedra e o arrabalde da Moureira, núcleos da acción dos mareantes

O estudo das evidencias patrimoniais do Colón Galego en Hispanoamérica pretende dar importancia ao espazo e a súa dinámica, seguindo aos xeógrafos venezolanos Ramón Tovar e Ramón Santaella Yegres,[13], xa que no enfoque xeohistórico se sintetizan dun xeito interdisciplinario todas as manifestacións sociais, históricas,

[13] O autor venezolano Ramón Santaella Yegres é un gran impulsor do enfoque xeohistórico, polo que a súa obra foi de moita utilidade para este estudo. Ademais da referencia incluída na bibliografía final, cómpre mencionar en particular: Santaella, R. (1989). La Dinámica del Espacio en la Cuenca del Lago de Maracaibo: 1873-1940. Caracas: Ediciones de Faces, UCV.

económicas, sociolóxicas, culturais e históricas. O descubrimento de América foi un feito diferencial para España, Galicia e de América, o que tivo repercusións sobre a historia local.

Fortes Bouza (1993) refírese ao barrio da Moureira como o espazo vital do gremio dos mareantes, antepasados do descubridor e principais impulsores da primeira viaxe de Cristóbal Colón á América. Este colectivo constitúe unha fonte de ingresos extraordinaria para a vila de Pontevedra. Algunhas destas confrarías de mareantes dedicábanse ao comercio marítimo e tiñan os seus estaleiros no arrabalde e peirao da Moureira, precisamente onde se encontra a finca La Puntada, onde se construíu a nave capitana Santa María, tamén coñecida como "La Gallega". Este gremio é perante séculos unha das actividades de maior tradición mariñeira e mercante da cidade de Pontevedra.

A cidade convértese no porto máis importante de Galicia, un territorio de influenza Europea xa que os cargamentos de sardiñas e produtos importados de Inglaterra, Francia, Flandes e o resto da Península Ibérica fan xurdir unha actividade mercantil moi intensa, no que o gremio dos mareantes tiña un importante protagonismo (García de la Riega, 1897).

Nos séculos XV y XVI a cidade de Pontevedra experimentou o seu máximo esplendor, pertencendo os mareantes á Confraría do Corpo Santo, que sufragou a construción da basílica de Santa María e unha das carabelas de Colón. Desde o século XIV, a cidade de Pontevedra estaba moi vencellada ao mar e ás actividades do gremio dos mareantes.

A localización xeográfica da ría de Pontevedra está sentada a unha altitude media de 20 metros sobre o nivel do mar, nunha lomba rochosa relativamente aplanada pola erosión, no entronque do río Lérez e a ría de Pontevedra. Posúe un centro histórico e monumental que en importancia é o segundo despois de Santiago de Compostela. As rúas que se dirixen á zona monumental comezan á beira do mar. O río Lérez

percorre o municipio nun treito de máis de dez quilómetros e dá lugar a unha ría de grandes dimensións ao seu paso pola capital pontevedrsa. Os planos do século XVI de Pontevedra mostran o burgo amurallado enfrontado á ponte sobre o Lérez e o arrabalde da Moureira onde vivían os mareantes.

Punto 2: A Casa-Museo ou Casa da Crus

A tradición oral sitúa a casa natal de Cristóbal Colón no lugar de Porto Santo, no Concello de Poio. Coñecida como "a casa da tradición" ou "a casa da cruz", correspóndese co lugar de nacemento do descubridor. Engádese aquí a existencia neste mesmo lugar dunha finca chamada "A Puntada", que pertenceu aos Duques de Veragua e tamén a famosa "A Horta de Andurique" aforada polo Mosteiro de Poio no ano 1519 ao mareante Juan de Colón (Philippot Abeledo, 1994). Posteriormente áchanse outros documentos de venda desta propiedade por parte de D. Mariano Colón de Toledo, Duque de Veragua ata 1796 e almirante maior das Indias, que procedía da "herdanza dos seus finados país", a favor de Francisco Troitiño en corenta e oito mil reais de vellón (Torna, 2017).

Actualmente, apréciase na imaxe da lámina 13 a sede da Casa Museo Cristóbal Colón de Poio. Certo é que existe outra das herdades que apareceu aforada en 1519 polo mosteiro de Poio a un tal Xoán de Colón e posteriormente en propiedade da súa viúva Constanza de Colón (Torna, 2017).

Lám. 13. A Casa da Crus. Concello de Poio
Fotografía propia

Esta casa é propiedade da familia Colón. Durante o medievo rehabilítase e detrás dela álzase un moderno edificio. A exposición permanente da devandita Casa-Museo Cristóbal Colón mostra un percorrido pola teoría do Colón galego desde o seu xurdimento a finais do século XIX ata hoxe. Alí recóllense os principais elementos que sustentan a teoría e algúns manuscritos de Colón nos que se constatan as alegacións que presentamos neste traballo.

Este monumento ten gravada na pedra o nome de Joan de Collon, antepasado de Cristóbal Colón. A tradición -aínda na actualidade- mantén que nesa casa viviu sempre o home que descubriu as Américas**.**

Punto 3: Cruceiro pertencente á familia dos Colón de Pontevedra na cidade de Poio

O párroco de Poio, Vicente Cerdeiriña, explica no documental "Tras o Colón Galego" (2020) a importancia dos cruceiros na identificación das familias, lugares e comunidades. Os cruceiros, seguindo as tradicións galegas, revelan datos importantes sobre a historia local. O famoso cruceiro de Porto Santo, na parroquia de San Salvador de Poio

fronte á Casa da Crus, é unha evidencia da pertenza desta propiedade a familia Colón de Pontevedra (Meruéndano, 2020).

Sitúase fronte ás que foron as ruínas do lugar onde posiblemente naceu Colón seguindo a tradición oral. O cruceiro dálle nome á Casa Museo, tamén coñecida como Casa da Crus en Poio, Pontevedra. Nel existe unha inscrición que di Joan de Colón, ano 1490. O feito de que os Duques de Veragua tivesen herdades en Pontevedra é unha evidencia a prol da orixe galega do descubridor, xa que máis tarde comprobouse que a casa de Veragua tiña propiedades noutros lugares de Galicia. Neste caso, seguindo a Alfonso Philippot, a tradición oral que se vén transmitindo de pais a fillos sobre a existencia en Poio dunha propiedade que é a casa natal do descubridor favorece o traballo que estamos a descifrar, é dicir, a orixe galega de Colón (Philippot Abeledo, 1994).

Punto 4. O escudo de armas de Colón e a tradición oral de Poio

No escudo da familia Colón pódense ver nos dous primeiros cuadrantes un león á dereita e o Castelo de Castela á esquerda. Nos inferiores pódense apreciar as áncoras en dirección ao oeste, o das Indias Occidentais e un conxunto de illas que dan idea das Antillas descubertas polo mareante.

As testemuñas orais falan dun neno que naceu en Poio e que sendo pequeno saíu de aquí e foi o descubridor das Indias. Varias xeracións transmitiron estes contidos. O descubridor das Indias naceu aquí. De aí a importancia do cruceiro, o enigma é a dualidade entre Pedro Madruga e Cristóbal Colón.

As achegas ata a actualidade dan idea e precisan zume novo para esclarecer moitas dúbidas. No escudo de armas de Cristóbal Colón as cinco áncoras aparecen viradas á esquerda, o que indica que foi o Almirante da mar Océana.



Lám.14. Escudo de Armas de Cristóbal Colón.
Fonte: http://bit.ly/2IcuqNn:

Punto 5: A basílica de Santa María a Maior de Pontevedra

Afondando nas orixes de Colón en Pontevedra, a visita á cidade pode principiar pola basílica de Santa María a Maior. Nun foro pontevedrés datado en 1496 cítase a Cristovo Colón. A xornalista Cilia Torna (2017) expresa que aparece como propietario dun terreo preto da porta de Santa María, como é considerada a igrexa principal desta cidade, situada no casco histórico, na avenida de Santa María. Foi erixida xusto onde se achaba unha pequena igrexa románica que se derribou ao chegar o século XV, construción que se debeu ao encargo e financiamento do gremio de mareantes nos que se atopaba Joan de Collon, polo que é unha das entidades relixiosas máis antiga de Pontevedra. Construíuse seguindo os planos de Juan de los Cuetos e Diego Gil, entre outros, Mateo López, Sebastián Barros, Domingo Fernándes y Juan Noble. Trátase dun edificio de planta basilical, estilo gótico con influencias do estilo manuelino portugués. No exterior destácase polas súas moi ornamentadas fachadas (Torna, 2017).

A porta sitúase no corpo central e presenta un arco de medio punto coas esculturas de San Pedro e San Pablo. Na parte superior da porta apréciase un relevo da Santísima Virxe; e por enriba deste a decoración sobre dous medallóns en forma de cunchas de vieiras, así como esculturas de santos, personaxes bíblicos e incluso históricos e aínda no alto vese o rosetón. A fachada vese coroada por un Calvario e pola crestería do estilo manuelino portugués. Como dato anecdótico, pódese comentar que entre as figuras dos santos que aparecen na decoración desta fachada pódense distinguir os bustos de Cristóbal Colón e Hernán Cortés, sitos a ambos os lados do rosetón. Outras evidencias preséntanse no baldaquino da igrexa, onde aparece a inscrición de Juan de Collón, pai do excelso descubridor.



Lám.15. Fachada da basílica de Santa María a Maior. Pontevedra. Fotografía propia.

O detalle da fachada álzase sobre unha escalinata de pedra. Foi estruturada como un retablo exterior de tres corpos, profusamente decorados. De estilo plateresco, os artistas creadores foron Cornielis de Holanda e Juan Noble no ano 1541. Apréciase a dormición da Santísima Virxe e por enriba un rosetón que lle dá luz á nave central e representa o ceo. Remata a fachada unha crestería. O significado do termo crestería

na historia da arte refírese ao elemento decorativo do estilo gótico manuelino elaborado con encaixe de pedra. Por ser considerado o principal monumento de Pontevedra e pola súa beleza coñecese como a perla da arte galega.

Lám.16. A Virxe da O, patroa oficial de Pontevedra
Fotografía propia

A razón do nome Santa María da "O" é a exclamación "oh" que inicia nas antífonas do cántico evanxélico na oración da véspera desde o 17 ao 23 de decembro, chamadas tamén antífonas de Advento. Refírese principalmente á Virxe da Esperanza representada cun círculo no ventre en sinal de estar encinta, en ocasións sitúa o feto de Xesús debuxado ou esculpido, e cuxo nome semella unha "O", aínda que esta figura da "O" desapareceu da iconografía moderna. A relación da discutida orixe galega de Cristóbal Colón co mosteiro de Poio vén dada por unha moi recente teoría formulada polo historiador e investigador pontevedrés Pedro de Lorenzo y Macías. Nos xornais da provincia de Pontevedra atópanse atentos ás novas sobre esta tese.

Unha segunda indución do historiador pontevedrés ten en conta que perante os séculos XIV ata o XVI existiu unha importante comunidade

hebrea en Pontevedra, facendo desta unha das cidades máis importantes de Europa. En tal momento eríxese por parte do Gremio dos Mareantes unha basílica de gran formato, que confirma o poder económico dos comerciantes do peixe e afíns pertencentes á cidade de Pontevedra nestes séculos. Deste momento histórico afírmase que provén o parente achegado ao descubridor, coñecido como Juan de Colón. Este Juan podería ser bisneto do primeiro Colón establecido en España e en Galicia cara o ano 1380, o cal desempeñou o cargo de procurador dunha confraría da ribeira e ao mesmo tempo sería o avó da nai de Cristóbal Colón. Este constitúe un referente de vital importancia para o presente estudo. Máis adiante o autor destaca que Cristóbal Colón e Fonterrosa naceu posiblemente no ano 1446. Este nacemento puido suceder nos barrios de Santa María ou da Moureira. Deste xeito, con estes datos quedaría confirmada a hipótese sobre á orixe galega do mareante, sendo o libro de Pedro de Lorenzo o derradeiro documento publicado en Galicia a prol da orixe galega do descubridor.

Punto 6. Mosteiro de San Salvador de Poio

Moi preto da cidade, chegamos á poboación de Poio, cuns aproximados 20.000 habitantes, onde está encravado o mosteiro de San Juan de Poio, patrimonio artístico e histórico sito na cidade. Consta de igrexa e mosteiro e posúe no seu arquivo documentos moi esclarecedores sobre a orixe galega de Colón. A bibliografía explica a relación dos frades de Poio coa familia dos Colones pontevedreses, relación que se mantivo por máis de trescentos anos.

Lám 17. Fachada da igrexa do mosteiro de San Xoán de Poio.
Fotografía propia

Na fachada desta igrexa barroca pódense atopar algúns elementos construtivos e decorativos propios dos séculos XVI e XVII. Este mosteiro mercedario foi construído de acordo coas formas clasicistas e barrocas. No interior do claustro pódense apreciar unha fonte e un cruceiro dos séculos XVIII, así como un mosaico do Camiño de Santiago.

Outra sinal de identidade é o Bosque de Colón é un sinal de recoñecemento que fixo o goberno dos Estados Unidos á comunidade de Poio en 1992. A iniciativa consistiu en traer máis de cincocentas sequoias californianas a Poio.

Esta proposta xorde do Congreso dos Estados Unidos, cando pretende dar un agasallo ao pobo galego e de España, a través da conmemoración do 5to. Centenario da viaxe de Cristóbal Colón. Unha delegación de expertos norteamericanos desprázase ata a zona elixida e toman mostras da terra que levaron para analizar ao seu país. Aínda hoxe existe o Castrove en Poio (Pontevedra), que alberga o maior conxunto de sequoias californianas vermellas (*Sequoia Sempervivens*).

Trátase de coníferas típicas da Alta California e do Oregón, unha especie vexetal que pode vivir centos e miles de anos e incluso superar o centenar de metros de altura. Os protagonistas lembran a experiencia vivida e as reunións que sostiveron co Rei de España e coa Embaixada de Estados Unidos en Madrid. Unha vez concluídos todos os estudos, levase a cabo a iniciativa.

A plantación foi dun total de cincocentas sequoias vermellas no Monte Castrove, a cal foi supervisada en todo momento polo país norteamericano e o seu persoal californiano, que sementou o nomeado Bosque das Sequoias ou "Bosque de Colón". Todo este traballo e esforzo vén sendo atendido hoxe en día polos veciños da comunidade de San Xoán de Poio, sen permitir que creza a maleza. Deste xeito, a comunidade de montes de San Xoán de Poio ofrece todo o seu apoio para preservar e dar a coñecer este enclave extraordinario. O obxectivo é claro: facer sobrevivir as sequoias do Bosque de Colón, de maneira que crezan e sobrevivan fomentando a unidade e solidariedade entre os pobos, polo que é considerado o maior bosque de sequoias de Europa.

Punto 7: As lousas da igrexa de Caldas de Reis

Tradicionalmente, os relevos ao longo da historia da arte representaron os intereses, crenzas e escenas de gran impacto na sociedade. Unha mostra do interese que tivo en Galicia o feito diferencial da noticia do descubrimento tamén deixou pegada neste tipo de expresión artística. Neste senso, os dinamizadores culturais da Asociación Cristóbal Colón Galego quixeron darlle divulgación a estes elementos patrimoniais pertencentes á igrexa de Caldas de Reis que realmente lle dan consistencia á tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón. Neles pódese apreciar unha representación da primeira iconografía do descubrimento de América. Trátase dun baldaquino onde figuran varias escenas deste

histórico momento, "y es muy significativo porque solo aparecen dos naos" (Otero Ricart, 2013).

Nestas ambas as dúas lousas aparecen dúas embarcacións diferentes. A terceira non aparece, pois representaría a nao Santa María, que naufragou e cos seus materiais construíuse o Forte Navidad, na illa La Española.

Estas evidencias tan notorias reflicten o impacto que xerou en Galicia o feito da descuberta de América. Representouse nestas lousas de granito da igrexa de Santa María de Caldas de Reis, onde se poden observar os diversos altorrelevos das naves do descubrimento, símbolos como a cruz estrelas e soles que forman parte da iconografía renacentista propia da época.



Lám.18 . Lousa con altorrelevo sobre a descuberta de América. Igrexa de Caldas de Reis. Fotografía propia

Lám. 19. Lousa con altorrelevo das carabelas. Igrexa de Caldas de Reis
Fotografía propia

Punto 8. A Nao Santa María, unha réplica

As seguintes ilustracións amosan a descrición da nave capitana La Gallega, descrita por Celso García de la Riega na obra publicada en 1897. É unha das evidencias máis relevantes e constitúe un modelo que toma en conta a morfoloxía da nave e foi recollida dunha réplica existente na Casa Museo Cristóbal Colón de Poio. "La nao La Gallega se construyó en Pontevedra y fue dedicada a Santa María La Grande, parroquia de los marineros de aquellos lugares" (García de la Riega, 1897).



Lám. 20. Nao A Galega. Unha réplica áchase na Casa Museo Cristóbal Colón de Poio
Fonte: http://bit.ly/2O7LIw5

O arrabalde de Pontevedra descomponse en tres zonas: A Moureira de Arriba (La Galera), A Moureira do Medio (La Barca), A Moureira de Abaixo (As Corbaceiras), onde se construíu "La Gallega". Foi a nave pioneira que naufragou nas costas de Haití a noite de Nadal de 1492. Logo construíuse a segunda nave "La Gallega", que formou parte da frota da segunda viaxe. Estando fondeada na illa La Isabela, na costa norte de Santo Domingo, xunto coas súas compañeiras La Niña, San Juan y Cordera, un furacán fíxoa naufragar, correndo igual sorte que a primeira, quedando deste lance soamente La Niña. Cos restos das outras naves construíuse outra carabela, a que se chamou "Santa Cruz". A terceira nave foi abandonada por Colón en Santa María de Belén (Panamá) o 16 de abril de 1503, xa que quedara inservible por ter os fondos relados por un molusco chamado Teredo. Era a cuarta e derradeira viaxe do Almirante (Mosqueira, 1962).

Outros indicios en favor da tese é que a nave capitana "La Gallega" ou Nao Santa María foi construída no lugar de Santa María en Pontevedra e de aí a orixe do seu nome en honra á patroa da cidade,

Santa María a Grande. Segundo os autores, é a mellor nave "Argos gallega" ou tamén coñecida como a Carabela. Existen acordos entre os autores en que o propietario foi Juan de la Cosa, e constituíuse na nave fundadora e pioneira da primeira viaxe da descuberta de América. Os argumentos citados por García de la Riega para amosar que "La Gallega" foi construída en Pontevedra son reveladores. Nun contrato de fretamento subscrito naquela cidade o 5 de xullo de 1489, áchase unha nave chamada "Santa María, La Gallega", propiedade de Juan de la Cosa, a quen se lle atribúen coñecementos cartográficos adquiridos perante a primeira viaxe no contacto co descubridor.

Aínda máis, por ser unha nave que naufragara iniciando o percorrido de retorno e con cuxos materiais se erixira o primeiro monumento da presenza galega en Hispanoamérica como foi o forte San Nicolás, ante tal situación os reis compensaron ao seu propietario retornándolle o custo da embarcación e déronlle as grazas a Juan de la Cosa polos servizos prestados.

Neste senso a estrofa do poeta Eduardo Pondal vencellado a tese galega e a illa de Cuba, onde aporta a letra do hino galego. A poesía é dirixida á nave capitana na obra "Os Eoas" :

> Da hispana flota boga dianteira, / a boa nao Gallega, así chamada, / porque sendo da patria verdadeira / da honra, fóse España dela honrada; / éla enarbola a enseña lisonxeira / de Capitana, en alto levantada; / que xa tantanto estimaba a prisca edade / gallego valor e lealtade (Ferreiro, 2003, p. 3).

Non debemos esquecer que a nave "La Gallega" encallou na súa primeira viaxe na illa La Española. A literatura fai referencia a que na cuarta viaxe de Colón a travesía fíxose cunha embarcación nomeada "El Gallego", o que pode deixar a hipótese aberta dunha segunda nave probablemente producida tamén nos estaleiros pontevedreses (Carbia, 1927).

Punto 9: A nao La Niña en Baiona

Sen dúbida, unha das evidencias máis contundentes da presenza de Cristóbal Colón en Galicia e a súa orixe galega está constituída polo feito diferencial de que o primeiro lugar de Europa onde se coñeceu a noticia do descubrimento foi Baiona, a onde chegou a nave "La Niña". Os autores expresan que non foi casual que Colón fixera que a nave capitaneada por Martín Alonso Pinzón fora a primeira embarcación en dar a noticia da descuberta de América no porto galego de Baiona (Philippot Abeledo, 1994).

Sobre a carabela "La Niña" fíxose unha visita ao Museo do Pobo Galego, onde se puido constatar a presenza dunha embarcación moi semellante á nomeada carabela, a cal foi utilizada por Cristóbal Colón no descubrimento. Algúns dos nomes que a caracterizan son: dorna, gamela, polbeiro, bote ou lancha. Nesta semellanza entre ambas as dúas pódense facer inferencias non só sobre a nave "La Gallega" ou "Santa María", senón tamén sobre outras embarcacións galegas, hoxe en exhibición no Museo do Pobo Galego e as cales seguen o estilo daquela nave primixenia no descubrimento de Colón. Esta argumentación é importante tela en conta para a tese sobre a orixe galega de Colón.

Lám. 21. Embarcación "La Niña". Un modelo similar de dorna atópase no Museo do Pobo Galego

Fonte: https://yhoo.it/2Y6qinJ

Punto 10: A sinatura do Almirante

Sobre a sinatura do Almirante escribiron algúns autores. O primeiro en facer algunhas observacións paleográficas sobre os autógrafos do descubridor foi Ramón Menéndez Pidal. A través das sinaturas pódense identificar algúns trazos sobre a súa lingua. A pesar de que este filólogo discute a orixe galega do descubridor, o erudito e lingüista galego supón que Colón provén dunha familia xudía emigrada a España. No entanto, expresa que o español non era a súa lingua materna, senón un idioma aprendido, cuestión esta moi obxectable dadas as precedentes evidencias que confirman a procedencia do descubridor como nado na cidade de Pontevedra (Menéndez Pidal, 1942).

O anagrama tivo moitas interpretacións, sendo a máis aproximada para descifrar o misterio desta sinatura, na que Colón adoita a rigorosa costume do anagrama en triángulo e de impoñerlla aos seus sucesores, obriga a interpretar a posible ciencia oculta dos xudeus. Algúns autores manteñen a postura de que Colón é un xudeu converso. Entre as interpretacións citadas por Philippot que máis se axustan está a seguinte:

Servidor

Sus Altezas Sacras

Xesus María Ysabel

No entanto, outros autores expresan que o anagrama significa:

Supplex

Servus Altissimi Servatoris

Xristus Maria Yoseph

Unha das interpretacións máis axustadas ao anagrama, no que atinxe ao consenso entre os autores, e seguindo as probas documentais a sinatura de Colón tería a seguinte tradución (Philippot Abeledo, 1994):

S.

S.A.S.

X.M. Y

:Xpo. FERENS./

Na que :Xpo significa: Cristovo Pedro. E FERENS, trátase de Fernán Eannes de Soutomaior, aquí identificase con nobre Pedro Álvarez de Soutomaior (Carracelas, 2014).

Soutomaior

Soutomaior Alvarez. Soutomaior

Xuárez Mendez Yannez

Esta corresponde coa dupla identitaria entre Colón e o Conde de Camiña (Philippot Abeledo, 1994). O uso da forma triangular que se aprecia nesta sinatura suponse que se debe á firme crenza do descubridor na figura da Trindade. De aí que figure no “Diario de

Colón" a seguinte cita: "y partí en nombre de la Santa Trinidad, y volví muy presto de esta experiencia de todo cuanto yo había dicho." E outra que dí: "La Santa Trinidad movió a vuestras altezas a esta empresa de las Indias" (Colón, 1985).

Lám. 22. Anagramas e rúbricas de Colón.
Fonte: http://bit.ly/2Y1DJ86

Esta adoración pola figura da Santa Trinidade ten mención ao longo da vida de Colón e nas cartas enviadas por el ás súas maxestades os reis Isabel e Fernando. A sinatura de Colón é parte desta mensaxe do que se considera portador. No entanto, algúns detractores da tese hispánica de Colón manifestan que a grafía persoal do Almirante foi un complicado problema que preocupou fondamente aos numerosos escritores, sendo Humboldt un deles. Aseveran dalgunha maneira que outros significados son en grego: Cristo, fillo de María (Carbia, 1927).

Punto 11. O apelido Colón de Pontevedra representa a verdadeira liñaxe do descubridor

A presenza do apelido Colón en Pontevedra é difundida por Alfonso Philippot de Abeledo. Este cita as achegas do investigador cubano Enrique Zás sobre Bartolomé Colón, que é o membro máis veterano da pontevedresa familia Colón para o ano 1428, a quen se lle atribuíu o oficio de vicario da confraría de San Xoán Bautista, que agrupaba os carpinteiros de ribeira. Outro dos Colón chamouse Alfonso de Colón, que figura nun arquivo do ano 1518 nun documento onde

consta unha débeda procedente dun tributo non pagado por transporte de sal entre as cidades de Aveiro (Portugal) e Pontevedra. Outras evidencias sobre a realidade da familia Colón en Pontevedra vén dada polo desafiuzamento de Juan Nepto e Juan de Padrón a Juan de Colón, que se achaba na cadea e por quen pagarían a cantidade de tres mil marabedís. Seguindo a Phillipot, Xoán de Colón é o propietario da herdade de Andurique estendida logo á súa muller Constanza de Colon, segundo consta no mosteiro de Poio con data 1519. E transcríbese o seguinte texto: Constanza de Colon, mujer que fuy de Juan de Colon, mareante, vecino e morador que foy ena Moureyra, arrebalde da villa de Pontevedra, defunto que Deus aja... (Philippot Abeledo, 1994).

Na cidade de Pontevedra, os famosos "documentos pontevedreses" indican a circunstancia de que a xenealoxía de Colón e os seus achegados apelidábanse "Colón", patronímico que existía en España nos séculos XV e XVI e non "Colombo", como lle correspondería se se toma en conta a orixe itálica. Esta afirmación é de Rómulo Carbia, historiador arxentino que con esta afirmación confirma que non é definitiva a súa monografía na que apoia a orixe xenovesa (Carbia, 1927).

Punto 12. O galego: a lingua do descubridor

García de la Riega fai fincapé no dialectalismo de Colón como propio do occidente da península, podendo ser galego ou portugués. Os autores aínda están a determinar se este foi o idioma nativo ou aprendido, xa que o mareante viviu moitos anos en Portugal. Outros autores coinciden en demostrar que Colón non empregaba o italiano ou algunha das súas variantes en ningún dos seus escritos, relatos e documentos (Menéndez Pidal, 1942). Nin sequera aparecen neles italianismos claros, senón que Colón escribiu en castelán correcto con algúns trazos lingüísticos galegos e lusistas (Otero Ricart, 2013).

O académico resaltou que nos escritos de Colón hai moitas palabras exclusivas da lingua galega, que non son común no castelán da época, citando entre outras verbas as seguintes: corda, boi, custe, e nela aprécianse fenómenos diferenciais do galego-portugués nos que remata as palabras cunha "m", fablem, tam en lugar de "tan", e o uso incorrecto dalgúns ditongos decrecentes (ei, oi, ou) (tesoyrero) ou "sey" (por sé) (Torna, 2017).

Os investigadores coinciden en que Colón foi un gran coñecedor do vocabulario e dos xiros idiomáticos empregados na época tanto en Galicia como no norte de Portugal. En ambos os dous as fronteiras eran moi permeables, e aínda máis se tratamos neste tema a versión do Conde de Camiña. Atopámonos cunha serie de sincronicidades entre a personalidade de Colón e a de Pedro Madruga que encaixan moi ben, segundo sinala o profesor da Universidade de Vigo. Como se pode apreciar, a diversidade de enfoques, argumentacións e discusións en torno ao lugar de nacemento do descubridor é amplo e diverso. Semellante ao xa sinalado, compre subliñar a excepcional importancia da análise escrita polo célebre filólogo Ramón Menéndez Pidal sobre a lingua de Colón.

Na opinión deste insigne e destacado académico de fonda talla en Galicia, o navegante insírelle moitos lusismos á súa linguaxe. Usa o verbo falar por "hablar", pon "falas", no lugar de "hablas", empregando no seu discurso voces como "corredíos" para referirse aos cabelos lisos dos indíxenas. Entre outras verbas utiliza a de "crimes" por "crímenes", "fugir" por "huir", entre outros lusismos.

O sinalado autor salienta que como resultado dos nove anos transcorridos polo navegante en Portugal adquiriu sen dúbida o dominio do portugués falado. No entanto, a primeira lingua moderna que Colón soubo escribir foi o castelán, polo que o vocalismo do descubridor

oscila entre o castelán, o galego e o portugués, o que se pode contrastar na presente cita:

> O 13 de outubro de 1492, "Viniron a la playa muchos d´estos hombres, todos mancebos…, y gente muy fermosa, los cabellos no crespos, salvo corredio y gruesos como sedas de caballo…. O español que Colón aprende non podía menos que ser aportuguesado, o seu vocalismo tende ao portugués (Menéndez Pidal, 1942, p. 25).

Colón desexa ver no Novo Mundo o mesmo que deixou no vello, quere deixarse levar polas emocións novas, repetir as que ten, e escoitar outras. Menéndez Pidal refírese ao descubridor cando fala do reiseñor nas Antillas, onde tal paxaro non existe. Isto obedece ao común instinto de identificar os novos seres naturais das Indias coas especies coñecidas en Europa, aplicándolles os nomes destas, procedemento lingüístico para facilitar a comprensión a costa da exactitude da riqueza ideolóxica moi empregado polos colonizadores. Nestas verbas que seguen puideramos achar algúns vocábulos propios da lingua galega, os cales utilizaba acotío o descubridor: "pensamento", "entende", "podendo", "quere", "ocorrer", "requeren", "custa", "custo", "custar", "descobrió", e algunhas frases como "non lo pudera negar".

Neste senso, cómpre non esquecer as afirmacións de Lourdes Díaz-Trechuelo, que dá por feito e corrobora as afirmacións de Prudencio Otero Sánchez (1922) nas que insiste que a lingua materna do Almirante é o galego. E continuando a liña argumentativa, o historiador Carbia, a pesar de rexeitar a tese da orixe galega do descubridor, recoñece que Colón referiuse ao idioma castelán como "o noso romance", o que dá claro testemuño de que aínda os eruditos que non apoian a devandita tese galega non teñen obxeccións con respecto á fala galega do descubridor (Díaz-Trechuelo, 1992).

No entanto, Carbia, na análise crítica do seu traballo, recoñece a existencia da similitude existente entre o galego e o castelán da península para aquela época. A favor das alegacións españolas, o

erudito pon en valor que o Almirante nos seus escritos usou termos rexionais de Galicia e que neles se alude á fauna, á flora e á diversa topografía desa rexión de España.

A lingua galaico-portuguesa no mundo europeo e americano é unha constante. A espiral idiosincrática castelán-galego-portugués, presente no océano Atlántico, reflicte a unidade lingüística galaico-portuguesa arredor das dúas beiras deste inmenso mar nos que se presentan comunidades galego falantes en Brasil, Cuba, Venezuela, Uruguai e Arxentina conxuntamente con Portugal e o galego de Galicia. Toda esta unidade idiosincrática dálle sustento ao uso que Colón facía dos galeguismos e lusismos, o que denota o interese pola lingua galega arredor destas contornas a ambas beiras do Atlántico e que pode ter unha lectura a favor da internacionalización da lingua galega como estratexia cultural de Galicia no marco dos proxectos de desenvolvemento social, cultural político e económico que se están a executar no espazo galego.

Punto 13. As citas bíblicas no Diario de Colón e a España dos Reis Católicos

Certo é que ao longo da duplicidade de situacións sobre a personalidade e crenzas do descubridor, e tendo en conta a simboloxía templaria disposta no velame das embarcacións, apreciamos con reservas o relato feito polo descubridor no seu Diario de a bordo, no cal áchanse unha infinidade de citas nas que se indica con claridade a fonda pegada da relixión católica na empresa descubridora. Pódese confirmar a partir dalgunhas citas que de seguido reproducimos para os efectos interpretativos.

O día 17 de setembro de 1492 viron herbas e un cangrexo, sinais de que ían na ruta correcta. Ao respecto, o Almirante exclamou: eran sinais do poñente, “onde espero en aquel alto Dios, en cuyas manos están todas las victorias, que muy presto nos dará la tierra” (Colón,

1985). Días despois, o 23 de setembro, ante a posibilidade de navegar nun mar que o impulsou, dixo: "Así que muy necesario me fue la mar alta, que no pareció salvo el tiempo de los judíos cuando salieron de Egipto contra Moisés que los sacaba de cautiverio" (Colón, 1985).

Neste orde, o día 25 de setembro, cando Martín Alonso Pinzón lle comentou a Colón que tiña visto algúns indicios de albiscar terra, ante a escoita desta afirmación o Almirante dixo: "doy gracias a Nuestro Señor de rodillas, y el Martín Alonso agregou: "*Gloria in excelsis Deo*", dirixíndose á súa tripulación na nave La Pinta. Así sucesivamente foron dándose variadas exclamacións, que permiten identificar os sinais de identidade do descubridor cos Reis Católicos e co seu futuro labor evanxelizador no Novo Mundo.

No entanto, non só aparecen estas citas bíblicas no Diario de a bordo. É de subliñar a importancia do Diario de Colón, publicado por Frei Bartolomé de las Casas, na súa edición do ano 1962, xa se fai apertura desta transcendental obra coa cita "Benedictus qui venit in Nomine Domini". Nesta moi importante obra o dominico escribe dun xeito resolto o que foi a páxina máis brillante da historia universal: "El punto crucial de los destinos del hombre, la supuesta unidad geográfica del planeta, la demostración de su esfericidad, y lo que fue importante sobre todo y constituye en nuestros dias el gran descubrimiento de América aquel feliz 12 de octubre de 1492, cuando a las dos de su mañana el que se decía Rodrigo de Triana vido por primera vez tierra, se iniciara para la cristiandad, o sea para la verdad, la gran victoria sobre el mundo" (De las Casas, 1989).

O transcendental Diario de Colón, de Frei Bartolomé de las Casas, constitúe un punto de partida para achegarnos ás influencias bidireccionais existentes entre España e o Novo Mundo e descubertas por Colón co rexistro do frade dominico, nado en Sevilla (1474-1566), quen se orientou ao traballo cos indíxenas e foi nomeado procurador e protector universal de todos os indios das Indias hispánicas. Coas achegas deste frade comeza a dárselle importancia a unicidade cultural

de España e América, sendo a orixe do humanismo teolóxico e filosófico. No Novo Continente aínda hoxe en día pode constatarse unha especie de comunismo da fé dunha sociedade ideal e duns modelos de liberdade e solidariedade propios que teñen fonda lectura nas sociedades do século XXI.

Punto 14. A toponimia galega e do Novo Mundo

Un dos puntos fundamentais do estudo é a praxe xeohistórica, que enfoca a relación entre o coñecemento histórico e a estrutura do espazo. Neste senso, as cartas xeográficas na súa condición de método permiten identificar a síntese desa relación de acordo ao período histórico seleccionado para o estudo (Santaella Yegres, 2005). Nas achegas da presente investigación sobre a toponimia convén aproveitar os estudos sobre as costas galegas e hispanoamericanas levadas a cabo coincidentemente por dous oficiais da mariña mercante, Xosé María Mosqueira Manso e Alfonso Philippot de Abeledo.

Mosqueira Manso (1961), capitán da mariña mercante española e emigrado a Hispanoamérica, salienta unha serie de evidencias xeográficas arredor dos topónimos do Novo Mundo. Por outra banda, o tamén capitán Alfonso Philippot de Abeledo (1994), procedente da Escola de Oficiais da Mariña Mercante coruñesa, constatou con traballos de navegación que as achegas realizadas tempo atrás por Mosqueira Manso teñen validez e que os topónimos pertencentes ao litoral pontevedrés teñen semellanza cos topónimos das costas do Caribe e Hispanoamérica. Xa que logo, ambos os dous validan a tese de Colón galego a través dos nomes que o descubridor lles puxo na beira atlántica ás costas e aos accidentes xeográficos descubertos, sendo esta confirmación a de maior potencia heurística na confirmabilidade da teoría de Colón galego.

Convén aclarar que Colón púñalle nomes aos distintos puntos xeográficos que ía descubrindo. Á primeira illa púxolle o nome de San Salvador, o que é sorprendente no suposto caso de que Colón fose

xenovés porque San Salvador é unha das parroquias de Poio. Sucesivamente, foi nomeando os lugares aos que chegaba con topónimos de orixe galega, sobre todo os das rías de Pontevedra e Vigo. Entre eles cítanse San Miguel, que é o nome dunha confraría en Pontevedra; Porto Santo, na baía de Poio; Punta Lanzada, na costa norte da provincia; Punta Pierna, que é o cabo das illas Cíes; Punta Moa, Punta Piedras, etc. (Philippot Abeledo, 1994).

A autora pode dar fe da existencia dos topónimos postos por Colón nas costas de Venezuela. A meirande parte deles si se corresponde cos nomes que Colón lles deu na data da súa terceira viaxe do descubrimento. Un exemplo destes nomes é Punta de Piedras, que é o peirao de chegada dos buques procedentes de terra firme á Illa de Margarita, cuxo nome se corresponde co orixinal, Margarida a nomeada illa orixinalmente é galego; igualmente, Puerto la Cruz, na rexión costeira do oriente do país entre outros nomes. Unha cita do Diario de Colón constata a nova que lle enviara aos reis anunciándolle o descubrimento: "Tomáronme a enviar Vuestras Altezas, y en poco espazo, digo, no de … le descubrí, por virtud divina trescientas treinta y tres leguas de la tierra firme, fin de Oriente y setecientas islas de nombre (Colón, 1985).

A lámina 23 recolle un cartograma tomado de Mosqueira (1961), onde se poden apreciar algunhas rexións e accidentes xeográficos nomeados por Colón na súa terceira viaxe. Estes son: Punta de Piedra, Puerto La Cruz, Isla Margarita, inicialmente coñecida como Margarida. Son os nomes dados por Colón aos cabos, puntas, enseadas, baías, ríos, montes, illas, arrecifes, etc. A imaxe que se representa nas costas de península de Paria foron a porta de entrada de Colón ao Novo Mundo.



Lám.23. Toponimia Galega nas costas da actual Venezuela.
A illa de Margarida, así nomeada por Colón, e as costas do Estado Sucre.
Fonte: J. M. Mosqueira Manso (1962)

Este conxunto de evidencias é tratado de xeito amplo pola meirande parte dos autores galegos que se citan na bibliografía e que ofrecen versións máis ou menos coincidentes sobre os principais elementos argumentais e patrimoniais que se sintetizan neste capítulo co obxectivo de contextualizar o estudo da tese galega.

Exponse esta situación sen deixar de atender ao fenómeno divulgativo proposto polo gran poeta e divulgador do Colón galego Ramón María del Valle-Inclán. Ao respecto, Amparo de Juan Bolufer (2013) recolle os fundamentos da teoría galega desde o prisma hispanoamericano, afirmando como o intelectual, con absoluto convencemento diante dos xornalistas da época, abre as portas para fortalecer a discusión no continente americano. Estes contidos suscitados por Valle constitúen unha contribución que vén esclarecer o entusiasmo e apoio do erudito en relación ao tema neses territorios. As aseveracións de Valle-Inclán sobre os curiosos documentos do "Cristóbal Colón galego" forman parte moi importante do acervo cultural e documental dan fe do valor filolóxico da tese orixinada na

provincia de Pontevedra que transcende ao Novo Mundo (Juan Bolufer, 2013).

2.5 Os detractores da tese galega

Os detractores son nomeados no libro escrito polo escritor emigrado a arxentina Rafael Calzada como "impugnadores". Estes desafían a tese desde a súa orixe, convertendo o tema nunha discusión e debate actuais. Ao fío da controversia, vese implicado na discusión sobre a teoría galega da orixe de Colón o clérigo Eladio Oviedo y Arce e posteriormente Ángel Altolaguirre, membro da Academia da Historia indignaron aos intelectuais emigrados polas afrontas causadas contra a tese galega e que son replicadas con enteireza e enerxía desde Hispanoamérica.

Outro dos principais detractores é o literato e intelectual, fundador e presidente da Real Academia Galega, Manuel Murguía. As investigacións realizadas deixan ver como Murguía, investigador e promotor do rexurdimento galego, promove o silencio desta institución pioneira no desenvolvemento da cultura galega en relación á teoría rieguista. Seguindo as fontes, o destacado xornalista e escritor colombino vencellado á provincia de Lugo, Rodrigo Cota, expresa que é sabido que Murguía en apaixonadas discusións impugnou a alteración dos "Documentos Pontevedreses", tendo a ocasión de acusar a García de la Riega de falsificador polos "retoques feitos" a nove dos trece documentos que configuran e lle dan forza argumental á tese rieguista. Estas accións quedaron rexistradas nas publicacións hispánicas ao ser referidas no "Eco de Galicia" da Habana con data do 19 de agosto de 1912. Posteriormente, a "rectificación histórica" de Prudencio Otero Sánchez tamén quedaría reflectida no mesmo xornal en data 19 de maio de 1918.

No entanto, a crítica da época centrouse en provocar discusións, tensións, rancores e rexeitamentos arredor do tema, aludindo á alteración destes documentos e sendo o historiador García de la Riega inxuriado de falsificación documental. Este foi o centro e principal motivo da inusitada polémica. Non houbo maiores críticas ao conxunto total de alegados, senón que, pola contra, todo quedou no eido das correccións testemuñais aos nomeados documentos pontevedreses. Ao noso xuízo, toda a crítica daquela época centrouse neste único punto, o cal se esaxerou en grao máximo. Isto fixo que a polémica se convertera nun inusitado desleixo sen atender ás razóns fundamentais e globais que sustentan a teoría de Colón pontevedrés.

Casto Sampedro Folgar (1848-1937) foi un gran erudito do seu tempo, excelente musicólogo e heraldista, así como bo coñecedor das linguas clásicas, paleografía e epigrafía. Fundou a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1894), foi cronista da provincia de Pontevedra, primeiro director do seu Museo Provincial, membro fundador da Real Academia Galega e correspondente das academias de Historia e Belas Artes. O seu protagonismo na configuración da tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón é innegable. Entre as súas principais contribucións cómpre sinalar a localización no mosteiro de Poio dos moi controvertidos "Documentos Pontevedreses", que serviron de baseamento a Celso García de la Riega para a configuración e sustento teórico da tese sobre a orixe galega de Colón. A pesar de ser colaborador desta hipótese, á morte de Celso, Casto Sampedro destorceu a mirada positiva en torno ao Colón galego, desprestixiando o labor de García de la Riega e atribuíndolle a alteración de parte dos documentos que evidencian a orixe pontevedresa.

En relación a este tema existen discrepancias entre as posicións de Manuel Murguía, académico das letras galegas e detractor da tese rieguista, e outros persoeiros da emigración a Cuba, como Mercedes

Vieito Bouzas, respectada e influente dinamizadora cultural do Centro Galego da Habana, quen escribiu o seguinte:

> La Academia de la Historia de Madrid a cuyo fallo ha sido sometido el pleito que se ventila, no ha hecho conocer aún su opinión; pero sea esta la que sea favorable o adversaria a la cuna pontevedresa del gran Almirante, nosotros convencidos estamos de que dicha gloria cabe a la bella ciudad del Lérez porque los datos aducidos en su entorno son irrefutables. (Alonso Girgado e outros, 2006).

Finalmente, co xenuíno interese de avanzar na discusión cítanse as achegas realizadas polo bisneto de Celso García de la Riega, Guillermo García de la Riega Bellver, quen dedicou gran parte da súa vida a amosar as verdades argumentais a favor da teoría rieguista e, pola contra, a desmentir a infamia e desacreditación da que foi obxecto o seu bisavó.

En relación a este litixio, o destacado escritor recompilou unha serie de cartas, discursos, artigos e informes que bautizou nun libro dixital denominado *Historia de una infamia*, cuxo título alude claramente ao fondo da controversia (De la Riega Bellver, 2000).

Coa intención de concretar as ideas forza a prol da tese rieguista, cómpre destacar as afirmacións do descendente de Celso, quen sintetiza en tres ideas o que investigou o seu bisavó durante máis de vinte anos: a documentación do apelido Colón en Pontevedra, a toponimia imposta nas Indias cos seus homónimos pontevedreses e o idioma galego utilizado por Colón (García de la Riega Bellver, 2000).

A favor da tese de Celso García de la Riega, convén destacar algúns moi interesantes datos biográficos que o vinculan con Hispanoamérica, o que se pode clarificar máis adiante neste estudo cando se explica que

a tese galega se publicara en Nova York por Horta y Pardo en 1911. Asemade, apréciase sumado a isto que xa Eva Canel en 1906 enfocaba o tema na Arxentina. Súmaselle o labor dinamizador do galego radicado en Cuba, Ramón Marcote, encargado da biblioteca do Centro Galego da Habana, que lle dedica gran importancia e interese á tese sobre a orixe galega de Colón.

Existen outros detractores da tese galega no Novo Mundo. A visión dos emigrados galegos alén mar con respecto á tese galega no contexto histórico da emancipación das colonias que eran antigos territorios de España é maiormente de receptividade e entusiasmo. Pola contra, aprécianse un ir e vir de réplicas e contrarréplicas entre Pontevedra e A Habana. A revisión documental presenta, entre outras, a dúas figuras do mundo académico hispanoamericano cunha visión crítica e controvertida fronte a tese galega. O principal detractor é Rómulo Carbia, mentres que o outro vén sendo Fernando Antón del Olmet, diplomático da delegación española en Chile, que abre desafortunadas controversias contra a figura do ilustre navegante.

Por unha banda, o fundamental detractor ou impugnador da tese en Hispanoamérica é o arxentino Rómulo Carbia[14], director da biblioteca de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires, destacado filósofo e historiógrafo que desenvolve un amplo traballo sobre Colón, a historia do descubrimento de América e a crónica oficial das Indias Occidentais.

Obra polémica que produce conflito e un serio debate tendente a facer fincapé na tese da orixe xenovesa de Colón. Esta controversia ocasiona graves polémicas entre as comunidades italiana e galega

[14] Rómulo Carbia foi profesor das universidades de Bos Aires e da Plata, membro honorario do Instituto de Investigacións Históricas e Filosóficas da Facultade de Filosofía e Letras e membro titular da Sociedade de Americanistas de París e do Instituto Histórico e Xeográfico do Uruguai.

tamén asentadas ao mesmo tempo no territorio bonaerense (Carbia, 1927).

Este asunto onde se reportan as complicacións que xorden entre galegos e italianos é reportado nas publicacións de Xosé Manuel Núñez Seixas (2006). Rómulo Carbia fundamentou dun xeito fondo o descubrimento do Novo Mundo (Carbia, 1927), situación que determina que a teoría galega contou tamén con detractores nas terras americanas de fala española.

A súa obra presenta unha total adhesión á lenda negra hispanoamericana na que se amosa coma un historiador "reconstrutor de vestixios de filiación hispanista e con rancio avoengo español". No entanto, a súa postura é de completo rexeitamento fronte ao contido cultural da tese galega, manifestando a súa identidade coa Raccolta.

Carbia recoñece a existencia da hipótese segundo Colón é natural de Pontevedra, referíndose a Celso García de la Riega, pero afirma que non existe ningún documento definitivo que probe a orixe semítica e galaica do almirante, para referirse a esta tese coma un absurdo rotundo. Tamén expresa que certos testemuños sobre os que se constrúe a historia de Colón non teñen o grao de resistencia que a natureza do asunto reclama. Máis aínda recoñece sen tremor de erro que aínda non está dita a última palabra sobre esta cuestión e que existen puntos sobre os que a crítica debe pronunciarse en última instancia en concretar o problema fundamental, é dicir, o país natal do Almirante: Italia ou España (Carbia, 1927).

Por outra banda, pódese apreciar o conflito coa tese galega no relato do chileno Enrique Sanfuentes Correa[15], quen enfronta neses espazos austrais ao diplomático Fernando Antón del Olmet, coñecido como o Marqués de Dos Fuentes, defensor dunha lenda sobre un suposto Alonso Sánchez, verdadeiro descubridor (Sanfuentes, 1918).

As controversias que Antón del Olmet protagoniza en Santiago de Chile son rexistradas pola revista *Vida Gallega*[16](Solá, 1923). Este conxunto de detractores indican a dificultosa traxectoria da discutida tese galega desde a súa orixe. Estas discusións se reflicten nas publicacións das edicións facsimilares en Pontevedra do que se deduce que a tese galega estivo sempre presente nas discusións que se levan a cabo en ambas beiras do Atlántico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[15] Enrique Sanfuentes aparece como académico da Sección de Xeografía e Historia de Chile, que refuta a Antón del Olmet sendo este protagonista de discusións sobre a tese nese país suramericano (1923).
[16] A revista *Vida Gallega*, editada en Vigo por Javier Solá, representa un órgano de divulgación que se vincula ao acontecer social e cultural de Hispanoamérica.

CAPÍTULO 3. TRAVESÍA TRANSATLÁNTICA DA TESE GALEGA POLO OCEÁNO DA ESPERANZA: A EMIGRACIÓN E O EXILIO GALEGO A HISPANOAMÉRICA (1898-1960)

A posición atlántica de Galicia no noroeste de España é fundamental para comprender a especificidade das conexións e sinerxías existentes entre a tese galega cara ao Atlántico e o territorio hispanoamericano. O capítulo intenta describir os sendeiros que levaron a tese cara a América, os protagonistas e o movemento epistolar e cultural que xorde nesas travesías cuxo orixe é a cidade de Pontevedra.

A devandita tese consta dun conxunto de evidencias documentais que demostran a posibilidade de confirmación desta teoría recollida en libros, epístolas, artigos, conferencias e revistas dos colectivos emigrados galegos feitos en Ultramar. A tese galega tivo fonda pegada alén das fronteiras galegas, polo que a investigación céntrase en describir e explicar polo miúdo como se realizou este proceso de transmisión cultural que cruzou o Atlántico a partir das primeiras décadas do século XX. Existindo unha forte influencia cultural entre Pontevedra e a Habana, a travesía da tese caracterízase por ser lineal e bidireccional a Hispanoamérica. Nas publicacións e divulgación da tese apréciase un movemento cíclico que chega primeiramente á illa de Cuba e ramifícase a América do Sur. Os galegos a través destes camiños americanos anticípanse ao proceso de globalización.

3.1 De Pontevedra á Habana: as epístolas da tese galega

Naquelas travesías transatlánticas entrecrúzanse as epístolas que se converten en factor clave da direccionalidade dos contidos culturais sobre a tese galega en Hispanoamérica. As cartas que parten da cidade de Pontevedra cara á Habana son escritas polo máis salientable e dilixente pontevedrés da época. As comunicacións entrambas beiras do Atlántico contan coa actuación do principal seguidor da tese galega, o erudito e xurista Prudencio Otero Sánchez (1847-1936). Nado en Pontevedra, foi un salientable político, escritor, deputado provincial e presidente do Liceo Casino de Pontevedra, así como autor de *La Patria de Colón* (1922). Para o estudo, o seu labor destaca como o principal impulsor e rehabilitador da memoria de Celso García de la Riega en Hispanoamérica.

O seu traballo oriéntase en dúas direccións. Por unha banda inicia a correspondencia epistolar con Ramón Marcote Miñarzo, quen será clave na propagación da tese galega a Habana. Pola outra, viaxa a América e no Centro Galego de Bos Aires dedícase a ditar conferencias en relación á defensa da nacionalidade galega do descubridor. Na súa obra expresa que tivo nas súas mans todos os documentos que el compulsara sobre a orixe de Colón.

> Declaro que no vi en ellos la más mínima alteración, pero sí recuerdo que en algunos podía leer con dificultad pues la acción del tiempo pusiera la tinta amarilla, valiéndome de una lente, el apellido Colón y en otro al terminar la segunda línea el apellido Fonterosa" (Otero Sánchez, 1922, p. 12).

O seu compromiso foi reivindicar nos territorios o que el mesmo denominou, en canto á orixe xenovesa de Cristóbal Colón, coma un "erro histórico". Por iso, Prudencio Otero Sánchez é un personaxe esencial deste movemento cultural, ao ser un dos intelectuais

pontevedreses que máis se esforzou en reivindicar a figura de Celso García de la Riega ante as inxurias das que foi obxecto pola súa posición nesta controversia. Referímonos á suposta "remarcaxe" de nove dos trece documentos que son o baseamento da teoría que sostén a orixe pontevedresa do descubridor, aos que nos referiremos nun epígrafe posterior. Prudencio Otero non só mantivo unha férrea vontade de mudar a crenza histórica e socialmente maioritaria sobre a orixe xenovesa de Colón, á que cualificou de "erro histórico", senón que amosou unha gran solvencia moral en defensa dos argumentos aportados na proposta de García de la Riega (Otero Sánchez, 1922).

Entre este académico e os intelectuais emigrados a Hispanoamérica establécese un amplo traballo epistolar sobre a tese galega, polo que se lle recoñece como o gran restaurador da memoria de Celso García de la Riega. Con este propósito, viaxou numerosas veces a América e logrou espertar un notable interese sobre a hipótese do Colón galego nos ámbitos da emigración. Aos seus oitenta anos mantívose activo na revisión deste problema histórico, elucidando con nítida claridade a consabida tese: Colón non era xenovés; Colón foi español (Otero Sánchez, 1922).

A emigración a través do océano é clave e parte fundamental do obxecto de estudo. Emporiso, o estudo enfócase en coñecer e describir as argumentacións que serven de baseamento para a comprensión do proceso emigratorio. Os emigrados galegos déronlle valor e relevancia cultural á tese galega sobre a orixe do descubridor Cristóbal Colón como orixinario da provincia de Pontevedra, proposta polo autor pontevedrés Celso García de la Riega nese continente.

A respecto disto, o estudo pon en valor os nomes das mulleres e homes que emerxen nesta investigación, entre os que se citan a amizade entre Prudencio Otero Sánchez, emblemático impulsor da tese en

Pontevedra, e o bibliotecario do Centro Galego da Habana, Ramón Marcote Miñarzo (1880-1955), quen é considerado como a figura máis relevante e protagonista do traballo mancomunado dos españois emigrados a América. O estudo tamén se fai eco das mulleres emigradas que se esforzaron en lograr o estudo, a análise, o recoñecemento, a discusión e a difusión desta teoría en Ultramar.

Neste senso, inténtase describir a viaxe a ultramar deste contido cultural que tivo ampla recepción no Novo Mundo. As personaxes que salientan nesta viaxe son dous: Prudencio Otero Sánchez en Pontevedra e Ramón Marcote Miñarzo na Habana. Ambos os dous desenvolveron accións esenciais no tránsito da tese desde a ría de Pontevedra aos territorios transoceánicos que formaron parte de España polo feito do descubrimento de América.

A visión dos emigrados galegos respecto aos feitos que se relacionan coa propagación da tese galega nas nacións españolas de Ultramar constitúe o obxecto de estudo. Emporiso, a investigación interésase en responder ás interrogantes fundamentais sobre as conexións existentes entre os eruditos da cidade de Pontevedra que a explican e os personaxes emigrados que a recibiron nos centros galegos das urbes americanas. O relato destes contidos culturais permítelle a os galegos emigrados abrir debates e discusións en América e obter unha ampla visión sobre a tese colombina que tivo gran relevancia e repercusión nas súas vidas nese continente.

Primeiramente, a investigación céntrase en describir cales foron as forzas que empuxaron aos galegos a facerse a bordo de grandes buques transatlánticos e facer unha estremecedora travesía polo océano a Ultramar. O estudo afonda en coñecer as características dos emigrados protagonistas da tese galega en América, a meirande parte deles procedentes do rural e con moi escasa formación. Asemade, é necesario

coñecer as esperanzas, sentimentos e as emocións que sentiron estes pasaxeiros unha vez que o barco se afastaba dos portos galegos de Vigo, Vilagarcía ou A Coruña. Tamén resulta interesante coñecer cales foron as motivacións que impulsaron aos emigrados e con eles como é que a tese galega traspasa as fronteiras de Galicia cara ao Atlántico.

Interesa coñecer se a tese lles permitirá asumir unha determinada visión fronte á súa realidade de emigrados. Emporiso, o estudo céntrase en coñecer as finalidades e os obxectivos que cumpriu a presenza desta teoría galega sobre a orixe de Colón nos territorios dos emigrados a Ultramar que condicionou nestas xentes unha determinada cosmovisión do mundo. Polo tanto, ao estudo interésalle responder como chegaron os contidos, os argumentos e accións que serviron de base para aceptar a teoría galega por parte da Galicia emigrada no continente americano.

Neste senso, tamén interesa coñecer as canles de comunicación existentes entre a cidade de Pontevedra, suposto berce de Colón, e os países de Hispanoamérica que lograron ter maior contacto con ese contido cultural. Outro dos intereses do estudo é explicar como e porqué a tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón frutificou en América española e se expandiu vertixinosamente polas principais cidades que recibiron as distintas ondas migratorias dándolle aos galegos unha cosmovisión do mundo dentro da diáspora a Hispanoamérica.

O estado da cuestión en relación á visión da emigración a Hispanoamérica sobre a discutida orixe de Cristóbal preséntase na actualidade como un debate aberto. Os informantes expresan que existe a necesidade de continuar estudando este asunto aínda hoxe inacabado. Cómpre dicir que na cidade galega da controversia moitos eruditos están a escribir sobre o tema. No entanto, existen estudos previos de investigadores afíns á Asociación Celso García de la Riega, como Carlos Gegúndez, quen adiantou unha investigación relacionada con

este estudo a cal foi patrocinada pola Asociación Cristóbal Colón Galego "Celso García de la Riega", cuxo presidente é Eduardo Esteban Meruéndano. A asociación na actualidade desenvolve un labor divulgativo na cidade de Pontevedra co documental "Tras o Colón Galego" (Asociación Cristóbal Colón Gallego, 2020).

Cómpre salientar que desde os espazos pontevedreses existe verdadeiro interese en xestionar novos coñecementos, abrir liñas de investigación e accións como resultado dun proxecto cultural centrado nunha discusión aberta e integradora que exprese a pluralidade de intereses dos eruditos galegos que ten lugar na cidade de Pontevedra. Esta asociación representa a continuidade e o esforzo das asociacións que lle precederon ata o ano 2000. En opinión de Esteban Meruéndano, empresario e dinamizador cultural pontevedrés, a tese está considerada desde a dobre concepción de ser un "contido cultural", así como unha "teoría culta". A afirmación débese a que este conxunto de argumentos e evidencias a favor da orixe de Colón como propio de Galicia foi razoada, pensada, fundamentada e desenvolvida por persoas cultas desde os inicios ata a súa divulgación na América de fala española.

A revisión documental é vital e imprescindible a partir do fito histórico que marcou o devir da tese pontevedresa acerca da hipótese da orixe de Colón galego. Este acontecemento é descrito polo seu creador na conferencia celebrada por Celso García de la Riega na Sociedade Xeográfica de Madrid en 1898.

3.2 As viaxes da tese galega a Ultramar: A Habana (1898-1930).

O século XVIII caracterízase pola presenza dalgúns inventos que definen a época. Entre eles están as embarcacións de vapor, a fotografía, o gramófono, os inicios da publicidade en Galicia. Todos este feitos caracterizan este momento histórico. Sumáselle a isto a crise suscitada

en España pola perda das últimas colonias españolas en América. Estes cambios impulsaron as travesías transoceánicas entre Galicia e Hispanoamérica. O desencadeante é a emigración masiva. Cuba resulta ser, máis alá do destino de milleiros de emigrantes, o caldo de cultivo dunha conexión que traspasou o social e chegou á literatura (Consello da Cultura Galega, 2020).

No século XX é cando teñen lugar os máis importantes acontecementos vencellados á discutida hipótese pontevedresa sobre a orixe do descubridor. Ante o falecemento do autor da tese, o impulsor é o erudito Prudencio Otero Sánchez (1847-1936), amigo de García de la Riega, home con ampla formación en ciencias sociais e políticas. Esta situación define a transcendencia cara a Ultramar do carácter culto da teoría, situación que se mantivo ao longo de máis dun século, debido esencialmente a que os seus principais seguidores e descendentes son intelectuais de ampla traxectoria, como o editor Torcuato Luca de Tena, fundador e director do xornal ABC en España, e os descendentes do propio Garcia de la Riega. Todos estes personaxes amosaron un amplo compromiso coa dinamización da hipótese.

O percorrido da emigración galega cara a América dá idea do contexto xeohistórico, social e cultural da realidade que amosa a tese galega en Ultramar. Esta tese viaxa acompañada da man dos emigrados a través de epístolas e testemuñas que suceden entre Pontevedra e Hispanoamérica. Algúns autores, como Xosé Luis Axeitos, presentan as conexións existentes entre Galicia e as manifestacións culturais cubanas nas derradeiras décadas do século XIX. A Galicia emigrada tivo ampla pegada na propia historia da illa de Cuba. A tese galega é parte importante deste relato cultural. Os fíos e conexións entre Galicia e as Antillas, Centroamérica e América do Sur están presentes na meirande parte das publicacións dos galegos emigrados que rexistran

os importantes cambios históricos e a gran ebulición e efervescencia que se suscita entre España e América entre séculos (Axeitos, 2016).

O relato da grande emigración americana está rexistrado e divulgado amplamente na bibliografía e na prensa no contexto galego da diáspora americana. O patrimonio documental que exhibe a Galicia transatlántica é abondo. Esta inxente cantidade de evidencias existentes nos arquivos reivindica este feito. As fontes consultadas expresan:

> que nestas décadas entre séculos 1890 a 1910, non haberá barcos no mundo abondo para levar as inxentes cantidades de emigrantes que esperaban o embarque nos diversos portos galegos. De aí en diante máis de dous millóns de persoas a maiores buscaron outra vida en América (Luca de Tena, 1993, p. 9).

Os relatos da emigración falan de que, detrás destes numerosos pasaxeiros a Ultramar, existe unha grande industria galega de exportación de homes que se realiza a partir dunha rede de captadores. Os famosos ganchos poñen aos labregos en contacto cos consignatarios navieiros, e en moitas ocasións persuadían a estes de viaxar na procura dunha esperanza moitas veces incerta. Para este proxecto, os galegos víanse na obriga de hipotecar a propiedade familiar no rural coa suposta esperanza de recuperar a pasaxe unha vez en América, situación que se converteu nun engado para moitos. Estes homes, unha vez emigrados, dificilmente podían acceder as cotas crediticias impostas, situación que chega a límites inesperados. Moitos foron os emigrados galegos que sufriron o remate das propiedades en cuestión. Tal é o drama silencioso dos que marcharon, feito que corresponde cunha narrativa de precariedade, tristura, ausencia e saudade unha vez a bordo.

Esta situación é verdadeiramente estremecedora. As fontes relatan o interese dos armadores navieiros en propiciala. Estes personaxes

caracterizados por unha extrema ambición económica pasan a ser os donos dos espazos publicitarios dos xornais locais. Fundan rotativos como *Faro de Vigo* (1853) ou *La Voz de Galicia* (1882), coas que a prensa galega encárgase de crear no pobo unha matriz de opinión favorable ao éxodo dirixido ás novas nacións americanas. Esta prensa silencia as dificultades que pasarían os galegos nos traxectos transoceánicos. Ao fío da cuestión, na literatura relacionada co feito migratorio o discurso que visibiliza a seguite situación:

> A realidade é a que leva os nosos probes paisanos cegos e iñorantes á pasar traballos na América. Porque a verdadeira zafra -i-a verdadeira América, fanna os fondistas, os tendeiros, os navieiros, os consiñatarios, os axentes, toda esa enguedellada nos portos habilitados para a emigración, que impón silencio ós xornais cand'os xornaes queren ter un consello humanitario para aqueles irmáns nosos que descoñecen o malestar económico dos países americanos (Villar Ponte, 1922, p. 44).

Os estudos revelan que en moitos casos impídeselles aos reporteiros galegos informar a verdade sobre as terras que nese intre eran colonias americanas de España, baixo pena de perder os empregos nas redaccións destes informativos. Por conseguinte, omítense as inmensas dificultades que confrontan as prolongadas travesías naqueles vapores ateigados de pasaxeiros e as non menos difíciles condicións da travesía e a dramática hora da chegada aos portos de desembarque dos países de Hispanoamérica receptores da emigración.

Esas travesías ían colmadas de conflitos pouco coñecidos e quizais esmorecidos. Nos barcos ingleses, alemáns e holandeses daban aos emigrantes de Centroeuropa mellor trato que aos galegos e mediterráneos. Os galegos chegaban aos portos moitos deles con notables enfermidades e danos causados polo alongado percorrido marítimo. Unha vez que chegaban víanse fronte a unha crítica situación.

As nacións de Hispanoamérica atravesaban severas crises económicas e políticas que non se reflectían nos xornais galegos. Os testemuños dos primeiros emigrados a Arxentina, Uruguai e Cuba dan idea de como os galegos descoñecían a realidade coa que se ían a enfrontar. O silencio e a desinformación destes colectivos nos portos galegos de saída son a constante.

O repaso documental permite afirmar que as consecuencias aínda non se esquecen no século XXI. A modernización industrial de Galicia segue a ser unha materia pendente. O engado aos emigrados é unha constante. As compañías navieiras como a "The Pacific Steam Navigation Company" anuncian a súa viaxe a Montevideo, Bos Aires ou A Habana. Ofertan comida variada e sempre con viño e médico de balde. Outras como a "Mala Real Inglesa" a Arxentina e Uruguai, a "Hamburguesa Suramericana" a Río da Prata levan emigrados a esas repúblicas. Non é certo que as ofertas publicitarias se cumpriran naquelas travesías. Contrariamente, as cartelas publicitarias omitían a realidade de Hispanoamérica. A aventura transatlántica dos galegos nesas embarcacións transcorre en misérrimas e conflitivas condicións inenarrables para moitos emigrados. Acotío vense os portos galegos ateigados de emigrantes e familias enteiras embarcan a suxestión dos consignatarios navieiros. Neste espazo de tempo e no medio da viaxe no mar sofren intensas loitas cos alemáns, húngaros, eslavos e centroeuropeos en xeral polas carencias na distribución da auga e os alimentos perante a travesía, situación que lles causa deshidratación, febres e convulsións

A revisión da literatura reporta que máis de douscentos mil galegos chegaron á illa antillana e integráronse no pequeno comercio e nas actividades pesqueiras a través de redes familiares e mecanismos persoais. A meirande parte deles vense na obriga de buscar solucións e poder saír airosos ante semellante desafío. A maiores, nos países de

acollida os galegos emigrados deben cumprir inmediatos procesos de naturalización, condición *sine qua non* para poder obter as moi esperadas oportunidades dun emprego digno.

Estes elementos, sumados a outros de moi diversa índole como a precarización do traballo, constitúen o alicerce dos procesos asociativos galegos, nos que a lectura e escoita da tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón vén constituír unha verdadeira táboa de salvación. Esta tese convértese nunha ferramenta cultural e ideolóxica fundamental. Os contidos por ela expresados pódense considerar argumentos de exportación que serviron de base para aglutinarse e xuntarse arredor dunha idea que conectara aos galegos emigrados coa súa terra de orixe. Esta situación determinou a toma de contacto cos contidos da tese galega que foron acollidos nos centros do asociacionismo galego como verdadeiros e válidos sen discusión. Os documentos dan fe de que os emigrados non poñían en tea de xuízo ningunha das argumentacións sobre a tese galega obxecto de estudo.

Desde a cidade de Pontevedra viaxan informacións de diversos xeitos cara a toda a América española, que dalgunha maneira permiten reivindicar os sufrimentos e a dor experimentados nesa prolongada viaxe transoceánica. As emocións que se producen nos momentos das despedidas, os lamentos e bágoas a bordo foron recollidas polos fotógrafos da época como consecuencia do éxodo e sen deixar de nomear o flagrante desencanto experimentado por aqueles galegos como resultado do afastamento da súa terra de orixe. Ao respecto, o traballo subliña as reflexións de Gustavo Luca de Tena, quen retoma do pensador galego Ricardo Mella o seguinte:

> A emigración non pode ser vista como favorable aos intereses de Galicia, pero si un remedio circunstancial produto

dun desaxuste estrutural entre recursos e poboación, pois non é outra a causa da diáspora. Ao respecto afirma:

> de la emigración puede decirse que es peor el remedio que la enfermedad. Ella es el remedio que prolonga nuestra vida al borde de la tumba; es el cautiverio que aplicado a nuestras llagas va consumiento poco a poco nuestro organismo. La emigración no puede ser favorable a los intereses de Galicia. Es un paliativo que se nos impone y que solo desde este punto de vista deja de sernos perjudicial. Deber nuestro es por lo tanto matar sus causas, eliminarlas paulatinamente, perso triste es confesarlo, la razón de necesidad nos obliga con fuerza irresistible a repetir el concepto que sirve de lema a esta memoria: la emigración puede ser la necesidad de hoy, no la necesidad de siempre (Luca de Tena, 1993, p. 46).

Sumáselle a isto as realidades que a colectividade galega confrontaba coas dramáticas situacións de corentena que se tiñan que cumprir nos campamentos de Triscornia no caso cubano, e noutros portos como o de Bos Aires, Montevideo ou La Guaira. Relátanse abusos nas deficientes comidas e condicións insalubres para albergar a tanta xente. Nas recentes ondadas a América do Sur, os emigrados galegos en Caracas sométense a priori a probas médicas e antropométricas selectivas na cidade da Coruña patrocinadas por Venezuela. Unha vez feitas estas probas, os galegos embarcaban. Á chegada a Venezuela sometíanse ante o IAN (Instituto Agrario Nacional) a reiteradas probas médicas e extraccións de cantidades enormes de sangue. Tales acontecementos aos que foron sometidos os emigrados galegos constitúen o alicerce no seu desenvolvemento vital neses países.

A travesía desde Galicia ás Antillas e o Mar Caribe permiten obter a visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica sobre a discutida tese

galega. A cidade de Pontevedra e a ría pontevedresa son o punto de partida da discutida tese galega en Ultramar.



FUENTE: Miguel Artola, dir., *Enciclopedia de Historia de España*, p. 941.

Lám 24. Travesía transatlántica da tese galega a Cuba
Fonte: https://laamericaespanyola.wordpress.com/2015/09/29/la-flota-de-indias/

Ao contextualizar o estudo no marco da emigración é preciso subliñar que aqueles pescadores procedentes de Sada, Pontedeume e a Mariña galegos levaban aqueles barquiños de vela que ían da Habana ata o Golfo de México e volvían coa carga de peixe arriscando a súa vida no mar e sendo duramente explotados, realidade que constitúe o primixenio modo de vida que se rexistra arredor dos primeiros emigrados galegos á illa de Cuba.

A tese galega en Hispanoamérica circunscríbese ao feito migratorio propio de Galicia. Sintetizalo non é doado. Desde a súa chegada aos diferentes puntos das Antillas e de alí ao resto de América, os galegos sentiron a necesidade de organizarse coa finalidade de poderlle facer fronte ás realidades de precariedade e marxinación social que neses países se vivía. De aí xorde o xermolo do asociacionismo galego, do que son lugar común os países de Hispanoamérica que reciben cos

brazos abertos a tese galega: Cuba, Arxentina, México e Uruguai reflicten as primeiras vagas migratorias. Logo recibiuse a tese en Venezuela, República Dominicana e Porto Rico nas décadas dos corenta, cincuenta e sesenta do século XX.

Facendo un pequeno repaso histórico, momearemeos só algunha das causas que configuran o feito migratorio. Os problemas do campo, a escasa industria e a precariedade laboral en Galicia definiron a chegada de máis de douscentos mil galegos e galegas a Cuba. A Habana foi o primeiro espazo da emigración na que tivo fonda pegada a discutida tese galega. Nesta revisión é preciso explicar como a historia de España determinou a expansión da teoría galega. Feitos como as guerras de independencia das derradeiras colonias de España, a guerra civil e a posguerra determinan a saída de milleiros de galegos cara ao Novo Mundo.

Esta discutida hipótese galega tamén se considera un contido cultural, porque abrangue o conxunto de evidencias argumentais, documentais e testemuños que foron obxecto de exame e validación, así como do coñecemento público dos habitantes das cidades de Pontevedra e Poio formando parte do acervo cultural, xeográfico e histórico desta provincia galega. Posteriormente o traxecto da tese galega parte da Habana ao resto das illas antillanas (República Dominicana e Puerto Rico) e tamén a toda Centroamérica e América de Sur; Arxentina, Uruguai e Venezuela, se ben reciben o influxo da tese desde A Habana, tamén existen outros percorridos a América meridional que ampliaron a vertixinosa expansión deste contido que representou un alento que encheu de vigor o espírito e os ánimos dos emigrados.

Esta é a razón pola que as achegas obxecto deste estudo se focalizan en torno ao rol protagonista demostrado polos emigrados galegos a

Hispanoamérica, que cumpriron un importante labor en ser os grandes receptores e desenvolvedores da súa divulgación ao longo e ancho do Novo Mundo desde finais do século XIX.

Os sendeiros transatlánticos da tese galega describen a travesía desde Pontevedra ao Mar da Prata, que se considera moi significativa para o estudo porque os alí emigrados estiveron en conexión permanente coa tese galega. Cristina Samuelle Lamela expresa que os galegos chegaron á zona meridional da América do Sur e atopáronse dous espazos xeográficos que nos ocupan, Arxentina e Uruguai. Arxentina ten fronteiras con Bolivia, Paraguai, Brasil, Uruguai e Chile, mentres que a República Oriental do Uruguai limita con Brasil e Arxentina. As novas sobre a tese galega cruzaron o océano en grandes transatlánticos que desde o comezo da travesía se convertían en espazos discursivos arredor da terra de orixe.

Desde o punto de vista xeográfico, ambas as dúas nacións suramericanas, Arxentina e Uruguai, presentan unha relevante posición como arterias de acceso ao movemento migratorio galego que tivo lugar desde a segunda metade do século XIX. As marxes do Río da Prata foron lugar preferente para a emigración española e galega en particular. A cidade de Bos Aires está situada na marxe dereita do Río da Prata, cunha poboación aproximada de tres millóns de habitantes, o seu clima e moi húmido e afectado de inestabilidade climática converténdose nunha cidade-porto que comunica coa rede fluvial formada polos ríos Paraná e Uruguai, o que lle permite monopolizar o comercio exterior. Bos Aires caracterizase polo seu cosmopolitismo propiciado polos primeiros inmigrantes chegados de Europa central e do mediterráneo.

3.3 As travesías transatlánticas das décadas posteriores (1936 - 1950)

Os relatos da Guerra Civil e a posguerra nos destinos hispanoamericanos son descritos por numerosos autores. Unha investigación recente de Françoise Dubosquet na cátedra de Estudos Culturais da Universidade de Santiago de Compostela pon en valor, desde unha perspectiva integradora e plural, as memorias esquecidas, as fracturas e as situacións aínda non superadas froito daquela época posterior ao ano 1936. A académica relata a importancia dos testemuños e recalca que estes deben recollerse antes de que finen os protagonistas. Apunta que se precisa para isto dunha reparación. A memoria constitúe un remedio e de aí a importancia dos relatos culturais sobre a Guerra Civil. Ao fío da cuestión a autora expresa que "el silencio no es olvido" (Dubosquet, 2016).

Trátase dun drama colectivo, que algúns autores caracterizan describindo como sucederon os acontecementos. A guerra após a guerra, a paz decretal dos cemiterios e da represión multiestendida dan fe da censura, o control eclesiástico e dos medios de comunicación, as delacións, os silencios e o control no ensino. Son aspectos descritos por María Pilar García Negro quen describe o drama político deste período da historia na obra biográfica de Ricardo Carvalho Calero (1910-1990) no que se describen as mortes, os paseados, encarcerados e vexados de mil maneiras. Ao respecto, salienta o feito de que este catedrático fora testemuña de excepción das décadas do conflito bélico é galeguista, pertencente á Real Academia Galega. A súa vida revela que tan só puido recuperar o seu espazo no ensino despois de vinte e nove anos. A obra describe os dolorosos feitos da guerra cando se produce o retorno do cárcere, os nomes de homes e mulleres mortos, encarcerados e vexados de mil maneiras, e os sobreviventes no exilio americano a un destino incerto e nunha difícil comunicación con Galicia (García Negro, 2020).

Durante o período entre 1925 e 1935 emigraron a distintos destinos de América 109.156 galegos e 77.734 galegas, continuación extenuante da emigración persistente desde a centuria anterior. García Negro decántase por anotar o dato en nome dunha restauración da historia da Galiza que amosa unha especificidade anterior e posterior á guerra civil española (García Negro, 2020). Facer unha análise interpretativa das pegadas da memoria republicana na xente do exilio e a emigración a Hispanoamérica é parte da solución.

A Guerra Civil condiciona a realidade que se vive en Galicia. O conflito acusa o enfrontamento entre nacionalismos opostos. A loita entre a ditadura militar e a democracia republicana concluirá o 1 de abril de 1939 co derradeiro parte de guerra asinado por Francisco Franco, quen declara a súa vitoria e establece unha ditadura de longa duración ata 1975, cando falece. O bando republicano considérase o perdedor, e neste senso desencadéanse axustizamentos protagonizados por ambos os dous bandos. O ano 1941 vén coñecerse como o ano da fame. As posibilidades de vida son limitadas e impera certo nivel de prohibición en canto ao ensino e uso do galego. Esta época vén marcada pola existencia non só de fusilamentos, senón que tamén foxen os coñecidos como perdedores. Moitos deles atravesan a fronteira de Portugal e desde aí emprenden novas rutas atravesando o Atlántico. Neste momento histórico as chegadas de moitos fuxidos e republicanos exiliados son ao Porto de La Guaira.

En Galicia as múltiples revisión das fontes lévannos a Núñez Seixas e Farías (2009), que establecen as características diferenciais entre o exilio republicano español e as próximas imbricacións co concepto de emigración masiva, esbozando as diferentes formas de integración social dos colectivos emigrados nos países de acollida e tendo en conta que a tese galega vén ser parte da resposta a esta situación.

Ao respecto, Pilar Cagiao (2013), coordina unha serie de publicacións nas que se describen con detalle os fenómenos da emigración e o exilio cara a América do Sur . Os autores explican como os galegos sufriron o exilio e a Guerra Civil nos anos 1936 a 1945 alonxándose nas décadas posteriores nesa dirección transatlántica. O exilio político ten ampla trascendencia nas nacións americanas e ven sendo nesta época protagonista de moitas publicacións sobre a tese galega neses territorios. Estas travesías representan oportunidades laborais para os galegos mediadas polas relacións con Galicia en virtude das redes sociais establecidas polas vagas emigratorias previas. A autora apunta que este fenómeno é consecuencia da II Guerra Mundial e as políticas intervencionistas e autárquicas do réxime imperante en España. (Cagiao P. , 2013 p.62).

Exiliados da máis diversa adscrición política e profesional chegaron ao país, de modo temporal ou definitivo, constituíndo un elo máis nas relacións histórico-sociais entre ambos pobos. Esta situación marcará a saída de moitos galegos descontentos co réxime franquista. Nestes escritos apréciase con claridade a estreita relación existente entre a situación política da Península Ibérica como totalidade e as saídas dos galegos cara ás Antillas e ao Caribe como expresión que aglutina a xeografía centroamericana e a recepción da tese galega alén mar.

A prol da tese galega figuran no exilio republicano unha diversidade de escritores, xornalistas e artistas plásticos quen se encamiñan cara estes espazos de alén mar coa esperanza e na procura de poder desempeñar as súas diversas profesións dun xeito liberal, próspero e sen ataduras, controis nin prexuízos que os limitaran na súa creatividade e desexo persoal de superación.

Neste senso, estamos a sinalar algúns destes exiliados galegos que amosan interese na divulgación da tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón nestes territorios ultramarinos. Estamos a describir sobre o exilio

galego, en relación co que hai unha clasificación de acordo coas características da viaxe e as motivacións que serven de alicerce para emprender os sendeiros transoceánicos percorridos no seu proxecto vital. Deste xeito, atópanse os escritores e xornalistas que saíron cara ao desterro acollendo a tese galega como medio de loita e expresión plural, cultural e histórica, impulsando nos países de acollida esta tese con verdadeiro entusiasmo e compromiso social.

O exilio galego caracterízase de diversas maneiras segundo sexa o caso de estudo. Algúns deles embarcáronse cara a América a instancias das fuxidas e persecucións das que eran obxecto por parte das autoridades franquistas. Neste caso atópanse algúns desterrados como José Barreiro, quen desenvolve unha importante carreira política e xornalística publicando nos centros do asociacionismo galego en Montevideo. Outros, como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, asumen a supervivencia desde o exilio americano. A travesía de Castelao bifúrcase nun serpenteo de países desde os Estados Unidos a Cuba e finalmente a Arxentina coas intencións de expor os seus ideais políticos e gañar adeptos a prol da causa galeguista en América, que cos anos marcaría a evolución do nacionalismo galego influenciando de xeito directo visión dos emigrados alén mar inspirando neles valores, ideais, pensamento e unha toma de conciencia galeguista.

Cómpre sinalar que outros, como Luis Seoane, exercen un moi fecundo labor intelectual e artístico, destacando a súa actividade a favor da tese galega desde a editorial Citania en Bos Aires, da que era propietario. Outros exiliados cruzan o Atlántico a un país no que se residencian por curta duración coa intención de proseguir a outro país con carácter definitivo. É o caso de Xosé Neira Vilas e José María Mosqueira Manso, ambos os dous impulsores da tese galega neses territorios. Neira Vilas viaxara a Bos Aires e de alí trasladaríase a Cuba, mentres que José María Mosqueira Manso faría a ruta inversa; chega primeiramente á República Dominicana e posteriormente residénciase

por longo tempo en Venezuela, país no que escribe moi diversos artigos a favor da tese galega.

O relato de Xurxo Martínez describe que nalgúns casos os gobernos que lle abriron as portas aos exiliados galegos, como é o caso do presidente Leónidas Trujillo na República Dominicana, considerabanos "altamente perigosos polos seus ideais políticos" (Martínez Crespo, 2007, p. 130).

Para o efecto deste estudo é importante salientar que o exiliado galego José María Mosqueira Manso é contratado polo ditador Trujillo para facer investigacións oceanográficas no territorio dominicano. Este exiliado é un defensor hemisférico da tese galega porque a espalla desde Venezuela ata Arxentina. Máis adiante afondaremos sobre este personaxe que permite coñecer os moi estreitos vínculos existentes entre o devandito gobernante dominicano e a galeguidade do exilio americano. As situacións de estreita vinculación entre estes políticos americanos e os exiliados galegos nalgúns casos desencadearon en tráxicos feitos, como o secuestro do transatlántico de bandeira portuguesa "Santa María", que podería ser obxecto de estudos posteriores.

Os emigrados e exiliados galegos en Hispanoamérica teñen nomes, apelidos e rostros. Existe un mundo inconmensurable de relatos, cartas, testemuños e fotografías que así o confirman, feitos que, aínda que parecen invisibles, corresponden a unha parte esquecida, somerxida e ignorada do pasado galego recente, ou o que nas verbas de algúns historiadores galegos podería considerarse como os relatos pendentes e historias por facer.

A pegada da emigración nas décadas dos anos corenta e cincuenta na xeografía que abrangue Centroamérica e as Antillas configura o

contexto a estudar nas actuais nacións da República Dominicana, Panamá, Nicaragua, México e Venezuela, onde existen relatos da tese. Os feitos estanse a representar nas décadas máis recentes onde a tese galega sobre a orixe de Colón segue sendo un contido cultural para os emigrados. Esta onda migratoria galega, que vén sendo moi posterior á cubana, arxentina e uruguaia, ten unha fonda pegada no devir destas nacións de Hispanoamérica.

México e Venezuela recibiron aos emigrados de maneira máis ampla. México faríao en 1936 cos coñecidos "Nenos de Morelia", e Venezuela abre as portas aos membros do goberno venezolano que están exiliados en Galicia, como é o poeta e político Rómulo Gallegos. No entanto, Venezuela é o país de Hispanoamérica que decreta unha "política de portas abertas" no ano 1955, co xeneral Marcos Pérez Jiménez, situación que encaixa perfectamente co éxodo europeo como resposta á realidade da fame e miseria que se vivía na Europa da posguerra. Ao respecto, Froilán Ramos Rodríguez (2010) expresa:

> En el transcurso de la gestión gubernamental de Marcos Pérez Jiménez, se profundiza la atracción de inmigrantes europeos hacia la nación, a través de la política estatal de "puertas abiertas" y la promulgación de la ley de naturalización de 1955, que permitió la entrada de miles de extranjeros al país (Ramos, 2010, p. 1).

Emporiso, esta nación suramericana convértese nunha receptora das nacionalidades europeas que se atopaban en condicións de precariedade económica como resultado da posguerra. Portugal e Italia foron as colectividades máis numerosas que chegaron xunto cos galegos ao Porto de La Guaira. Estes feitos que describen a recepción da emigración galega por parte das nacións de Hispanoamérica merecen unha análise posterior dado que en si mesmo a acollida deste continxente de emigrados terá a súa repercusión e apréciase como

espello das publicacións dos contidos culturais relacionados coa tese galega nesas nacións de Ultramar.

Montevideo amosou como cidade de acollida dos emigrados galegos unha intensa vida cultural na que se reflicten múltiples publicacións que estaban vinculadas directamente cos centros neurálxicos desde onde se propagaban as novas relacionadas coa tese galega como a cidade da Habana. Estas ondas migratorias desde as tres primeiras décadas do século XX recibiron a influencia destes contidos na América do Sur. A partir de 1936 comezan a sumarse aos grupos de emigrados que foxen de Galicia por mor da Guerra Civil.

Os relatos reportan que do ano 1945 en adiante comezan a desembarcar nese porto suramericano numerosos galegos. En Caracas sucede a conformación dos primeiros espazos organizativos, entre os que destaca como un dos primeiros o Lar Galego de Caracas. Este e o máis orientado a xuntar persoas relacionadas co ideario da República española. Nese intre tamén abren portas o Centro Galego de Caracas e a Casa de Galicia.

Estes esforzos dos emigrados por autoorganizarse tiveron resultados moi positivos na configuración social do colectivo galego emigrado. En case dúas décadas integráronse nun só espazo cos aportes do visionario Mosqueira Manso. A Sociedade Civil Amigos de Santiago acolleu aos santiagueses emigrados. Estes espazos son lugares nos que a tese do Colón galego tivo acollida. A expresión deste contido cultural é palpable nesas entidades asociativas, conservándose a memoria desta tese nas revistas nas que se publicaron achegas, escritos curtos, portadas e toda clase de alusións á tese galega de Colón, cuestión que se afianza na celebración da efeméride do descubrimento de América.

Como se explicará nos seguintes capítulos, estes escritos sobre a tese galega amosan unha unidade de criterios en semellanza coas pautas publicitarias, estilo e características dos outros centros de Hispanoamérica: A Habana, Bos Aires, Montevideo, México e outros son as mil Galicias dispersas nas nacións de Ultramar.

As travesías do exilio galego a Hispanoamérica representan unha gran contribución intelectual e cultural cara a este territorio. Sendo tamén coñecidos por algúns autores como os "transterrados" (Núñez Seixas e Farías, 2009), neles amósanse diversidade de motivacións. As causas que orixinan as saídas da meirande parte de mulleres e homes que emprenden estas travesías transatlánticas son diversas. Cómpre sinalar que estes enfrontan diversidade de situacións de enorme dificultade persoal ante o réxime imperante. A inconformidade e inquedanzas propias cara ao futuro son a constante. A realidade sociopolítica de España tras a Guerra Civil xera certos desaxustes sociais que imposibilitan a liberdade de expresión requirida por estes para exercer os seus propios ideais.

A estreita relación existente entre a tese galega e os ideais dos galegos do exilio quen lle imprimen un conxunto de finalidades e significados de liberdade, sentido de pertenza e superación persoal desde o argumento colombino

Os anteriores parágrafos están a describir as travesías e as chegadas aos portos de Triscornia en Cuba, La Plata na Arxentina e Uruguai ou La Guaira en Venezuela. Os desembarcos ameritaban nalgúns países un lento período de corentena, como é o caso cubano. No entanto eses territorios significaron un cambio da vida para os emigrados o cal deixa atrás os adeuses, o drama eo sufrimento das longas travesías. A asimilación cultural esixe outros xeitos de ver o mundo. O seguinte capítulo describe a recepción e a transmisión cultural deste contido cultural da mán dos emigrados nas nacións de fala española.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 4. A RECEPCIÓN E A TRANSMISIÓN CULTURAL DA TESE GALEGA EN HISPANOAMÉRICA NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX

O repaso documental demostra que a Galicia territorial áchase en permanente conexión coa Galicia emigrada, apreciándose a pegada cultural de Europa sobre o continente americano. Mostra diso son ás constantes colaboracións que se reflicten nos xornais de alén mar dos países co maior número de emigrados. Non se pode ocultar a influencia cultural dos intelectuais galegos. Algúns deles visitantes e eruditos ilustres, como Ramón Otero Pedrayo, Daniel Alfonso Rodríguez Castelao, Silvio Santiago, Eduardo Blanco Amor, Pura Vázquez, Celso Emilio Ferreiro, José Neira Vilas ou José María Mosqueira Manso, entre moitos outros, así o evidencian.

Este grupo de intelectuais formaron parte do exilio galego e cos seus aportes na promoción de reunións, actividades culturais, publicacións de poesías, achegas curtas, alocucións radiofónicas e públicas, presentación de obras teatrais, e publicación de libros influenciaron grandemente as matrices de opinión dos colectivos da diáspora a Hispanoamérica a favor da tese galega.

4.1 Breve contexto e circunstancias do continente hispanoamericano

O contexto da tese galega desenvólvese nos seus inicios na illa de Cuba arredor dos feitos que transcorren no proceso de independencia cubana de España coa permanente ameaza de sufrir as intervencións que tiveron lugar por parte dos Estados Unidos de América. Neste

marco histórico o primeiro feito importante é a guerra hispano-cubana-estadounidense, situación que xera o colapso do imperio español e o conflito bélico que somerxe aos emigrados nunha situación de abatemento e desacougo.

As forzas cubanas gañaban máis terreo ante o exército español, o que ocasionou a intervención dos Estados Unidos. En 1898, o acoirazado estadounidense Maine fúndese na Baía da Habana o 15 de abril por causa dunha aínda non totalmente esclarecida explosión[17].

O goberno de Washington mantén o interese na illa rematando co maltreito exército español e logrando en 1899 a primeira intervención estadounidense na Gran Antilla. En adiante ocorren en paralelo alzamentos obreiros que se fortalecen coas folgas que seguen o ideario de José Martí.

Un segundo feito importante é o nacemento da República Cubana o 20 de maio de 1902. Neste intre asínanse tratados comerciais cos Estados Unidos, quedando esta nación con dereitos para crear bases nas baías cubanas de Honda e Guantánamo, sinais indicativos do permanente asedio norteamericano sobre a illa.

Neste marco histórico atópanse os emigrados galegos, moitos deles descoñecedores da situación das nacións americanas antes de emigrar. No entanto, existía unha ameaza como consecuencia do enfrontamento bélico entrambas nacións. Ante tal realidade, a meirande parte dos emigrados, moi lonxe de resignarse ante os feitos de rexeitamento contra España, asumiron un comportamento protagonista sen igual que desencadea un conxunto de accións de toma de conciencia e decisións

[17]O relato histórico de ese ano reporta que España sina cos Estados Unidos o Tratado de París, no que Norteamérica queda co control de Cuba, Puerto Rico e Filipinas.

conxuntas e compartidas orientadas a autoorganización que lles permitirá encarar a grave ameaza. O ambiente non era doado. Os galegos víanse inmersos nunha situación para eles dificultosa, dado que se difamaba e deshonraba a patria de orixe. Neste intre, os emigrados devecen pola identidade ou imaxe que os identifique e serva de defensa ante os desacougos do conflito.

Esta apremante situación vén a constituír o alicerce e motivación para a posta en valor da tese galega en Hispanoamérica. A demostración da tese "Colón español" nese territorio convértese nun extraordinario argumento publicitario que encaixa perfectamente no contexto histórico e social que imos a desenvolver.

4.2 As conexións culturais entre Pontevedra e Hispanoamérica

As conexións culturais entre Pontevedra e Hispanoamérica para o desenvolvemento da tese galega veñen marcadas pola continua presenza de epístolas e viaxes. O xénero epistolar a favor da tese galega cruzou o Atlántico innumerables veces en dirección de ida e volta, fenómeno de gran importancia histórica que está rexistrado e analizado polo investigador Carlos Gegúndez (2017). As misivas sobre o contido cultural en cuestión son recompiladas e publicadas por este autor e merecen unha análise polo miúdo.

Estes esforzos dos emigrados galegos foron alentados a través do longo epistolario que abrangue desde 1923 ata ben entrado o 1929, coas reiteradas colaboracións que desde Galicia se recibían en forma de conferencias e xornais do cal a revista *Vida Gallega* de Vigo é unha clara expresión.

Redundando no tema epistolar, é salientable describir as características dun sobre timbrado do comité, dirixido a Prudencio

Otero Sánchez con cuño datado en 1926. Este sobre de carta ten unha lenda que transcribe o seguinte

> No hemos de renunciar jamás al parentesco que nos une…… al más grande de los españoles, el hijo inmortal de Pontevedra, a Cristóbal Colón, cuya nacionalidad española se acaba de comprobar, documentalmente, de manera irrefutable. Dr. Valentín Letelier. Rector de la Universidad de Santiago de Chile[18].

As cartas convértense nun espazo de representación social onde as conexións afectivas e emocionais quedaron plasmadas. A funcionalidade das misivas entre ambos divulgadores da tese galega conseguen agromar e configurar unha proxección simbólica deste contido, reflectindo a imaxe que os emigrados quixeron transmitir a Galicia, idealizando a realidade subxacente en relación á figura de Colón e vinculada co argumentario da tese. Algúns documentos e imaxes evidencian a ledicia e compromiso político que os galegos experimentaron fronte á discusión deste contido. Tal sentimento pódese apreciar nas facianas destes homes cando xuntos e organizados no Centro Galego da Habana reafirmaron o valor da tese galega e sentiron a necesidade de espallala polo mundo enteiro.

A expresión da palabra a través das cartas ou misivas entre o erudito Prudencio Otero Sánchez e Ramón Marcote Miñarzo, bibliotecario do Centro Galego da Habana oriúndo de Fisterra, merecen ser postas en valor dada a relevancia e sentido bidireccional dos contidos que en elas se poden estudar.

[18] O documento é un sobre dirixido a Otero Sánchez, datado de 1926 e que consta no libro de Gegúndez (2017), p. 55.

Entre Prudencio Otero e Ramón Marcote evidénciase unha intensa e dinámica relación epistolar e amizade na que se destacan feitos que se poden subliñar. Os emigrados ofrécenlle todo tipo de beneficios e apoios a Otero. As cartas que parten da Habana cara a Pontevedra reflicten sobre todo o enorme compromiso ético dos emigrados a favor da tese galega. O sentido práctico e gran calado que lle viron os galegos a este contido cultural en América é sen lugar a dúbidas excepcional. Asemade a conveniencia desta tese naqueles territorios está a demostrarse. Estes emigrados conseguen darlle enorme valor e significado. A través dela forneceron prácticas de instrución e toma de conciencia colectivas a favor de España, nas que irradiou o entusiasmo, ímpeto e impulso pola terra de orixe Galicia e moito máis a prol das nacións onde se reside.

Este contundente epistolario reflicte o espírito dos intelectuais galegos da diáspora que traballaron a prol da tese galega. O estudo céntrase en salientar as obras de Enrique Zas y Simó na Habana e Rafael Calzada en Bos Aires, e reafirma o sentimento español polo que os eruditos galegos traballaron. Estes escriben misivas a Prudencio Otero Sánchez, quen ven ser a voz que impulsa este contido desde Galicia. En Europa, Otero é o máis dilixente líder e impulsor da tese rieguista a Ultramar, actuando sempre como consecuente informante clave e representante das xestións para o logro do recoñecemento oficial da nacionalidade galega de Colón.

Por conseguinte, o estudo do investigador Gegúndez dá pé a pensar que as controversias que se suscitaron en torno a tese na cidade de Pontevedra, como o foron os "Documentos Pontevedreses, ante os que se difamou ao seu creador unha vez falecido como obxecto de intervencións e remarcaxes, careceron de credibilidade fronte aos emigrados. Estes, pola contra, afanáronse en darlle representación

social a tan delicado tema de importancia vital para todos aqueles que saíron da súa terra.

Nótase que os emigrados ao atravesar o Atlántico empodéranse dunha forza interior a prol da terra de orixe que lles dá pulo para iniciar os proxectos máis ambiciosos. As conexións cubanas entre Galicia e o Mar das Antillas son obxecto dun estudo pormenorizado e explícanas varios autores. Algúns deles, como Xosé Luís Axeitos (2016), destacan as orixes desta relación a partir das Irmandades da Fala. Os integrantes deste movemento descubriron o Atlántico como espazo de comunicación da lingua galega entre os intelectuais galegos e a fala dos emigrantes. Desde as Irmandades da Fala apréciase o compromiso destes cos emigrados na loita pola rehabilitación do galego como fundamento do discurso.

Neste movemento destácanse varios elementos que convén analizar. Cos movementos migratorios e as comunicacións epistolares a lingua pasa a ocupar o seu posto na escritura. Porén, Xosé Luís Axeitos salienta que a primeira bandeira que levanta a Galicia emigrada non é a franxa azul, senón o idioma. É a lingua o primeiro elemento do que parte a súa identidade. A través da lingua milleiros de galegos, afastados da súa terra na Habana, decátanse e recoñécense nos espazos públicos e identifícanse pola lingua coa que se comunican. A masiva emigración galega a Cuba movida pola nostalxia, represéntase coa terra que deixou atrás e será unha forza decisiva na construción dun nacionalismo que agroma as interaccións cos galegos que, como Castelao, acoden aos espazos dos emigrados e exaltan a lingua propia de Galicia.

As conexións entre Galicia e Cuba móvense arredor de varios contidos que favorecerán a asimilación da tese galega. Son os

emigrados os que auspician a Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, fundada na Habana en 1905. Ao respecto cítase:

> Esta Asociación conta coa presencia de Curros Enríquez e Fontenla Leal. Desde A Habana se cernen os inicios do que logo sería a Academia Gallega. (Academia Gallega, 1906).O Boletín Número I da Real Academia Gallega expresa "por acuerdo de la Comisión de Reglamento de la Asociación Iniciadora y protectora de la Academia Gallega, que acaba de constituirse en la Habana a los fines y sobre las bases de que se trata la adjunta circular (...). Seguindo o devir do proxecto constituese en Galicia cos Sres. José Pérez Ballesteros, y D. Andrés Martínez y Salazar, (...) entre outros a Academia Gallega (Academia Gallega, 1906, p. 1).

O repaso dos documentos fai notar que desde Cuba subvenciónase o local en aluguer que ocupara a sede social da Academia, exercendo os galegos emigrados a protección económica da mesma, o que salienta o protagonismo decisivo do mundo migratorio galego da Habana na conformación das institucións defensoras da identidade e contribuíndo de xeito directo á visibilización da cultura galega postergada (Axeitos, 2016).

A interpretación que se cerne arredor da tese galega en América supera o estadio rexionalista, colocando a lingua e a cultura propias como bandeiras reivindicativas dunha nacionalidade negada que aspiraba recuperar as liberdades perdidas para por fin autogobernarse e liberarse desde os territorios ultramarinos, o que explica o elevado encaixe sociocultural da tese galega nesa xeografía que abrangue desde México e as Antillas ata as rexións austrais de América do Sur.

4.3 O Centro Galego e as Sociedades de Instrución impulsoras da tese galega na Habana

O Centro Galego da Habana e as Sociedades de Instrución e Recreo foron os espazos que fan posible a recepción e asimilación da tese galega na Habana. A súa orixe procede das actividades asociativas inicialmente desenvolvidas pola Sociedade de Beneficencia de Naturais de Galicia. Creado en 1879, o centro galego levou a cabo un intenso labor educativo a prol da alfabetización e formación dos seus propios socios e de toda a poboación habaneira a través do equipo Concepción Arenal, inmoble onde os emigrantes de Galicia situaron a súa primeira sede no ano 1880. O coñecido Teatro Tacón constitúese no lugar de fundación da sociedade Centro Galego da Habana.

E moi interesante salientar que os emigrados centráronse na creación das "Sociedades de Instrución e Recreo", que se fundan co fin de fomentar a instrución dos socios para o desenvolvemento educativo, das artes e as accións benéficas a prol dos socios e que forneceron a súa comprensión para logo facer a transmisión cultural da tese galega.

Outra visión de longo alcance dos emigrados galegos na Habana constitúea a Sociedade Iniciadora da Real Academia Galega en 1905. Este espazo fundado por Curros Enríquez e Juan Fontenla prontamente pasaría da Habana a exercer as súas funcións en Galicia. No entanto, a súa orixe e iniciativa débese en gran parte as inquedanzas destes colectivos que residían en Ultramar. Este feito vai ter repercusión cultural directa e bidireccional na Habana, fornecendo nos emigrados as bases cognitivas para o logro cabal da comprensión dunha tese culta como a galega. Por mor destas accións, os xornais históricos refiren o importante feito cultural que vén validar a presenza da tese galega. Porén non é casual que nese territorio se acordara entre o músico Pascual Veiga eo poeta Eduardo Pondal a música e a letra do hino galego interpretado por primeira vez nese centro asociativo dos galegos emigrados A Habana no

ano 1905. Data na que se fixera a primeira interpretación pública do hino coa respectiva divulgación na prensa desa cidade antillana. (López Veiga, 1905).

Vicente Peña Saavedra reporta que estas Sociedades de Instrución tamén teñen repercusión directa en Galicia. Cuba procede á apertura de aulas nas capitais e pobos onde fixan a súa residencia os emigrados galegos para subministrarlles aos afiliados a formación da que carecen (Peña Saavedra, 1990).

Para 1907 o Centro Galego chegara ás súas máximas aspiracións, atendendo aos espazos de recreo, sanidade e instrución. Podíase dicir que o traballo estaba cumprido. A maiores, as Sociedades de Instrución como autoorganizacións para instruír aos galegos son peza clave que permite a asimilación dos contidos da tese galega. Estes agromaron na illa de Cuba grazas á presenza organizada destes colectivos emigrados, mellorando a súa visión sobre si mesmos e fronte ao novo medio social onde se insiren.

Tal e como sinala o devandito autor, o fenómeno da transmisión cultural e asimilación da tese galega en Hispanoamérica podería ser posible porque estas entidades formativas emprenden actividades desde moi cedo reportándose a existencia dalgunhas sociedades de instrución antes de 1909, nas que se realizaban diversas accións educativas de vinculación con Galicia e de concienciación das persoas que residen nos territorios da emigración cara aos dereitos laborais e sociais nese novo continente.

Seguindo ao autor, neses espazos asociativos xorde o interese en fomentar formas de patrocinio a favor da creación de escolas para a instrución primaria en Galicia, cuxa rede escolar amosaba certas deficiencias. O obxectivo destes emprendementos educativos dos entón

nomeados indianos ou emigrados era soster escolas en Galicia coa finalidade de lograr que os galegos puideran obter certo nivel de instrución antes de emigrar (Sociedades Gallegas de Instrucción, Artísticas y Benéficas, 1922).

Neste senso, comezan a crearse órganos divulgativos que evidencian o nivel de compromiso social entre os emigrados e Galicia. A colectividade da diáspora responde con gran ánimo e entusiasmo dada a existencia dun conxunto de aprendizaxes previos que se salientan no primeiro exemplar do xornal *El Ideal Gallego* e no que se reflicten as ilimitadas aspiracións culturais dos cubanos galegos emigrados coa divulgación deste semanario. Máis adiante estas permitirían a fundación e consolidación do prestixioso Centro Galego da Habana en 1906.

O exemplar deste xornal reflicte os seus propósitos de animar a creación e sostemento de equipos de ensinanza nas vilas e aldeas dos que son nativos, o fomento dos sindicatos de labradores e outros que estimulen as industrias, asi como excitar a unión de todos os galegos onde queira se radiquen para cooperar xuntos con constancia e altruísmo á difusión do ensino en Galicia. En suma, estudar os problemas que interesan e resolver os problemas da nosa patria. Todas estas accións formativas previas fan posible a recepción da hipótese galega sobre a orixe pontevedresa de Cristóbal Colón en Hispanoamérica. Deste labor dinamizador xorden os novos líderes que serán os principais promotores da tese galega, sendo o máis comprometido deles Ramón Marcote[19].

[19] El Ideal Gallego. Revista semanal, é creada na Habana e agradece na súa primeira edición aos outros órganos de difusión e información. Esta cabeceira expresa o seu compromiso e defensa coas Sociedades de Instrucción. 3 de xullo de 1909. (1).

4.4 O Comité Pro-Colón Español da Habana

O estudo asume como centro neurálxico da transmisión cultural da discutida orixe galega do descubridor o entusiasta labor levado a cabo polo devandito fisterrán Ramón Marcote Miñarzo (1880-1955), quen emigra á idade de dezaoito anos á illa de Cuba en 1898. Unha vez emigrado, asume de xeito autodidacta a súa preparación persoal baseada nunha formación humanística e social, asistindo á Sociedade de Instrución Concepción Arenal na Habana. O seu labor ten como antecedente o feito asociativo previo á fundación do Centro Galego da Habana en 1906, desde onde os galegos logran exercer unha febril dinámica sociocultural nas tres primeiras décadas do século XX.

Unha vez culminados os estudos no centro Concepción Arenal da Habana, e logo de desenvolverse en varios empregos convértese no emblemático bibliotecario deste importante centro da Galicia emigrada a Cuba. Posición que desempeña perante case cincuenta anos e que lle dá, non só prestixio persoal, senón tamén a posibilidade real de continuar formándose, liderar unha continua e próxima toma de contacto coas persoas interesadas na tese galega de Colón e no fortalecemento e construción das relacións entre España e Hispanoamérica, o que se confirma coa súa participación na Exposición Hispanoamericana de Sevilla en 1929.

Neste senso, recibe as novas dos eruditos pontevedreses cos que mantén correspondencia habitual. Esta situación convérteo en coñecedor de primeira man da tese galega, comprendendo as fortalezas e obstáculos desta teoría cos seus defensores e detractores na cidade de Pontevedra, accións ante as que acomete cunha inusitada creatividade e capacidade de xestión.

En 1917 comeza a xerar comunicacións, creando un modelo de cohesión social baseado na tese galega que repercute en toda

Hispanoamérica e en Pontevedra. Actúa dentro dun activismo formativo e instrutivo que dinamiza a conciencia social dos emigrados a favor de España fundando o Comité Pro Colón Español. Motiva e adhesiona a cotío novos membros a prol da tese galega. O que tamén se póde definir coma a creación dunha extensa rede de colaboradores en todo o continente americano a favor da divulgación deste contido cultural. O influxo epistolar que recibe procede do erudito pontevedrés Prudencio Otero Sánchez, quen activa nel as máis transcendentais ideas de divulgación sobre o Colón galego cara a Centroamérica e Suramérica.

Neste senso, funda en 1917 con inmenso sentido de amor patrio o que se nomea como comité Pro Colón Español, coa finalidade de propagar por toda Hispanoamérica a orixe española de Colón, defendendo a súa ascendencia galega e, por tanto, a tese de Celso García de la Riega. O comité nace co propósito de pensar, reflexionar e divulgar a tese galega sobre a nacionalidade española de Colón neses territorios, defendendo a súa ascendencia galega e por tanto a tese pontevedresa. O labor de Marcote e profundamente educativo e cultural. O importante neste personaxe é destacar o comprometido e dinámico ser humano que está máis alá do perfil de bibliotecario.

O labor deste home é efervescente, entusiasta e emocionante. Desde a biblioteca de Centro Galego da Habana ditamina estratexias orientadas a mellorar o ámbito educativo e a intelixencia dos colectivos galegos de Cuba e Galicia a un tempo. Ao respecto, institúe nas agrupacións organizadas que son as Sociedades de Instrución en Cuba un premio anual de cen pesos entre todas as organizacións para premiar ao alcalde rural de Galicia que máis se distinga polo seu celo e polas iniciativas positivas en pro do ensino nos seus respectivos municipios. Aquí precísase o seu liderado de fondo sentir por Galicia: “Tienen la

palabra las Sociedades de Instrucción"[20] (Galicia, 1917). Esta afirmación confirma o apaixonamento de Marcote como líder comprometido a prol dos cambios que se precisan desenvolver na terra de orixe: Galicia.

Unha vez coñecedor da existencia da tese galega, Marcote logra facer un fondo labor "propagandístico" a prol desta, imprimindo follas e sobres timbrados, situación que inflúe sobre o mundo latino para que se conte a verdade sobre a tese colombina e realiza a máis alta función patriótica nese momento de rehabilitación de España con respecto á orixe de Colón.

Ante as ameazas observadas por Marcote fronte aos inimigos ou detractores da tese rieguista na cidade de Pontevedra, xera estratexias que tenden a facer transcender a tese: propón homenaxes e outorga mencións de honra a aqueles escritores galegos que en Galicia e fóra dela afiancen a tese galega. Ao respecto cítase o seguinte:

> El "Comité Pro Colón Español" patriótica e importantísima entidad domiciliada en la Habana, acordó por unanimidad nombrar representante en Vigo y Socio de Honor a nuestro director, Jaime Solá, por sus trabajos sobre los fines de aquella institución publicados en la prensa española e hispano-americana. Acontecemento publicado na revista Vida Gallega[21] (Revista Vida Gallega, 1925).

[20] En Galicia: Revista Semanal Arbitrada. Año XVI (13). 24 /03/1917, facsímile no material de Girgado e outros autores (Comp.).

[21] En Vida Gallega. Ilustración Regional: Año XII. Vol. VIII. (150). 25 de xullo de 1920 p.22.

Lám. 25. Ramón Marcote (centro) no Comité Pro-Colón Español. Centro Galego da Habana.

Así a Lám.25 ilustra os primeiros momentos do Comité Pro-Colón Español. Apréciese a realidade patriarcal existente nos comités das sociedades galegas emigradas formados unicamente por homes. O que tamén ven a repercutir no comité que se va a constituir en Galicia. Neste senso, as publicacións galegas rexistran a existencia destes comités en Pontevedra. A maiores, cómpre salientar que o ilustre fisterrán, honra e califica de moi méritoria o labor de quen dirixe a revista Vida Gallega en Vigo. O prestixioso xornalista Jaime Solá funciona en Galicia en sincronía e coordinación coas revistas transoceánicas da Habana e o resto de América para esa época (Revista Vida Gallega, 1920 p.22).

Carlos Gegúndez (2017) subliña a asiduidade comunicativa reportada polos investigadores emigrados daquel entón arredor do tema de Colón Español. O autor amosa que existen luces e sombras na bidireccionalidade entre o comité habaneiro e a cidade de Pontevedra. Chegan á illa de Cuba as diversas argumentacións que se fan en contra do falecido autor da tese de Colón. Estas manipulacións e inxurias que se coñecen contra a tese galega na cidade de Pontevedra crean malestar

no emblemático bibliotecario, quen emprende accións contundentes e inmediatas tendentes "a reivindicar estes erros". Evidencias comprobables no epistolario que describe e ilustra o devandito autor[22].

En 1920, Marcote publica o seu compendio de artigos publicados previamente na revista do Centro Galego da Habana, configurando a obra *Colón pontevedrés* (Marcote, 1920) que envía aos centros galegos das nacións hispanoamericanas. Unha recensión feita pola Revista do Centro Galego de Montevideo en 1920, sobre esta obra agradece a Ramón Marcote a xentileza de enviarlla, expresándoo no órgano divulgativo do Centro Galego de Montevideo o seguinte:

> Todo lo que tienda a afianzar la seguridad de que el gran navegante el insigne descubridor del Nuevo Mundo ha nacido en España, y por añadidura en Galicia, tiene que ser para nosotros asunto de especialísimo interés, al que tenemos que dedicarle preferente atención (Girgado, L. Cuquejo, M. , 2004)[23].

O retallo reflicte a inmensa receptividade da que é obxecto a información remitida por Marcote á República Oriental do Uruguai. Neste febril traballo continúa Marcote por cinco décadas. En 1922 renova a directiva do Comité Pro-Colón Español e conta con oitocentos corenta e tres socios. Desde o Centro Galego da Habana Marcote impulsou esta idea noutras sociedades emigradas, posto que coñecía a fondo a idiosincrasia dos emigrados, o que lle permitiu estender o seu

[22] Gegúndez (2017) recompila un apéndice documental e análise epistolar dos documentos cedidos pola familia de D. Prudencio Otero Sánchez, no que se reporta a correspondencia epistolar que esclarece a intensa comunicación entre ambos impulsores da tese rieguista a ambas beiras do Atlántico.

[23] Girgado e Cuquejo desde a Fundación Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia, recompilan un amplo número de facsímiles do Centro Gallego de Montevideo de 1920.

pensamento por toda a xeografía americana: Centroamérica, México, Bos Aires, Montevideo (Gegúndez López, 2017).

Deste xeito, logra configurar dentro do Centro Galego da Habana o que podería considerarse un espazo central por excelencia onde ocorre a transmisión cultural. Aquí se estudaba, analizaba e divulgaba a tese galega sobre a orixe do descubridor de alí transita ao resto do continente. O comité Pro Colón Español co desenvolvemento do proxecto divulgativo de Colón Galego vén a configurarse como o xermolo de formación sociopolítica para os emigrados desde onde se producen xuntanzas, conferencias e libros sobre a cuestión que se complementan e activan coa presenza de galegos ilustres como Castelao e outros emigrados que visitan a illa con fins políticos. Nese intre, Marcote diríxese a todas as comunidades emigradas e solicita fondos para editar o libro do emigrado Enrique Zas y Simó (1923), obra senlleira que se analiza nos seguintes capítulos con detemento.

A tese galega resulta moi útil no contexto dos emigrados por darlle identidade ao colectivo. Emporiso, o comité convértese no patrocinador da emblemática obra de Zas y Simó, nomeada *Galicia. Patria de Colón*, na que o autor aparece como membro da Real Academia Galega.

Outra obra de gran encaixe hispanoamericanista é feita posteriormente. O autor é o erudito emigrado a Arxentina Rafael Calzada, a partir das revisións de fontes primarias a maiores doutras moi importantes, polo que se pode afirmar que o estudo de Calzada, abogado e politólogo, "autor del libro más serio de investigación

histórica acerca del origen gallego de Cristóbal Colón, después de la afortunada iniciación de García de la Riega"[24]. (Vida Gallega, 1930).

Neste senso, é moi ampla a función que cumpre o comité non só en espallar a tese galega de Colón por Hispanoamérica, creando conexións relacionadas coa cuestión publicitaria e propagandística sobre a tese de Colón en Bos Aires e Montevideo. Cómpre subliñar como as Sociedades de Instrución contribuíron favorablemente a crear aqueles espazos propicios para a instrución, as actividades artísticas e benéficas que ilustraban aos veciños emigrados asociados por comarcas. Deste xeito, pódese pensar con claridade o lugar preponderante e prioritario que tiña o feito cultural galego dentro das sociedades emigradas, cuestión que fala da existencia das mil cidades galegas do mundo o que merece unha análise a posteriori.

Mentres isto sucedía na Habana, nas cidades de Montevideo e Bos Aires apreciábanse as opinións dos emigrados en relación aos comités que se foron poñendo en funcionamento polo resto do continente suramericano. A prensa de Montevideo rexistra en tal sentido o seguinte texto escrito por un galego emigrado que configura as opinións subscritas no Boletín Oficial do Centro Galego de Bos Aires[25]:

> Hace tres años, en ocasión de la fiesta Hispanoamericana…, hemos propuesto a las mil y una de nuestras instituciones regionales de formar un comité Pro Colón Gallego, y que este comité elevara a la Real Academia una protesta, o mejor dicho, una nota pidiendo se interesara en asunto de tanta importancia, como es el de la Cuna de Colón, en nombre de todos los gallegos

[24] En Vida Gallega: Ilustración Regional. Ano XXII. (443). 20/03/1930. Faise referencia en Galicia ao autor galego emigrado a Arxentina Rafael Calzada, admirado na Habana pola obra en torno á tese galega.
[25] Boletín Oficial do Centro Galego de Bos Aires. (1925). (226). Alude a importancia que se lle da desde Arxentina ao feito organizativo do Comité Pro-Colón Español.

> que vivimos en esta hospitalaria tierra. Esta idea no ha prosperado entre nosotros, ni aun después de haberla puesto en práctica, por lo menos en parte los gallegos de la isla de Cuba, esto nos comprueba que los gallegos que residen en Centro América tienen más amor a la tierra que los vió nacer, que tenemos los que vivimos en la América del Sur (Boletín Oficial del Centro Gallego de Buenos Aires, 1925 p.7).

As revistas de Montevideo refírense ao meritorio labor de Ramón Marcote, destacando os sinalamentos que un xornal cubano expón sobre a salientable obra do emigrado a arxentina Rafael Calzada. Ao respecto no Centro Galego de Montevideo escríbese o seguinte:

> Debo a la cortesía de Ramón Marcote, Presidente del "Comité Pro Colón Español", el placer de leer un libro muy interesante, que ávidamente deseaba conocer: "La Patria de Colón", por el Dr. Rafael Calzada, exdiputado a Cortes y miembro de la Real Academia de Legislación y Jurisprudencia. No necesitaba yo de esta lectura para convencerme más de que si Colón fue pontevedrés". … pero confieso después de ella ni Antón de Olmet, ni Horta y Pardo ni ninguno de los publicistas que han sostenido la tesis de Colón español han presentado sus argumentos tan documentados, tan explícitos y concluyentes como Don Rafael Calzada; su obra viene a ser alta sanción de todo lo escrito y publicado en desvanecimiento de un error secular[26].

Tras o repaso crítico desta idea, apréciase o intercambio cultural entre pares de territorios moi distantes e dispersos na xeografía americana. A agudeza coa que se analizan as publicacións e os comentarios compartidos entre cidades afastadas como é o caso da

[26] Centro Gallego de Montevideo. Órgano de la colectividad gallega en el Uruguai. Época 2. Año IV. (63). 1922.

Habana e Montevideo dan idea do compromiso intelectual coa tese galega. Alén diso, o texto cualifica a posición do erudito Rafael Calzada como a máis salientable obra que en base á teoría se tivese producido ata entón. A interpretación deste parágrafo en definitiva é concluínte sobre a inmensa potencia heurística da tese galega como contido de comunicación cultural hemisférico entre norte e sur.

A prensa de Arxentina tamén se fai eco da necesidade de impulsar accións en torno á causa patriótica galega desde os contidos sobre a orixe da tese de Cristóbal Colón. En Bos Aires reflíctense comentarios nos xornais que amosan tamén a realidade galega na que expresan o quietismo que afoga e aniquila a Galicia. (Boletín Oficial del Centro Gallego de Buenos Aires) .

É preciso concretar que Marcote exhibe a un tempo fervor patriótico a prol de España e unha febril actividade neste comité no que amosa o complexo armazón social e denota as relacións culturais que se constrúen en base a teoría galega como feito cultural, cuestión que vén tecer os fíos dunha estreita trama de interaccións entre os galegos emigrados de toda Hispanoamérica dándolle a este contido o carácter de movemento cultural.

Sexa como for, esta tan importante rede é construída ao longo do Novo Mundo polo ilustre fisterrán baixo a organización do Comité Pro Colón Español. Estes pódense considerar con xustiza espazos públicos de xestión do coñecemento, debate e discusión aberta e con amplitude de criterios transcenden as fronteiras da Gran Illa Antillana, transferíndoos ao resto do continente e no que tamén evidencian o poder eminentemente masculino e patriarcal das voces que expresan a realidade social da Galicia emigrada a Hispanoamérica. Esta situación sobre a visión patriarcal da tese de Colón galego en Hispanoamérica é obxecto de análise polo miúdo nesta investigación.

Unha evidencia da existencia dos Comités Pro-Colón Español de Montevideo é sinalada na cidade da Coruña. Con respecto á nacionalidade española de Colón, o xornal *La Noche* dá conta dunha interesante conferencia de Manuel de Francisco, que representa ao Comité Central.

> En el transcurso de la magnífica disertación… se hizo un brillante resumen de los puntos en que se basa la tesis, que fue seguida con enorme interés por las numerosas y calificadas personas, entra las que se destacaba la presencia de los representantes de las instituciones hispanas[27] (Diario La Noche, 1954).

O proxecto vital sobre a tese galega ten eco na Europa de entreguerras. Ramón Marcote asiste e presenta unha disertación na Exposición Hispanoamericana de Sevilla de 1929 onde recolle os froitos deste feito cultural que ten gran repercusión en España, onde unha inmensa maioría de asistentes lle dan a benvida e recoñecenlle a súa meritoria labor.

4.5 Outras conexións transatlánticas

A recepción e a transmisión cultural da tese galega en Hispanoamérica na primeira metade do século XX é un feito fundamental para o estudo dar a coñecer a visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica en relación á discutida tese galega sobre a orixe do descubridor Cristóbal Colón.

Os fitos importantes na recepción e transmisión cultural da tese galega en Hispanoamérica revelan sinerxías moi interesantes, todas elas

[27] Diario La Noche. 20/08/1954. A Coruña: "Hemos de destacar con satisfacción este acto que prueba el enorme interés que en todo el Mundo va teniendo la campaña que inició en el siglo pasado el benemérito pontevedrés, Celso García de la Riega".

de diversa índole e non doadas de resumir que van a orientar o desenvolvemento desta investigación desde as personas, os feitos e as verbas. Entre elas poden citarse como as máis relevantes as seguintes:

1) A conferencia de Eva Canel previa á publicación do libro de Celso García de la Riega en Corrientes, Arxentina en 1906.

2) A publicación do libro de Constantino Horta y Pardo en Nova York en 1911.

3) O epistolario existente entre os emigrados das cidades de Pontevedra e A Habana 1923-1929.

4) As visitas na illa de numerosos poetas galegos como Ramón Cabanillas e as acostumadas prolongadas estadías dos intelectuais galegos, algúns deles impulsores da Revista Nós, que permanecían por tempo indefinido naquelas urbes da Galicia emigrada desenvolvendo tarefas culturais de gran calado.

Emporiso, pódese afirmar que os encontros e as comunicacións transatlánticas existentes entre Pontevedra e o novo continente foron de gran valor para a tese galega de alén mar. Estes superaron con creces os desafíos dos impugnadores. Frutificaron e unificaron un discurso e pensamento galeguista e nacionalista español nas urbes do mundo de fala española.

Un dos aspectos aínda non confirmados que desvela este estudo é a temperá chegada da tese a Hispanoamérica por mor da presenza do autor neses territorios. A cuestión explícase desde sendeiros moi diversos. Como xa o mencionáramos anteriormente, algúns emigrados galegos á Habana xa tiñan coñecementos da existencia da tese galega por mor da conferencia impartida por Celso García de la Riega na Sociedade Xeográfica de Madrid no ano 1898. Cómpre explicar a maiores a presenza do autor da tese como funcionario público e

diplomático por varios anos nesa bisbarra antillana baixo o goberno español. Entre os asistentes ao acto estaba José Rodríguez Carracido, que lle escribe a Ramón Marcote en 1926, quen dirixía a biblioteca do Centro Galego da Habana, aludindo á necesidade de examinar o asunto detidamente.

Outras conexións son as dos políticos españois que manifestaron fonda pegada na prensa histórica hispanoamericana e amosaron o seu interese pola cuestión histórica e emancipadora de Cuba. Así figura o discurso do funcionario Pi y Margall desde España. Sinala na publicación a súa comprensión do proceso de evolución da illa de Cuba cara á súa verdadeira autonomía e independencia. [28]

Cómpre complementar as informacións destas conexións coa presenza de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) na Habana. As actividades políticas a prol da causa galeguista influíron na comprensión da tese galega. No entanto, a opinión de Castelao sobre o tema migratorio que se presenta en varios debuxos é contundente. Un deles figura na obra *Colón, español, hijo de Pontevedra*, de Antonio Rey Soto. A contraportada representa unha imaxe da emigración[29]. Castelao fillo de emigrantes, no seu percorrido americano únese á corrente reivindicativa e emancipadora da tese galega asumida con entusiasmo pola multitude dos galegos emigrados e intelectuais do exilio presentes naquela cidade de Bos Aires (Rey Soto, 1920).

Otero Sánchez prosigue a súa actividade febril como personaxe esencial na defensa da orixe galega de Cristóbal Colón. Non cesa de ser o intelectual pontevedrés que máis se esforza en reivindicar a figura de

[28] Galicia (1905). Revista Regional de mayor circulación de la República de Cuba. Director Vicente López Veiga. Cuestión moi importante publicada neste xornal. p.4

[29] O libro engade na contraportada un debuxo de Castelao representa a máis grande ruína de Galicia: no medio do océano un transatlántico vai deixando unha estela de mortos tras de si. Son os milleiros de homes e mulleres que se moven cara á emigración.

Celso García de la Riega en Hispanoamérica. Alí en América defende a tese e refuta compulsivamente a suposta "remarcaxe" de nove dos trece documentos que son o baseamento da teoría que sostén a orixe pontevedresa do descubridor, aos que nos referiremos nun epígrafe posterior. Prudencio Otero non só mantivo unha férrea vontade de mudar a crenza histórica e socialmente maioritaria sobre a orixe xenovesa de Colón, á que cualificou de "erro histórico", senón que amosou unha gran solvencia moral en defensa dos argumentos aportados na proposta de García de la Riega (Otero Sánchez, 1922).

Con este propósito, viaxa numerosas veces a América, en concreto ao Centro Galego de Bos Aires, un dos máis significativos espazos da emigración galega, onde dita conferencias e defende con tesón a nacionalidade galega do descubridor (1920). Deste xeito, Prudencio Otero é quen esperta nos asociados un notable interese sobre a hipótese do Colón galego nos ámbitos da emigración e aos seus oitenta anos mantívose activo na revisión deste problema histórico, dilucidando con nítida claridade a consabida tese: Colón non era xenovés; Colón foi español (Otero Sánchez, 1922).

Estas achegas dan fe das conexións reais entre as dúas beiras do Atlántico. É importante facer algunhas precisións sobre ás actividades e publicacións desenvolvidas arredor da tese galega. Esta conta coa participación de outros colaborares que se autodenominan silenciosos.

Así se autonomea a escritora Canel como colaboradora silenciosa de García de la Riega. Seguindo a orde cronolóxica, así se describe a si mesma Agar Eva Infanzón Canel (1857-1932), mellor coñecida como Eva Canel, xornalista emigrada a Arxentina, quen colabora cun protagonismo crítico de longo alcance a favor de España e dos emigrados na meirande parte de nacións da América española e os Estados Unidos por ter traballado neses territorios. A súa obra merece un capítulo aparte.

Ao fío da cuestión máis alá de correspondencia epistolar cítanse as visitas doutros eruditos da posguerra no Centro Galego de Bos Aires. A este feito sumáselle a presenza de intelectuais como José Neira Vilas, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor e moitos outros persoeiros da cultura galega pertencentes ao grupo Nós e ás Irmandades da Fala. Estes abriron horizontes novos universalizando deste xeito a tese galega e o pensamento galeguista.

A presenza destes literatos e eruditos galeguistas na Gran Illa deixa fonda pegada na configuración desta ampla visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica. Estes coa obra de García de la Riega, *Colón Español*, apropiáronse deste contido cultural e proxectáronno sobre as súas intervencións naquelas sociedades contribuíndo a configurar unha propia cosmovisión do mundo a prol de España. A posteriori púidose comprobar na actualidade cos informantes emigrados retornados de Bos Aires, a presenza de libros en centros escolares nesa cidade e en Caracas nos que estes contidos quedaron como elementos de coñecemento público por parte dos mestres e estudantes neses espazos de América do Sur ata finais da década dos sesenta do século XX.

En resumo, o capítulo pón e valor a reconstrución dunha serie de sucesos que abranguen as accións dos emigrados galegos unha vez que se atopan nos espazos nesa Antilla española. Evidéncianse que de ai parten fíos de conexión entre a Habana e outras cidades como Bos Aires, Montevideo, Caracas ou Nova York como se amosará nos vindeiros capítulos.

Cómpre salientar que a asimilación da tese galega débese en parte á capacidade autoorganizativa e o espírito de superación que se reflicte nas primeiras Sociedades Galegas de Instrución, Artísticas e Benéficas, domiciliadas na Habana. O afán organizativo destes primixenios círculos de estudo conformados por emigrados galegos dan lugar ao ordenamento de accións a prol da fundación do Centro Galego da

Habana do que se desprende a salientable actividade a favor da tese galega desde o Comité Pro Colón Español e as instalacións da biblioteca do Centro Galego, organismos cuxos documentos e sobres timbrados fanlle propaganda á tese galega en toda América.

Estes procesos humanos de asimilación de contidos culturais dan conta da capacidade de lectura e interpretación dos primeiros emigrados galegos á Habana de darlle un significado simbólico á tese rieguista. Estes procesos organizativos explican as implicacións de formación necesarias que os emigrados estableceron nas terras de Ultramar, que lles permitirán coñecer e obter unha clara comprensión das argumentacións da devandita tese.

Referímonos en concreto as condicións previas que permiten a recepción, a aceptación e o recoñecemento deste contido cultural que resalta o fervor patriótico a favor de España. Destácase a función do Comité Pro Colón Español da Habana, o que serve de modelaxe organizativo que permitirá instaurar e replicar os Comités Pro Colón Español en todos os espazos das cidades galegas de Ultramar: Bos Aires, Montevideo, Santiago de Chile, Asunción, Cidade de México e Caracas, entre outras, dándolles un visionario significado cohesionador alén mar que lle permitirá aos emigrados recoñecerse e representarse socialmente neses territorios americanos.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 5. VISIÓN CIENTÍFICA DA TESE GALEGA NOS INTELECTUAIS EMIGRADOS A HISPANOAMÉRICA (1900-1960)

Neste capítulo preséntase a visión científica dos principais seguidores da tese galega emigrados a Hispanoamérica. Os seguidores de Celso García de la Riega son autores dos textos antigos de referencia sobre a tese galega publicados na diáspora á América de fala española. A inquebrantable vocación e determinación dos emigrados galegos fai que as súas publicacións e traballos testemuñen a favor dos argumentos vencellados a cidade do Lérez.

O impacto da tese galega no continente americano tivo un gran calado neste colectivo. Moitos emigrados galegos acharon nestes contidos espazos para o estudo e a investigación sociolóxica, antropolóxica, histórica e xeográfica do tema. Neste senso, e seguindo a cronoloxía dos aportes dos emigrados descríbese o labor dos intelectuais como Constantino Horta y Pardo, Enrique Zas y Simó, Rafael Calzada e José María Mosqueira Manso.

Estes autores publican estudos de carácter culto e académico baseados na tese galega de Celso García de la Riega. Coa súa actividade e estudo replican nas súas obras algúns dos feitos que contra ela se desenvolvían na cidade de Pontevedra. Unha análise dos aportes e divulgación científica dos emigrados a Hispanoamérica confírmase coas obras destes homes que dedicaron parte do seu proxecto vital migratorio a reivindicar a tese galega en Hispanoamérica.

A pesar dos intereses e rancores suscitados entre os intelectuais pontevedreses da época, sobre a tese galega en torno aos "Documentos Pontevedreses", pódese afirmar que estes foron sometidos a proba e a crítica documental. En consecuencia, afirmase con certeza pola confluencia de testemuños que os dinamizadores e intelectuais emigrados tiveron unha ollada xusta, benevolente e altruísta en relación aos documentos supostamente falsificados. Esta controversia máis ben foi valorada en positivo e constituíu o cimento para darlle maior promoción a tese nese continente.

O estudo considera indispensable remitir as inquedanzas dos emigrados en relación coa demostración científica dun feito histórico no que se está a reivindicar a verdadeira orixe do descubridor de América. Estamos a darlle visibilidade ás voces dos emigrados, mulleres e homes estudosos da tese galega, que publicaron en valiosos traballos científicos. Estamos a falar de Constantino Horta y Pardo, Enrique Zas y Simó, Rafael Calzada, José María Mosqueira Manso, Eva Canel e Mercedes Vieito Bouza.

5.1 Constantino Horta y Pardo (1860-1923)

Outra das evidencias da recepción da tese na Habana de inicios do século XX e a de Constantino Horta y Pardo, que publica o libro *La verdadera cuna de Cristóbal Colón* en Nova York en 1911, logo de facerlle unha entrevista persoal ao creador da tese na cidade de Pontevedra.

Este pioneiro libro editado en América é sinalado polo propio García de la Riega na súa obra. Horta y Pardo é un emigrado convencido da tese galega, que presenta as razóns polas que se pode dicir sen lugar a dúbidas que existe unha vinculación entre o Colón da provincia de Pontevedra e a súa ascendencia xudía.

Horta y Pardo é un dinámico profesor, xurista e director do Centro Galego da Habana. Nado en Pontedeume e activista do galeguismo, emigrou moi novo. Foi un destacado escritor que funda e dirixe a Biblioteca Comercial Hispano-Americana. Tamén lle deu impulso ao semanario galego da Habana titulado *La Tierra Gallega*. A súa obra constitúe un dos primixenios aportes dos emigrados sobre a orixe do Gran Nauta que revelan a súa sistematicidade como investigador. Neste traballo apréciase a documentación moi exhaustiva que revisa e a validación da tese coas informacións que lle foran reveladas polo propio autor.

No desenvolvemento da investigación é importante salientar que a cidade de Nova York nos Estados Unidos aquela época xa contaba cunha ampla colonia de emigrados. A obra constitúe un referente científico do feito cultural que se está a explicar. A formación deste erudito facilita que este libro sexa de doada comprensión. Horta dita conferencias e funda cátedras noutras nacións de Hispanoamérica. Case todos os biógrafos da época citan a Horta y Pardo coma un intelectual e comprometido emigrante que se esforzou en darlle a colectividade emigrada posibilidades de mellora a través da educación e do fortalecemento da construción do cemiterio que leva o nome do Gran Almirante e constitúe a principal necrópole galega da Habana.

Horta y Pardo afirma que Colón é orixinario da provincia de Pontevedra, neste senso é posible afirmar que novas accións investigativas posibiliten a validación deste feito apoiado en hispanoamérica e consensuado na orixe xudea que adianta o escritor emigrado a Cuba. No entanto, estudos posteriores de Ónega (1999), Hurtado (2005) e Lorenzo y Macías (2017). afirman que os trazos identitarios de Colón e vencéllano á etnia xudea, existindo a posibilidade de demostración do xudaísmo a partir dos elementos simbólicos das carabelas como o é a cruz templaria no velame destas

embarcacións (Hurtado, 2005), cuestión tratada con toda claridade por Constantino Horta y Pardo.

Ónega (1999) destaca as converxencias entre galegos e xudeus en canto lles interesa a mobilidade e, polo tanto, a emigración, o sentido do aforro, a nostalxia da terra, a laboriosidade, así como a desconfianza e conciencia da realidade e existencia.

O devandito Pedro de Lorenzo y Macías, describe amplamente esta tese na actualidade. Ao respecto, indica sobre os seus estudos no Barrio Hebreo de Pontevedra, que Colón puido nacer ao lado da igrexa de Santa María a Maior, onde está o Campillo. Alí existen algunhas evidencias baseadas nas tradicións orais que nese espazo se atopa a casa onde moraba Susana Fontarrosa, nai do descubridor (Lorenzo y Macías, 2017).

Un texto de Horta y Pardo evidencia unha análise moi detallada do problema da orixe do descubridor en Hispanoamérica. Segundo o relata na súa publicación de Ultramar o galego emigrado, expresa que "El ilustre historiador Dr. La Riega, descubridor de la cuna de Colón, prueba con documentos auténticos, de una manera que no da lugar a la menor fue que la Carabela" (Horta y Pardo, La verdadera cuna de Cristóbal Colón, 1911). Máis adiante cita ao respecto o seguinte:

> La Gallega fue construida en los astilleros de Pontevedra, y estaba destinada al transporte de mercancías para los puertos del Mediterráneo; que al tratarse de la empresa para el descubrimiento de las Indias, fue escogida por Colón en el descubrimiento, justificando su afirmación con un documento o contrato de fletamento, otorgado ante Notario en Pontevedra, tres años antes del Descubrimiento, ó entre un mercader de Aveiro, puerto de Portugal, en cuyo contrato aparecen como testigos un tal Foronda y otro señor García Ruíz que luego figuraron de

> tripulantes de la Santa María o La Gallega. Estos valiosos documentos, obran en el archivo de la Real Sociedad Arqueológica de Pontevedra, bajo la alta inspección y custodia del Dr. La Riega. ... (Horta y Pardo, 1911, p. 47).

Posteriormente, Horta y Pardo afirma que "La Gallega" fue bautizada en el puerto de Palos con el nombre de "Santa María". O texto de Constantino Horta y Pardo é revelador do amplo dominio do relato histórico. O autor subliña as condicións da contrata da embarcación como evidencias do feito narrado, o que dá conta da veracidade, autoridade, imparcialidade e severidade nos xuizos e afirmacións cos que logra cumprir a misión de informar sen sectarismo, paixón nin patriotismo sobre o tema. Evidentemente, o erudito Horta y Pardo presenta unha visión moi cercana ao tema e céntrase nunha evidencia irrefutable, como é o feito da contratación da embarcación que cruzará o Atlántico cara ao Novo Mundo. Finaliza o seu escrito cunha conclusión:

> El gallego Cristóbal Colón y Fonterosa, descubre para España en 1492, un Nuevo Continente, del cual tomó posesión y defendió durante algunos siglos, el fiero león hispano; y otro gallego ilustre, D. Eugenio Montero-Ríos, afirma en París en 1898, la expulsión definitiva del león hispano, que aún rugía en los últimos restos que quedaban de aquel dilatado Continente.¡Rara coincidencia de los tiempos! (Horta y Pardo, 1911, p. 56).

Apréciase neste texto a convicción do autor sobre o relato que se desexa probar -a orixe galega do descubridor- e a maiores nútrese coa metáfora do "fiero león hispano", referíndose a España nos momentos centrais da tese, a coincidencia de ser dous galegos os que se encargaron de rexer os destinos daquela terra: Hispanoamérica. Así sucesivamente poderíamos ir analizando o texto que vén ser primixenio en

Hispanoamérica sobre a visión dos emigrados galegos arredor da tese de Cristóbal Colón. Resumindo, é relevante dicir que con case toda certeza Horta y Pardo déixase imbuír polas primeiras afirmacións que García de la Riega puidera ter feito cando exercera xestións públicas como funcionario na Habana, feito que se podería comprobar pola entrevista que este lle fixera ao propio García de la Riega a posteriori na cidade de Pontevedra, o que remite a pensar na amizade e coñecemento mutuo entre ambos os dous autores.

Evidentemente, o fervor patriótico a favor da rexión galega queda explícito neste contido. Finalmente, cita:

> pasarán también algunos años antes de legitimarse la nacionalidad de Colón, pues no en vano han pasado algunas generaciones repitiendo y consagrando el falso genovismo del Almirante; … los hombres del mañana sabrán rendir tributo y admiración a sus héroes y entre ellos, ya consagrado por la Justicia y la Historia, al humilde provinciano, movido por una generosa exaltación, con incomparable audacia, ardiente fé y extraordinario genio, cambió la faz de la tierra, después de descubrir un mundo maravilloso, para gloria de su patria y orgullo de la región donde se meció su cuna (Horta y Pardo, 1911, p. 49).

O autor recoñece que será a historia a encargada de facer ante as novas xeracións a debida xustiza ante a verdade que sempre chega ao seu destino. É innegable desde todo punto de vista que os emigrados galegos organizados e unidos fixeron todo o posible en asentar a visión da tese galega coma unha verdade histórica no continente americano.

5.2 Enrique Zas y Simó (1877-1929)

Eminente e experimentado xornalista, científico e home de letras, dedicou parte da súa vida a atender ás voces moi elocuentes e entusiastas dos emigrados galegos á illa de Cuba. Zas é unha voz cualificada e un home moi representativo dos emigrados porque é galego e membro da Real Academia Galega en 1919. O seu interese é exaltar na súa obra, como el mesmo recoñece, o nome do libro *Galicia. Patria de Colón* (1923), enunciado no que resalta o que el quere dicir. Escribe este documento editado alén mar, expresando o seguinte: "a reiteradas instancias del Comité Pro-Colón Español de la Habana, quien recabó de algunhas sociedades gallegas de instrucción y recreo, el necesario apoyo para imprimirlo." Aquí o autor deixa entrever que a financiación deste traballo corre da man dos emigrados.

Para o estudo é elocuente que os emigrados asuman o liderado do proxecto editorial deste autor, que emigrou á Habana e volveu á Galicia para facer investigacións sobre a tese de Colón. Zas publica o libro máis representativo da diáspora galega. Ademais diso, este autor é fundador e director de diversos xornais galegos na capital antillana. Entre eles cítanse La Región Gallega, El Ideal Gallego, Labor Gallega, Pro-Galicia e La Ilustración. É autor do conto "De raza brava" publicado en 1915 e "Historia de Cuba" divulgado en 1926. En relación á súa produción científica a prol da tese colombina considérase un dos principais seguidores e investigadores da hipótese colombina. A súa obra *Galicia. Patria de Colón* foi patrocinada polo Comité Pro-Colón de la Habana e impreso en 1923.

Sobre a súa produción existen epístolas que dan fe da estreita relación entre este autor da Galicia emigrada con Prudencio Otero Sánchez. Unha carta datada do 24 de xullo de 1924 descubre que estableceu vínculo cos outros investigadores da tese como o matrimonio Mansfield de Londres, interesados nos contidos da tese rieguista. Nesa

comunicación salienta o seu interese e esforzo persoal en lograr que as "Academias Españolas emitan un informe sobre la oriundez de Colón"[30]. Na misiva estimula a Prudencio Otero a seguir a obra do recoñecemento da nacionalidade do Gran Almirante. Ao respecto, cítase a comunicación existente entre ambos cronistas:

> Todo ello me ha costado bastante trabajo; pero valiéndome de mis amistades e influencias he logrado, que se nombrara la Comisión y que esta esté en funciones. Sería conveniente que con su autoridad, reverdeciera Ud. los anhelos, aún cuando solo fuera con breves artículos. Conforme se lo prometí, yo hago cuanto buenamente puedo para llegar al objeto propuesto; pero me agradaría que Ud. secundara por derecho propio la publicidad, ya que tantos sinsabores le ha costado y tantas energías dedicó Ud. a la defensa de la tesis.
>
> Me hubiera alegrado también, saber que el Sr. Calzada se ocupaba de este tema que va conquistando adeptos a pasos agigantados; pero ninguna noticia he recibido sobre sus actividades (Gegúndez López, 2017, p. 65).

A devandita comunicación é unha mostra clara do máximo compromiso expresado por Enrique Zas fronte ao desenvolvemento positivo da tese galega. O libro *Galicia. Patria de Colón* (1923) constitúe unha réplica que vén contrastar o informe de Angel Altolaguirre (1926), persoeiro da Academia da Historia contrario á tese da que estamos a falar.

A análise deste libro salienta o traballo organizativo dos centros e sociedades galegas organizadas de onde proceden os recursos para a súa edición. Nel reivíndicase a nacionalidade galega do descubridor, sendo indicativo do nivel de concienciación dos emigrados galegos en

[30] Documento citado e publicado por Carlos Gegúndez (2017), pp.64-65.

establecer e arraigar a existencia da tese galega como un contido cultural nese espazo antillano de Hispanoamérica.

Máis adiante, afirma "entusiastas particulares, de quienes también se hará la debida relación, contribuyeron igualmente a este propósito" (Zas y Simó, 1923, p. 1). Nesta cita pódese comprender como o autor explicita o interese e intención da obra en atender a encarecida solicitude do colectivo formado polos emigrados galegos organizados en Ultramar quen desexan que o libro referenda a tese e replique a polémica e a discusión en contra da tese en Galicia.

E prosigue cunha cita que amosa o carácter científico da obra en cuestión. Este libro é:

> fruto de una larga investigación y no de pequeños sacrificios, que doy por bien empleados, teniendo el convencimiento de que mi modesta labor, habrá de fijar de una manera definitiva el origen galiciano, tan discutido, del ilustre descubridor del Nuevo Mundo". (Zas y Simó, 1923, p. 1).

Na biografía do autor pódese comprobar que Zas emigra e volve a España coa intención de investigar sobre o asunto.

A sentencia anterior explica a máxima intención do autor en satisfacer as inquedanzas intelectuais e socioculturais dos emigrados ao querer coñecer a fondo e desde a súa propia perspectiva de emigrados a devandita tese galega. Probablemente o autor responde ante este gran desafío, exaltando desde logo dun xeito científico e histórico a verdadeira orixe galega do descubridor de América, cuestión na que avanza ao longo do escrito advertindo a súa rectificación persoal da tese inicial é relatando como inxusta e antipatriótica a tese xenovesa (Zas y Simó, 1923, p. 1).

Zas está a falar da incesante busca e "porfiado estudio, nos advirtiera del error, descorriendo el denso velo que ocultaba la verdad, arteramente encubierta por la crítica histórica y por el mismo Almirante, conturbado por los prejuicios de la época" (Zas y Simó, 1923, p. 1). Neste texto Zas alude a dúas ideas: primeiramente ao sistemático e verificable estudo histórico que el fai sobre o asunto; e segundo, Zas persuade ao lector sobre os prexuízos existentes naquela época como evidencias do contexto social medieval no que Colón se viu obrigado polas circunstancias a ocultar a súa verdadeira identidade ante os reis de España. Como o autor ben afirma:

> …en esta vindicación, las más grande sin duda que se ha llevado a cabo, hemos puesto todo nuestro entusiasmo patriótico; el anhelo de justificarnos ante la opinión y el gozo, íntimo y profundo, de haber contribuído a encaramar en el pedestal de la gloria regional, al héroe de la más grande hazaña que se registra en los anales de la Historia (Zas y Simó, 1923, p. 1).

5.3 Rafael Calzada (1854-1929)

Erudito galego emigrado a Arxentina, avogado e xurista, cursa a carreira de Dereito nas Universidades de Barcelona e Madrid, merecendo a cualificación de sobresaliente. Comeza a súa carreira traballando en Madrid a carón de Francisco Pi y Margall, e desde antes de rematala distinguiuse como redactor do antigo xornal republicano. Demostrou total dedicación para os artigos e poesías que se publicaron en Madrid e Oviedo, e decide abrirse paso para exercer a súa profesión establecéndose en Bos Aires. Alí comezou a traballar no bufete de José María Moreno, decano da Facultade de Dereito e senador. Case nese mesmo ano gradúase de doutor e Moreno encárgalle a dirección da Revista Lexislación e Xurisprudencia. A súa obra como escritor e moi prolífica. Publica as súas memorias de 50 anos como emigrado a Arxentina.

O libro de Rafael Calzada sobre Colón responde ás inquietudes deste intelectual sobre a necesidade de reivindicar a orixe do Almirante na colectividade emigrada de Bos Aires. Unha misiva dirixida a Prudencio Otero datada do 2 de novembro de 1926 describe a profunda amizade existente entre ambos os dous. Ao mesmo tempo, explícalle a problemática de facer propaganda en Bos Aires sobre a tese de Colón galego, existindo nesa cidade unha importante cantidade de emigrados de Italia que favorecen a tese xenovesa. No entanto, abre a posibilidade de facer as conferencias publicamente nalgún teatro ou gran salón. Neste senso, expresa convir co seu irmán Fermín en facer unha conferencia de pago, "la cual se dará en la Patriótica, cuya sociedad no sé si sabes que preside ahora mi sobrino Luis[31], situación que amosa o interese sobre a cuestión colombina nos espazos austrais (Calzada R. , 1920).

Calzada e ún dos primeiros intelectuais emigrados en divulgar a tese do libro de García de la Riega. Afirma que ditou unha moi entusiasta conferencia sobre o tema na cidade da Asunción en Paraguai no mes de outubro de 1915. O feito tivo ampla repercusión naquel país onde se comezaron a modificar os textos escolares nos que se comenta a orixe galega do descubridor de América.

No prólogo do libro de Calzada apreciánse os comentarios dos eruditos dese tempo. Nesa preclara publicación as voces autorizadas daquel país lle expresaron que aquela conferencia fóra unha das mellores cousas que escoitaran pola lóxica, a forza argumentativa e claridade admirables. A maiores destes comentarios daqueles homes lle suxeriron publícala. Cuestión que Calzada rematou en cinco anos coa publicación *La Patria de Colón* (1920).

[31] Epístola entre Rafael Calzada e Prudencio Otero datada do 2/11/1926 na obra de Carlos Gegúndez (2017).

A obra escrita por este autor reflicte un forte compromiso ético, erudición, orixinalidade e capacidade de reinterpretación das evidencias aportadas por García de la Riega. Estes contidos poden abrir liñas de estudo a posteriori dado o peculiar xeito de persuadir e convencer ao lector sobre o polémico e enigmático tema sobre a orixe do Gran Nauta.

5.4 José María Mosqueira Manso (1886-1962)

Un dos principais referentes do exilio galego ás Antillas e ao Caribe e este polifacético home das letras e das ciencias. O seu labor de fondo calado representa a máis senlleira obra do exilio galego a América. O capitán da mariña española emigra primeiramente á República Dominicana e posteriormente a Venezuela. O imaxinario literario deste notable oceanógrafo, ictiólogo e divulgador comprometido da tese do Colón galego, merece un efusivo recoñecemento por constituír o eixe dinamizador da tese galega en América do Sur nas derradeiras décadas das masivas chegadas de galegos emigrados a Venezuela.

Estamos a relatar o seu labor protagonista na comisión de cultura do Centro Galego de Caracas, desde onde escribe e divulga na Revista Galicia as máis científicas argumentacións arredor deste valioso tema galego que repercutirá fondamente nas conciencias dos emigrados a Venezuela nas décadas futuras. Os coñecementos científicos deste intelectual baseados nas súas experiencias como xeógrafo e navegante danlle ás argumentacións da tese baseadas na toponimia unha validación extraordinaria. A profusión de detalles cos que escribe as súas colaboracións reflicten o fondo dominio que sobre a tese galega tiña este gran erudito.

Grazas aos artigos publicados en Venezuela e ao libro editado na Arxentina, este contido cultural centrado na tese galega senta as bases ideolóxicas dos colectivos emigrados. O movemento cultural que se

asume desde a tese galega vén formar parte do pensamento hispanoamericanista. As contribucións deste galego a prol dos emigrados pérdese de vista, dado que Mosqueira Manso non só é a voz radiofónica dos emigrados a Venezuela, senón que tamén é quen influencia a Neira Vilas e a Luis Seoane en canto á orixe galega de Cristóbal Colón.

Representa o labor de longa traxectoria por todo o continente americano desde a República Dominicana ata Arxentina. Asentado en Venezuela, validou a tese na Arxentina xunto a Luis Seoane e José Neira Vilas, quen editaron na Editorial Citania de Bos Aires *La Cuna Gallega de Cristóbal Colón*, no ano 1961. Obra de amplísima difusión e documento sustentado nas certeiras investigacións xeográficas que este insigne mariño tivo a oportunidade de constatar a imaxe e semellanza do almirante Cristóbal Colón. As contornas galegas e das Antillas e do Mar Caribe puideron ser amplamente estudadas. Nas súas embarcacións logra cotexalas e constatalas case cinco séculos despois.

Nas súas viaxes constata que a meirande parte dos nomes da costa galega, da ría de Pontevedra e dos barrios desa cidade están presentes no espazo hispanoamericano. O apaixonamento deste erudito emigrado amósase no conxunto das argumentacións e probas, como o son as cartas mariñas onde amosa a identidade xeográfica compartida nos topónimos que existen na paisaxe do Atlántico de Galicia e Hispanoamérica. Mosqueira coida a sinxeleza literaria e describe polo miúdo a través de cartogramas que na súa opinión son definitorios e veñen a aclarar o misterio a partir dos nomes con que Colón bautizou os accidentes xeográficos a ambas beiras do océano Atlántico (Mosqueira Manso, 1962).

O texto que se transcribe a continuación da Revista Galicia do Centro Gallego de Caracas, (1953) permite constatar o nivel científico

das achegas deste ilustre erudito exiliado a Venezuela, deste discurso pódense extraer valiosos argumentos que anticipan a visión científica dos instruídos emigrados en canto á tese galega. (Girgado, 1953 p.5).

¿Dónde nació Cristóbal Colón?

(por José M. Mosqueira Manso)

Dicen los genovistas, que los antigenovistas discuten aún la autenticidad de la institución del mayorazgo hecho por Cristóbal Colón, en Sevilla el 22 de febrero de 1498 ante el notario Martín Rodríguez, en la cual declara: "De Génova salí y en ella nací".

¡Qué lastima que se haya perdido el original (?) para poder leer esa frase pero no hace falta para saber que Colón negó con los labios – nunca, con la pluma- su cuna gallega, obligado por la política de odio emprendida por los reyes católicos contra "los feroces gallegos que nunca sosiegan", a los que desplazaron de todos los importantes cargos políticos, militares y eclesiásticos; nunca Isabel la Católica les pudo perdonar su simpatía por La Beltraneja.

Demasiado sabía Colón, que al decirse gallego y por añadidura de origen judío, aunque converso, jamás podría lograr ver convertido en realidad su vidente sueño del "más allá", pero si caer en las garras del Tribunal de la "Santa" Inquisición.

Su treta de decirse marino genovés le dió buen resultado, pues sabía que la fama que en aquella época gozaban los hijos de Génova "en ser los mejores marinos y cosmógrafos". Sin embargo, al recalar en la primera tierra del Nuevo Mundo por él descubierto, su corazón le ordenó sincerarse con su dulce Galicia, perpetuando su nombre en estas vírgenes y lejanas tierras. ¿Cómo hacerlo? – se dijo - ¡Ya está! Bautizar todas las tierras que vaya descubriendo con nombres de mi querida Pontevedra para qué

parado el tiempo, puedan las gentes aclarar el misterio en que me veo precisado encerrar. Y de esa determinación salió la primera Partida de Nacimiento: la Partida Toponímica, pues las Partidas de Bautismo no comenzaron a extenderse por las parroquias o sea después de celebrado el Concilio de Trento: y las Partidas de cambio de muchos de los nombres por él puestos en sus bautizos; pero tampoco los historiadores han procurado descubrirla. Ha sido una sorpresa genial, a largo plazo, que nos legó Cristóbal Colón. Y ella forzosamente debe conducirnos a hacer luz en la misteriosa frase, escritas por él diez años después del descubrimiento: "Las cosas de mi impresa ya luzen y farian gran lumbre si la escuridá del gobierno no la incobriera" (Fijarse bien en los galleguismos que tan corta frase encierra).

Ya es tiempo que procuremos decididamente hacer desaparecer los misterios que encierra la vida del Almirante de la Mar Océano. Si se llamaba Cristóbal Colón, el hombre de mar desde su niñez, nació en Pontevedra; si se decía Cristóforo Colombo, cardador de lana y tendero o comisionista, entonces vería su primera luz en Génova, como aseguran los genovistas; pero si ninguno de esos dos nombres le correspondieran, entonces y sin lugar a dudas, el excelso marino que descubrió el Nuevo Mundo fue de Pontevedra. Un acta escrupulosamente levantada de la auténtica Partida Toponímica, automáticamente lo demostrará. Y si a ésta le acompañamos otros valiosos datos, miel sobre hojuelas. Vayan, pues, solamente dos.

"Quien quiera conocer la patria de nacimiento de Cristóbal Colón – decía el P. Barreira- que mire para el costado de sus naves".

En efecto: la nao Santa María, del primer viaje, se llamó antes La Gallega; fue construida en el célebre Arrabal marinero de la Moureira, en Pontevedra; otra nao del segundo viaje, se llama El Gallego – hay documentos que dicen haberse llamado

La Galicia -; y una carabela del cuarto y último viaje del Almirante, le decían La Gallega.

¡Bonitos y significativos nombres para estampar con letras de oro en la portada de la Partida Toponímica:

Seguramente en recuerdo al Islote da Rata que está a la salida de la barra de Pontevedra, entre Porto Santo y Poyo. Y la Gallega del cuarto viaje, allí quedó encallada en la costa de Veragua.

A propósito de Veragua, vaya el siguiente y significativo dato: "La escritura otorgada en 1796, en la que entonces Duque de Veragua, aparece vendiendo a un vecino de Bandeira (Pontevedra) la importante finca llamada "La Puntada", sita en el lugar de Porto Santo (en onde existe la tradición de haber nacido allí Colón), de la parroquia de San Salvador, Ayuntamiento de Poyo. En ese documento, el Duque vendedor dicha que la finca "le pertenece por herencia de sus finados padres".

Si Cristóbal Colón descubrió la costa de Veragua, hoy Nicaragua; si los Duques de Veragua son sus descendientes directos, llamándose el actual también Cristóbal Colón; si el Duque de Veragua del 1796 vendió en Porto Santo una finca llamada "La Puntada", cuyo nombre aún conserva, que heredara de su finado padre; éste la habrá igualmente heredado de su padre; y éste, del suyo… y así hasta que fundó la dinastía de Veragua, que ha sido Cristóbal Colón ¿no parece lógico creer que el Almirante de la Mar Océano haya heredado también esa finca de su humildes padres? Y como así sería, entonces el inmortal marino ha nacido en Porto Santo, que es decir, en Pontevedra.

¡Parece mentira que los Duques de Veragua se hayan desprendido de esa hermosa finca, cuando ella les daría mayor señoría por haber pertenecido a su ascendiente, el más grande

> hombre de la Historia después de Jesucristo! ¡O es que el abolengo en este caso no reza Me permito una patriota recomendación: recupérenla de nuevo, permítasenos a todos los españoles e hispano-americanos dar nuestro óvolo para poder erigir en el mundo[32] (Girgado, 1953, p. 5).

Interpretar o imaxinario literario no discurso de Mosqueira Manso alude a un home de ciencia e de letras que, formado en Galicia, entrega a súa vontade creativa ao estudo dos acontecementos históricos, naturalistas e antropolóxicos da América española. Seguindo as súas competencias e conviccióńs como capitán da mariña española puido repasar desde as embarcacións onde navega no estudo e análise dos accidentes xeográficos existentes en Pontevedra e nas Antillas e Costas da actual Venezuela, onde comproba a tese galega desde a argumentación da toponimia. Estas ideas concrétanse nunha serie de nomes cos que o Almirante da Mar Océana bautizara moitos accidentes xeográficos das costas das illas Española, Isabela, Fernandina, Terra de Gracia, Margarida e Punta Pedras, momes algúns deles aínda existentes hoxe en día na xeografía venezolana. Os lectores non terán dúbidas en valorar que os nomes dos cartogramas deste egrexio científico galego exiliado e emigrado a América aínda amosan validez e actualidade en relación ao seu argumentario a prol da tese galega.

O estudo insiste en reiterar que o seu obxecto non é precisar se Colón foi ou non pontevedrés. A investigación intenta dar a visión dos emigrados galegos con respecto á tese pontevedresa en Hispanoamérica. Estes emigrados exhibiron confianza na razón pola cal estiveron dispostos a estudar a xeografía e cruzar o Atlántico na procura de datos e informacións nas fontes orixinais. A análise dos textos

[32] Edición Facsímilar da Revista do Centro Galego de Caracas. Caracas. Año II. Coord. Luis Alonso Girgado. 1953. p.5

expostos neste capítulo evidencia a perseveranza intelectual, a claridade, exactitude e precisión dos conceptos expostos.

En resumo, os emigrados apoiáronse nunha serie de evidencias teóricas e fontes primarias como o testemuño dos propios Celso García de la Riega e de Prudencio Otero Sánchez. Amosaron independencia de criterio, autonomía e enteireza intelectual á hora de mudar de crenzas sobre o feito histórico en estudo. As actitudes que exhibiron foron de apertura ás novas ideas e capacidade de empatía e reciprocidade entre eles desde América cos eruditos pontevedreses que canalizaron a cuestión.

Estas actitudes e accións evidencian a preocupación dos emigrados polo relato histórico pontevedrés en América. A capacidade de identificar os significados e signos non revelados, os coñecementos esquivados que non son de dominio público, a capacidade de crear un corpus de contidos e enunciados descritivos do fenómeno en estudo na procura da veracidade do tema é vital na mirada dos galegos emigrados.

Todo iso dá conta da fonda implicación persoal no proxecto investigador e divulgativo da devandita tese sobre a orixe pontevedresa de Colón en Ultramar e permite comprender que estes foron científicos e pensadores críticos que aplicaron estándares intelectuais nos seus razoamentos, dando mostra clara e tanxible de ser intelectuais respectuosos da metodoloxía científica (Girgado, 1953).

Outros extraordinarios aportes son os arquivos sonoros feitos desde os programas radiofónicos que desde Caracas se emiten para toda a colectividade emigrada e que fan deste home un dos máis

comprometidos e visionarios galegos empeñados nunha obra para a posteridade da emigración.[33] (Consello da Cultura Galega, 2021).

Unha síntese desta etapa final da tese galega en Venezuela permite interpretar que os exiliados esfórzanse en asociarse en Hispanoamérica con diversas intencións. Entre outras ideas, foxen do franquismo, das censuras, dos silencios. Cren na grandeza do proceso migratorio, na construción de novas xeracións de mulleres e homes que loiten con mente aberta pola xustiza e a cabal comprensión e tolerancia entre Europa e América. Este contido pasa a ser para eles unha moi valiosa ferramenta de loita social e emancipación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[33] Arquivo Sonoro de Mosqueira Manso dirixido á colectividade emigrada coa finalidade de orientar as accións asociativas arredor dun só centro no que se agruparan todas as inquedanzas culturais dos emigrados. Dispoñible: http://www.enciclopediadaemigraciongalega.com/arquivo_sonoro/mosquera_son.htm .Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 6. A VISIÓN CULTURAL DA TESE GALEGA NO IMAXINARIO LITERARIO DA MULLER GALEGA EMIGRADA

Tras o estudo e revisión da tese galega no Novo Mundo emerxen nomes de mulleres emigradas que veñen a ampliar a visión que arredor deste contido cultural existe nos territorios que acolleron a estes colectivos. A muller emigrada vén desenvolver unha misión importante na difusión desta teoría pontevedresa. As edicións dos contidos facsímilares publicados individualmente ou nos centros galegos así o confirman. As mulleres nestes espazos reflicten na súa produción escrita un amplo abano de significados marcados polo tránsito migratorio. As situacións de desvantaxe social na que se viron inmersas as mulleres da diáspora rexístranse nesta obra.

A escritura vén cumprir unha tarefa importante na denuncia dos propios problemas de inserción social nas novas sociedades, así como as consecuencias de ser mulleres emancipadas en territorios alleos.

A visión destas emigradas sobre a tese galega é dun profundo significado cultural e contén un fondo significado no imaxinario colectivo. O simbolismo expresado a través da tese galega presenta cunha inmensa potencia o influxo ideolóxico da tese sobre os emigrados. A tese galega como contido cultural ten a capacidade de xerar unha conciencia e un pensamento que veñen a influír positivamente nos colectivos da diáspora asentados en Hispanoamérica.

O imaxinario literario ten un imprescindible valor para a explicación do fenómeno en estudo dada a existencia dunha prolífica produción escrita por mulleres sobre a tese galega en Hispanoamérica. Neste senso a tese galega vén ser obxecto dun fecundo imaxinario literario. A maiores pódese afirmar que as mulleres logran enmarcar a tese nun conxunto de significados. A obra atende a cuestións relacionadas coas festividades, conmemoracións e celebracións do feito do descubrimento de América. Estes elementos culturais exprésanse dentro e fóra dos centros e nos órganos divulgativos dos galegos. Teñen o poder de orientar e consolidar o feito migratorio, elevar a autoestima e pensamento crítico do colectivo sustentado nas accións cotiás dos membros das sociedades emigradas.

Nos escritos das mulleres aparecen retallos claves do traballo literario e dinamizador das mulleres emigradas en xeral, situación que reflicte a existencia dunha conciencia de xénero que aparentaba xeralmente ser discriminada, invisibilizada e vítima de prexuizos nas asociacións dos emigrados cunha herdanza patriarcal como a galega que se reproduce en todo o continente. No entanto, existiron fieis representantes da produtiva obra literaria das mulleres emigradas. Estas pódense apreciar na figura das xornalistas Eva Canel e Mercedes Vieito Bouzas. En ambas as dúas vese moi claramente o seu compromiso persoal, político, argumental, literario, creativo e tamén a súa firme identidade coa tese rieguista.

No caso concreto de Eva Canel, a visión plural deste estudo acolle igualmente o seu percorrido literario. Neste senso, pódese afirmar que o imaxinario literario presente nas literatas e intelectuais que se describen é de notable amplitude e fondura argumental. É vital pór en valor e recoñecer os aportes que dentro da moi abondosa publicidade feita á tese rieguista en Hispanoamérica houbo escritos que se alongaron no tempo e nas argumentacións, creando un movemento a prol deste contido que se converte nun feito cultural.

O que realmente ocorre coa produción literaria das mulleres emigradas é que estas informacións están somerxidas e esquecidas. Estas precisan ser analizadas polo fondo contido que encerran, de tal xeito que unha tarefa pendente é facer dos escritos da muller emigrada obxecto de coñecemento público.

Existen estudos máis específicos na área de xénero que describen os esquemas de funcionamento das estruturas do poder patriarcal nestas sociedades galegas emigradas. O que se advirte nunha primeira ollada en canto á visión das mulleres emigradas explícase polo miúdo nestes dous casos representativos da literatura sobre a tese colombina en América. Ambas as dúas salientan a presenza activa da muller na divulgación escrita e oral nos medios de comunicación dos centros galegos. Asemade, pódese comprobar a súa participación na defensa da nacionalidade galega do descubridor seguindo as argumentacións desenvolvidas por Celso García de La Riega. A súa escrita sobre este contido cultural converte a estas mulleres en pensadoras e amosa o seu sentido crítico e a posición propia ante o mundo e ante as circunstancias históricas que atravesaba España nas primeiras décadas do século XX.

As autoras que se escolleron para a explicación do problema en estudo fixéronse eco da tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón desde unha aresta moi importante no seu desenvolvemento do propio proxecto vital na emigración. A mobilidade social das mulleres nas colectividades emigradas merece estudos a posteriori.

No entanto, a produción escrita destas mulleres permite facer a reconstrución histórica da cuestión, ao tempo que dá a coñecer a súa implicación (Gegúndez, 2017). Nos espazos da emigración ábrenselles horizontes moi amplos para consolidar a súa participación na sociedade nas que traspasan as fronteiras do pensamento redutor patriarcal. Emporiso, a presenza das mulleres emigradas no estudo vai ser de tipo intencional e sustentado nas evidencias documentais e fontes que

permiten amosar a súa integración social nos países de Hispanoamérica e a súa implicación persoal e social a favor da tese galega e dos países que as acolleron.

As mulleres tamén se motivaron coa propagación das ideas da teoría de Celso García de la Riega desde unha perspectiva histórica e de xénero, tecendo fíos a través de innumerables escritos argumentativos de alto valor poético, literario e emocional.

Este imaxinario literario arredor da orixe galega do Gran Nauta en Hispanoamérica permite desvelar os aportes e interpretacións críticas sobre como a tese galega influíu na personalidade, os sentimentos, crenzas e valores dos inmensos colectivos emigrados e espallados nos centros asociativos do Novo Mundo que traspasaron as fronteiras das organización galegas e que se publicaron nos xornais dos países a nivel nacional.

O estudo atende á produtividade intelectual das mulleres. A pesar da marxinación de xénero que se vivía nas sociedades patriarcais, a emigración significou para moitas galegas a emancipación. Algunhas tiveron a oportunidade de formarse e envorcaron o seu ímpeto vital na teoría galega. Asemade, tiveron encaixe no desenvolvemento en actividades dos centros e asociacións como dinamizadoras culturais, xornalistas e intelectuais. A súa participación deixa unha fonda pegada na experiencia cultural dos países nos que se asentaron. As documentacións que se expoñen non soamente reflicten a súa senlleira obra literaria, senón que outras expresión artísticas tamén o confirman desde o folclore. Os grupos de baile galego, a organización de eventos benéficos, as agrupacións musicais dan conta da participación da muller emigrada na vida cultural. Tamén nos eidos migratorios se visibilizan as posibilidades de inserción social da muller emigrada e a súa proxección na sociedade de acollida. Algúns estudos salientan a ampla

problemática da muller que emigra a Hispanoamérica coa promesa dunha vida de oportunidades.

Ao respecto, Vicente Peña Saavedra, comisario da investigación Luces alén Mar (Consello da Cultura Galega, 2012), alude á realidade das mulleres emigradas, presentando a actuación das mulleres na emigración:

> Son as grandes sufridoras nos procesos migratorios e seguen a ser as grandes esquecidas da diáspora. Portadoras de saberes, a muller tócalle o papel de actuar de soporte vital para a familia cando o home emigraba, e se tiña suposta fortuna de poder acompañalo, o seu papel era sempre secundario, pero non menos esforzado. Decote, a muller traballaba arreo sendo peor ou nada pagada, menos recoñecida social e familiarmente, e cun importante peso moral as súas costas cando obrigadas polas circunstancias, aquelas familias deixaban os cativos na Galicia territorial (Consello da Cultura Galega, 2012, p. 1).

Neste senso, escóllense os retallos do imaxinario literario do colectivo emigrado a ilustre dramaturga, literata e xornalista Agar Eva Infanzón Canel, intelectual que ostenta o privilexio de ser unha das primeiras mulleres propagadoras da tese colombina de Celso García de la Riega a quen fai alusión nos seus escritos. A súa acción discursiva vén ter unha moi importante pegada na divulgación e expansión dos contidos culturais do Colón galego. A súa elocuencia sinxela pero emotiva permitiu aos emigrados obter unha asimilación do conxunto de argumentos culturais nos que se sustenta a tese galega de Celso García de la Riega en Hispanoamérica.

6.1 Eva Canel (1857-1932)

Foi a máis grande defensora do Colón galego en Hispanoamérica. Muller cosmopolita e adiantada ao seu tempo, pode considerarse a

escritora máis prolífica do comezo do século XX e unha das máis polémicas e profundas no ámbito hispánico, sendo coñecedora a fondo da antropoloxía social e cultural de case toda Hispanoamérica pola súa moi activa vida en España e posteriormente na Arxentina, Perú, Bolivia, Cuba e os Estados Unidos de América.

Eva Canel amosa unha intensa vida xornalística e cultural que terá como escenario a case totalidade do continente americano. O seu afán vital foi integrarse en todo canto proxecto puidese deter o movemento de independencia de España.

O imaxinario literario de Eva Canel en relación á súa produción sobre a tese de Cristóbal Colón como orixinario de Galicia deixa unha fonda pegada hispanoamericanista. Eva Agar Infanzón Canel, nada en Coaña (Asturias) en 1857, filla de Prudencio Infanzón, médico, e de Epifanía Canel, queda orfa de pai aos tres anos, polo que emigra coa súa nai a Madrid, onde moi nova se relaciona co director do xornal La Broma, Eloy Perillán Buxó. Aprende o oficio con este republicano, home con alto sentido do xornalismo e con amplo compromiso social. Perillán é desterrado de España en 1874, co que a literata queda dirixindo o xornal La Broma. (Palmer, 1995).

É muller do polémico xornalista Eloy Perillán, destacado divulgador madrileño que influencia a actividade intelectual dela. Trala emigración a Arxentina onde se desenvolve en proxectos xornalísticos, implícase moito na realidade sociopolítica e cultural de Hispanoamérica, ofrecendo neste amplo territorio o seu labor político e cultural.

Posteriormente, marcha a reunirse en América con el. En Ultramar dedícanse ambos os dous a fundar xornais. En Bolivia fundan "El Ferrocarril", e logo en Bos Aires entre 1876 e 1882 El Petróleo. En Lima funda Las Noticias, El Comercio Español, El Comercio, El Perú Ilustrado e La Broma. Retornan a España, pero Perillán diríxese a Cuba, onde falece, quedando Eva viúva cun fillo. Retorna á Habana en 1891

e traballa na Exposición Universal de Chicago. En Cuba funda La Cotorra. Abraza a causa española durante a guerra hispano-americana e colabora no auxilio dos soldados españois como secretaria da Cruz Vermella. Retorna a España e logo de soterrar os restos do seu home, fica en Bos Aires no ano 1899 e percorre todo o continente, colaborando con diversos xornais e asume a propiedade dunha imprenta.

Referente á tese galega, trata sobre ela primeiramente na conferencia titulada *Isabel y Colón* ditada na cidade de Corrientes (Arxentina) no ano 1906, na que fai referencia a Celso García de la Riega. Esta consideración preliminar dá unha idea da temperá recepción da tese galega nas urbes transoceánicas onde se asentaban os galegos emigrados. Asemade, amosa o encaixe sociocultural desta xornalista que viaxaba dunha urbe a outra sen reparos de tempo e dedicación.

Canel é unha muller sobranceira de entreséculos, discrepante e moitas veces a contracorrente. Viviu intensamente ao longo e ancho de Hispanoamérica, desenvolvendo tras o seu labor literario e xornalista unha moi fonda comprensión dos procesos de transformación que se viviron desde a causa da perda das colonias españolas perante a guerra de independencia e chorando case sen avergoñarse de non poder atopar ningunha solución de continuidade coa nación española. Este afán de explicar a realidade histórica que acontece apréciase claramente na súa obra *Por la Justicia y por España* (1909). A súa personalidade arriscada, punteira, independente, activista dos dereitos humanos dos emigrados, discrepante e con dominio da escena política e da produción dramática convértena nunha adiantada ao seu tempo no liderado da muller hispanoamericana.

Outro traballo titúlase *Lo que ví en Cuba* é o resultado dunha importante comprensión da inmigración española que vivía na illa, na que representa fielmente o fenómeno migratorio desencadeado polo cultivo da caña de azucre. O eixe articulador do seu discurso é a censura

dos costumes e prácticas dos norteamericanos radicados nesa illa, así como a descrición dos procesos da mestizaxe entre galegos e a poboación oriúnda de Cuba (Canel, 2006). Neste libro describe unha viaxe pola maior das Antillas na que se presenta cunha actitude crítica fronte a presencia dos Estados Unidos nese territorio.

O seu percorrido vital revela unha especial fascinación pola illa antillana, onde discorre a súa primeira etapa, participando no proxecto de goberno español e escribindo numerosas obras de teatro que reflicten a súa comprensión da antropoloxía social propia desta rexión insular das Antillas. Escribe neste senso *El Indiano y la Mulata*, coas que escenifica o costumismo propio e a mestizaxe que se presenta coa chegada dos galegos emigrados (Muñoz, 2009).

A pegada que deixa Eva Canel a prol da tese colombina dá fe do seu fondo sentido de observación sociolóxica, a súa identidade a favor de España, e sobre todo a solidariedade e alta estima que amosa fronte aos colectivos emigrados. Con este sector traballa con afecto cos que comparte un moi especial sentimento de identidade, situación que se pon de manifesto nunha conferencia maxistral. Trátase da moi famosa conferencia dada na cidade de Corrientes (Arxentina) a petición da Sociedade Española de Socorros Mutuos o día 12 de Outubro de 1906 con ocasión das romarías e con motivo de celebrarse o descubrimento de América. Desta alocución subliñaremos algúns retallos que reflicten a presenza da tese galega en Hispanoamérica e a ideoloxía que agroma nos seus traballos posteriores (Canel, 1907).

A análise do discurso de Eva Canel en relación ao legado colonial de España fundaméntase ao longo da revisión documental das moi diversas publicacións desta xornalista. Estas ofrecen ao obxecto de estudo unha ollada do contexto no que se desenvolve en case a totalidade do continente americano. As obras permiten pensar nas súas preocupacións, sentimentos e motivacións fundamentais como

emigrada española a Hispanoamérica. A autora presenta un rol protagonista que activa a través da tese galega de defensa do español en América e de España como nación nos momentos da emancipación deses territorios que formaban parte de España. Atacou con rudeza as intromisións dos Estados Unidos na vida política e cultural das antigas colonias españolas. A evolución do pensamento político desta autora pode notarse ao longo da súa obra que merece estudos posteriores.

Unha das súas primeiras publicacións que constitúen o punto de partida e conciencia do problema histórico imperante nese territorio é o *Album de la Trocha*. A publicación desta viaxe no vapor Purísima Concepción de excursión de Cienfuegos a San Fernando que se aprecia na Lám. 26, é unha fotografía feita no ano 1897, cando aínda Cuba é parte de España. A ilustración permite entender a intención da xornalista de coñecer, defender e salvagardar o legado cultural español en Ultramar caracterizado pola amizade, costumes, lingua, solidariedade e infraestrutura que está a deixar España nese predilecto territorio.

Aínda que este texto aparenta non ter relación coa tese galega, permite obter unha ollada global do problema que se está a vivir como cidadá española nese continente e particularmente na illa de Cuba.

A principal angustia desta muller con personalidade polémica e de liderado hemisférico a favor de España é describir a realidade da independencia das nacións de Hispanoamérica. O escritos intentan evitar que Cuba quedara envolta nas ameazas e controis políticos dos Estados Unidos de América. Salienta nos escritos a identidade cultural de paz e xustiza a favor de España como legado que se unifica insistindo no sentimento e a visión de Hispanoamérica. Asemade, afirma a necesidade de manter a convivencia entre España e o resto das nacións americanas (Canel, 1909).

A maiores, esta líder amosa a ollada feminista. Canel insta a falarlles ás mulleres cubanas de superar as barreiras sociais contra a opresión racial e sexual existentes, o que permite que nas primeiras décadas do século XX as cubanas participaran nos espazos públicos como se aprecia na Lámina 26.

A obra postrera desta insigne española emigrada e muller de letras remarca a interrelación entre España e o imperio español despois da independencia de Cuba ante os ollos dos Estados Unidos.

A fecunda obra feita a contracorrente desta escritora conclúe en afirmar a identidade cultural é o espírito das ideas entre os españois emigrados e a ruptura política con Madrid (Canel Eva e outros, 1897). En síntese a obra máis favorable a España é *Por la justicia y por España* (Canel, 1910) asunto de vital importancia no que a autora se volca a salientar as raíces españolas e o legado espiritual de España en América.

Lám.26. Eva Canel (centro) a bordo do vapor "Purísima Concepción". Viaxe de excursión de Cienfuegos a San Fernando (Cuba,1897). Fotografía procedente do libro citado.

Ao fío da cuestión un dos materiais máis simbólicos en relación á difusión da tese galega en Hispanoamérica é a conferencia que en outubro de 1906 dita esta xornalista na cidade arxentina de Corrientes. A análise do texto constitúe, sen ningunha dúbida, a opinión dos emigrados arredor da tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón. O repaso do texto orixinal do documento editado por esta autora-editora (Canel, 1907) consta de corenta e sete follas. A escrita dá fe do seu fondo pensamento hispanoamericanista. Nel diríxese a Martín Echegaray como presidente da República do Uruguai nese momento e aos seus ministros. Algúns dos parágrafos son elocuentes no pensamento desta autora sobre a raíña e o descubridor de América, cuxo título e *Isabel e Colón*[34]:

> En estas épocas flexibles, de voluntad más cimbreadora que el bejuco, las energías como la suya llegan al Tabor, transfiguradas por la lucha que nos sirve de ejemplo.
>
> Hace ya muchos años amigo Echegaray, que particularmente y a ratos con la pluma, vengo ayudando sin que lo sepa él, al catedrático de Pontevedra D. Celso de la Riega, en la propagación de sus estudios respecto de Colón.
>
> He hablado con entusiasmo verdadero, con entusiasmo mío, queriendo hacer rodeo y atraer a mi campo, al campo de D. Celso a personalidades que pueden ayudar en esta propaganda histórico-patriota de mundial interés, y siempre hallé personas dispuestas a embobarse en el primer momento y hasta dispuestas a perder un rato, que ya es mucho perder, oyendo mis razones más o menos lógicas. En mi sentir más lógicas que menos.
>
> Ahora que vuelve a España, ponga su buena voluntad, su galleguismo y sus arranques de patriota, en que se ayude al señor

[34] Esta é a primeira obra escrita e publicada sobre o Colón galego, dos emigrados a Hispanoamérica nela a autora expresa con claridade a colaboración "silenciosa" dela coa tese de Celso García de la Riega.

> de la Riega para que persista: en que los hombres que lo pueden hacer, que lo deben hacer, emprendan la campaña oficialmente ya sea por el gobierno, ya sea por la Academia de la Historia: mejor por esta con el nombre oficial.
>
> Que sean citados historiadores extranjeros, que se llame a un Congreso; que se reúna éste; que presente Galicia, léase de la Riega, sus antecedentes, sus pruebas, para mi convenientes, y que Génova aporte cuanto pueda aducir para seguirnos disputando que Colón es Colombo.
>
> Si Colón es Gallego carguemos con su parentela., pero diré que mientras pueda, no dejaré de reclamar que se depure el nacimiento de esa figura histórica que por si sola llena el mundo….
>
> Usted y sus paisanos, señor Echegaray, encontrarán en Vigo y Pontevedra una manera hábil de encauzar el trabajo: es una gran necesidad saber a qué atenerse: que sepa el mundo entero a que carta se queda, y que se diga con autoridad, autoridad sentada sobre cimiento indestructible.
>
> Le vuelvo a repetir que estoy muy convencida, tan convencida que más no puedo estar, de que Colón fue un vivo nacido en Pontevedra.
>
> …Anime usted a los gallegos, amigo Echegaray, y cumplirá con el deber más grande y con el más excelso: el de contribuir á esclarecer una verdad histórica, que reverberará con luz eterna, sobre las glorias de Galicia que son glorias de España (Canel, 1907).

A interpretación do esforzo vital de Eva Canel é clave nos procesos de comprensión dos acontecementos históricos sucedidos en Hispanoamérica e particularmente na Arxentina e posteriormente na illa Antillana. Ela é testemuña de excepción sobre os cambios sufridos en Cuba a consecuencia da intervención estadounidense. Como persoa

vinculada ao fenómeno migratorio o seu discurso historicista amosa a intención explícita na defensa a morte de España nunha época de gran repercusión pola da perda das colonias americanas no ano 1898.

A obra posterior de Canel apoiada sobre a tese colombina constitúe o labor que salienta unha postura radical ante o mundo que lle valeu recoñecementos en España polo enorme sentido de lealdade a patria de orixe, o gran liderado e toma de conciencia histórica. Sobre a súa elocuencia son expresión moi evidente os devanditos parágrafos que evidencian os difíciles tempos que sufriron os emigrados galegos de alén mar. A xeneralidade das situacións non revelan a auténtica realidade da muller emigrada por non presentarse visible dado o sistema de desigualdade en canto ao funcionamento do poder nas sociedades emigradas, cuestión que fai difícil de acceder ás informacións que describen o que realmente se observa. Moitas veces son contidos soterrados baixo a superficie doutros que aparentan ter maior relevancia, como ocorre nas sociedades patriarcais representadas neste estudo polos integrantes masculinos do Comité Pro Colón Español. O estudo explica a situación de predominante patriarcado presente nos centros do asociacionismo galego no Novo Mundo.

Sobre Cristóbal Colón foi unha das primeiras en investigar: “las observaciones étnicas y físicas de Colón son mías, y el propio señor de la Riega me felicitó por el hallazgo de ellas. Después he visto que otros las han reproducido como propias”. As súas achegas en relación á tese de Colón reflíctense na conferencia sobre Isabel e Colón ditada en Corrientes en 1906 con motivo de celebrarse o descubrimento de América (Canel, 1907).

Ao longo do texto pódese verificar a intención da autora en promover faladoiros sobre a tese rieguista desde as moi diversas e agudas interpretacións. Canel enfoca o desenvolvemento da muller emigrada adiantándose nese século ao feminismo dun xeito

conservador pero contundente. Eva Canel insiste en publicar artigos a favor da muller. O seu discurso emancipatorio e feminista contravén á realidade da época. Asunto que se confirma co seu falecemento na illa de Cuba en condicións de precariedade albergada por unha familia amiga. A autora constitúe a libre e viva expresión dos factores que impiden as mulleres a acceder a igualdade de dereitos e oportunidades.

6.2 Mercedes Vieito Bouzas (1888-1960)

A presencia de Mercedes Vieito Bouza na divulgación da Tese Galega e inobxetable. Esta filla de galegos emigrados procedentes de As Somozas merece un recoñecemento especial sobre o asunto coloniano en América. Os perseverantes aportes escritos desta muller sobre Colón Español nos eidos migratorios galegos son escasamente coñecidos nos ámbitos públicos. No entanto, as fontes documentais evidencian que a súa efervescente e proactiva actitude a prol deste contido tivo un amplo impacto divulgativo sobre o territorio que parte das Antillas americanas e se expande por todo o resto do continente.

Seguindo a Neira Vilas (2016), o contexto xeohistórico e cultural da tese galega é amplo porque abrangue desde a chegada dos primeiros emigrados á illa de Cuba, situación que marca o carácter histórico e social do estudo coa presenza dos primeiros pescadores galegos coma unha constante. O comezo da emigración masiva produciuse polo ano 1850, tendo maior auxe a partir de 1870, data na que se rexistra a chegada da saga familiar dunha muller galega emigrada pioneira con respecto á difusión da tese galega, situación que se recolle e edita desde o Centro Galego da Habana. Trátase dunha pioneira do xornalismo galego en Hispanoamérica. A mestra galega Mercedes Vieito Bouzas encárgase das publicacións daquel centro e comprométese co impulso deste contido convertendoo nun feito cultural no Novo Continente.

A investigación de Purificación Cabido López (2001) destaca a Mercedes Vieito Bouza como parte dunha riada de emigrantes que chegou de forma masiva a América. Nace na Habana en 1888 e falece en 1960. Fórmase como mestra elemental nunha sociedade eminentemente patriarcal, aínda que os seus pais esforzáronse porque lograra completar estudos universitarios, situación que lle foi doada rematando maxisterio e xornalismo. Neste oficio desenvólvese a idade temperá, de maneira que os seus primeiros artigos escríbeos con 15 anos e datan de 1902. Participa na fundación do Centro Galego da Habana. A obra desta muller é ampla e reflicte unha fonda sensibilidade social apoiada na Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia, que data de 1871.

Desempéñase como defensora da creación da Real Academia Galega na Habana a través da Asociación Iniciadora y Protectora a que e pertenceu como membro correspondente da institución desde a súa creación. Nos seus escritos é evidente o influxo que nela causa a presenza dos poetas galegos dese tempo. Tras a revisión da súa literatura exhibe temas fundamentais na súa obra xornalística que abriron a mirada a fortalecer a identidade dos emigrados coa tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón, colaborando na difusión e explicación do 12 de Outubro como día do Descubrimento de América, Día da Raza e posteriormente Día da Hispanidade desde a visión sociocultural dos centros galegos. Esta activista e investigadora colombina xerou con este contido un estilo comunicativo que se consolida nos facsímiles do resto dos territorios de ultramar. Mantivo sempre un dinamismo e actitude de defensa sobre o participación da muller na sociedade contemporánea. Asunto evidente que se aprecia como unha premisa fundamental de toda a súa obra na que aparece como a primeira funcionaria encargada da revista do Centro Galego da Habana desde os inicios.

Nas verbas de María Xosé Costa Alcalde (1997) entrégase integramente á vida política galega, ás sociedades de instrución e á chamada de atención sobre os problemas da muller galega. Un retallo da súa obra expresa:

> Una de las regiones que más padecen con la emigración es Galicia, la tierra azotada por los caciques, la que sufre todos los males y todas las injusticias con resignación y mansedumbre, la que es abandonada por sus hijos (…). La emigración, digan lo que quieran los partidarios de ella, es funesta para España porque esa juventud que viene a América es elemento poderoso de vida que pierde aquel país (Vieito Bouza, 1905, p. 1).

Este comentario crítico dá conta do realismo social en que se movía a produción literaria das mulleres emigradas conscientes da situación en que queda España despois da saída da xente cara ao Atlántico. (Costa Alcalde, 1997) .

A obra asociacionista, dinamizadora, intelectual e impulsora do pensamento galego desta autora é curiosamente amplo. Mercedes Vieito escribe sobre o Colón galego como tema central da súa obra perante case toda a súa vida. Afonda a súa escrita en autores que traspasaban as fronteiras da cidade de Pontevedra.

A súa literatura é extensa e rexístrase nas revistas dos emigrados galegos da Habana: *Galicia*, *Heraldo Gallego*, *Cultura Gallega* e *Eco de Galicia*, sendo directora desta última. Colabora nestes xornais de maneira ininterrompida por máis de trinta anos. En 1924, aos 37 anos, embarca en ruta a Galicia cos seus tres fillos e permanece por un ano en terras galegas. Ao regresar á Habana é cando se radicaliza o seu compromiso social, comezando o seu discurso e loita pola xustiza:

> Galicia ultrajada, calumniada, menospreciada, tiene hambre y sed de justicia. Así pues, es necesario de todo punto esa agitación agraria, es preciso ese despertar del pueblo, reclamando

> sus derechos, defendiendo su pan para librarse de las terribles perspectivas del hambre, es indispensable que se haga cuanto antes la emancipación de los derechos y aspiraciones del pueblo gallego, pues que no son diputados por éste, sino por el cacique…. Jamás resuena la voz de ningún diputado por Galicia para defender a ésta de injusticias y atropellos (Eco de Galicia, 1918)[35].

Describe a autora o atraso nas vías de comunicación e necesidades negadas polo poder central. Dóese da actitude do emigrante que foxe sen enfrontar o caciquismo, sen loitar polos seus dereitos e fala con claridade dos traficantes de emigrantes, situación xa descrita neste traballo a propósito das citas a Gustavo Torcuato de Tena. Cando se refire á diáspora galega, refírese a esta como un espectáculo sanguento, tristeza de éxodo, traxedia, que deixa os campos desertos e ausencias definitivas en pos de soños delirantes de riqueza e progreso.

O discurso de Mercedes Vieito desde a visión da biógrafa Cabido (2001) sobre as mulleres está esclarecida na problemática dos seus artigos. Anticipada ao feminismo, constitúese nun referente sociolóxico a favor da muller, a que fica en Galicia e a emigrada. Refírese ás "viúvas de vivos" que en Galicia se atopan nunha situación legal moi difícil, non poucas descoñecen o paradoiro do home emigrado, ou se está vivo ou morto, e non poden volver casar. Acusadas de adúlteras, podían ser encarceradas, mentres que o marido ausente non comete adulterio se casa con outra muller. Describe a muller emigrada cun baixo nivel de cultura, case analfabeta, reclamada case sempre por un home: irmán, tío, marido ou pai. Viñan a Cuba a ocuparen postos de traballo moi mal remunerados: criadas, lavandeiras, amas de cría, etc. Estas mulleres dentro da sociedade patriarcal non tiñan dereito ningún. Vieito móstrase

[35] Eco de Galicia (57), 11 de agosto de 1918. Ano II, marca un estilo tipográfico que se constitúe nunha constante nas revistas da prensa histórica emigrante de Hispanoamérica.

solidaria, comprometida, vangardista e falece aos 72 anos logo de dedicarse enteiramente aos emigrados. Os seus restos áchanse no Panteón do Cemiterio de Colón pertencente á Sociedade Galega Aurora das Somozas. O rescate da obra desta muller emigrante aínda é unha tarefa pendente (Cabido López, 2001).

Neste senso, escóllese o retallo dos mais relevantes da súa obra como editora do xornal *Eco de Galicia* do Centro Galego da Habana. Neste fragmento literario da Galicia emigrada a América coa temática do Colón galego pódense facer análises desde diversas ópticas. Algunhas destas pezas dan idea do inmenso compromiso patriótico e senso de celebración e homenaxe a figura do descubridor de América quedou representada na escrita por esta autora como segue:

La Fiesta de la Raza

> Una aurora más en la fecha inmarcesible del doce de octubre, fecha en que un marino gallego marcó el jalón de gloria al efectuar el milagroso descubrimiento. Una aurora más en la cadena del tiempo, una aurora en la inmensidad de los cielos y en el espacio inconmensurable de los siglos, una aurora repleta de todas las bellezas que la naturaleza madre ofrece y una página eternamente abierta a todas las tragedias y a la glorificación infinita de la historia.
>
> El acontecimiento asombroso tuvo su inicio en la hazaña del valeroso nauta gallego (y no genovés) y siguió en su ruta de la leyenda heroica, en la exploración y conquista de los tan vastos como fértiles territorios.
>
> Un ilustre escritor norteamericano Charles F. Lummis, asegura en su magnífica obra "Los Exploradores Españoles del siglo XVI", que nada en la historia hay comparable en grandeza, en gesta legendaria, en valor sorprendente y fascinante, al heroísmo desplegado por aquellos hombre que vestidos de mallas, se lanzaron a la empresa de conquistar un territorio

inmenso y salvaje, haciéndolo hábil para la vida de la civilización; heroísmo que mas tarde había de cristalizar en la grandeza de las florecientes naciones de raza hispana, cuyas banderas se han agitado, cuando necesario ha sido , en estremecimientos de rebeldía, en convulsiones libertadoras y, cuyos pueblos, cada año al llegar la fecha dek doce de octubre sienten renacer el vigor de la raza en un desbordamiento sublime del alma popular, en un rebullir de la sangre de nuestra gloriosa estirpe, en un algo tan intenso, que agita la entraña misma de la nación progenitora. Hoy en Cuba, nublan este día de esplendor, los crespones del luto, y , las palmas esbeltas, parecen monumentos funerarios engarzados en la esmeralda de los campos, mientras del tañido quejumbroso de las campanas parece escaparse las voces de los caídos en una lucha infecunda y estéril, porque es lucha entre hermanos, sañudas de los corazones a todo amor y a toda generosidad.

Asi pues, hoy, doce de octubre, fiesta de la raza, que se celebra en toda América como en España, aniversario del día en que Cristóbal Colón, llegó a las playas desconocidas y suspiradas, sea para Cuba la MAS HERMOSA TIERRA QUE OJOS HUMANOS VIERON, como el gran Almirante escribió en su diario, algo así como un alborear en las tinieblas, una huella luminosa que marque el principio de su reconstrucción, el inicio de su nuevo progreso, de un grande florecimiento en todos los órdenes de la vida, el lenitivo a todas las tristezas, el bálsamo que restaña esas heridas que pudieron desangrar su comercio, abatir su industria y cubrir los campos de ruínas.

Hay que hacer que la paz reine en los corazones, que el amor surja, borrando la abundante púrpura de la sangre que brilla junto a los raudales diamantinos del llanto; que sea cubierto el palio azul de este cielo tropical por el gris del humo de las fábricas y talleres, por la actividad, por el progreso, por el trabajo, por la riqueza económica…..

> Invoquemos en esta hora suprema los manes de Colón que nos protejan (Vieito de López, 1933, p. 1).

As colaboracións desta xornalista preséntana como a máis activa muller na escrita a prol da tese de Colón, ao punto de afirmarse que en 1906 entra a formar parte como colaboradora fixa do corpo da redacción de *Galicia*, órgano divulgativo da diáspora a Cuba.

As mulleres emigradas que escribiron e publicaron sobre a teoría rexistran na súa obra un pensamento adiantado á época arredor dos valores e o compromiso social que se derivan da lectura e a investigación que *motu proprio* fan da tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón. Neste baseamento filosófico xorden as posturas ideolóxicas que van fornecer o xermolo do hispanoamericanismo. Pódese concluír que o discurso e o imaxinario literario presente na obra de Mercedes Vieito Bouza, editora das principais cabeceiras dos xornais dos emigrados, presenta un conxunto de regularidades textuais que converten a tese galega nunha metáfora da defensa da emigración e dos emigrantes. A súa consistente produción escrita aparece na primeira folla destes xornais por case tres décadas (Vieito Bouza, 1905).

Ao longo do tempo, e desde os catorce anos comeza a publicar baixo o influxo da cercana presenza de poetas como Curros Enríquez, asemade os iniciadores da Real Academia Gallega da Habana onde asume un rol protagónico. A maiores é unha das principais impulsoras da Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia. Os escritos que publica céntranse no heroísmo e méritos dos emigrados. No entanto, o tema que mantén ao longo da súa obra xornalistica e a da festividade e celebración do día do Descubrimento de América. Feito histórico presentado cunha linguaxe poética, alegórica, grandilocuente e de argumentacións investigadoras que reflicten o compromiso social co devir histórico da sociedade de acollida.

A presenza desta muller como xornalista suxire unha loita que ten moitas lecturas e unha delas reflicte a existencia dun patriarcado institucional imperante nas sociedades galegas emigradas.Tras o seu proxecto comunicacional desde ese centro galego, corrobórase o seu rol reivindicativo e emancipatorio en favor da muller.

Os escritos posteriores a ela confirman a existencia dunha emigración posterior e masiva de mulleres que asumen unha conciencia colectiva en torno a súa relevancia naquelas nacións coas que se implican totalmente.A misión de Vieito Bouza é clara e consiste en elevar o nivel cultural dos lectores. A través dos escritos desta xornalista e pedagoga pódese comprobar que ela é unha das principais impulsoras da asimilación da tese galega neses territorios. A súa creatividade permite aos emigrados asimilar os angustiosos procesos históricos que vive Cuba. A través da súa obra utiliza o acontecemento histórico protagonizado por Colón galego o representante da nacionalidade española en Hispanoamérica converténdoa nunha metáfora para a defensa dos emigrantes. A obra desta xornalista abrangue máis de tres décadas e dá conta dos vínculos da muller emigrada coas entidades asociativas nos países de acollida.[36]

[36] Mercedes Vieito de López é a responsable da redacción das editoriais da Revista Eco de Galicia, o enunciado La Fiesta de la Raza, é unha constante ao longo da prensa emigrante de Hispanoamérica. A Habana 15 /04/1933 (364).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 7. AS EDICIÓNS FACSÍMILARES E LIBROS DE DIVULGACIÓN DA TESE GALEGA EN HISPANOAMÉRICA (1900-1960)

A recuperación de textos literarios, divulgativos e narrativos sobre a tese galega en Hispanoamérica evidencia a necesidade de dar a coñecer e estudar unha parte da historia de Galicia que non é suficientemente coñecida e investigada. O capítulo detense nas actividades editoriais e nos territorios de Ultramar nos que se produciron revistas, xornais e libros sobre un contido que tivo amplo impacto e repercusión nun momento histórico de entreséculos, como é a tese galega de Celso García de la Riega**.** Este é un esforzo de recuperación da memoria a través daqueles materiais que posúen valor cultural, científico e histórico para a configuración da historia de Galicia. En canto que evidencian a necesidade de facer un relato ata agora escasamente coñecido que dá lugar a unha ampla actividade cultural e intelectual galega ao outro lado do Atlántico**.**

O capítulo remite á investigación e aportes de Leticia Quintás, traballo no que se recupera a memoria histórica das edicións facsímilares do Castro, e serve de referente para o desenvolvemento deste capítulo (Quintás, 2015).

7.1 Edicións facsímilares, obras, autores e revistas

A liña de traballo da recuperación dos textos da emigración foi adquirindo unha importancia grande dentro do contexto galego. A meirande parte das edicións facsímileares editadas nos espazos da

diáspora están clasificados e rescatados polo Consello da Cultura Galega e a Fundación Ramón Piñeiro. Existen desde o ano 1900 ata 1954 documentos que repousan nos arquivos da emigración galega cos que se pode intentar reconstruír os procesos humanos de transmisión e difusión dos contidos que explican a teoría galega en Hispanoamérica. Os galegos emigrados dedicáronlle páxinas enteiras á publicación das conferencias sobre a discutida teoría galega na prensa, nos xornais, nas revistas, libros e programas radiofónicos. Como resultado destes acontecementos, a revisión documental, a recollida e a recompilación de datos permiten evidenciar a existencia dunha inxente e heteroxénea produción intelectual dos galegos emigrados a Ultramar, nas que se reflicte a intención de reivindicar o sentimento galego e a Galicia desde a perspectiva da nacionalidade histórica.

Nestas publicacións coexiste a lingua galega e o castelán, revelando unha intencionalidade esclarecedora a prol do nacionalismo español. Prestixiar a España é un obxectivo claro nos enunciados dos aportes dos intelectuais galegos. Estas revistas que permaneceron vivas ao longo dos anos, deron cabal cumprimento e testemuño da súa galeguidade e deste nacionalismo e intentaron deixar o legado da cultura e a tradición de España nos territorios transoceánicos.

Ao longo da revisión documental é curioso apreciar que a difusión da teoría é feita por unha elite intelectual galega emigrada ao Novo Continente**.** As fontes e consultas realizadas coinciden coa existencia de escritores, xornalistas, historiadores e autodidactas que se encargan da produción escrita dos contidos relacionados coas edicións facsímileares das revistas producidas nos centros do asociacionismo galego, e case sempre os escritos arredor da teoría vincúlanse á produción dos centros galegos. Conflúen nestas edicións facsímileares a presenza de poemas e outras contribucións dos poetas galegos, como Ramón Otero Pedrayo, residentes en Galicia que podían reivindicar ao

galego como lingua sen censuras e ditar conferencias nos centros galegos con recoñecemento económico. Deste xeito, é moi claro destacar a contribución da Galicia territorial sobre a cultura nas sociedades emigradas de América.

É preciso dicir que desde a independencia das colonias de España ata a Guerra Civil acontecen feitos que constitúen o alicerce para a produción e difusión de contidos culturais que fortalecen a imaxe de España en Ultramar. A partir da Guerra Civil desaparecerán a meirande parte das revistas culturais no país. As editadas en América conságranse ao servizo da cultura e da información e forneceron a continuidade e o empeño de manter a cultura galega que se amosaba perseguida.

A divulgación da teoría sobre a orixe de Colón reviste unha importancia capital. A prensa, revistas e libros publicados en Hispanoamérica é un feito que merece unha análise particular polo feito de ligarse ao proceso asociativo que transcende a niveis de movemento cultural galego en Ultramar. A meirande parte das publicacións están estreitamente relacionadas coas sociedades emigradas e nelas reflíctese un espectro divulgativo máis amplo destas nacións.

Unha das manifestacións evidentes do desexo dos emigrados en preservar a súa identidade cultural son as cabeceiras dos xornais, revistas e boletíns de divulgación sobre a vida cotiá nos centros galegos da diáspora. Asemade, a súa intención sempre é describir o que lles acontecía nos lugares de destino. A dinamización cultural da tese de Colón galego en Hispanoamérica parte dos centros asociativos galegos e esténdese á prensa nacional dos países de residencia dos galegos emigrados, polo que se pode falar da existencia dunha construción cultural da teoría do Colón galego nos colectivos emigrados a Hispanoamérica.

Esta difusión tamén vén ligada á procura de manter vivos os costumes e tradicións de Galicia. Os colectivos emigrados organizáronse con prontitude e alto sentido de compromiso social, coa finalidade de contar con espazos propios de apoio e solidariedade mutuos que representaron escenarios idóneos para a instrución e a produción escrita como o revelan as primeiras publicacións hispanoamericanas sinaladas no capítulo anterior.

Estes centros alonxados de Galicia e construídos nos momentos iniciais das ondas migratorias permitiron a creación de fondas interaccións entre os galegos emigrados, axudando dalgunha maneira a suplir as inquedanzas por sentirse afastados da familia, terra e veciños galegos.

As publicacións que emanan dos centros galegos en Hispanoamérica dan conta do entramado social existente nas comunidades de emigrados e serviron de base para o encontro cos contidos culturais sobre a tese colombina, servindo de aliciente contra a saudade e a morriña causadas polo afastamento da patria de orixe. Estes xornais permitiron crear un sentimento común de aprecio pola terra e as súas raíces, que podemos definir como "galeguidade", para o que utilizaron o recurso do asociacionismo.

Este documento desvelou o gran interese dos galegos emigrados de crear os seus propios contidos nos espazos onde poder integrar as súas inquedanzas sociais. Sixirei (2001) estuda de xeito pormenorizado e exhaustivo este fenómeno. O autor desvela as causas deste fenómeno que ten transcendencia e dá idea do compromiso dos galegos polos seus colectivos emigrados.

Nos seguintes parágrafos descríbense as publicacións desenvolvidas pola elite cultural emigrada. Eminentes galegos, con

inmensos desexos de retribuír á patria galega as súas propias inquedanzas, convertéronse co seu traballo e firme compromiso social cos colectivos emigrados nos máis ferventes pregoeiros da construción cultural colectiva galega en Hispanoamérica.

A revisión documental amosa un conxunto significativo de obras feitas no exilio e na emigración a Hispanoamérica que se activaron como grandes líderes deste histórico éxodo. Estas publicacións expresan o pensamento galego nese territorio e danlle forma e sentido a presenza dos milleiros de galegos que naquelas novas terras se atopaban. Os editores deses facsímiles aparecen escasamente visibilizados na historia de Galicia e merecen estudos posteriores. Entre os máis egrexios editores están Manuel Curros Enríquez, Vicente López Veiga, José Ramón Barreiro, Roberto Blanco Torres, Basilio Álvarez, Antonio Somoza Outeiral, Silvio Santiago, José María Mosqueira Manso, Luis Seoane e Xosé Neira Vilas, entre outros.

Entre os divulgadores da tese galega, o estudo subliña o traballo dos pioneiros Ramón Marcote, Enrique Zas y Simó, Rafael Calzada, José María Mosqueira Manso, Xosé Neira Vilas, Constantino Horta y Pardo, entre moitos outros que alentaron á emigración sobre o valor e importancia de escribir sobre o feito histórico do descubrimento de América. Todos eles fundamentan a súa obra na orixinal e primixenia hipótese do pontevedrés García de la Riega.

A dinamización e divulgación de contidos culturais e o asociacionismo galegos son dous procesos que veñen íntimamente ligados. A produción escrita marcha xunto ás interaccións que se desenvolven nos espazos asociacionistas ao longo do feito histórico da emigración a Hispanoamérica.

O asociacionismo galego vén constituír o espazo de debate e discusión. Represéntase pola xuntanza dos galegos coa intención de ter un espazo para o intercambio de ideas, a creatividade o lecer e a mitigación das tristuras propias do desterro. O resultante destes procesos asociativos serve de base para que os amigos pertencentes a unha localidade e os parentes amosaran o seu afán de facer cousas pola colectividade galega cun fondo sentido de apoio e solidariedade. A emigración privilexiou as relacións entre paisanos que se converteron na familia daqueles que a tiñan lonxe. A comezos do século XX proliferan nos países americanos asociacións creadas polos emigrantes.

De seguido, presentaremos as achegas do estudo sobre estes contidos da produción intelectual dalgúns dos historiadores e dinamizadores culturais presentes nos centros galegos da emigración e que foron protagonistas da historiografía da emigración galega a Cuba, Arxentina, Uruguai, México, Porto Rico e Venezuela, principais espazos xeográficos que constituíron os países de acollida dos galegos emigrados. Estamos a explicar as características das cabeceiras máis notables desas tres décadas do século XX, nas que existiu unha inxente produción escrita a prol do imaxinario colombino pontevedrés.

7.2 Cuba

Unha breve descrición das case unha decena de cabeceiras producidas polos emigrados comeza coa máis senlleira de todas. Feita na Gran Antilla, a cabeceira *Galicia* é a máis notable polas case tres décadas de produción escrita na que se destacou sempre a tese galega sobre a orixe de Colón.

A revista *Galicia*, semanario rexionalista fundado por Vicente López Veiga que foi tamén o seu director-editor, reporta no primeiro número da edición de 1902 o artigo “¿Nació Colón en Pontevedra?”, texto cuxo

contido cultural cita a conferencia ditada por Celso García de la Riega no ano 1898[37]. E no seguinte número a entrega titúlase "Cristóbal Colón y Fonterrosa"[38]. Unha análise deste xornal dá idea da relevancia coa que se iniciaba a información e case campaña publicitaria a favor do Colón pontevedrés que posteriormente se consolidaría con outras accións de maior difusión continental. A existencia deste relato nos primeiros anos do século XX permite inferir a posible intencionalidade dos galegos sobre unha suposta influencia temperá da presenza da tese na illa de Cuba, dadas as actividades exercidas por Celso García de la Riega mentres exercía funcións diplomáticas nesa illa antillana a finais do século XIX.

Neste senso, cítase a *Tierra Gallega*, cabeceira que vén sendo un semanario creado na Habana coa finalidade de dignificación dos coterráneos en Cuba atentos ás actividades da gran asociación rexional Centro Gallego co fin de colaborar co seu desenvolvemento e liberación da rutina (Centro Gallego de la Habana, 1915).

La Alborada é unha cabeceira creada en 1912 na Habana, fundada por Roberto Blanco Torres en 1907, como órgano divulgativo da colonia galega en Cuba. Responde a unha etapa de gran efervescencia na historia de Cuba e tamén a unha etapa importante da nosa emigración na que se multiplicaban as sociedades de instrución, que tiñan como obxectivo erguer e soster a escolarización en Galicia. Nese intre editábanse once publicacións periódicas galegas simultaneamente. Estas escribíanse de xeito independente e pódese afirmar que presentaban gran calidade, malia seren escritas por campesiños que se alfabetizaban en clases nocturnas na emigración. De aí destacaron algúns mozos, como Manuel Lugrís Freire, quen impulsou *A Gaita*

[37] Galicia. 1902. ¿Nació Colón en Pontevedra? (3)10/08/1902.

[38] Galicia. 1902. Cristóbal Colón y Fonterrosa. (4). 17/08/1902.

Gallega, e Waldo Álvarez Insúa coa emblemática cabeceira *El Eco de Galicia*.

Relata Neira Vilas sobor os emigrados o dinamismo, a vontade e o esforzo que levou a moitos deles a empresas das que nin idea tiñan cando embarcaron, son unha das mostras máis definidoras desa vontade, tenacidade, desa enerxía. É precisamente a prensa, e isas publicacións dos emigrados ás que xunto cos seus creadores son exemplo para todos os estudosos da historia. Isto dá idea do inmenso valor que lle puxeron os emigrados cubanos ao proceso de instrución unha vez chegados aos países receptores da emigración. (Neira Vilas, 2012).

Estes xornais dan fe da existencia daquela institución coñecida como Sociedade de Beneficencia de Naturais de Galicia, fundada en 1872, que exerceu unha importante actividade literaria e propagandística con conferencias pedagóxicas nas que se reflectían as ideas de unión dos pobos iberoamericanos e o rexionalismo galego como baseamento ideolóxico desa institución, e que lle van a dar cabida ao concepto de Hispanoamérica, no que nos deteremos máis adiante (Centro Gallego de la Habana, 1915).

Estes marcharon cos coñecementos e inquedanzas necesarias que fixeron xurdir espazos moi notorios para o desenvolvemento cultural e social nestes países. Neste senso, cítanse algúns dos intelectuais galegos que tornaron a súa mirada a Hispanoamérica. Deste conxunto de emigrantes, algúns historiadores, mestres, artistas, xornalistas tiveron clara repercusión no desenvolvemento cultural dos coñecementos que se impartiron na emigración e que foron difundidos polos historiadores galegos que saíron cara a América desde o século XIX ata o XXI. Tales aportes que reflicten os acontecementos históricos de Galicia foron amplamente divulgados e rexistrados nas publicacións dos centros

galegos da emigración. Entre os países nos que tiveron un amplo espectro sobre o debate da tese do Colón galego, cítanse entre outros a Cuba, Arxentina, Uruguai, Porto Rico, México e Venezuela.

O *Eco de Galicia*, revista gráfica e de información da colonia galega de Cuba, de periodicidade semanal e quincenal, é unha das principais revistas da emigración galega á illa de Cuba. No ano 1937, o presidente Fulgencio Batista, deulle apoio á causa republicana na sociedade cubana, o que motivou a chegada sucesiva de milleiros de galegos a Cuba desde finais do século XIX e principios do XX. Neste senso, cabe destacar a existencia das revistas da emigración como esta, que é un documento e testemuña das características da prensa galega da emigración a Cuba, a cal abrangueu o extenso período de 1917 ata 1931, constituíndo unha cabeceira de especial relevancia nos estudos migratorios galegos.

A revista ilustrada de información da colonia galega en Cuba permite subliñar o recoñecemento ao valor dos investigadores, os dinamizadores culturais, e os galegos e galegas colaboradores coas xestións de organización, planificación, comunicación e promoción da cultura galega ao longo dos séculos e décadas da emigración a Hispanoamérica, o cal constitúe hoxe en día unha materia pendente, que denota a necesidade de visibilizar as voces da historia da Galicia emigrada contada polos seus protagonistas, ata agora esquecidos polo feito migratorio.

A polémica sobre a orixe galega de Cristóbal Colón presenta larga data e abrangue un longo período. Sobre esta controversia obtivéronse moi interesantes informacións. Na dinamización cultural da colectividade galega en Cuba observáronse numerosas intervencións, actores sociais e documentos, que se centraron sen dúbida no Centro Galego de La Habana. Alí a exemplar presenza e traballo de

Constantino Horta y Pardo, ademais do bibliotecario, escritor e xornalista Ramón Marcote Miñarzo, foron decisivas para darlle pulo aos contidos culturais galegos, dos cales a tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón foi motivo de ampla discusión. Neste senso centrarémonos na obra do comprometido estudoso Ramón Marcote, quen emigrou a Cuba no ano 1898 (Marcote Miñarzo, 1920).

Este bibliotecario, dinamizador da cultura galega en Cuba, nace en Fisterra no ano 1880 e falece en 1955. Este interesante persoeiro da emigración á Habana transcende pola súa obra, xa que foi o fundador da máis importante biblioteca de temas galegos de toda América. Naquela biblioteca o fisterrán recompilará un senlleiro número de materiais documentais que orientaban á colectividade sobre a orixe galega de Cristóbal Colón, polo que é o principal dinamizador da tese do Colón Galego naquel centro. Deixou fonda pegada na illa de Cuba, onde desempeñou funcións por máis de cincuenta anos ininterrompidamente.

Datados daquela época, convén centrarse nun conxunto de artigos publicados na revista *Galicia* da capital cubana e un informe emitido pola Real Academia Galega sobre a orixe de Cristóbal Colón. É importante destacar a actitude colaborativa deste intelectual da diáspora. Ramón Marcote foi un galego autodidacta, dinamizador da cultura galega no Centro Galego da Habana, que no retorno fixo contribucións moi significativas na fundación da Biblioteca América da Universidade de Santiago de Compostela.

Como resultado do seu proxecto vital no Centro Galego de La Habana retorna a Galicia, onde tivo unha fundamental misión na concreción dun transcendental proxecto. Foi nomeado membro da comisión protectora da Biblioteca Museo América, que hoxe se coñece como Biblioteca América e encóntrase depositada na Universidade de

Santiago de Compostela, despois de ser fundada por María Pilar Cagiao Vila coa colaboración de Gumersindo Busto. O destacado bibliófilo e historiador autodidacta Ramón Marcote presenta os aportes da tese galega na Exposición de Sevilla, onde é fortemente aclamado. A el atribúeselle a divulgación da teoría galega, non só en Hispanoamérica, senón tamén nos Estados Unidos e Filipinas.

> La Verdadera Cuna de Cristóbal Colón (1911): obra de Constantino Horta y Pardo é unha das primixenias obra escrita e publicada no continente americano deste peculiar e cosmopolita dinamizador da cultura galega, quen polos seus moi acuciosos estudos colombinos, xa na edición da súa obra: La Cuna Gallega de Cristóbal Colón (1911), presenta dun xeito documental, argumentado e moi analizado as razóns polas que se pode dicir sen lugar a dúbidas da vinculación de Colón coa Provincia de Pontevedra (Horta y Pardo, La verdadera cuna de Cristóbal Colón, 1911).

Este célebre impulsor do galeguismo na Habana emigra desde moi novo. Nado en Pontedeume o 21 de maio de 1860, é un destacado escritor que dirixiu os destinos do Centro Galego de La Habana e foi fundador da Biblioteca Comercial Hispano-Americana. Deulle impulso tamén ao semanario galego da Habana, titulado *La Tierra Gallega*. Esta obra edítase en Nova York no ano 1911 e constitúe un dos mellores aportes biográficos sobre a vida e a orixe do Gran Nauta (Horta y Pardo, La verdadera cuna de Cristóbal Colón, 1911).

Horta y Pardo dedicase ao estudo de Colón nos derradeiros anos do seu ciclo vital, e dá por sentado non só a relación do Almirante coa comunidade xudía de Pontevedra, senón que tamén fai referencia á orixe xudía-pontevedresa do Almirante cunha claridade e documentación exhaustiva que a fan meritoria de que a validación da tese sobre a orixe pontevedresa de Cristóbal Colón non só poida

resolver o "erro histórico" do que falaba sempre Prudencio Otero Sánchez, interesado en abrir novas liñas de investigación sobre a etnografía de Galicia e a súa ascendencia semita desde o século XIV. No desenvolvemento da investigación, observamos que o traballo é importante, porque a pegada do Colón galego espallouse tamén aos Estados Unidos de América. Cómpre sinalar a histórica presenza dos galegos nesta cidade e por suposto a data da divulgación da tese de Colón galego no ano 1911, anticipándose á publicación de García de la Riega.

Neste senso, noméanse as cidades de Brooklyn, Newark e Ellis Island como os puntos onde os galegos desenvolveron o seu traballo e se organizaron en sindicatos americanos. A reportaxe subliña o labor de Manuel Vidal, dinamizador dos galegos, quen se encargaba de buscarlles traballo unha vez que os situaba no porto. Algúns destes galegos reemigraron a Venezuela anos máis tarde. A obra escrita, documentada e editada en Nova York (1911), é pertencente á dinamización cultural do Centro Galego da Habana, que relaciona a Colón coa comunidade xudía de Pontevedra (Horta y Pardo, La verdadera cuna de Cristóbal Colón, 1911).

Colón pontevedrés, datada no ano 1920, constitúe un moi emocionante traballo, pois o autor non só se refire á teoría de García de la Riega, senón que tamén fai constar no seu traballo os extraordinarios comentarios do público asistente naquel memorable día en que don Celso García de la Riega na Sociedade Xeográfica de Madrid do ano 1898 e con argumentos irrefutables comprobaba dun xeito maxistral a tese da orixe galega de Colón, na cal explicou razóns nas que alude á vida azarosa e a vez misteriosa da orixe de Colón.

Ao fío da cuestión no ano 1917, Marcote lle dá comezo ao seu libro cun subtitulado onde explica que Colón é pontevedrés e non

xenovés (Marcote Miñarzo, 1920). A devandita obra do bibliotecario galego emigrado Ramón Marcote Miñarzo (1920), é amplamente citada polos autores e investigadores. Carlos Gegúndez (2017), investigador sobre a teoría rieguista en Hispanoamérica, expresa que "La Habana siempre lideró la divulgación del Colón gallego"[39].

A obra do creador do Comité Pro Colón Español, desde a biblioteca do Centro Gallego da Habana, reflicte como foron os comezos da transmisión cultural a Cuba, país Hispanoamericano que presentou ao longo da historia unha forte identidade con Galicia (Gegúndez, 2017).

Xa daquela idade dourada da teoría do Colón galego, don Ramón Marcote precisa a importancia de rectificar tan significativo "erro histórico"[40]. Ademais, expón a inxente e constante propaganda naquela época transcendental para a tese de Colón galego, onde os xornais de España e América afondaban no tema. Cita para iso o labor do publicista Vicente Blasco Ibáñez, na súa notable obra *Os Argonautas*, na que sostén de modo irrebatible ser Pontevedra o berce de Colón e non Xénova como ata o de agora se cría (Marcote Miñarzo, 1920).

Sobre as publicacións galegas das décadas dos 20 e 30, pódense citar a Mercedes Vieito de López (1933), escritora e divulgadora da cultura galega na revista *Eco de Galicia* da Habana[41]. Asemade, tamén se recolleron escritos de Carlos Albeiros, quen fai unha escrita coñecida como "Desenredando la Madeja" na que o autor aporta datos sobre a

[39] En Gegúndez (2017) recóllense os fitos máis importantes da transmisión cultural. No *Eco de Galicia* aparece reiteradamente como o "culto bibliotecario do Centro Galego da Habana".

[40] "Erro histórico", definición obxectiva dada por Prudencio Otero ás informacións que aportou nos xornais pontevedreses que se remitían a Hispanoamérica con respecto á orixe pontevedresa do descubridor.

[41] Eco de Galicia. La Fiesta de la Raza. (364). (15 de octubre de 1933).

nave descubridora "La Gallega", orixinaria da provincia de Pontevedra e aínda máis escribe un comentario cun importante significado: "Por eso los hijos de la nueva América somos tan españoles como los nacidos en la misma España, ya que a España le debemos todo cuanto somos". Ao interpretar o texto de Carlos Albeiros remontamos á visión do Colón galego no retorno da emigración, quen dun xeito concreto vén facer aportes moi substanciais á súa terra de orixe, Galicia (Vieito Bouza, 1905).

O devandito Enrique Zas (1923), en *Galicia. Patria de Colón*, reflicte que é un galego comprometido coa divulgación da tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón, colaborando cos xornais cubanos da emigración galega que se citan de seguido: El Ideal Galego, Labor Gallega, Pro-Galicia e La Ilustración. Todo este conxunto de nomes e traballos dan fiel testemuño da realidade que significaba para os galegos e galegas o afastarse da terra de orixe. Emporiso, xustifícase amplamente a relectura da historiografía da emigración galega a este país caribeño que hoxe en día ten fonda influencia noutros espazos xeográficos de terra firme na América do Sur, como o é Venezuela (Zas, 1923).

Neste senso, unha das máis representativas iniciativas e o MEGA, é dicir o Museo da Emigración Galega existente na cidade de Bos Aires e no que se poden visibilizar as contribucións das galegas e dos galegos da emigración. A importancia desta institución é que permite facer memoria daqueles que traballaron nese eido. Con todo, segundo a Xosé Manoel Núñez Seixas, é indubidable á altura do ano 1900 que entre os emigrantes era maior a taxa de alfabetización. Mais alfabetización en castelán non significaba necesariamente un grao satisfactorio de competencia lingüística activa naquela lingua nos desembarcos no porto de Bos Aires. De aí que o idioma galego seguise vivo na emigración, sobre todo cando unha alta porcentaxe dos emigrantes

voltaba ao cabo de varios anos a Galicia, e as taxas de retorno achegábanse ao cincuenta por cento (Nuñez Seixas, 2006).

O labor de Xosé Neira Vilas e Luis Seoane a prol da tese de Colón foron acontecementos que marcaron a visión da colectividade galega emigrada a prol da tese sobre a orixe galega do Gran Nauta (Neira Vilas, 2012).

Xosé Neira Vilas (1928-2015), primeiramente emigrado a Arxentina e máis tarde a Cuba, logo dun longo percorrido migratorio volta a Galicia. No ano 1949 chega a Bos Aires e enseguida pasa a formar parte dos círculos culturais bonaerenses. Neste senso e tendo de cerca ao editor Luis Seoane, con quen traballaba, ambos vense influenciados por José María Mosqueira Manso, quen os fascina sobre a transcendental tese expresada en *La cuna gallega de Cristóbal Colón* [42], un dos aportes científicos máis contundentes sobre a tese que sostén a galeguidade de Cristóbal Colón (Mosqueira Manso, 1962) .

No entanto, a polémica e o debate comezan a ter auxe nos medios bonaerenses. Un dos antecedentes máis importantes sobre a enorme controversia que xera a tese de Colón galego en Arxentina constitúeo o pioneiro traballo americano *La Patria de Colón* (Calzada R. , 1920).

[42] A obra de José María Mosqueira Manso, exiliado galego na República Dominicana e Venezuela, exerce un labor de gran impacto nos espazos culturais de Bos Aires e Venezuela, onde don Prudencio Otero xa tiña dadas varias conferencias en torno a que se precisaba corrixir un "erro histórico" referíndose a tese galega.

7.3 Arxentina

Nunha primeira aproximación aos informantes do exilio e a emigración Arxentina actual púidose obter unha primeira visión subxectiva do tema. É curioso que os testemuños obtidos revelen que para eles naqueles tempos existía unha carencia de figuras ou imaxes que os representaran no exterior. A tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón significou para eles encher este inmenso baleiro.

A revista *Galicia Emigrante* publícase en Bos Aires entre os anos 1954 e 1959 baixo a dirección de Luis Seoane, e tamén refírese a un programa de radio que abrangue o período de 1954 ata 1971, que é unha iniciativa do pintor e considérase unha das mellores edicións radiais da emigración galega, amosando deste xeito a diversidade de facetas deste ilustre artista. O programa radiofónico emitíase entre as 14.00 e as 14.30 de cada domingo en distintas emisoras como Radio Liberta, Radio Porteño e Radio Arxentino.

As crónicas redactábaas Luis Seoane e Víctor Molinari, e Carlos Orfeo poñíalles a voz. Foron escritas integramente en castelán para o cal esgrimiron varias motivacións: as legais e as de audiencia para poderen ser escoitadas por un público máis amplo. Un dos principais portos de destino da emigración galega foi Arxentina. Este país exerceu unha intensa atracción para os desterrados galegos. Os milleiros de emigrantes que tomaron partido pola legalidade republicana agrupáronse en numerosos centros, nos cales dada a complexidade do fenómeno migratorio vivíronse inevitables confrontacións ideolóxicas aguzadas polo conflito bélico do ano 1936 e os posteriores anos da fame que sen lugar a dúbida reflectía unha sociedade fragmentada pero unida na esperanza dun futuro alentador.

A colectividade emigrada de Arxentina conta coa presenza de intelectuais de transcendencia universal para a configuración da historia

de Galicia. Non só se pode citar a Castelao, Seoane e Neira Vilas, senón que tamén acompañou a longa relación cos emigrados un intelectual que, participando nas dúas Galicias, permite a existencia dunha colaboración que fixo frutífero o labor dos que vivían nunha e noutra banda do océano, como foi o intelectual Francisco Fernández del Riego. A polémica na emigración a Hispanoamérica en canto á teoría colombina foi febril e combativa. Italianos e galegos emigrados loitaban á par pola orixe do descubridor, desenvolvéndose altercados aos que fai referencia Núñez Seixas (2006).

Foi un momento histórico na Arxentina onde tiveron lugar un conxunto de actividades que lle deron forma e documentación escrita á tese de Colón galego. A visión do Colón galego na Arxentina nas décadas dos 50 e 60 pode sintetizarse a través das achegas documentais de tres personaxes ilustres da emigración a Hispanoamérica.

Xosé Luís Axeitos (2003) subliña que o punto de converxencia no eido cultural galego está constituído, sen lugar a dúbidas, polo galeguismo como acción cultural, como proxección ética e moral á marxe dos partidos políticos, e vai conseguir un encaixe favorable na tese de Colón galego, posto que eses centros foron o espazo axeitado para dirimir as controversias. Este autor ofrece este libro a todos os derrotados na guerra civil, homes e mulleres que loitaron polas nosas liberdades e pagaron un alto prezo de soidades e ausencias. Falar de identidade galega na Arxentina implica referirse ás iniciativas culturais que lle dan base á presenza da cultura galega e a aqueles que a trouxeron (Axeitos, 2003).

7.4 Uruguai

O Boletín do Centro Galego de Montevideo é unha obra senlleira e a máis anterga da emigración, data do ano 1879. Algúns cronistas entre

exiliados e emigrados desenvolveron fitos memorables da historia da emigración galega ao Uruguai, e déronlle alento á tese sobre a orixe galega de Colón. Neste xornal do Uruguai transcríbense notas do xornal madrileño *ABC*, con informacións producidas por historiadores en relación á patria de Cristóbal Colón. Neste Boletín destácanse as publicacións de Prudencio Otero Sánchez, onde o autor apela ao feito significativo de reivindicar a tese rieguista e a figura do seu creador a partir do enunciado "Deshaciendo un error histórico" (Otero Sánchez, 1918).

O facsímile número ún do Centro Gallego de Montevideo de 1917, recolle na segunda folla dous artigos que presentan estes enunciados: *La Fiesta de la Raza* e outro *La Patria de Colón.* Ambos os dous sinados por Constantino Horta y Pardo conmemoran o doce de outubro de 1492. Cuestión que confirma a sintonía e sincronía intercontinental coa que os emigrados publican en torno a tese galega. (Horta y Pardo, 1917 p.2).

Outro emigrado que escribe sobre o tema é Armando Olveira, un dinamizador cultural que pon de manifesto a construción daquela Galicia da diáspora. Na súa reportaxe dixital, este galego de Hispanoamérica desenvolve o que podemos chamar a historia da Galicia hispanoamericana, configurada por personaxes quen con compromiso e tesón fixeron posible que a cultura, a memoria e a identidade galegas tiveran unha fonda pegada neste país suramericano. Segundo Olveira, creouse en Montevideo un dos movementos democráticos máis destacados, "O Concello de Galiza", unha iniciativa do impulsor do galeguismo en América. Referímonos a Daniel Alfonso Rodríguez Castelao, pai do nacionalismo galego quen, xunto co seu gran colaborador Luis Tobío, impulsou diversas publicacións e edicións galegas en Hispanoamérica (unha delas foi *Galicia Emigrante*), actuando como voceiro dos republicanos españois no Río da Prata e

membro das Irmandades Galeguistas. O inmenso labor a prol da identidade galega en Hispanoamérica desenvolveuse no Patronato da Cultura Galega, creado pola iniciativa do inmigrante José Cancela Freixo. Esta emblemática institución é recoñecida en todo o mundo hispano pola súa defensa da lingua e a cultura galegas e mantense viva aínda hoxe en día.

Outro fito moi importante foi a creación do programa radiofónico "Sempre en Galiza", que forma parte do patrimonio cultural dos emigrados. O nome deste programa semella o ensaio fundamental de Castelao do mesmo título. Este programa tivo fonda pegada en Montevideo, Bos Aires e o sur de Brasil. No entanto, xurdiron outros programas deste nome en Venezuela, na Irmandade Galega de Caracas. Desde Galicia chegaban novas sobre a realidade cultural galega e pontevedresa que se emitían nestas emisións radiais.

O *Semanario Regional Ilustrado Tierra Gallega* é un xornal fundado en Montevideo en 1917 polo galego emigrado a Uruguai José María Barreiro, baionés, quen ao longo dos anos fundacionais e despois de sufrir unha persecución caciquil local convértese nun líder da comunidade de Montevideo. Algúns autores, como Núñez Seixas, utilizan para referirse a el o termo de "expatriado". Nesta temática relacionada coa tese de Colón galego en Uruguai destacouse o xornalista José María Barreiro, director deste semanario e doutros como *Galicia Nueva*. Foi tamén o fundador da Casa de Galicia de Montevideo. José María Barreiro non só se dedicou ao tema xornalístico, senón que tamén foi amigable, solidario e descubridor de talentos con algunhas persoas da emigración a quen axudou a saír do anonimato, tal foi o caso da cantante Maruxita Villanueva quen ao longo da súa interacción co xornalista acadou rotundos éxitos como cantante de cancións galegas nos espazos sociais da emigración. (Blanco Rosas, 2014).

Uruguai é un dos países emblemáticos na historia da emigración galega. No ano 1944 fúndase en Montevideo o Consello de Galiza, o que será o goberno galego no exilio despois do golpe militar do 36. A produción intelectual deste grupo pódese comprobar nas publicacións facsimilares.

As experiencias radiofónicas de José María Barreiro están relatadas no libro *Maruxa Boga*, que é o nome do programa radiofónico no que estivo esta prestixiosa locutora galega durante máis de corenta anos. Unha vez máis confírmase a posibilidade real de abrir unha liña de investigación sobre o labor das mulleres galegas nos países suramericanos (Blanco Rosas, 2014).

A controversia sobre a orixe de Colón en Montevideo forma parte esencial deste estudo. O Semanario Regional Ilustrado Tierra Gallega data do ano 1917, o que significa que recentemente se cumpriron cen anos da presenza da discusión sobre o contido colombino en Hispanoamérica. O nomeado xornal refírese con claridade e concreción aos testemuños de don Prudencio Otero Sánchez, quen era presidente da Deputación e Alcalde de Pontevedra e quen dirixiu unha comisión para coñecer os documentos recollidos por don Celso García de la Riega (Barreiro, 1917).

A colectividade galega de Uruguai para aquel entón xa tiña coñecemento daqueles documentos que amosaban a verdadeira liñaxe de Cristóbal Colón. Non obstante, culpáronnos de que aqueles dados foran alterados. Parte da discusión céntrase en que Prudencio Otero, contando coa presenza de dous avogados Luis de Goriostola e Joaquín Núñez quen certificaron que os ollaron en perfecto estado e ante tal inxustiza propuxéronlle obter novos datos que puideran acreditar a mesma tese da orixe galega de Cristóbal Colón que xa tiña proposta García de la Riega no seu documento (García de la Riega, 1914).

Outro destacado artigo, o de Sánchez Mosquera, do Centro Gallego de Montevideo, dá conta e coincide co interese de Colón de embrollar o tema da súa patria de orixe, ou como se xustifica que Colón non tivera en conta os nomes italianos na toponimia da contorna de América. Afondan sobre o tema no mesmo boletín sobre "La Patria de Cristóbal Colón", do Centro Galego de Montevideo, outros autores galegos como Manuel Freire Calvelo de "Vida Gallega", ou Luciano Rey Sánchez quen insiste sobre a toponimia de Poio en hispanoamérica, ou "Deshaciendo un error histórico", no que se afirma que o descubridor do Novo Mundo era español". Ou a demostración de que o nome Christofforus Colombus de Xénova non era o do gran almirante Cristóbal Colón (Barreiro, 1917) .

Un segundo argumento asevera que Colón coidouse de amosar unha orixe foránea por si se lle chegase a extinguir a herdanza por falta de varón, e fixo a declaración "de Génova salí y en Génova nací" para evitar a procura dos dereitos colombinos por persoas que non foran da súa liñaxe. Esta xustifica dalgunha maneira que o apelido Colón é polo tanto español. Todas estas apreciacións publicadas nese Boletín do Centro Galego de Montevideo son claras e concretas sobre varios significados. Primeiramente, subliñase a correspondencia entre Galicia e Uruguai no que respecta aos contidos histórico-culturais. Segundo, dá conta dunha preocupación sobre a realidade xornalística de Galicia, ao punto de transcribir os contidos propios dos escritores galegos como Prudencio Otero nun boletín do Uruguai. Estas interpretacións dan fe da lealdade e prestixian a vontade dos galegos de facer da patria de acollida o Uruguai, neste caso, unha pequena imaxe e semellanza da patria galega, o cal se corrobora de xeito obxectivo coas xestións do seu expresidente Tabaré Vázquez quen privilexiou xestións culturais coa patria dos seus antigos galegos.

O devandito xornal Tierra Gallega foi a expresión e voz máis representativa dos esforzos divulgativos da cultura galega en Montevideo, presentados neste xornal dirixido por José Ramón Barreiro, onde se tratan os temas de interese da colectividade galega afincada naquela capital do Uruguai. Débese destacar que neste xornal engádese un conxunto significativo de contidos culturais relacionados coa orixe galega de Cristóbal Colón. Os textos achados neste órgano divulgativo espallan a realidade pontevedresa da época sobre os elementos patrimoniais que hoxe en día son a Casa Museo Cristóbal Colón e o cruceiro, os cales se encontran na parroquia de San Salvador de Poio e que foron propiedade da familia Colón de Pontevedra (Barreiro, 1917).

En resumo, en atención ás devanditas argumentacións pódese afirmar con claridade que o espazo onde os debates que se forxaron en torno á teoría do Colón galego tiveron maior auxe foron sen lugar a dúbidas as cidades de Bos Aires e Montevideo.

7.5 Venezuela

Neste país publícase a revista *Galicia*, que é o órgano divulgativo do Centro Galego de Caracas, cuxa duración abrangue entre os anos 1952-1958 e que constitúe un potente espazo de divulgación e reflexión cultural sobre as vivencias da emigración. Contou coa colaboración de eminentes poetas e literatos galegos, entre os que figuraron Ramón Otero Pedrayo entre moitos outros. Este académico da lingua foi invitado a ditar conferencias en Caracas co patrocinio do Centro Galego de Caracas, espazo da emigración, e con estas xestións interculturais logrouse que esta revista circulara en ambos os dous espazos: Galicia e Venezuela ao unísono.

Ao longo de cincocentos anos posteriores á fazaña de Colón, chegan a estes territorios miles de galegos. O porto de La Guaira é fundamental para facer memoria e unha análise pormenorizada sobre os escuros anos do exilio galego a Venezuela representados a través dunha tríada de centros galegos en Venezuela. Entroncando o estudo coa visión da emigración, os testemuños clarifican con certeza a insostible situación que representou para moitos cidadáns a realidade galega da posguerra.

A análise do discurso na revista Galicia de Caracas permite evidenciar os contidos culturais do Colón galego en Hispanoamérica. Esta cínguese aos feitos, obxectos e realidades da teoría existente, priorizando a natureza lingüística empregada para a súa transmisión.

Sexa como for a revisión documental exhaustiva desvelou moi importantes datos. Por unha banda, o sentimento de identidade e lealdade con Galicia, amosada polos galegos estando no exilio e na emigración. Ao mesmo tempo, fan un relato entre a presenza deles en América a imaxe e semellanza do que Colón fixera séculos antes. Por outra banda, o nivel de compromiso, solidariedade, altruísmo e interese destes galegos emigrados por manter vivas as ideas que os conectaban coa súa terra de orixe.

Así mesmo, outro dos aspectos de interese é o nivel intelectual de moitos galegos desprazados cara a América. Neste senso, faremos un rexistro dos principais autores que lle deron divulgación a estes transcendentais contidos sobre a orixe do descubridor. Partindo destas achegas, e por ser a investigadora procedente dun dos países que na actualidade presenta cifras de maior acollida da emigración galega recente, comezaremos a explicación do fenómeno do coñecemento da tese de Colón galego na América española a partir das obras dos protagonistas daqueles anos en que tivo tanta repercusión naquel novo

mundo descuberto por Colón a partir dos feitos da descuberta de América e que se relatou con relación á explicación sobre a xeografía galega e hispanoamericana.

Algúns destes exiliados atrevéronse a facer o seu propio relato sobre este devir histórico que lles tocou vivir. O final da Segunda Guerra Mundial e da Guerra Civil española, empurra a numerosos europeos a fuxir e abandoar os seus fogares na procura de liberdade. Buscaban un espazo onde poder refacer as súas vidas e a meirande parte destes emigrantes embarcaban a Venezuela. Seguindo os arquivos da Oficina Arquidiocesana de Caracas, entre 1951 e 1958 chegaron máis de 200.000 galegos quen se enxertaron na docencia, o comercio, a albanelaría, a industria, as finanzas e a agricultura. Moitos deles convertéronse en empresarios co tempo.

Pode destacarse que favoreceron a entrada dos galegos as moi transcendentais políticas de Rómulo Gallegos, presidente no ano 1945, as que foron continuadas por outros mandatarios. Un artigo do académico Froilán Ramos (2010) fai referencia á "política de Puertas Abiertas" do xeneral Marcos Pérez Jiménez. O enunciado reflicte o ideal deste gobernante con respecto á emigración europea en xeral. Nas verbas deste gobernante propón o melloramento moral, intelectual e material dos habitantes do territorio patrio e transformación racional do medio físico, para lograr que Venezuela ocupe o rango que lle corresponde pola súa situación xeográfica, a súa extraordinaria riqueza e as gloriosas tradicións.

De aí que esta tese teña como sentido, non só abrir un espazo de discusión sobre aqueles galegos e galegas que teñen moito que aportar ao estudo da galeguidade hispanoamericana, sen deixar de lado os aportes aos países que os acolleron e as fortalezas que implican para Galicia o conxunto de coñecementos, valoracións, experiencias e

diversas cosmovisións do mundo en xeral, obtidos a través da súa participación, compromiso social e fortes implicacións destas colectividades galegas noutros espazos.

No entanto, seguiremos ao longo do estudo insistindo no máximo referente galego na defensa da galeguidade hispanoamericana. Pódese afirmar con toda a validez e seriedade que é o devandito filósofo e científico cormés José María Mosqueira Manso. A súa vontade constitúe un dos máis preclaros exemplos do nivel de compromiso, acción investigadora, proactividade e divulgación sociolóxica de contidos científicos en torno á tese galega que afianza a fonda interacción existente entre Galicia e Hispanoamérica.

Mosqueira Manso entrégase por completo á investigación científica do espazo territorial venezolano. Nel reflicten os traballos e accións desenvoltas no estudo da historia e o medio ecolóxico e ambiental de Venezuela. Asemade, como os de Mosqueira Manso, este estudo comprométese en facer non só unha lectura daqueles galegos e galegas que con fonda pegada social lograron consolidar publicacións e divulgacións da súa interacción cos países da emigración. Tamén aspira a visibilizar as contribucións daqueles outros que aínda están esquecidos e que tiveron roles moi protagonistas e decisivos na historia actual dos centros galegos a Hispanoamérica (Mosqueira Manso, 1962).

O Centro Galego de Caracas data do ano 1952, sendo un dos pioneiros espazos creados polos galegos despois do Lar Galego fundado no ano 1945. O 25 de xullo de 1952 editouse por primeira vez a revista Galicia, que foi o nome dunha das primeiras publicacións do Centro Galego de Caracas. Pódese dicir, sen lugar a dúbidas, que se pode considerar un dos máis significativos esforzos divulgativos sobre a colectividade galega emigrada a Venezuela. A mesma foi orientada polos escritores Silvio Santiago e Eduardo Blanco-Amor. A análise dos

números desta revista evidenciou que nela colaboraron, entre outros, o escritor galego Francisco Fernández del Riego co pseudónimo de "Salvador Lorenzana".

Neste conxunto de números engadíanse contribucións dalgúns intelectuais galegos que aínda non emigraran os cales asinaban con outros nomes para manter o anonimato. Na revista atópanse crónicas, informes, cartas, notas, poemas e narracións, así como a publicidade propia dos galegos empresarios que dan fe dunha inquedanza societaria fondamente identificada coa cultura galega. Un dos propósitos centrais deste esforzo foi dedicarlle atención moi especial aos problemas culturais do país afastado, asemade o cultivo e a difusión do idioma autóctono. As colaboracións dos poetas galegos que se publicaron en Caracas foron recorrentes e testemuñan como a emigración serviu de catarse e medio de comunicación alterno, dado que o uso da lingua galega estaba proscrito naqueles anos do franquismo (Centro Gallego de Caracas, 1952)



Lam.27. Revista *Galicia* do Centro Gallego de Caracas (1952-1958). Fotografía propia

Outras asociacións como Amigos de Santiago funciona desde o ano 1956, fundada por un pequeno grupo de emigrantes de Santiago de Compostela. Tiña unha finalidade social, cultural, benéfica e recreativa. Definíase como apolítica e de tradición españolista, sendo un espazo onde as persoas vinculadas ao goberno español tiñan mellor acollida no seu paso por Caracas.

Hoxe, a sesenta anos da súa fundación, pódese dicir que a Irmandade Galega de Caracas constitúe un importante bastión da galeguidade hispanoamericana, pola que pasaron numerosos personaxes aos que nomearemos de xeito obxectivo. Un dos máis destacados no ámbito da música, como o mestre Cástor Cachafeiro, fundador do Grupo de Gaitas Celta; o Colexio Castelao, entre os que se cita como primeiro impulsor ao profesor Amancio Peleteiro.

Os espazos da Secretaría de Cultura da Irmandade Galega espallan o entusiasmo pola lingua e a cultura galegas. Alí lembranse algúns nomes, como por exemplo Juan Manuel Giráldez, ou Serafín Portugal Soto, Manuel Quiroga, etc. Neste senso, cómpre destacar o labor dos presidentes José Gallego Pérez, Eduardo Meilán e Antonio Piñón e por suposto das mulleres promotoras daquela Irmandade Galega como Carmen Pena de Dapena, Hortensia Dapena de López, Carmen Vázquez de Peleteiro, Otilia Posa de Gallego, Otilia Paredes entre moitas outras.

Mencionaremos de novo a obra *La cuna gallega de Cristóbal Colón* (1961) do polifacético científico e dinamizador cultural José María Mosqueira Manso, que merece unha xusta homenaxe e recoñecemento polo seu intrépido labor de ir acoutando a topografía das rías galegas e facer comparación coas do mar Caribe, cuestión á que xa nos referimos por corresponder á emigración á República Dominicana e posteriormente a Venezuela. Pódese dicir que foi un verdadeiro panamericanista, pois a súa pegada influenciou a tres países de América. O que máis foi Venezuela, dado o seu poder de estudo e divulgación nese país no que finou no ano 1962. Os outros dous personaxes son Xosé Neira Vilas e

Luis Seoane, xuntándoselle a este grupo as esporádicas pero seguidas visitas de Otero Pedrayo, quen se ocupa de ditar numerosas conferencias no centro galego de Caracas.

Pódese afirmar con propiedade que o devandito José María Mosqueira Manso influencia dun xeito directo aos intelectuais galegos que facían unha importante xestión dinamizadora no Centro Galego de Bos Aires. O estudo alude ao escritor e numerario da Real Academia Galega Xosé Neira Vilas, do cal se publicou un artigo de xornal referíndose ao escritor cos termos textuais así "todo fai pensar que si, que Colón era galego" e máis adiante, "Mosqueira Manso dicíame que o feito de que a "Pinta" chegase a Baiona non foi casual, dacordo coas correntes mariñas nunca tería chegado... O almirante fixo que Galicia fose o primeiro lugar onde se tivese noticia do descubrimento". A xornalista Susana Regueira en entrevista ao escritor Neira Vilas preguntou: Os autores da emigración coñecían a teoría do Colón galego?, e ante este interrogante manifestou dun xeito claro e concreto que si, era un feito, e escribiuse moito sobre o tema, sobre todo en Cuba, na Arxentina tamén, pero sobre todo en Cuba escribiuse moito do Colón galego a partir da conferencia de Celso García de la Riega (Faro de Vigo). Outra das interrogantes feitas pola xornalista é a relacionada cos investigadores da emigración que afondaron na teoría do Colón galego.

Abondan os traballos feitos polos intelectuais da. No entanto, a intención é subliñar que o máis significativo aporte sobre a orixe galega do descubridor é o libro de Xosé Mosqueira Manso. Esto ocorre dúas décadas despois de que se lle dera impulso á tese galega en Cuba é na Arxentina.

A mirada a Mosqueira Manso evidencia unha obra senlleira, científica e documentada. A súa actitude vital foi redescubrir a imaxe e semellanza de Colón todas as inmensas posibilidades xeográficas presentes neste novo continente. Como capitán dun barco da mariña mercante durante a República foise exiliado para Venezuela, onde dirixiu

un traballo de investigación sobre, por exemplo, as tartarugas do Orinoco e moitos outros traballos sobre a fauna do río Orinoco. A partir deses traballos sobre Colón que coñecía de Cuba, publicou o libro *La cuna gallega de Cristóbal Colón*, obra xa citada (Mosqueira Manso, 1962).

No encontro pregúntaselle sobre o tema da toponimia. Con respecto a esta cuestión é é asombroso atopar polo menos 105 ou 106 topónimos dos primeiros lugares que Colón vai nomeando a semellanza dos galegos. O primixenio lugar que atopou Colón púxolle o nome de San Salvador, e despois máis de cen da ría de Pontevedra, iso é algo moi significativo. No extremo oriental de Cuba o nome de Portosanto, un topónimo pontevedrés que tamén está nas Azores pero é pontevedrés. Logo sábese que a carabela Santa María chamouse antes La Gallega, e tamén se coñece da existencia doutra carabela El Gallego.

O traballo solidario deste intelectual pontevedrés sublíñase como un dos máis preclaros representantes da hipótese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón. Neste centro quen posteriormente faría un encomiable labor foi o eminente científico e infatigable cormés Xosé María Mosqueira Manso, nado en Cormes (A Coruña) o 17/10/1886, quen finou en Caracas o 18 de maio de 1965 (Centro Gallego de Caracas, 1952).

Este eximio home da emigración a suramérica pode constatar pola súa dobre formación como filósofo e como capitán da mariña española, cunha forte amplitude de pensamento. Soubo recoñecer como válidos e verdadeiros os moi valiosos aportes da tese galega de Colón de Celso García de La Riega. Nos anos do exilio aparece como alto funcionario dos gobernos da República Dominicana e Venezuela en materia oceanográfica, o que lle permitiu facer investigacións xeográficas coas que puido darlle unha visión obxectiva á tese do Colón pontevedrés, baseada en cartogramas. Os deseños da cartografía das costas das Antillas, de Venezuela e de Trindade e Tobago no mar Caribe, constatan documentalmente a enorme e non casual similitude entre os

elementos xeográficos presentes nesa contorna marítima cos da costa pontevedresa. Este home de méritos excepcionais e gran brillantez observa a existencia dun paralelismo a ambas beiras do Atlántico, o cal revelaba que os topónimos postos por Colón no Novo Mundo coincidían cos accidentes xeográficos pontevedreses (Centro Gallego de Caracas, 1952).

Todo isto demostra unha correlación case perfecta entre as costas das rías galegas e a xeografía das illas das Antillas e a contorna suramericana pertencente ao actual territorio de Venezuela en particular. Como un dos principais referentes da tese sobre a orixe galega do descubridor, destacase o cormés universal José María Mosqueira Manso. Nado en Corme (A Coruña) en 1886, capitán da mariña mercante, oceanógrafo e ictiólogo, investigou durante varios anos a fauna do río Orinoco. As súas apreciacións xeográficas sobre a tese de don Celso García de la Riega sobre Cristóbal Colón levárono a editar *La cuna gallega de Cristóbal Colón*, pola editorial Citania en Bos Aires en 1962.

Constitúe o labor do polifacético intelectual José María Mosqueira Manso un dos máis notables aportes que desde a diáspora galega se realizou en Venezuela, e que máis tarde influenciaron a outros intelectuais de gran encaixe sociocultural na Arxentina. Trátase dos moi respectados e citados Luis Seoane, propietario da Editorial Citania, e o xornalista José Neira Vilas que alí colaboraba.

Unha revisión crítica da obra de Mosqueira Manso reflicte que o ilustre explorador foi un firme seguidor do historiador Celso García de la Riega, reflectindo en todo momento unha preocupación constante por darlle aos seus escritos un rigor científico e sistematicidade cos que dificilmente se podería defraudar aos máis feroces detractores da discutida tese de Colón galego, pois na súa obra o autor fai alusión á súa intención e seguridade de clarificar as evidencias reais e produto da súa experiencia coñecendo o mar e a xeografía atlántica como

testemuña de excepción. Os lectores non terán dúbidas, xa que os seus cartogramas e alegados sobre a toponimia galega e americana entre outras ideas e argumentacións guiárono sempre polo camiño da certeza. Mosqueira Manso creou un denso conxunto de cartogramas cos que demostrou o seu fondo compromiso e coñecemento científico e didáctico da xeografía.

Outra circunstancia na que convén chamar a atención e que conclúe o experto Mosqueira Manso na súa argumentación foi que cando Pinzón se arriscou por ser o primeiro en chegar ao porto de Baiona da provincia de Pontevedra coa nova da descuberta, e o almirante a Lisboa, expresou: "¿Sería Dios o Colón el que quiso concederle la primicia del descubrimiento del Nuevo Mundo a la provincia de Pontevedra?" (Centro Gallego de Caracas, 1952)[43].

O inmenso conxunto de achegas e cartogramas é editado nun libro en Bos Aires pola Editorial Citania no ano 1962. Este apaixonado galego tivo a importante e impostergable visión de alentar á emigración coas súas interesantes e visionarias alocucións radiofónicas, prestixia a Galicia e motiva aos galegos a pensar que o seu preclaro destino, estando naquela patria de acollida chamada Venezuela, coincidía cos destinos do Gran Almirante Cristóbal Colón ao poder atoparse naquel paraíso terreal no cal o Gran Nauta descubriu cincocentos anos atrás cando entrou pola Boca da Serpe no Delta do Orinoco[44] e o nomea pola súa extraordinaria beleza, sen lugar a dúbidas "Terra de Gracia". Esta foi a primeira gran alocución radial dos pioneiros programas

[43] A revista Galicia do Centro Gallego de Caracas (1952) constitúe un dos máis claros referentes históricos sobre a divulgación da orixe galega de Cristóbal Colón en Venezuela, sendo o volume 8, Ano II, de Setembro de 1953 un dos exemplares dedicados á tese do Colón galego en Venezuela.

[44] Existe un arquivo sonoro baseado nunha gravación radiofónica dirixida á colectividade galega de Venezuela feita polo egrexio Mosqueira Manso, en Caracas no ano 1958, coa memorable data de celebración do 12 de outubro. Na súa alocución o celebre mariño e filósofo describe a visión a futuro da fusión dos tres centros galegos de Caracas: Lar Galego, Centro Galego e a Casa de Galicia.

radiofónicos feitos polos dinamizadores galegos na emigración a Venezuela Percorre todas as costas americanas sendo testemuña pola súa brillantez, agudeza e capacidade de observación de xerar a favor da tese de Colón galego a máis aguda e fonda argumentación na comparación e similitude existente entre as formacións xeográficas de América atopadas e bautizadas por lo Gran Nauta Cristóbal Colón coas das costas das Rías Baixas galegas (Centro Gallego de Caracas, 1953).

O arquivo sonoro do visionario e preclaro galego José María Mosqueira Manso constata a súa vocación polo colectivo emigrado. Verbas que ameritas ser escoitadas e recoñecidas co especial honor e máis alto compromiso que un galego puido ter a prol da emigración a Hispanoamérica. (Mosqueira Manso J. M., 1958).

Neste senso, Neira Vilas segue afondando no tema. Ao respecto explica que Mosqueira Manso estivera con él e con Luis Seoane, propietario da editorial Citania, en Bos Aires, publicando o libro xa citado. Neira Vilas explica que o feito da Pinta chegar a Baiona e non á Costa da Morte era segundo a argumentación de Mosqueira Manso, experto navegante e investigador oceanográfico m, e gran coñecedor das correntes mariñas, dixo que a Pinta volvería máis ou menos a Huelva ou así, de onde saíu, pero nunca ao norte, á costa galega. Comenta o mariño que Colón fixo un esforzo deliberado para que chegara a Pontevedra.

Os autores Mosqueira e Neira Vilas mantiveronse en contacto en relación ao tema de Colón. Nas entrevistas e publicacións feitas Neira Vilas refírese ao Colón galego. Expresa que centra o seu relato no cruceiro da Casa de Colón en Portosanto. Estes contidos os engado nas miñas publicacións e nelas describo moitas cousas.

Os xornais de circulación nacional eco das novas pontevedresas

O estudo recupera a edición moi curiosa do ano 1958 . O xornal *El Universal*, de rotativo nacional en Venezuela, subliña unha nova pontevedresa publícada nunha folla tipo tabloide. Alí de xeito unívoco cunha transcrición literal se explican os diferentes elementos culturais e patrimoniais que fundamentan o discurso sobre a tese galega de Cristóbal Colón.

O artigo evidencia que as novas eran publicadas en Caracas tal cal viñan da cidade de Pontevedra datado do 12 de outubro de 1958. Esta publicación implica que a tese chega moito máis alá dos centros galegos. A sociedade venezolana tivo acceso a estes contidos que eran de dominio público nas nacións dos emigrados. Outros xornais nos que se atopan contidos relacionados coa colectividade galega en Venezuela foron El Nacional, El Mundo e Últimas Noticias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lám.28. Xornal *El Universal*, publicado en Caracas o 12 de outubro de 1958. Fotografía propia

Alén diso as consultas bibliográficas rescatan novas procedentes de fontes orais rexistradas nos espazos dixitais. Deste traballo emerxen

datos de transcendente valor respecto ao labor dinamizador da cultura galega. Moitos son os nomes dos emigrados comprometidos coa tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón.

Manuel Álvarez Quiroga, tamén coñecido como "Quiroguita", destacouse por posuír o arquivo das novas da historia da emigración galega en Venezuela, así como por ter unha colección sobre as novas da diáspora a Venezuela que recolle a máis completa historiografía dese centro coñecido como Irmandade Galega de Venezuela. A diversa e inmensa xeografía alén do Atlántico confirma a necesidade de manter as investigacións sobre esta obra cultural que agroma a historia de Galicia.

7.6 Paraguai

A República do Paraguai na América do Sur ten contacto moi cedo coa teoría colombina. Os datos refírense á conferencia ditada polo erudito da emigración a Arxentina, o escritor Rafael Calzada quen ten unha moi estreita relación con Prudencio Otero.

O Dr. Calzada recupera a tese do Almirante desde a Asunción (Paraguai), onde foi solicitado para ditar unha conferencia no Teatro Principal da capital desta república no ano 1915. O tema principal daquela conferencia é "Colón, Español". A través do relato de Prudencio Otero Sánchez, na súa obra *La Patria de Colón* (1922), pódese apreciar o impacto positivo que esta tivo na sociedade paraguaia en xeral:

> … fue tan enorme el entusiasmo que despertó entre las personas cultas de aquel país, que después de aplaudir el fondo y la forma de la disertación, se acercaron a él miembros del gobierno paraguayo, para felicitarle y manifestarle, que en los

> libros de enseñanza se rectificaría el error histórico respecto a la cuna de Colón. (Otero Sánchez, 1922, p. 15).

Nesta obra tan significativa sobre a tese galega, o ilustre político Prudencio Otero Sánchez dedica *La Patria de Colón* (1922) "al gran español Don Rafael Calzada, querido amigo e inspirador de esta obra". Esta relación reflicte a bidireccionalidade existente entre Galicia e Hispanoamérica na produción de contidos que lle deran valor e reivindicaran a tese de Celso García de la Riega.

7.7 República Dominicana

Ao cruzar esta historia coa da emigración, afírmase que un dos exiliados galegos máis notable da República Dominicana queda reflectido nos traballos do explorador e científico Xosé María Mosqueira Manso, quen neste estudo participa ao mesmo tempo deste país caribeño e de Venezuela, onde finou. Chega á República Dominicana contratado polo presidente Leónidas Trujillo, quen o lle outorga a misión de traballar nas investigacións oceanográficas. Ao pouco tempo decide marchar a Venezuela, logo de facer un agudo estudo comparativo entre a xeografía das illas das Antillas e a xeografía galega sobre o cal sustentou o seu traballo do paralelismo existente entre a toponimia a ambas beiras do Atlántico (Mosqueira, 1962).

Unha das obras máis interesantes e ricas en informacións de carácter inédito é o libro *La cuna gallega de Cristóbal Colón* (1961), onde se localizan nunha primeira ollada todos os datos relativos á toponimia galega que a imaxe e semellanza desta atópanse en moitos puntos de Hispanoamérica. Unha revisión exhaustiva permite amosar non só o texto, senón tamén as intervencións radiofónicas que o capitán

Mosqueira ofrecía a aquelas galegas e galegos que asistían ao Centro Galego de Caracas[45] (Alonso Girgado, 2006).

A revisión do interesante material sonoro permítenos afondar sobre a personalidade de José María Mosqueira Manso. Gran admirador de Galicia, foi integrante da Comisión de Cultura do Centro Galego de Caracas e o máis significativo propulsor da cultura galega en Hispanoamérica. Gran observador e sagaz visionario de amplo espectro e de moi pertinaz e agudo verbo. O capitán Mosqueira tiña de seu varias vantaxes persoais dada a súa vinculación ao mundo da navegación, o que lle permitiu representar a través de moi variados recursos a innegable por sólida e contundente tese de Cristóbal Colón Galego desde as Antillas ata a Patagonia. Esta reflicte materiais publicados na Revista **"**Galicia", do Centro Galego de Caracas (1952-1958) (Centro Gallego de Caracas, 1953).

Neste importante espazo divulgativo é onde se atopa dun xeito contundente que a discutida orixe de Cristóbal Colón seguía sen estar esclarecida, de aí que o título do seu artigo fora o seguinte: "Hacia la aclaración de un enigma: Cristóbal Colón ¿Español o Italiano?", e anos máis tarde ampliará a diatriba sobre a orixe galega de Colón nunha senlleira obra, editada na Arxentina no ano 1962. Todo iso dálle significado ao traballo e corrobora primeiramente que a discusión sobre á orixe de Colón transcendeu de Galicia cara a Hispanoamérica. Na obra deste galego e transcendente personaxe destácase a súa personalidade multifacética, a súa preparación académica e fondo coñecemento da xeografía, das artes da navegación, da bioloxía, a

[45] A publicación da Galicia emigrada a Venezuela que representou un dos mellores esforzos dos intelectuais galegos por impulsar a cultura esquecida nos tempos do franquismo. Revista del Centro Gallego. Setembro de 1952.

conservación do medio ambiente e doutras ciencias como a historia de Galicia (Mosqueira, 1962).

Un estudo de Xurxo Martínez Crespo expresa con claridade o compromiso non só histórico cos destinos da emigración galega, senón que tamén se amosa coma un firme e leal defensor dos ecosistemas. Alén diso, consérvanse testemuños radiofónicos onde comenta o feito da orixe galega de Colón, nunha alocución feita na radio galega do Centro Galego de Caracas. Este moi destacado intelectual da emigración tivo a oportunidade Catro vidas do exilio galego en Venezuela. O autor neste texto, editado por AGER, abre as fronteiras da historia dos exiliados galegos a Venezuela, manifestando o que gañou Venezuela acollendo aos galegos da diáspora. O autor manifesta que Galiza mantén unha débeda con Rómulo Gallegos, ex-presidente e Andrés Eloy Blanco ex-presidentes venezolanos e ex-ministro de Asuntos Exteriores de Venezuela no ano 1948. As siglas do editor son Asociación Galega de Emigrantes Retornados quen lle dou pulo á tese galega de Colón fóra de Galicia. (Martínez Crespo, 2007).

Concretando, pódese afirmar unha univocidade existente entre Pontevedra e os países hispanoamericanos que cubre desde a República Dominicana, Cuba, Venezuela e Arxentina, e se adopta a Venezuela como terra propia, onde se sinte representado na ecoloxía daquela terra que seguindo a Colón el chamaba cando falaba coa xente da colectividade galega "Tierra de Gracia" e que lle daba pulo aos galegos para que agradeceran o feito de poder vivir e traballar nela.

7.8 Puerto Rico

A revista *Eco de Galicia* é o órgano divulgativo do Centro Galego de Puerto Rico. A recepción da tese de Colón galego en Hispanoamérica aínda hoxe en día se atopa na dinamización cultural

desta illa onde existe un forte enclave de galegos emigrados. O diario dixital "Galicia en Porto Rico" (2011) constitúe un voceiro independente e unha das máis representativas achegas do labor da colectividade galega asentada na Illa do Encanto. Neste boletín dedícase un moi importante número de contidos que fan referencia a todos os libros e documentos que lle dan soporte á tese de Colón galego. No entronque de ambas visións sobre Colón na América española, cómpre dicir que o exilio español na illa de Porto Rico, sen lugar a dúbidas, estivo en estreita relación entre españois e portorriqueños. Os exiliados compartiron e transmitiron a súa inmensa cultura, sendo a Universidade de Porto Rico a que alcanzou o máis alto nivel, xa que nela se xuntaron os procedentes de Norteamérica.

A investigadora Estela Cifre de Loubriel, profesora portorriqueña, sinala a contribución dos galegos na formación do pobo portorriqueño, a cal describe nunha obra dixital titulada "Voceiro Independente" da colectividade galega da Illa do Encanto[46]. Un dos principais personaxes que se esbozan no presente xornal é dos historiadores pontevedreses Rodrigo Cota e Fernando Alonso Conchouso. Alí os dinamizadores deste xornal boricua explican que os historiadores pontevedreses adiantan esta iniciativa de darlle solución á orixe de Cristóbal Colón (Cifre de Louriel, 2018).

Neste senso, eles expresan que[47] foi un esforzo inxente de recuperación de material esquecido que indica a importancia que ten presentar o esclarecemento e evolución da teses sobre Galicia como a

[41] A investigadora Estela Cifre de Loubriel dedicouse ao estudo da contribución dos galegos na sociedade portorriqueña. As súas achegas atópanse no xornal dixital. http://galiciaenpuertorico.blogspot.com/2011/09/una-obra-de-estela-cifre-de-loubriel.html.

[47]Este libro provén dunha tese de doutoramento realizada na Universidade de Santiago de Compostela. Blanco Rosas, Jesús José y Cirio Norberto Pablo. Maruxa Boga. Recordando a Galicia. Deputación da Coruña. (2017).

patria do descubridor do Novo Mundo. Os historiadores pontevedreses danlle pulo á tese de Colón galego no xornal dixital de Porto Rico que se proclama voceiro independente da colectividade galega asentada na Illa do Encanto. Nel noméase a devandita tese datada do ano 1898. Nese boletín engádese unha foto do monumento a Colón en Mayagüez, Porto Rico. Asemade, inclúe outros dous monumentos patrimoniais en homenaxe ao almirante nas localidades de Aguada e Aguadilla.

Finalmente, convén describir un dos aportes culturais máis importante dos galegos emigrados a Porto Rico, constituído pola revista Eco de Galicia, fundada por Juan Soto e Xosé María García Rodríguez, que foi o órgano divulgativo do Centro Galego de Porto Rico.



Lám. 29. Revista *Eco de Galicia* (Porto Rico). Fotografía propia

7.9 Ecuador

Unha obra senlleira para os Estudos Culturais relacionados coa da tese galega en Hispanoamérica é a *Historia de España en América* (1929), obra do escritor ecuatoriano Nicolás Espinosa Cordero, que expresa textualmente sobre o lugar de nacemento do Gran Almirante que "Cristóbal Colón nació en Pontevedra a los comienzos del año 1436", e descríbeo como "hijo legítimo de Domingo Colón y Susana Fonterrosa", obra que recibe o premio ao mellor traballo sobre o hispanoamericanismo. Tamén é importante subliñar este concurso do xornal ABC de Madrid dirixido sabiamente polo intelectual Torcuato Luca de Tena destacado xornalista, fundador deste rotativo de actualidade en España. Luca de Tema impulsa sabiamente a tese galega e lle outorga un significativo recoñecemento en España, creando unha nova que amosa ampla repercusión en Hispanoamérica dada a orixe do escritor. A cita textual relata a orixe pontevedresa e o ano de nacemento do descubridor (Espinosa Cordero, 1929. p.103).

Con respecto a esta edición, a decisión sobre a primeira fase do concurso, malía que polas influencias erróneas do xurado fixeron que este o declarase deserto, nun segundo momento desde a dirección do xornal concretase unha valiosa acción que permite que un hispanoamericano de nacionalidade ecuatoriana reciba o merecido premio.

Nicolas Espinosa Cordero escribe o libro *Historia de España en América*, texto no que se recoñece a orixe de Cristóbal Colón na cidade de Pontevedra. Este polémico concurso patrocinado polo xornal ABC de Madrid, fora declarado deserto nunha convocatoria anterior como resultado dalgunhas discrepancias entre os membros do xurado. O autor recibe por este traballo o premio de 50.000 pesetas.

7.10 Chile

O país austral tamén foi eco da tese galega. Valentín Letelier Madariaga, reitor da Universidade de Chile para o período 1906-1911, deu a coñecer un proxecto de extensión universitaria que incluía conferencias e cátedras breves, estimulando a organización de cursos de perfeccionamento. Deste momento histórico recóllese a cita rexistrada pola asociación Cristóbal Colón na que o catedrático expresou:

> No hemos de renunciar jamás al parentesco que nos une al Cid Campeador y a Don Alfonso el Sabio, a Cervantes y a Quevedo, a Murillo y Rivera, y mucho menos al que nos une al mas grande de todos los españoles, al hijo inmortal de Pontevedra, a Cristóbal Colón cuya nacionalidad española se acaba de comprobar documentalmente. Expresión rexistrada na Revista da Asociación Cristóbal Colón de Pontevedra (Asociación Cultural Cristóbal Colón de Portosanto, 1987 p.1).

Desta redacción pódese afirmar o nivel de presenza da teoría nos centros universitarios hispanoamericanos. O afastamento transoceánico dos galegos desde Colón ata o século XXI permitiu definir a contribución da Galicia emigrada na construción social e cultural colectiva dos principais centros galegos e institucións socio-culturais de Hispanoamérica. Isto permite obter unha visión máis axustada do efecto recíproco existente entre a Galicia territorial e a da diáspora. Esta conversa cruzada entre Galicia e Hispanoamérica remítenos ao fondo sentimento de arraigo que se creou nas comunidades galegas emigradas en querer vivir Galicia na diáspora transatlántica.

Unha análise exhaustiva das revistas, xornais e gravacións de inicios do século XX presenta con claridade a moi inusitada recepción da hipótese do Colón galego nas diversas capitais da emigración a

Hispanoamérica. Afondando nos traballos publicados, pódese dicir sen lugar a dúbida da importancia que os emigrados lle deron á súa cultura. Alén de ser conscientes da importancia do uso da lingua galega nesas publicacións que representan o pensar, sentir e valorar colectivamente a terra de orixe.

A visión do Colón en función das entrevistas feitas aos informantes quen foron estudantes e residentes nas capitais da emigración converxen en asumir que houbo unha corrente de pensamento na cal se asumiu a Cristóbal Colón e o seu transcendental descubrimento como a imaxe e espello que lle daba sustento ao seu propio proceso migratorio.

As opinións emitidas polos documentos revisados dan conta da enorme receptividade da hipótese galega para explicar a orixe do Gran Nauta. Estas afirmacións dan pé a pensar na formación dunha identidade colectiva cultural compartida existente a ambas beiras do Atlántico, na que se poden apreciar as máis diversas manifestacións do esforzo, decisión, axuda mutua, solidariedade, creatividade, capacidade de afrontar a realidade e non resignación desas mulleres e homes que coa súa entrega e compromiso fixeron posible que a cultura galega, a galeguidade e a lingua galega no mundo adquirira horizontes de universalidade.

Aínda que á polémica sobre a orixe galega do descubridor de acordo aos rexistros e as entrevistas recompiladas ten lugar hoxe en día nos eidos xornalísticos, universitarios e nas crónicas culturais da cidade de Pontevedra, cómpre dicir que o debate segue tendo relevancia, dadas as evidencias que se atopan, nas fontes documentais, orais, patrimoniais e as novas investigacións dos cronistas e eruditos da cidade de Pontevedra. Véñense abrindo nova liñas de traballo e achegas que dan cabida a amplas interpretacións coherentes e significativas.

Resumindo, todos estes aspectos representan sen lugar a dúbida a existencia e recuperación dun conxunto de sinais de identidade compartidos que sinalan a existencia da galeguidade como fenómeno cultural dos espazos da emigración e que están a determinar a existencia do significativo encaixe intercultural e vinculo existente ente Galicia e Hispanoamérica.

7.11 México

A revista *Anduriña* é o órgano divulgativo da colectividade emigrada a México. Seguindo a Xosé Ramón Campos Álvarez (2000), o Centro Galego de México data do ano 1911, coa denominación de Orfeón Gallego. Ao longo dos anos fundacionais tivo diversos enderezos e con esta agrupación musical comezouse a divulgar a música galega. No ano 1939 denominouse Unión Cultural Gallega, para finalmente volver á súa denominación orixinal como asociación cultural, dándolle impulso á revista *Anduriña*, que se editou a partir do ano 1948 ata a actualidade. Entre os dinamizadores desta tese de Colón galego en México pódese citar a Manuel Modesto Doval.

A fundación da Asociación Cristóbal Colón Gallego, coa colaboración do concello pontevedrés, foi obra de Modesto Manuel Doval, galego retornado da emigración a México, quen tamén escribiu o libro *Colón, señor feudal galego* (2013). Este traballo outorga unha valiosa visión da tese do Colón galego desde a ollada dun galego de Hispanoamérica. En si mesma constitúe o quefacer cultural dun emigrante retornado procedente de México. A maior inquedanza de Doval foi manter viva e demostrar a teoría do Colón galego nas escolas públicas de Poio. Nesta obra Manuel Doval Montes non só defende a vinculación do navegante con Pontevedra, senón que tamén o identifica cunha das figuras máis notorias no medievo galego, o nobre Pedro Álvarez de Soutomaior, coñecido como Pedro Madruga. No libro do

autor mexicano Modesto Manuel Doval detalla os argumentos que apoian a teoría do Colón galego.

Explica, por exemplo, que o almirante foi dando nome ás costas americanas cuns douscentos topónimos das rías galegas, o que "casualmente" os amigos e inimigos de Pedro Madruga serían tamén os amigos e inimigos de Colón. Manuel Doval foi un comprometido dinamizador da tese do Colon galego e vén sendo un dos máis ilustres representantes da emigración a México, fundador da Asociación Cristóbal Colón Galego. O autor deste libro protagonizou moi diversas accións de dinamización da teoría do Colón galego no Instituto de Educación Secundaria de Poio coa presenza da autora deste traballo durante o ano 2016. Poucos meses despois faleceu. O desembarco á rexión habitada polos aztecas, maias e incas foi feito por Hernán Cortés. Cómpre sinalar que un dos principais destinos do exilio galego foi México. O Presidente Lázaro Cárdenas amosou apoio á República e deulle a benvida aos primeiros refuxiados coñecidos como "os nenos de Morelia". Foron catrocentos cincuenta e seis nenos entre orfos e fillos de republicanos que foron enviados ao Porto de Veracruz no buque "Mexique". O presidente Lázaro Cárdenas recibiunos e apoiounos. En 1937, creouse a Casa de España e o Colexio de México, institucións que permitiron a inserción da meirande parte de intelectuais e persoas altamente cualificadas.

O debate sobre a orixe de Colón segue estando na discusión nos ámbitos académicos. Na Universidade Iberoamericana de México estase a divulgar a conferencia da Dra. María Luisa Pazos Pazos (2014), impulsora con María Pila Cagiao e Eduardo Rey Tristán dun propositivo programa científico-cultural Cristóbal Colón 1914-2014, unha proposta de debate na que se discute a orixe galega do descubridor: "Bulo o posibilidad" (Universidade de Santiago de

Compostela, 2014). Esta actividade reportouse no xornal dixital desta asociación cuxo pioneiro foi o mexicano e galego Modesto Doval.

7.12 Honduras

A obra centroamericana *Cristóbal Colón era Español* (1925) pertence ao historiador hondureño Eduardo Martínez López. Editada en Tegucigalpa polo historiador, contén unha serie de reflexións que lle permitiron nesa terceira década do século XX establecer a hipótese sobre a nacionalidade pontevedresa do navegante a cal confírmase nesta publicación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

A visión dos emigrados a Hispanoamérica en torno á discutida orixe galega de Cristóbal Colón ten profundas lecturas que a definen como un contido cultural que se orixina na cidade de Pontevedra, se recepciona e asimila nos territorios de Ultramar onde se converte nun feito cultural que na actualidade retorna a Galicia.

A conclusión fundamental desde a perspectiva dos galegos emigrados ten significados amplos, interdisciplinarios, transversais e polisémicos que se identifican pola súa complexidade coa liña de investigación creada pola investigadora venezolana Milagros Elena Rodríguez sobre a Educación Patrimonial Transcomplexa (Rodríguez, 2019).

Esta liña de investigación confirma a necesidade moi urxente de lexitimar, rescatar, recuperar, desvelar e descubrir os saberes transculturais esquecidos e non recoñecidos que parten de Galicia e repercuten nas primeiras décadas do século vinte desenvolvéndose na vasta xeografía hispanoamericana. Estes saberes constitúen un valioso tesouro que repousa nas dispersas bibliotecas e arquivos galegos e das nacións de fala española. O patrimonio cultural que emerxe permite comprender procesos, sinerxías e relacións históricas seculares entre Europa e América.

Como resultado do estudo a tese galega retorna a Galicia na actualidade da man dos emigrados a hispanoamerica. O estudo permite crear a partir destas interaccións un espacio para o rexurdimento deste

contido cultural cunha traxectoria de ida de volta a Ultramar cun século de historia, polo que se precisa visibilizalo nos espacios públicos de Galicia. A súa relevancia amosa o senso de totalidade que iste lle outorga a historia galega actual. Emporiso é valioso integralo no ensino dadas a súa validez e potencia interpretativa.

O estudo ábrese ao recoñecemento do labor creativo e visionario de Celso García de la Riega, quen a tempo alvisca a angustiosa realidade dos emigrados nas colonias americanas fronte a separación da metrópole española. A súa actuación como funcionario na Habana pode reivindicalo como a un politólogo clarividente e un home adiantado a seu tempo.

En relación as identidades culturais e a conciencia hispanoamericana compartida nos textos escolares convén facer un apuntamento. Pois en hispanoamérica na primeira metade do século XX se fixeron reformas nos libros de texto donde se recoñece a Cristóbal Colón como fillo da cidade de Pontevedra. de ambos territorios de España e Hispanoamérica. Pola contra non existe na actualidade un repertorio de contidos educativos que amosen a relevancia deste contido cultural. Como evidencia, cítase a investigación de Delfín Ortega Sánchez e Francisco Rodríguez Lestegás (Ortega e Rodríguez, 2017). Os autores expresan a ausencia de contidos culturais onde se configure a secular relación e conciencia identitaria entre España e Hispanoamericana.

En canto aos resultados do estudo, a visión dos emigrados arredor da discutida tese galega en Hispanoamérica, esta está a ofrecer numerosas lecturas e interpretacións.

A tese galega como feito cultural en Hispanoamérica

Por ser un estudo vencellado á emigración, afírmase con claridade que a tese galega representa a realidade dun feito cultural bidireccional entre España e Galicia con Hispanoamérica, polo que é relevante pór en valor a viraxe que fai este feito cultural que retorna a través da investigación a súa orixe na provincia de Pontevedra.

O estudio contribúe á visibilización da presenza histórica galega a través das expresións culturais dos emigrados. Realidade que se explica dun xeito interdisciplinario dentro do complexo proceso da caracterización dos colectivos conscientes de pertencer a unha comunidade emigrada con sentimentos binacionais e multiculturais. Este feito cultural galego representa unha identidade colectiva compartida con cidadáns doutros territorios de ultramar. É resultado dos procesos migratorios galegos. Estes abren espazos para a configuración do feito cultural galego desde perspectivas abertas que lle dan valor e recoñecemento para estar presentes dentro do coñecemento público galego e o convirtan en obxecto de estudo e revisión permanente dada a dinámica social imperante no contexto xeográfico galego intra e extraterritorial.

Neste senso, o feito cultural sinalado confirma a existencia dun discurso de Cristóbal Colón galego e español presente nos facsímiles e revistas galegas de América. Os testemuños dos eruditos entrevistados lexitiman a presencia desta tese alén mar. A visión de Colón galego en Ultramar impacta positivamente nos colectivos emigrados a favor do entusiasmo, impresión, abraio e éxtase fronte ao momento de crise que se vive.

A partir do percorrido deste estudo que implica unha viaxe de retorno a afirmación da tese galega recupera vitalidade. O que motiva a abrir novas discusións e debates a favor dun discurso hispanoamericanista que ven a representar o xenuino desexo de acercamento intercultural

que deixaron plasmados nas múltiples viaxes os poetas, historiadores, filósofos e intelectuais galegos que publicaron e ditaron conferencias nos centros galegos de toda América.

Con referencia á utilización dos espazos do asociacionismo galego en América para o espallamento desta tese, quedou patentizado que as viaxes destes intelectuais nos transatlánticos desde Galicia cara ao Novo Continente ampliaron os horizontes ao desenvolvemento cultural, histórico e socioeconómico destas nacións do Novo Mundo. O que engrandece e lle xenera un avance á modernización desas nacións americanas. A repercusión da tese galega valórase como positiva entre as obras educativas dos emigrados a favor da cultura neses territorios e repercute reciprocamente en Galicia ao longo das décadas 1900-1960. A relevancia desta historia da emigración galega é que esta non é totalmente coñecida no ámbito xeneral. A mesma reflicte na visión plural compartida sobre ambas as dúas realidades Galicia e Hispanoamérica, dando lugar ao concepto de hispanoamericanismo.

O hispanoamericanismo implica a visión integradora, plural e totalizante da realidade entre España e América empurrada polos contidos da tese galega, o cal é o contrario do termo fragmentación que dá idea de separación, quebre e afastamento. A visión dos galegos emigrados sobre a tese galega dálle visibilidade a esa visión de integración total e subxectiva e nalgúns testemuños de realidades comúns existentes entre os dous mundos Galicia e Hispanoamérica que se veñen completando historicamente ao longo de séculos polas razóns acaecidas co feito da descuberta de América e as seguidas ondas migratorias galegas nos tempos das travesías transoceánicas auspiciados pola compañía transatlántica española.

O recoñecemento de Galicia como comunidade multicultural e pluricultural parte desa presenza universal de entreséculos da tese galega no Novo Mundo. A visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica da conta documentada dunha historia compartida

existente fóra do espazo territorial galego. Esa historia seguindo os documentos atopados nos centros da emigración e nos arquivos documentais sobre as publicacións deste espazo permite reflexionar sobre a necesidade de abrir estudos que non só se centren nun tópico específico, senón que atendan as interaccións dos galegos coas culturas propias deses espazos de acción dos galegos do mundo, tomando en conta a fonda pegada que estes contactos tiveron no percorridos vitais dos galegos establecidos nos países de acollida.

A tese galega en Hispanoamérica como expresión do pensamento global dos emigrados

Os camiños de América déronlle á tese galega un carácter global, entendéndose este concepto como mundial, internacional e universal. En sintonía co pensamento globalista imperante hoxe en día. Pódese afirmar que os emigrados galegos adiantáronse ao tempo. A globalización da tese galega non só foi un concepto xeográfico e cultural senón que aplica a toda as outras áreas como o social, político e económico.

O amplo espectro de significados salientan a unicidade de criterios e actuacións que parten do desenvolvemento local nos Comités Pro Colón Español en toda América repercutindo na creación dun comité colombino na cidade de Pontevedra e é resultado directo dos procesos asociativos galegos.

O pensamento global dos emigrados consolídase a través das comunicacións constantes e as interaccións entre as principais cidades do hemisferio. Isto pódese apreciar desde Nova York onde se publica por vez primeira a tese galega en 1911 por Constantino Horta y Pardo, ata Suramérica. As relacións entre cidades moi distantes entre si como A Habana, Montevideo, Bos Aires, Santiago de Chile e Caracas permite

comprobar que este contido cultural transcende a división xeopolítica das nacións americanas.

Todo isto define a configuración dun movemento cultural que se verifica pola existencia contínua, repetida e coherente dos contidos da tese galega nos diferentes xornais e edicións facsímileares producidos polos galegos emigrados. Os editores destes facsímiles e xornais son os grandes protagonistas do pensamento galego e contribuíron en definir como este repercute na concepción da idea de Hispanoamérica.

Estes importantes actores sociais valoraron anticipadamente ao fenómeno globalizador, a interdependencia entre as nacións do continente americano e o europeo dándolle crecente publicidade á tese galega que serve de alicerce para sustentar os seus ideais de liberdade, autodeterminación e compromiso social. Estas publicacións merecen estudos posteriores onde se visibilicen os nomes, as verbas e os feitos dos editores como principais actores do pensamento galeguista e nacionalista español con encaixe sociocultural global e americanista, o que obriga a pensar nas transmetodoloxías como proposta metodolóxica a seguir dentro dos Estudos Culturais e as Ciencias Sociais en xeral.

O esforzo globalizador das publicacións dos galegos emigrados denota nestes colectivos coherencia, ética, orixinalidade, investigación, honestidade, realidade, solidariedade, sentido colectivo e cidadá a favor da nación española, das nacións americanas e dos emigrados. Este pensamento global e globalizador configura a existencia dunha comunidade cosmopolita baseada nunha moral inclusiva, sustentada en relacións de proximidade, tolerancia e respecto mutuo a pesar das posibles diverxencias de opinións ou credos políticos.

Este fenómeno chega a repercutir nos libros de texto. En efecto, nas primeiras décadas do século XX, nos textos escolares dalgunhas nacións como Chile, Arxentina, Paraguai, Ecuador e Venezuela, os textos reflicten a nacionalidade española e pontevedresa de Cristóbal

Colón, situación que retorna cara á universal tese xenovesa nas décadas posteriores a 1960.

A concepción ampla do termo "orixe"

Ao fío do anterior, o termo orixe ten unha ampla significación para os emigrados. A súa condición de xente que está fóra da súa patria abrangue o lugar de nacemento, a herdanza, o patrimonio, a linguaxe, a estadía, os estudos, o traballo, a nacionalidade. Moitas persoas nacen nun sitio, pero de alí non teñen nada, non senten nada, non reciben nada. Aqueles emigrados non sentiron que Xénova ou Portugal lle puideran engadir valor á "orixe" do descubridor. Pola contra, os eruditos defenderon, confirmaron e estenderon que Cristóbal Colón é galego, pontevedrés e español por todas as nacións de Hispanoamérica porque lle dan ao termo "orixe" un significado extensivo. Neste senso, España é a nación que vén representar a orixe de Colón desde a visión ampla que estes lle sinalan.

Este conxunto de enunciados discursivos sobre a tese galega en Hispanoamérica dan conta da coraxe, valentía e risco dos emigrados en canto a crear unha ruptura e rompemento total coa ortodoxa tese oficial e universalmente aceptada de Colón xenovés. Eles uníronse na anulación daquel enunciado ao que cualificaron coma "un erro histórico". As argumentacións pódense apreciar na táboa síntese do anterior capítulo que intenta facer unha ollada dos principais protagonistas emigrados, dos feitos culturais, dos nomes das publicacións e os lugares de edición. Nesta análise compróbanse a pluralidade de posturas da Galicia emigrada fronte á cuestión da orixe do descubridor como resultado da diversidade de rutas a hispanoamérica dos emigrados que se dirixen ao longo e ancho de eses territorios formando cadeas, cíclos e ramificacións migratorias.

Unha análise posterior seguindo a teoría sobre a discursividade proposta por Foucault dá conta de como os enunciados dos textos publicados polos eruditos emigrados fan explícita a intención, outorgándolle unidade discursiva, repetición, coherencia e continuidade do contido sobre o Colón galego en Hispanoamérica ao longo das primeiras cinco décadas do século XX. As estruturas destes enunciados, como por exemplo "Colón, Español", "La Cuna Gallega de Cristóbal Colón", "La Patria de Colón", son afondados e ampliados con rigorosa sistematicidade e orixinalidade creando unha regularidade discursiva ao longo de toda a xeografía Hispanoamericana e xera impacto positivo nos Estados Unidos.

En paralelo, o desenvolvemento destas publicacións acompaña feitos sociais como o Comité Pro Colón Español, nos que se fortalece o labor da figura do bibliotecario como líder do pensamento e promotor da conciencia histórica e colectiva dos emigrados que vén a repercutir nos feitos culturais de reiteración dos comité Pro Colón Pontevedrés na cidade de Pontevedra divulgados por Rey Soto no ano 1920.

A maiores, as publicacións da tese vense reflectidas nas experiencias cotiás. As celebracións do acontecemento do descubrimento de América polo español Cristóbal Colón e por España, crean neste colectivo un espazo de ledicia e animación sociocultural que lle dá un relevante significado simbólico e patriótico á tese galega nese contexto xeográfico e histórico. Outras interpretacións permiten comprender que a tese vén configurar un movemento cultural de gran calado hispanoamericanista.

A tese galega repercute en Hispanoamérica como movemento cultural a favor de España

A visión dos emigrados galegos arredor da discutida tese sobre a orixe de Cristóbal Colón en Hispanoamérica parte da inspiración destes emigrados a Cuba na súa terra de orixe: Galicia. Eles asumen a nacionalidade española de Cristóbal Colón como un sinal de identidade de España neses espazos de acollida. Alí salientan os contidos da tese galega de tal maneira que esta lles permitiu a construción progresiva e fecunda dun ideal a favor de España. Este convértese nun movemento cultural en Ultramar coincidente cun momento histórico que vén coincidir coa independencia dos territorios que foran antigas colonias de España ata o ano 1898.

A tese galega nas antigas colonias españolas en Ultramar mantense perante varias décadas no debate político hispanoamericano. Este contido permítelle aos emigrados asumir con enteireza os intensos cambios sociopolíticos que se estaban a suceder nesas terras. Este contido cultural evitou enfrontamentos e conflitos políticos cos cidadáns españois dada a identidade de Cristóbal Colón como orixinario de España. Moito máis alá das opinións persoais dalgúns eruditos, a tese vén cumprir unha importante misión histórica e cultural para os pobos emigrados de Hispanoamérica. Na Habana a tese galega asúmese e aceptase como verdadeira e auténtica sen ser obxecto de maiores discusións.

Esta ampla receptividade reflicte os sentimentos dos emigrados. Ante estes colectivos a tese veu encher un fondo baleiro de identidade. A situación de dobre perda da patria de orixe e a illa de Cuba recentemente independizada de España creaba neles angustias e inquedanzas arredor do seu futuro nesa nación aínda que ficaba sendo a derradeira colonia española de Ultramar.

En 1901 asínase en París o Tratado que define a independencia de Cuba de España. A imaxe desta, tamén coñecida como a "Madre Patria", cae en desprestixio e desvantaxe tras a derrota fronte aos Estados Unidos, potencia que mantivo fortes ameazas sobre a illa que foron rexistradas pola xornalista Eva Canel. Certamente, a sociedade emigrada, aceptando a inevitable derrota e decadencia de España, asume un cambio de actitude e pensamento para insistir nunha visión de Hispanoamérica unida baixo a inspiración da tradición española que consideraba clave para a civilización e o progreso de América.

A xornalista Eva Canel, naquel entón residenciada en Cuba, ataca duramente as intromisións de potencia norteamericana na vida pública daquelas antigas posesións españolas e a un tempo ataca con avidez a aqueles españois que ao chegar a América criticaban a España para poñerse ao servizo dos gobernantes locais co único fin de lograr empregos e outras facilidades. Neste convulso momento histórico a tese galega vén servir de catalizador daquelas emocións e sentimentos de desasosego e desacougo que embargan a os galegos nos espazos transatlánticos. A tese galega trae consigo a figura de Colón, que vai ser para eles un símbolo identitario que vén encher un baleiro importante que impele a pensar no significado daquela primixenia presenza de España neses territorios (Canel, 1909).

Emporiso, os emigrados convértense nos máis acérrimos defensores deste contido cultural. Os innumerables documentos sobre a tese galega producidos á beira do Novo Mundo así o revelan. A tese permítelle aos emigrados obter unha conciencia sociopolítica e cultural fronte aos procesos históricos de cambio e convulsión que se estaban a presentar. Tras anos de emigración estes colectivos emigrados organizados en microsociedades de instrución foron adquirindo coñecementos cun espírito de apertura e comprensión unha realidade en conflito e cambio fronte a España. Neste momento histórico a tese galega permite representar a realidade dos españois emigrados. Esta

reflíctese nas publicacións feitas en relación a ela dentro e fóra dos centros galegos. Nestes artigos e xornais os galegos intentaron expresar sentimentos e emocións de gran patetismo, entusiasmo e dor.

O pontevedrés Roberto Taboada recompila a maioría das publicacións producidas a ambas beiras do Atlántico "As tres décadas de ouro do Colón Galego" (Taboada, 2018). Os discursos que se producen nas publicacións dos emigrados galegos nesas tres décadas 1900-1930 representan a temática de índole sociopolítica e cultural en relación ao descubrimento de América, as interpretacións ao patrimonio documental representado na tese galega polos emigrados e o entusiasmo de que esta tese puidera ser alicerce da defensa e enaltecemento de España como nación, situación que contribúe a darlle sostibilidade ao concepto de irmandade de nacións hispanas. Co conseguinte efecto pódese afirmar que a tese galega como movemento cultural e intelectual nos territorios ultramarinos contribúe, como os documentos o comproban, a consolidar a definición de Hispanoamérica (Canel, 1910).

Podemos sintetizar tres eixes temáticos de interese. O primeiro eixe refírese ao discurso dos emigrados no que se describe o feito histórico do descubrimento de América no ano 1492, polo que os emigrados relacionaron a tese galega coa "Festividade do Día da Raza". Os emigrados amosan fronte a esta actividade amplamente divulgada nesas publicacións con todas as conexións emocionais e históricas que unha celebración conleva nunha comunidade emigrada. Tómase en conta que desde España a invasión norteamericana das colonias hispanas de América exacerba o espírito nacionalista español, o patriotismo cubano e a solidariedade entre as nacións americanas consideradas parte dunha mesma "raza". De aí o termo Festividade da Raza nas publicacións da tese galega en Hispanoamérica.

O segundo eixe temático do discurso dos emigrados represéntase polo conxunto de argumentos históricos, patrimoniais e toponímicos que se desenvolven dentro da tese. A comprensión das interpretacións

que dela fan os eruditos que residen na Habana, Montevideo, Bos Aires ou Caracas recolle un conxunto de aspectos que foron analizados e comprendidos neses espazos asociativos. Deste eixe temático son fieis representantes Enrique Zás na Habana e Rafael Calzada en Bos Aires, sen deixar de ter en conta as moi axeitadas publicacións de José Ramón Barreiro en Montevideo e José María Mosqueira Manso en Caracas.

Finalmente, cabe destacar outro eixe temático que tamén se desprende da presenza da tese galega no Novo Mundo. Estamos a analizar as conferencias de Eva Canel, fiel defensora da tese galega, quen en sucesivas conferencias xa sinaladas neste estudo, como a de Corrientes en Arxentina no ano 1906, move a conciencia dos emigrados acerca dunha nova idea que vén representar a irmandade e visión de totalidade de todos os pobos da América española. O discurso da emigrada Eva Canel trae consigo un concepto que se podería asumir que sumado a outros procesos políticos como o rexeitamento ao intervencionismo estadounidense nas colonias españolas, situación que reivindica a España coma unha soa patria, na que ningún español se puidera considerar estranxeiro.

> Pues igualmente sucedía con los españoles, nacidos en América: eran criollos, eran americanos, pero eran españoles: podían ser militares y podían ser ministros; podían ser magistrados y ser cuanto quisiesen gozando los derechos de ciudadanía; por tanto, su evolución armada fue una evolución política[48] (Canel, 1909).

A obra literaria e xornalística de Eva Canel encaixa xustamente nesta idea do hispanoamericanismo. As conferencias e libros que esta literata española produciu en toda a América española pódense considerar centrais e capaces de vertebrar toda a historia e evolución da

[48] A xornalista Eva Canel abrangue casi todo o continente americano, especialmente Argentina, Perú, Bolívia e Cuba. Destaca por ser unha escriutora emigrada defensora a ultranza do legado cultural de España en América.

visión dos emigrados con respecto a tese galega no continente americano. Estamos a falar do hispanoamericanismo como corrente de pensamento e ideoloxía que motiva e entusiasma de xeito efervescente aos cidadáns de ambas beiras do Atlántico. As apreciacións desenvolvidas por Eva Canel en varias das súas obras literarias pódense validar nas artes.

A construción de prazas e monumentos relacionados a Cristóbal Colón a partir da década de 1890 son evidencia disto. As diversas esculturas e monumentos alegóricos do Gran Almirante nas cidades máis representativas de España e da América española así o desvelan. O concepto do hispanoamericanismo presentou un cambio co franquismo. Neste senso, aparecen asociadas a el o sentimento de unión coa relixión católica, a reivindicación do pasado colonial e o sentimento de superioridade moral de España sobre todas as nacións americanas.

Este sentimento hispanoamericanista deixa un legado nas artes, na cultura e na tradición. A estética colombina en América amósase nos monumentos representativos do apoxeo imperial español, momento no que se suscitan os nacionalismos a favor de España nunha realidade que responde paradoxalmente ao fenómeno de decadencia española fronte aos sucesos históricos nos que ao final do século se perden a meirande das colonias americanas por diversas causas. Entre elas apréciase o cambio de século que se corresponde co apoxeo do imperio anglosaxón e da época vitoriana. Estes fenómenos dan lugar aos argumentos a prol do hispanoamericanismo.

Na actualidade estase a revisar a historia colombina e de América que se afasta do obxecto deste estudo. Hoxe en día o momento alegórico ao Gran Nauta Colón que se observa nas que foron colonias españolas é o relacionado co tema da descolonización, asunto que a pesar de afastarse da tese galega pode ser atendido de xeito tanxencial dado que a realidade hispanoamericana forma parte deste.

Nos momentos actuais o tema de Colón en Hispanoamérica responde aos feitos actuais que se corresponden coa globalización e a dixitalización de contidos. Os galegos emigrados a Hispanoamérica na actualidade non escapan a este conxunto de fenómenos nos que a memoria colombina está sufrindo procesos de cambio de discurso e transformación das lecturas sobre a relevancia dos valores culturais que constitúen o verdadeiro legado español en América.

Á marxe do anterior, o legado cultural e imaxinario literario de Colón no colectivo emigrado a América e inconmensurable. As reaccións que se suscitaron en América coa presenza da tese galega constitúen unha posta en valor a favor da memoria histórica, da necesaria reivindicación da tese galega en Pontevedra e do pobo galego que emigrou e asumiu o estudo desta e o estudo en todas as urbes transoceánicas americanas.

A evolución da presenza da figura de Cristóbal Colón nos colectivos emigrados é determinante no pensamento hispanoamericanista e corrobórase nas obras de Eva Canel. Resultan clave no estudo a afirmación de recoñecemento de García de la Riega aos autores Horta y Pardo e Eva Canel nas follas preliminares.

Outro aspecto que senta a base do estudo son a serie de conferencias da xornalista Canel feitas desde Bos Aires ata A Habana, nelas abrangue as causas e a efectos da independencia de España e da independencia de América sobre a emancipación do mundo hispanoamericano (Canel, 1909). Outra explica os fondos significados que a tese de Colón tivo para a toma de conciencia e comprometida defensa de España desde eses territorios polos emigrados galegos. Explícase na obra *Por la Justicia y por España*. (Canel, 1909) consagra a súa escrita ao relato hispanoamericanista, tema que amerita posteriores análises.

Este conxunto de obras dunha muller emigrada expresan a realidade que expresaron arredor da tese galega. Ao longo do corpus do traballo preséntase como a tese galega unifica aos cidadáns do continente americano de fala española en torno a un conxunto de ideas que procuran desde os anos 1898 a 1930 lograr unha irmandade de nacións que a converteu nun movemento cultural. O seu obxectivo é a afirmación dunha comunidade cultural transnacional na crenza dunha continuidade cultural entre España e América e que a escisión provocada pola independencia non puido romper afianzándose nunha historia común marcada pola lingua española e un conxunto de tradicións e idiosincrasia civilizadora compartida.

Denomínase hispanoamericanismo a aspiración e íntima unión entre España e as repúblicas hispanoamericanas unidas pola comunidade de orixe, lingua, tradicións e costumes que configuran unha alianza de igualdade na que se considera a España como nai común de todas elas desde a orde social, xurídica e económica fundamentadas na irmandade existente entre os pobos que manteñen unha cultura común e unha ponte de pensamento.

O estudo deriva determinadas circunstancias e consecuencias que poñen en valor desde a perspectiva dos Estudos Culturais o seguinte:

1) Os xornais de Hispanoamérica reflectiron nese territorio a linguaxe e o pensamento galegos das décadas da emigración desde 1898 en adiante.

2) Os centros galegos da diáspora contaron coa presenza organizada dos galegos quen invitaban aos poetas residentes en Galicia a ditar conferencias naqueles espazos. Pódese citar a Prudencio Otero, Francisco Fernández del Riego, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, Pura Vázquez, e nas derradeiras décadas a políticos destacados como Manuel Fraga, Fernández Albor, Beiras Torrado entre outros.

3) As publicacións feitas poñían en valor o uso da lingua galega e difundían neles os poemas que presentaban os recursos emocionais dos principais poetas galegos: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal
4) A participación do colectivo nesas publicacións contaba coas colaboracións de persoas non profesionais, nun esforzo por darlle visibilidade e democratizar a voz de todos os emigrados.
5) A inserción de avisos publicitarios dos propios negocios dos emigrados dá a luz sobre o sentido de patrocinio, pertenza e colaboración co desexo de informar acotío sobre as actividades destes colectivos e manter viva a cultura galega.
6) Outras ideas relacionan o labor dos galegos emigrados en pro da colectividade global a través de construtos fundamentais de convivencia como son: compromiso social, esforzo colectivo, solidariedade, creatividade e emprendemento.

As múltiples lecturas da Galicia emigrada sobre a tese galega en Hispanoamérica

O que a tese galega supuxo para o panorama cultural hispanoamericano é de longo e fondo alcance. Os emigrados galegos cumpriron en Hispanoamérica un moi transcendente labor en xuntar todos unidos os maiores esforzos e apoios posibles, como o expresou a emigrada Eva Canel na cidade arxentina de Corrientes en 1907 "para depurar el lugar de nacimiento de esa figura histórica que por sí sola llena el mundo". Colón español é unha tese que vén ter infinitas lecturas desde a perspectiva dos emigrados galegos a Hispanoamérica. Sobre a presenza da tese galega en Hispanoamérica pódese concluír na existencia de tres conceptos claves: o nacionalismo español, o rexionalismo galego e a tese galega como sinal de identidade hispanoamericana.

O nacionalismo español visible desde exaltación desmesurada da españolidade de Cristóbal Colón e da súa contribución na construción do relato de España como nación con significación propia. Pártese dos principios de nación como conciencia de ter unha historia e destino común e a nacionalidade xurídica pola que os individuos pertencen ao Estado como suxeitos con deberes e dereitos. A tese galega é un construto ideolóxico en Hispanoamérica que serviu para alentar a formación da conciencia dun nacionalismo a favor de España que se ve activado polos estímulos da sociedade cubana.

O rexionalismo galego en Hispanoamérica refírese á confirmación dunha conciencia de galeguidade existente en toda Hispanoamérica como resultado dos procesos de interacción entre a Galicia autóctona emigrada que é raíz e matriz da españolidade. A tese galega vén demostrar a presenza dun correlato político de lealdade á patria grande española, unificando as dúas conciencias, a galega e a española, e responde á época dos nacionalismos.

A tese galega como sinal de identidade dos galegos emigrados a Hispanoamérica é un movemento sociopolítico e cultural que vai unida aos procesos de emigración masiva, xera unha conciencia étnica positiva e responde ao feito diferencial galego de inquedanzas e desexos nos que se confirma a autoafirmación dos galegos emigrados. Relacionada coa convivencia e a interacción como forma enriquecedora de relacionarse, a tese galega é un sinal de identidade do pobo galego que segue a ser un tema en construción coa presenza dos galegos da diáspora no territorio galego.

Ao fío da cuestión, o espírito católico e civilizador de España está visible na tese galega. O estudo trata de esclarecer as diversas razóns polas que os emigrados a Hispanoamérica asumen unha tese que, sendo orixinaria de Pontevedra, florece e evoluciona nos territorios

ultramarinos. A mesma é acollida primeiramente polos emigrados á illa de Cuba con amplo sentido de pertenza.

A produción escrita destas mulleres e homes nos territorios da Galicia emigrada a América vén reflectir a necesidade de contar unha historia. Eses contidos pertencen ás publicacións da emigración e son parte da historia de Galicia. Os mesmos veñen expor de primeira man as situacións e dramas sociais que lles tocou vivir na emigración de Ultramar que se fortalece coa tese galega.

Nos antecedentes asúmese unha primeira aproximación á problemática historiográfica en relación coa orixe de Colón alén mar. Neste senso os retratos do descubridor reflicten a diverxencia iconográfica fronte ás facianas do descubridor. Estas están a ser representadas polos pintores italianos e españois. O estudo salienta que non existen acordos en canto á súa fisionomía, situación que confirma as diferenzas de opinións existentes para determinar o lugar de orixe do descubridor.

As obras pictóricas revelan contradicións en canto aos trazos antropolóxicos que definen a fisionomía do Gran Nauta. Neste senso, outras controversias expresadas polos autores emigrados a Hispanoamérica dan idea de que arredor da universalmente aceptada orixe italiana existen unha diversidade de lugares que abranguen desde a Xénova recoñecida pola Raccolta, ata un sen fin máis de sitios italianos nos que se citan a Liguria, Cuccaro, Pradello, Tinale, Oneglia, Savona, Boggiaco e Cogoleto entre outros (Calzada R. , 1920).

No entanto, os emigrados galegos ás terras americanas que eran antigas colonias de España escriben prontamente sobre a tese. Estes son Eva Canel en 1906 e Constantino Horta y Pardo en 1911. Ambos os dous coinciden en amosar que nos trazos da personalidade de Colón apréciase a lei atávica propia da herdanza xudaica vencellada a unha posible orixe semítica do descubridor (Horta y Pardo, 1911).

En canto á reconstrución e recuperación da memoria histórica, a tese galega abrangue un conxunto de ideas forza a prol da nacionalidade galega de Colón que veñen ter semellante importancia e validez en Hispanoamérica. O estudo sinala o interese dos emigrados en deixar materiais concretos que serven para a reconstrución da memoria compartida entre Galicia e o Novo Mundo, pasado que parecía esquecido ou mesmo descoñecido con case un século de antigüidade. O estudo fala dos territorios como aqueles lugares onde tivo vida un gran esforzo editorial a propósito das publicacións da Galicia emigrada. Nel fálase das editoriais que aparecen como organizacións asociativas encargadas de difundir a tese galega en todo o continente ultramarino.

A tese galega viaxa desde a cidade pontevedresa a diversos territorios moi dispersos na América española. Parte da Habana e de alí a toda América. Outras rutas e sendeiros son variados. De Pontevedra a Mar del Plata ou ao porto de La Guaira. No entanto, a cidade da Habana é o centro neurálxico no que se debulla e afonda na creación da rede de colaboradores máis importante que amosa a emigración en canto ao desenvolvemento dun contido cultural. Estas situacións repercutiron enormemente no resto dos espazos asociativos dos emigrados. O eco da tese reflíctese na inxente cantidade de publicacións producidas a prol da tese colombina en sincronía perfecta nas principais nacións que os acolleron: Bos Aires, Montevideo, Caracas, México, Asunción, Lima, Santiago de Chile, entre outras.

Os emigrados galegos desde finais do século XIX e ata a primeira metade do século XX asumen a figura de Colón coma un sinal de identidade. Emporiso, centráronse en desenvolver un conxunto de estratexias desde a visión do asociacionismo, o colectivismo e o consenso daqueles que saíron de Galicia cara a América. Nestes espazos ou territorios de acollida crearon sociedades de recreo, instrución e aprendizaxe ao longo de toda América. Os galegos demostraron unha gran capacidade para emprender accións encamiñadas a aprender unha

tese de carácter culto que reivindica o feito do descubrimento de América desde as nacións que se están a independizar de España, sendo Cuba a derradeira colonia española en lograr a súa autonomía.

A problemática que vén a resolver a tese galega en América responde a causas históricas. A situación da separación dos dominios americanos que eran antigas colonias españolas é un alicerce fundamental no rápido espallamento da tese. Esta é a cuestión que figura como tea de fondo e se expón abertamente no desexo dos emigrados de autoafirmarse e lexitimarse como españois. A visión propagandista e a loita pola nacionalidade española de Cristóbal Colón o descubridor de América o confirman. A maiores desexan salientar ante as potencias estranxeiras que España é a primeira en descubrir estes territorios. Cristóbal Colón vai ser unh sinal de identidade cultural tan necesaria para unha poboación que polo afastamento da súa terra de orixe precisa da construción dunha identidade colectiva compartida na que se poidan visualizar os nexos e o legado histórico deixado por España neses espazos.

O Colón galego e pontevedrés vén defender os sentimentos emocionais de desprestixio en que se atopaba España e os españois fronte as nacións independentes de Hispanoamérica. A nación española é sometida ás ameazas de potencias estranxeiras como os Estados Unidos na guerra de 1898. Como resultado, a tese vén ser o alicerce que reflicte e reivindica a propia perda da terra de orixe dos emigrados.

Fronte a estas interpretacións, en Galicia vivíanse situacións de conflito de cara ao desenvolvemento da tese. A conferencia de 1898 queda ensombrecida polos acontecementos históricos de entreséculos que estamos a explicar. Por outra parte, na cidade de Pontevedra a tese vén ser obxecto dunha inmensa cantidade de inxurias e rexeitamentos que a censuran impedindo a súa natural evolución, situacións que

causan verdadeiros prexuízos en contra da figura do seu creador Celso García de la Riega, autor e principal impulsor da tese galega.

O estudo decántase por afirmar que puidera ser o propio creador da tese Celso García de la Riega quen, mentres foi delegado do goberno de España na Habana en 1896, puidera adiantar moi cedo aos emigrados algúns aspectos en relación coa orixe galega do descubridor de América que serían claves no seu desenvolvemento americano posterior.

Sexa como for, esta serie de acontecementos permitiulles aos emigrados obter unha visión intuitiva sobre ás fortalezas que significaba a presenza da tese galega na defensa do seu futuro como sociedades emigradas de orixe español. Neste senso, os emigrados valoraron e recoñeceron a importancia e relevancia da tese.

Por unha banda, os galegos amosaron actitudes de ampla receptividade e entusiasmo dedicándolle tempo e recursos a este contido cultural perante as cinco décadas sucesivas á Conferencia da Sociedade Xeográfica de Madrid feita en 1898 e a publicación de García de la Riega da obra en 1914, *Colón Español: Su origen y patria*. Por outra banda, plantaron cara ás diversas e continuas difamacións e censuras que impedían a normal evolución da tese en Galicia. Contra esta situación responderon axiña os emigrados desde América. Estes replican de xeito certeiro e con convencemento todas as reclamacións, informes contrarios á tese e posturas que contradicían as principais argumentacións da tese galega na provincia de Pontevedra, creando todos os medios posibles para que a tese se consolidara, polo que escribiron e mantiveron unha narrativa epistolar constante e bidireccional cos seguidores da tese na cidade de Pontevedra.

O afán de superación dos emigrados pódese sentir neste contido. Un repaso polos acontecementos previos á chegada da tese ao Novo Mundo parte dos feitos que acompañaron aos galegos naquelas dramáticas travesías transatlánticas. A tese galega viaxa da man dos

emigrados. Cómpre salientar as inmensas motivacións de diversa orde que explican o florecemento deste contido cultural de carácter culto e intelectual, podendo ser asimilado polos emigrados á Gran Antilla ou illa de Cuba e de aí pasar ao resto de Hispanoamérica. Desta maneira, a tese galega convértese nun movemento cultural que irradia a todo o continente americano e que sitúa a Galicia no pensamento e no corazón do Novo Mundo.

Pola súa parte, Prudencio Otero, comprometido divulgador e seguidor da tese, atopa en Hispanoamérica unha audiencia desexosa de escoitalo. Os seus diálogos cos emigrados enfocáronse na "reivindicación dun erro histórico". Nesta liña de pensamento dita varias conferencias no Centro Galego do Bos Aires e publica artigos e ensaios que xustifican a rectificación por parte da historia dunha inxustiza con respecto a verdadeira nacionalidade de Cristóbal Colón.

Emporiso, o conxunto de antecedentes, argumentos e probas convincentes escritas por Celso García de la Riega, expostas no ano 1898 en Madrid baixo a invitación do ilustre erudito Ricardo Beltrán y Rózpide, pasaron a ser contidos de coñecemento público nos diversos espazos dos galegos residenciados nos territorios de Ultramar.

O estudo salienta os procesos asociativos como evidencia da fecunda actividade cultural que neles se desenvolvía, permitindo a recepción e asimilación dun movemento patriótico, histórico e propagandista que vén explicar as razóns dos emigrados galegos en salientar a España e Galicia como o lugar de nacemento dese emblemático navegante.

A tese transcende as fronteiras e universalízase. A revisión dos feitos dos emigrados en relación ao enorme aproveitamento que tivo a tese no contexto dos territorios converteron a tese galega nunha proposta cultural e propaganda histórico-patriota de interese universal. A tese amósase como evidencia dunha campaña comunicativa e cultural

transnacional e hemisférica, polo que adquire un carácter de contido cultural universal.

A tese como espazo de instrución, unidade colectiva e cidadanía. Esta tese sempre achou persoas dispostas a escoitar, aprender e colaborar coas leccións que se recollen no profundo estudo histórico, xeográfico e patrimonial que explica e lle da sentido ao fenómeno asociativo. Porén, organizáronse asociacións coa finalidade de afrontar as recorrentes censuras pontevedresas. A tal fin crean o Comité Pro-Colón español no Centro Galego da Habana, obra asociativa do dilixente bibliotecario Ramón Marcote Miñarzo oriúndo de Fisterra, idea que logra replicar no resto dos países americanos de fala española cos conseguintes resultados a prol da tese galega.

A tese como espazo de superación persoal. Os galegos en América utilizan as xuntanzas do comité Pro-Colón español para coñecer sobre a tese galega e emprender proxectos culturais hemisféricos. Achan nela un amplo repertorio de ideas que lle dan encaixe formativo e contribúen a sedimentar a súa situación de cidadáns con personalidade propia e conciencia crítica nas diversas nacións onde acolleron a emigración. Emporiso, a tese galega en América recupera o afán motivador da sociedade emigrada. Velaquí a figura de Cristóbal Colón convertida para eles nun símbolo de identidade colectiva compartida. Esta reflicte nos emigrados o espírito de loita por autoafirmarse e afirmar a España como nación que lega unha herdanza cultural dentro desas nacións americanas onde eles están interesados en integrarse, o que valida a noción da tese galega como argumento para ser e lograr o necesario encaixe sociocultural e laboral dos emigrados neses países.

A tese galega como sentido de pertenza. Dedicáronlle tempo, estudo e entusiasmo con preocupación e forza emocional, logrando que a veciñanza e membresía das sociedades nacionais dos países americanos de fala española coñeceran de cerca e polos diversos medios

de comunicación xornalísticos e radiofónicos sobre os fundamentos que sosteñen que Colón foi un antigo veciño da cidade de Pontevedra.

A tese como reivindicación das voces dos emigrados galegos autores dun movemento cultural e intelectual no Novo Mundo que ten carácter interdisciplinario. A tese leva implícitos elementos das artes, da xeografía e a historia como son os documentos de propiedade, cartogramas, lousas de mármore, igrexas, gravados, cruceiros, pinturas, e testemuñas escritas que configuran un patrimonio de fondo significado. Os contidos da tese galega divúlganse e poñen en valor o significado de España como nación naquel momento de entreséculos que estamos a describir.

A tese como espazo para a produción intelectual e de lecer. Os xornalistas emigrados colaboran nos centros galegos con escritos que se publican en edicións facsímileares e comezan a saír publicacións de libros que analizan este contido dun xeito maxistral. Cómpre salientar os títulos que se analizan neste estudo pertencentes a Enrique Zás y Simó na Habana e Rafael Calzada en Bos Aires. Estes traballos feitos co esforzo económico dos colectivos emigrados constitúen verdadeiras obras científicas escritas con enorme compromiso e revelan o maxisterio dos intelectuais da diáspora. Estas obras veñen ser case descoñecidas e esquecidas e constitúen aportes de gran valor a prol da tese.

A tese como espazo de celebración: acompaña as celebracións do descubrimento de América, aparecendo nas publicacións como unha festividade que aglutina aos emigrados en ton de conmemoración, festa, troula e alegría. Neste senso, a alegría e o entusiasmo que se asocia á figura de Cristóbal Colón como principal figura dese feito histórico que cambiou o rumbo da humanidade é visto polos emigrados coma un símbolo e unha metáfora na que se lle engaden significacións de

carácter espiritual e relixiosa que merecen estudos posteriores nos pobos emigrados como é a illa de Cuba.

A tese como resposta a procesos históricos previos ante as ameazas das potencias extranxeiras, diante do inimigo común unifica e crea un discurso propio e un constructo cultural que agroma na comunidade hispanoamericana.

Todos estes argumentos explican a razón de ser dun conxunto moi amplo de publicacións sobre o tema que permiten describir a mentalidade de cambio que asumen os emigrados, nos que aparecen libros, revistas, ensaios e comunicacións xornalísticas.

A recuperación dos textos de autores relevantes é un dos maiores aportes deste traballo. Ao referirnos ás edicións facsímileares, poderíamos agrupar aquí as obras que apareceron en América nos anos anteriores á Guerra Civil e á posguerra. Estas foron asumidas por un grupo de galegos que non estaba de acordo coas agresións polas que estaba a pasar a nosa cultura, razóns polas que moitos intelectuais deciden publicar na Galicia exterior dando lugar a unha importante labor cultural a prol da tese galega ao outro lado do Atlántico.

Eva Canel, desde a cidade de Corrientes en 1907 na Arxentina, amosa contidos de excelsa erudición escritos cientificamente, baseados en feitos verídicos e escritos con inusitada orixinalidade e mestría. Estas obras están próximas, pero son descoñecidas e deixadas no esquecemento. A editora, xornalista e dramaturga Canel dita conferencias sobre o Colón galego ao longo do continente americano na Arxentina, Perú, Chile e finalmente Cuba.

A tese como espazo do exilio e a loita contra o franquismo: o caso máis sobranceiro en relación á divulgación e presenza da tese galega en Hispanoamérica é a mirada do moi sabio e ilustre exiliado galego natural de Cormes José María Mosqueira Manso. Este republicano

galego ten unha longa traxectoria que semella as inquedanzas de moi polémica e gran divulgadora da tese galega Eva Canel, posto que ambos os dous espallaron a tese na case totalidade do continente americano desde as Antillas ata Arxentina.

Previas a este libro, existen unha serie de contribucións deste autor feitas e divulgadas na revista *Galicia* do Centro Galego de Caracas nos anos 1952-1954 do que é fundador. A estes facsímiles súmanse programacións radiofónicas no programa "Sempre en Galiza", escritos de poetas galegos como Ramón Otero Predrayo, Eduardo Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, Pura Vázquez, Silvio Santiago entre outros exiliados da posguerra cuxas implicacións nos problemas da colectividade os converteron en líderes cuxas voces orientaron o futuro das asociacións. Estes autores crearon o seu propio sistema de expresión a través dos centros galegos aos que chegaron fuxindo da barbarie fascista e logrando consolidar a difusión da cultura galega en América (Centro Gallego de Caracas, 1952).

É fundamental pensar na recuperación destes textos relacionados coa tese galega en Ultramar; aínda que pouco coñecidos, remiten a unha nostalxia dun tempo pasado sen posibilidade de retorno. Os materiais científicos que se revelan neste estudo contribúen á recuperación da historia de Galicia nos anos precedentes á guerra e presentan a valía do legado de España en Hispanoamérica.

A análise da visión dos emigrados galegos a Hispanoamérica subliña a vontade explícita de achegar a historia dun pobo do que xurdiron materiais de importancia polo seu carácter erudito e que están relacionados coa historia de España e América en sincronía. A modo de conclusión final, pódese afirmar que as edición facsímileares americanas dan voz aos escritores emigrados e do exilio galego, interésanse por loitar contra as censuras das que era obxecto a tese en Pontevedra e aportan coñecemento científico no que se reporta un

discurso moderno, deixando claro a importancia de achegar ao presente a memoria histórica de milleiros de galegos que resultou descoñecida ou esquecida. O estudo engade unha táboa síntese e un glosario de termos que denotan a interpretación e os significados dos textos dentro do contexto e se describen as diversas finalidades que vén cumprir a tese galega en Hispanoamérica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As persoas, os feitos, as verbas: síntese da visión dos intelectuais emigrados a Hispanoamérica sobre a discutida orixe galega de Colón

ANO	AS PERSOAS	OS FEITOS CULTURAIS	NOME DA PUBLICACIÓN E LUGARES DE EDICIÓN	AS VERBAS E OS SIGNIFICADOS DO TEXTO
1902	José Ramón Barreiro	Un dos primeiros divulgadores das actividades do Centro Galego de Montevideo	Boletín do Centro Galego de Montevideo	Resignificar o feito histórico da descuberta de América por Colón Español. Defensa de España como patria de orixe do emigrados
1897	Agar Eva Infanzón Canel	Excursión de Cienfuegos a San Fernando. Canel diagnostica a problemática das colonias españolas en América	Album da Trocha en colaboración con outros xornalistas. Cuba	Deixar testemuña escrita e gráfica da infraestrutura e o legado cultural español na illa de Cuba antes da independencia
1906	idem	Xornalista emigrada, dita as conferencias de Corrientes e Salto. Arxentina. Labor divulgativa da tese galega	Conferencia de Corrientes: Isabel y Colón. Conferencia de Salto.Arxentina	Defensa e sentido de xustiza a favor de España e o legado espanol en América a través da tese de Colón galego. Cita no documento ao autor Celso García de la Riega. A "Madre Patria" é España para os emigrados
2006	idem	Lo que ví en Cuba. Obra que reflicte a historia cubana e o legado español en América	Libro sobre a paisaxe cultural e etnográfica dos emigrados galegos a Cuba. Datos sobre a historia e censo de Cuba	Integración dos galegos coa vida cultural Cubana. A mestizaxe, amizade España-Cuba. Feminismo: a muller emigrada traballadora participa
1911	idem	Independencia de España e Independencia de América. Divulgación sobre o feito emancipador americano	Conferencia de Salto Arxentina	Reivindica a España como a "Madre Patria". Cataliza e intenta explicar as razóns e sentimentos de perda das colonias españolas de América.

ANO	AS PERSOAS	OS FEITOS CULTURAIS	NOME DA PUBLICACIÓN E LUGARES DE EDICIÓN	AS VERBAS E OS SIGNIFICADOS DO TEXTO
1912	Mercedes Vieito Bouzas	Xornalista durante tres décadas da Revista do Centro Galego da Habana. Educadora e dinamizadora cultural no Centro Galego da Haba.na perante tres décadas	Revista Galicia. La Fiesta de la Raza. Revista Eco de Galicia. Alusión ás actividades conmemorativas da Hispanidade e o descubrimento de América. Cuba	Colón español. Eu son español. Fiesta de la Raza. Celebración do Día da Hispanidade. Conmemoración do día de Colón español. Colón é español: Nós somos españois
1911	Constantino Horta y Pardo	Profesor e avogado, gran dinamizador do Centro Galego da Habana. Investigador da tese galega. Primeiro en publicar a tese galega. Responsable do emprendemento de Cemiterio Cristóbal Colón da Habana	La verdadera cuna de Cristóbal Colón. Editado en Nova York – A Habana	Sinalar a orixe semítica e galega, ser o primeiro en publicar en Hispanoamérica
1920	Ramón Marcote Miñarzo	Creador do Comité Pro-Colón Español. Principal propagandista activista e propagador hemisférico da tese galega en Hispanoamérica	Colón Pontevedrés. Escritor de artigos e ensaios de divulgación da tese en Hispanoamérica. Cuba	Réplica contra os rexeitamentos da tese en Pontevedra. Finalidade divulgativa no Centro Galego da Habana. Prestixiar a Galicia
1920	Prudencio Otero Sánchez	Pontevedrés principal impulsor da tese galega. Autor da correspondencia epistolar entre Pontevedra e A Habana. Dita conferencias no Centro Galego de Bos Aires. Promove a rectificación dun "erro histórico"	España, Patria de Colón. Obra de xurisprudencia en pro da nacionalidade española do descubridor. Autor de artigos e ensaios sobre a tese galega en Montevideo e Bos Aires. Pontevedra	O libro é unha proba xurídica da nacionalidade galega e española de Colón. Sentido de España como Patria. Reivindica a imaxe de Celso García de la Riega. Procura facer a "rectificación dun erro histórico". Comunicación epistolar entre os emigrados: Marcote, Calzada e Zas y Simó.
1920	Rafael Calzada	Xornalista en Bos Aires. Amosa a identidade cultural dos galegos emigrados coas sociedades de Hispanoamérica	La Patria de Colón. Intelectual da Galicia emigrada a Bos Aires	Reinterpretación das formulacións de García de la Riega dunha forma creativa e argumentada. A tese xenovesa é un dogma petrificado. Metáfora sobre a tese xenovesa

ANO	AS PERSOAS	OS FEITOS CULTURAIS	NOME DA PUBLICACIÓN E LUGARES DE EDICIÓN	AS VERBAS E OS SIGNIFICADOS DO TEXTO
1923	Enrique Zas y Simó	Comité Pro-Colón Español. A Habana. Identitario, relaciona a España coa nacionalidade de Colón. Defensa de Esapña ante as ameazas estadounidenses	Galicia, Patria de Colón. Obra patrocinada polo Comité Pro-Colón Español e as Sociedades de Instrución. A Habana	Reinterpreta a tese rieguista. Afánase en amosar as contribucións dos emigrados a Hispanomérica en reivindicar a Colón como español
1952	José María Mosqueira Manso	Revista Galicia. Centro Galego de Caracas	"A aclaración dun enigma". Venezuela	Divulgar a tese en Venezuela. Provocar a discusión, diálogo, o autor é voceiro do colectivo
1961	José María Mosqueira Manso	Intelectual e voceiro da colectividade galega emigrada de Caracas	La cuna gallega de Cristóbal Colón.Venezuela	Mostra as evidencias e cartogramas arredor da toponimia entre ambas contornas xeográficas: Galicia e as Costas das illas antillanas e Venezuela

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GLOSARIO

Acervo Cultural: abrangue o conxunto total das manifestacións culturais materiais e inmateriais dun grupo social ou comunidade. Refírese ao conxunto de manifestacións culturais, costumes ou hábitos transmitidos dunha xeración a outra. Engade o concepto de Acervo documental como todos os libros, xornais e revistas, formados por coleccióńs, documentos dun arquivo, manuscritos orixinais, gravacións, filmacións, organizados por autores ou institucións.

Arquivo histórico: a súa función é a custodia e conservación dos documentos cualificados como de conservación permanente. A súa importancia ten un período de tempo. O estudo centrouse nos arquivos e centros de documentación existentes na cidade de Pontevedra e nos Consello da Cultura Galega.

Arquivo de Galicia: cabeceira e centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia (Decreto 207/2010 de 10 de decembro). Espazo para a xestión documental que representa o conxunto do patrimonio documental do país. Entre as súas funcións están as de recibir, organizar, instalar, conservar, informar, dixitalizar, formar e difundir. A maiores o arquivo valora e protexe os documentos que dan conta da vida cultura, a historia e as actividades impulsoras do desenvolvemento de Galicia (Arquivo de Galicia, 2020).

Arquivo Dixital Integrado Galiciana: proxecto interesado en recoller a memoria da Comunidade no maior directorio do patrimonio cultural de Galicia. Funciona dentro dunha plataforma dixital que poñen ao servizo dos usuarios documentos textuais, cartográficos,

iconográficos ou audiovisuais que forman parte do patrimonio documental galego desde o século IX ata os nosos días e conteñen datos protexidos pola lexislación vixente (Arquivo de Galicia, 2020).

Arraigo: procedente de raíz. Refírese ao sentimento de identidade cultural e pertenza cun colectivo co que síntese uns valores, idiosincrasia, normas culturais que se comparte e que lle son propios.

Asimilación Cultural: proceso de integración dunha minoría nun grupo social máis amplo. No que se refire á sociedade galega a asimilación cultural implica a posta en pratica dun mecanismo de integración que en hispanoamérica dados os procesos organizativos dos colectivos emigrados compatibiliza os trazos e sinais culturais propios cos das sociedades receptoras. Asóciase cos procesos de transmisión cultural por medio do que determinadas sinais de identidade pasa dun territorio a outro transferindo saberes, normas, valores e a cultura en xeral.

Asociacionismo: defínese como a tendencia á creación de asociacións entre persoas que comparten sentimentos, inquedanzas e obxectivos comúns, coa finalidade de fomentar a solidariedade e apoio mutuos. Ten unha base na sinerxía que se crea a través da interacción entre grupos humanos con afinidades e cultura compartidas.

Asociacionismo Galego no Mundo: Sixirei, Campos e Fernández (cit. en Sixirei, 2001), na súa obra a prol da emigración galega, insisten na necesidade de recoller as motivacións deste espírito asociativo e emprendedor dos galegos na diáspora. Nestas achegas os autores dan conta dun amplo traballo da actividade asociacionista de case trescentos centros galegos distribuídos ao longo de catro continentes dos cales cento corenta localízanse na América de fala española. En conxunto esta reflíctese da seguinte maneira: Arxentina con setenta e seis centros, Cuba con vinte sete centros, Uruguai con quince, Venezuela con

dezasete, e os demais espallados por outros países como Chile, Colombia, Porto Rico, República Dominicana e Perú.

Estes centros do asociacionismo galego no mundo permitíronlle en todas as épocas ás mulleres e homes procedentes dos mesmos lugares e comarcas de Galicia encontrarse coas súas raíces e proporse obxectivos comúns. Permitíronlles desenvolver un sentido de convivencia, un remedio para as súas ausencias persoais e territoriais, un espazo para a xuntanza fraterna e a través do matrimonio, compartiron sentimentos de identidade e galeguidade xamais esquecidos. Os hábitos, costumes, a lingua propia, a cultura, as nostalxias e proxectos, axudas e apoios recíprocos, ilusións compartidas, foron sostidas con forza e vigor e manifestáronse nas actividades músico e folclóricas, gastronómicas, teatrais, escolas e empresas asistenciais, accións editoriais, radiofónicas e xornalísticas, asemade exposicións artísticas onde á creatividade e a sensibilidade dos galegos emigrados neses países tivo lugar para a súa expresión. Todo isto traduciuse en solidariedade, tolerancia e sentido de compromiso social (Sixirei, 2001).

Centro Galego en Hispanoamérica: un Centro Galego é unha institución que ten personalidade xurídica propia, carácter asociativo, con finalidade social e de instrución, asistencial, médico-sanitaria, cultural, recreativa, de ocio e tempo de lecer, cunha base esencial solidaria e uns principios guiados pola galeguidade, un sentimento irrenunciable para todo galego residenciado no exterior. Moitos españoles do resto da península forman parte dos centros galegos.

Aínda hoxe desde Bos Aires ou Puerto Rico, Montevideo ou Caracas, os centros galegos, as Irmandades e as Casas de Galicia continúan desempeñando un labor inestimable de promoción da cultura galega, de apoio aos emigrantes, e sobre todo co seu inmenso patrimonio documental.

A rede de centros existentes ao largo e ancho de Hispanoamérica é unha vantaxe e feito diferencial que ten Galicia en relación a outras comunidades da península e que, ás veces, non semella ser consciente de poder cumprir o destacadísimo labor de promoción económica, cultural e lealdade universal coa que contou a Galicia que se encontra espallada polo mundo (Sixirei, 2001).

Colonia: territorio ou país ocupado e sometido a un dominio político doutro máis desenvolvido e poderoso. Grupo de persoas que emigran do seu país para poboaren ou exploraren outro país ou territorio. Conxunto de persoas naturais dun país que viven noutro distinto (exemplos de colonias galegas nos países de Hispanoamérica: Arxentina, Uruguai, Venezuela, Cuba, México).

Complexidade: o estudo e a reconstrución dos feitos culturais que ocorren nun espazo e tempo determinados como a tese de Colón galego responden ao paradigma da complexidade. Este defínese como o sistema que é construído a partir de múltiples unidades e repetidas interaccións entre os seus compoñentes o que resulta en comportamentos colectivos consistentes no tempo, adaptables ao entorno e que retroalimentan os procesos dun xeito permanente e dinámico. Esta situación configúrase nos centros galegos de Hispanoamérica e nos fenómenos asociacionistas que se observan nas Sociedades de Instrución, nos Comités Pro-Colón Español e na configuración que se produce na sociedade na que residen os emigrados galegos.

Cultura: constitúe a parte central do debate sobre a antropoloxía social dos pobos. Céntrase no fluír de interaccións continuas e dinámicas que describe un universo ilimitado de ideas, formas de actuar compartidos nunha sociedade a través da linguaxe, costumes e cosmovisión do mundo nun espazo e tempo específicos. Entendida como un todo integrado de estruturas sociais que se auto reproducen.

Destácanse a súa coherencia interna, o carácter estable e repetitivo no que se aprecia a forza conservadora da tradición (Fernández de Rota, 2012).

Cultura material: enténdese á produción material do entorno humano de cada grupo social, facendo referencia aos obxectos materiais coñecidos como "o mundo das cousas", producidos culturalmente.

Documentos históricos: conservados polos seus creadores ou propietarios preséntanse en soporte material e son requiridos por persoas ou organismos públicos e privados. O seu significado e valor histórico convérteos en patrimonio histórico. O estudo precisou da revisión dos documentos epistolares entre Pontevedra e Hispanoamérica como evidencia da relación entre ambos territorios.

Emigración: desprazamento da poboación para establecerse fóra do lugar de orixe. Conxunto de emigrantes. O estudo céntrase nos movementos migratorios cara a América que caracterizaron a sociedade galega na primeira metade do século XX. As causas que determinaron o éxodo, as características da poboación emigrada e as condicións de vida dos galegos emigrados a os diversos países de Hispanoamérica son obxecto do estudo.

Emigrar: deixar a terra propia para establecerse noutro país, en xeral por múltiples razóns. As experiencias relatan que os afastamentos da terra de orixe responden a busca de mellores oportunidades de traballo, cambios no estilo de vida e adquisición de novas aprendizaxes.

Entrevista: para facer a análise sobre a visión da Galicia emigrada en relación a tese do Colón galego, fundamentámonos nos procesos de obtención de datos a partir das entrevistas a diversos historiadores da cidade de Pontevedra e cidadáns procedentes da emigración a Hispanoamérica. Neste encontro de ideas entre dúas ou máis persoas

nun lugar determinado tratouse de desvelar o asunto sobre a orixe do Almirante Cristóbal Colón desde a ollada dos colectivos emigrados. Outra acepción refírese a conversa en que unha persoa, xeralmente un xornalista lle fai preguntas a outra para que o que está di ou opina da cordo a un tema determinado.

Etnografía: no estudo en cuestión a etnografía como ciencia auxiliar da historia vai dirixida a explorar como as comunidades que se orixinan se manteñen xuntas na súa interacción cotiá. Precísase coñecer o sistema de crenzas que une o grupo coa finalidade de coñecer a súa cultura. A realidade de Cristóbal Colón galego devela as posibles orixes xudías do descubridor e as evidencias patrimoniais que o vinculan coa comunidade galega, é coa cidade de Pontevedra.

Exilio: afastarse da terra propia por determinadas causas. Os tempos da guerra e da posguerra foron propicios para os exilios. Algúns autores utilizan o termo transterrados para facer unha descrición dos destinos incertos dos republicanos quen fuxiron dalgunha maneira ao sentirse ameazados. Nos espazos de América Latina existiron moi fondas interaccións entre os exiliados e os emigrados que contribuíron a formar matrices de opinión de formas de mirar o mundo diferentes en América con respecto a Europa.

Fontes históricas: no estudo da tese galega sobre a orixe de Cristóbal Colón en Hispanoamérica as fontes son todos os documentos, testemuñas e obxectos que transfiren información específica sobre os feitos pasados e permiten reconstruír a historia. Poden ser secundarias tamén coñecidas como historiográficas elaboradas a partir de fontes primarias de diversa índole como libros, facsímiles, revistas e artigos que repousas nos centros de documentación como o é o Arquivo Galego da Emigración.

Fontes documentais: son documentos históricos orixinais, que conteñen información histórica importante e poden servir de fonte primaria para analizar, valorar e interpretar os feitos a explicar dentro da metodoloxía histórica. O estudo repasou documentos orixinais como o son as conferencias de Eva Canel, os facsímiles e revistas da emigración galega a hispanoamérica e a prensa histórica de Galicia, os libros antigos e recentes, asemade as fotografías dos elementos patrimoniais relacionados coa tese galega presentes na provincia de Pontevedra.

Galeguismo: é unha corrente intelectual cuxo obxectivo e facer perpetuar mediante a defensa e promoción activa a cultura e identidade propios de Galicia anteriores ao século XX en todas as manifestacións (lingua, literatura, folclore, gastronomía e tradicións). Ditas actividades son levadas a cabo tanto por institucións públicas ou entidades privadas. Afírmase que Alfonso Rodríguez Castelao é o pai do nacionalismo galego, sendo unha das figuras máis destacadas do galeguismo. Este movemento xorde a mediados do século XIX cando se formulou o provincialismo e o rexionalismo e adquire valor a partires da Constitución da primeira Irmandade da Fala na Coruña en 1916.

Guerra Hispano-Estadounidense: conflito bélico que enfrontou a España e aos Estados Unidos no ano 1898 como resultado da intervención estadounidense na guerra de independencia cubana. Os principais resultados denotan a España como derrotada e a perda de Cuba e do resto das colonias, quedando esta baixo a tutela dos Estados Unidos.

Hemeroteca: do grego hemero: día e thekos: caixa. Refírese ao edificio onde se gardan, conservan, ordenan e clasifican diarios, revistas e outras publicacións de prensa escrita arquivadas para a súa consulta. As coleccións ou conxunto de xornais e publicacións periódicas de documentos específicos.

Hispanoamericanismo: doutrina que describe a unión espiritual de todos os pobos hispanoamericanos. Difundida polos intelectuais españois e latinoamericanos perante os anos 1898 y 1930 coincidindo coas tres "décadas de ouro" do Colón galego. A especificidade do termo hispanoamericanismo exprésase na asociación das nacións que formaron parte do imperio español en América e España que son nacións independentes.

Identidade cultural : proceso de constitución, segundo o acordo e pola teoría sociolóxica e antropolóxica, realizado polos diferentes individuos desde os seus referentes históricos, xeográficos e biolóxicos. A identidade configura a persoa dotándoa dunha forma de ser e estar no mundo, desenvolvéndose sobre un ou varios atributos culturais. Existe unha pluralidade importante de identidades e confire un sentido vital ao suxeito e ofrece unha ampliación simbólica as acción individuais.

Irmandades da Fala: organizacións nas que participaban unha pequena burguesía de intelectuais liderados por Antón Villar Ponte. É un primeiro movemento cun amplo consenso social Un movemento no que se reivindicaba a lingua galega e se procura conquistar un estatus digno para a lingua galega.

Madre Patria: refírese a relación histórica, social e cultural dos cidadáns dun territorio que formou parte ou é parte constitutiva deste. Implica a asimilación do legado cultural dese país. Úsase en Hispanoamérica para referirse a España como nación que deixa un acervo histórico e cultural no continente americano. Os emigrados galegos en Hispanoamérica destacan o feito cultural da presenza da "Madre Patria" para defender a España e eles como cidadáns orixinarios deses territorios de outros posibles controis ou ameazas por parte de potencias estranxeiras.

Memoria: a idea da memoria neste traballo implica o tema da memoria colectiva sobre a emigración galega a Hispanoamérica. Refírese ao coñecemento xeral do mundo, incluído o das palabras, os conceptos e a linguaxe que é produto dese devir histórico. O "saber que", precísase dunha enquisa constante para a recuperación consciente dos sucesos previos ou anteriores que aconteceron e motivaron o éxodo español cara a Ultramar e que teñen relación coa actualidade.

Nacionalismo español: exaltación de la nación y lo nacional que parte do principio de ter unha historia e destino común , nacionalidade xurídica pola que os cidadáns pertencen a nación española. A tese galega fortalece o españolismo e o sentimentos a favor do legado cultural de España en América.

Orixe: a palabra "orixe" refírese a un fenómeno ou feito que é o principio e causa de outro. A visión dos emigrados sobre este termo dentro do contexto dos estudos culturais ten un significado moi amplo por ser un colectivo cunhas condicións particulares de ser xentes que tiveron que saír fóra da súa patria, a orixe implica varios conceptos: o lugar de nacemento, a familia, o patrimonio, a herdanza, a estadía, os estudos, o traballo, o idioma, a nacionalidade. O que ven a determinar a pluralidade de visións que os emigrados lle deron a tese galega en Hispanoamérica.

Patria: noción de cidadanía e pertenza a unha terra. Refírese ao feito de nacer nunha terra ou territorio. Comporta obrigacións e compromisos para os seus membros e a defensa das liberdades inherentes a esta. Na tese galega úsase reiteradamente nas edicións que defenden a nacionalidade española de Cristóbal Colón para referirse a España como a Patria do descubridor de América e afianzar a situación dos emigrados peninsulares en Hispanoamérica.

Patriotismo: pensamento que vincula ao individuo coa súa patria. Amor e unicidade coa patria de orixe ou adoptiva ligada a valores, afectos, exaltación desmesurada do nacional, no estudo da tese galega en Hispanoamérica pódese considerar como a xénese do patriotismo español no continente ultramarino.

Patrimonio documental e bibliográfico: o integran os documentos reunidos nos arquivos e bibliotecas que cumpren os requisitos da lei 16/1985, en relación as declaracións de ben de interese cultural. Neste senso, o conxunto documental que constitúe o baseamento da tese galega sobre a orixe do descubridor de América.

Patrimonio etnográfico galego: son aqueles bens culturais e legado cultural que deixan os emigrados galegos en Hispanoamérica. Estes veñen formando parte da cultura do pobo galego transformado polos procesos migratorios nos que tivo interacción coas culturas orixinarias de Hispanoamérica, a través de sentimentos de apropiación as culturas dos países de acollida, que tamén lle son propios.

Patrimonio histórico: coñécese como o conxunto de bens materiais e inmateriais acumulados ao longo do tempo. Poden ser de tipo histórico, etnográfico, documental o bibliográfico. A lei 10/2015, do 26 de maio fai referencia a salvagarda do Patrimonio cultural inmaterial, proposta pola Unesco. A partir das evidencias patrimoniais, documentais e bibliográficas a tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón abre liñas de acción e divulgación para considerala Patrimonio Inmaterial da Unesco.

Perspectiva de Xénero: neste estudo en concreto a perspectiva de xénero refírese ao conxunto de posturas críticas fronte as desigualdades de xénero. Asunto que impide as mulleres a súa inclusión sistemática nos procesos de participación presentes nas sociedades patriarcais dos emigrados. As mulleres emigradas logran traspasar coa súa obra e

protagonismo as fronteiras que se lle vetaban. O estudo deixa constancia dos esquemas de poder e pensamento redutor no que as emigradas se tiveron que desenvolver.

Pictografía: dentro dos Estudos Culturais por ser interdisciplinarios as obras pictóricas teñen unha validez moi relevante. Estas confirman os datos expostos polos historiadores, a literatura publicada, os feitos relatados polos cronistas e investigadores. As pinturas poden contribuír a darlle sentido as interpretacións dos autores. A visión dos emigrados en torno a orixe de Colón sustentase na obra e retratos que representan ao descubridor desde a obra pictórica descrita no libro de Celso García de la Riega (1914). No entanto, as diversas facianas revelan as diversidade de puntos de vista, reflexións, discusións e polémicas existentes en torno a esta cuestión.

Prensa da Galicia emigrada: tamén coñecida como prensa histórica, representa o conxunto de publicacións feitas nas sociedades galegas de Hispanoamérica e representa o esforzo dos emigrados en deixar unha testemuña das actividades feitas en canto a publicidade, empredementos sociais e o acontecer da época. Constitúe un referente para o desenvolvemento de estudos posteriores no ámbito disciplinar dos Estudos Culturais: teatro, danza galega, agrupacións musicais, e outros na Habana, Bos Aires, Montevideo, Caracas, etc.

Relato cruzado: cruzar dúas ou máis cousas; unir ou enlazar ideas, valores, iconas e identidades de dúas culturas, entretecer. No estudo que estamos a facer, cruzamos os relatos do exilio e a emigración galegas coas achegas etnográficas produto desa interacción.

Sinais de identidade: construto teórico que abrangue en senso amplo o conxunto de normas, crenzas e valores culturais compartidos polos cidadáns de orixe galego ou nos e que se activaron nas sociedades galegas nos países da emigración. Un exemplo de sinal de identidade

na sociedade cubana é o feito da creación do himno galego de Pascual Veiga.

Sociedades Galegas de Beneficencia: son instrumentos de asociación que atenderon aos emigrados máis necesitados na illa de Cuba. Máis tarde estas mesmas sociedades ocupáronse de dar sepultura aos emigrados falecidos. Unha expresión destas accións resúmese no Cemiterio Cristóbal Colón da Habana. A imaxe e semellanza destas sociedades funcionaron as agrupacións provinciais e comarcais no resto dos centros galegos.

Tese galega: o estudo define a tese galega como o conxunto de contidos culturais desenvolvidos na obra de Celso García de la Riega *Colón Español. Su origen y patria*, editada en Madrid (1914). Abrangue os argumentos, evidencias, documentos e informacións relacionadas coa hipótese pontevedresa sobre o lugar de nacemento de Cristóbal Colón.

Terra de Gracia: acepción que lle deu Colón ao continente americano cando desembarcou en Macuro, na península de Paria. Este concepto respondeu ao asombro e admiración experimentado polo descubridor ao apreciar as características da paisaxe e a exuberante vexetación das terras descubertas no actual territorio de Venezuela.

Tradición oral: conxunto de crenzas, valores é costumes que se transmiten dunha xeración a outra. Co respecto as diferenzas entre católicos e xudeus, a tradición oral expresa que na igrexa de San Bartolomeu o vello achábase unha táboa na que se rexistraban os nomes das familias xudeus inscritas nesa vila. Para que non fixeran matrimonio cos cristiás.

ANEXO I. RELACIÓN DAS ENTREVISTAS FEITAS AOS INFORMANTES DO ESTUDO

O traballo sobre a visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica en torno a discutida orixe galega de Cristóbal Colón realízase coa participación de personas que se vinculan ao tema obxecto de estudo. Estos son os historiadores, cronistas e emigrantes a Hispanoamérica que tiveron contacto coa tese galega.

Este proceso de recollida de informacións sobre o Colón galego desde a visión da emigración galega responde de igual maneira ao retorno dos emigrados quen puideron ser entrevistados pola autora. As preguntas foron amplas e desde unha perspectiva plural e integradora. As respostas de estes entrevistados amplían as interpretacións sobre a visión do Colón galego en Hispanoamérica.

Entre elas pódense describir unha secuencia de personas e actividades de recompilación das información. Citanse as seguintes persoas entrevistadas:

Prof. Dra. Carmen Blanco García. Coordinadora de Programa de Doutoramento en Estudos Culturais. Universidade de Santiago de Compostela. Campus Lugo.

Prof. Dr. Francisco Rodríguez Lestegás. Director-Titor da Tese de Doutoramento. Catedrático de Didáctica das Ciencias Sociais da Universidade de Santiago de Compostela. Campus Lugo.

Prof. Dr. Claudio Rodríguez Fer. Profesor de Literatura Española da Universidade de Santiago de Compostela, escritor e poeta.

Prof. Dra. María Pilar Cagiao Vila. Profesora de Historia de América da Universidade de Santiago de Compostela.

Prof. Dra. Rosa María Pérez de Santos. Catedrática de Educación e Fundadora da Cátedra Paulo Freire e a Americanidade da Universidade Central de Venezuela.

Profesor Ulpiano Santos Fuentes. Magister en Lingüistica de la Universidad Católica Andrés Bello, Venezuela. Socio de la Hermandad Gallega de Venezuela. Jubilado.

Prof. Dra. Françoise Dubosquet. A Memoria. Remedio ou Veleno. Universidade de Rénnes - USC. Campus Lugo.

Prof. Dr. Ramón Villares Paz. Presidente do Consello da Cultura Galega. Período en xestións 2017.

Porf. Guillermo García de la Riega. Escritor. Dinamizador Cultural. Descendente do creador da tese de Celso García de la Riega. Pontevedra.

Lic. Eduardo Esteban Meruéndano. Presidente da Asociación Celso García de la Riega. Pontevedra.

Ing. Carlos López Gegúndez. Doctor en Humanidades. Investigador. Historiador. Educador. Lugo.

Angel Carracelas. Historiador e colaborador da Casa Museo Cristóbal Colón. Poio. Biblioteca da Casa Museo Cristóbal Colón de Poio.

Pedro Martín Gilarránz. Director da Casa Museo Cristóbal Colón. Poio.

Luciano Sobral. Alcalde de Poio. Concello de Poio. Pontevedra.

Lic. Manuel Doval. Asociación Cristóbal Colón . Galego, emigrado a México.

Roberto Taboada. Escritor, recompilador da obra histórica sobre a Tese do Colón Galego.

Lic. José Anido. Mercedario do Mosteiro de Poio. Pontevedra.

Lic. Pedro de Lorenzo y Macías. Cronista da cidade de Pontevedra

Manuel Lage. Dinamizador Cultural de Vilagarcía de Arousa emigrado e retornado de Arxentina.

Wladimir Dragossan. Cronista e actor pontevedrés vinculado as crónicas históricas publicadas nos medios dixitais da cidade de Pontevedra e as redes sociais.

Lic. José Villar. Historiador de la Provincia de Pontevedra.

Lic. David Barbazán. Historiador, educador da Escola Catedralicia de Santiago de Compostela

Antrop. Manuel Villar. Historiador. Museólogo do Museo do Pobo Galego.

Lic. David Conde. Museólogo de Museo de Pobo Galego.

Lic. Rubén Villar Fernández. Descendente de Nicanor Villar Rodríguez. Galego-venezolano fillo de emigrantes. Procedente de Venezuela.

Prof. Dra. Nora Ferstadt. Investigadora e tecnóloga galega venezolana. Catedrática de Tecnolóxía Educativa da Universidade Pedagóxica Experimental Libertador.

Prof. Xermán Torres Aboal. Profesor e Orientador. Coordinador da Mesa das Verbas. Vilagarcía.

Prof. Ramón Torrado. Profesor de galego. Dinamizador Cultural da Mesa dasVerbas. Vilagarcía.

Ing. Carlos López Cendón. Espazo Dixital de Venezuela. Irmandade Galega de Venezuela.

Juan Lago Bouzón. Informante da emigración a Venezuela.

Félix Serafin Portugal. Investigador galego-venezolano.Autor de libros e investigacións.

Avog. José Manuel Solla Santos. Avogado. Especialista en Ciencias Xurídicas. UNED.

Lic. Antón Ruibal. Bibliotecario da Biblioteca Concepción Arenal. Universidade de Santiago de Compostela.

Prof. Dr. Francisco Diez Escribano. Catedrático de Educación Física da Universidade Pedagóxica Experimental Libertador.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO II: INDICE DE ILUSTRACIÓNS

1. Retrato de Colón por Ridolfo Ghirlandaio
2. Cristóbal Colón por Sebastiano del Piombo
3. Colón Ibicenco.
4. A Virxe dos Mareantes por Alejo Fernández
5. Detalle da faciana de Colón na obra da Virxe dos Mareantes
6. Colón Portugués no texto de Luciano e Jorge Da Silva
7. Retrato de Colón atribuído a Rafael Tejedo
8. Colón pontevedrés polo pintor cangués Caamaño Xestido
9. O descubridor na revista pontevedresa.
10. Celso García de la Riega
11. A ría de Pontevedra
12. A estafeta, lugar de descanso das bestas no camiño de Santiago
13. A Casa da Crus. Concello de Poio
14. Escudo de Armas de Cristóbal Colón
15. Fachada da Basílica de Santa María a Maior. Pontevedra
16. A Virxe da O. Patroa Oficial de Pontevedra
17. Fachada da Igrexa de San Xoan de Poio
18. Lousa altorelieve en pedra sobre da descuberta de América. Caldas de Reis
19. Lousa altorelieve con motivo da Carabela do descubrimento
20. Nao A Galega
21. Embarcación A Niña
22. Anagramas e rúbricas de Colón
23. Toponimia galega nas costas de Venezuela

24. Travesía transatlántica da Tese Galega
25. Ramón Marcote (centro) Comité Pro-Colón Español. A Habana
26. Eva Canel (centro) a bordo do vapor “Purísima Concepción”. Cuba.
27. Revista Galicia. Centro Gallego de Caracas
28. Xornal El Universal. 12 de octubre de 1958
29. Revista Eco de Galicia. Puerto Rico

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO III: APÉNDICE DOCUMENTAL

1. Portada del Libro de Luis de la Riega (1892). El Río Lérez
2. Celso García de la Riega. (1897). La Gallega
3. Celso García de la Riega. (1914). Colón Español. Su Origen y Patria.
4. Celso García de la Riega.(2007). A Patria de Colón. Toxosoutos. Noia. A Coruña.
5. Revista Galicia A Habana 1902-1930.
6. Mercedes Vieito de López. Revista Eco de Galicia. A Habana. (1933).
7. Eva Canel. 1907. Conferencia de Corrientes. Argentina.
8. Eva Canel. Conferencia dada en Salto. Argentina. 1911.
9. Canel, Eva e colabs. (1911). Álbum de La Trocha. Representa o legado de España na Illa de Cuba en obras de infraestructura.
10. Canel. E. (1909). Por la Justicia y por España.
11. Constantino Horta y Pardo. La verdadera Cuna de Cristobal Colón. Editado en Nova York 1911.
12. Enrique Zás (1923).Galicia. Patria de Colón. Obra patrocinada polo Comité Pro Colón Español.
13. Rafael Calzada (1854-1929). La Patria de Colón (1920).Juan Roldán Editor. Buenos Aires.
14. Mosqueira Manso, J. M. (1953).¿Dónde nació Cristóbal Colón?. Revista Galicia.
15. Mosqueira Manso, J. M. (1961). La Cuna Gallega de Cristóbal Colón. Editorial Citania.
16. García de la Riega Bellver, Guillermo (2014). Biografía Don Celso García de la Riega.
17. Tierra Gallega. Centro galego de Montevideo
18. Debuxo de Castelao sobre á emigración.

(Nota aclaratoria) [49]

[49] Nota aclaratoria: As gráficas das fontes documentais proceden dos arquivos e hemerotecas consultadas.



Doc. 1. Luis de la Riega (1892). El Río Lérez. Jose Antúnez Editor. Pontevedra.



Doc. 2. Celso García de la Riega (1897). La Gallega



Doc. 3. Celso García de la Riega (1914). Colón Español. Su Origen y Patria.



Doc. 4. Celso García de la Riega(2007). A Patria de Colón. Toxosoutos. Noia (A Coruña).



Doc. 5. Revista Galicia. A Habana, 1902-1930.

ECO DE GALICIA

REVISTA GRAFICA Y DE INFORMACION REGIONAL

Acogida a la franquicia postal y registrada como correspondencia de segunda clase

AÑO XVII | HABANA, 15 DE OCTUBRE DE 1933 | NUM. 364

★ LA FIESTA DE LA RAZA ★

Por MERCEDES VIEITO DE LOPEZ

UNA aurora más en la fecha inmarcesible del doce de octubre, fecha que un marino gallego marcó con jalón de gloria al efectuar el milagroso descubrimiento. Una aurora más en la cadena del tiempo, una aurora en la inmensidad de los cielos y en el espacio inconmensurable de los siglos, una aurora repleta de todas las bellezas que la naturaleza madre ofrece y una página eternamente abierta a todas las tragedias y a la glorificación infinita de la historia.

El acontecimiento asombroso tuvo su inicio en la hazaña del valeroso nauta gallego (y no genovés) y siguió en su ruta de la leyenda heróica, en la exploración y conquista de los tan vastos como fértiles territorios.

Un ilustre escritor norteamericano Charles F. Lummis, asegura en su magnífica obra, "Los Exploradores Españoles del siglo XVI", que nada en la historia hay comparable en grandeza, en gesta legendaria, en valor sorprendente y fascinante, al heroismo desplegado por aquellos hombres que vestidos de mallas, se lanzaron a la empresa de conquistar un territorio inmenso y salvaje, haciéndolo hábil para la vida de la civilización; heroismo que más tarde había de cristalizar en la grandeza de las florecientes nacionnes de raza hispana, cuyas banderas se han agitado, cuando necesario ha sido, en extremecimientos de rebeldía, en convulsiones libertadoras y reyna pueblos, cada año, al llegar la fecha del doce de octubre, sienten renacer el vigor de la raza en un desbordamiento sublime del alma popular, en un rebullir de la roja sangre de nuestra gloriosa estirpe, en un algo tan intenso, que agita la entraña misma de la nación progenitora.

Hoy, en Cuba, nublan este día de esplendor, los crespones del luto, y, las palmas esbeltas, parecen monumentos funerarios engarzados en la esmeralda de los campos, mientras del tañido quejumbroso de las campanas parece escaparse las voces de los caídos en una lucha infecunda y estéril, porque es lucha entre hermanos, y, las sierpes del odio pretenden colgarse señudas de los corazones que siempre han estado abiertos a todo amor y a toda generosidad.

Así pues, hoy, doce de octubre, fiesta de la raza, que se celebra en toda América como en España, aniversario del día en que Cristóbal Colón, llegó a las playas desconocidas y sorprendas, sea para Cuba la MAS HERMOSA TIERRA QUE OJOS HUMANOS VIERON, como el gran Almirante escribió en su diario, algo así como un alborear en las tinieblas, una huella luminosa que marque el principio de su reconstrucción, el inicio de su nuevo progreso, de un grande florecimiento en todos los órdenes de la vida, al lenitivo a todas las tristezas, el bálsamo que restañe esas heridas que pudieron desangrar su generoso, abatir su industria y cubrir los campos de ruinas.

Hay que hacer que la paz reine en los corazones, que el amor surja, borrando la abundante púrpura de la sangre que brilla junto a los rastrojales diamantinos del llanto; que sea cubierto el pallo azul de este cielo tropical por el gris del humo de fábricas y talleres, por la actividad, por el progreso, por el trabajo, por la riqueza económica...

Invoquemos en esta hora suprema los manes de Colón que nos protejan.

Doc. 6. Mercedes Vieito de López (1933). La Fiesta de la Raza. Revista Eco de Galicia.(364). p.1.



CONFERENCIA

DADA

EN LA CIUDAD DE CORRIENTES

A PEDIDO DE LA
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE SOCORROS MÚTUOS
EL DÍA 12 DE OCTUBRE DE 1906
EN OCASIÓN DE LAS ROMERÍAS Y CON MOTIVO
DE CELEBRARSE
EL DESCUBRIMIENTO DE AMÉRICA

Biblioteca "AMÉRICA" Universidad de SANTIAGO ESPAÑA

BUENOS AIRES
TALLER GRÁFICO DE E. CANEL [illegible]. — CUYO 1550
1907

Doc. 7. Eva Canel. Conferencia de Corrientes. Arxentina, 1907.



EVA CANEL

Causas y efectos de la
Independencia de España
y de la
Independencia de América

Conferencia dada en el Salto (R. A.)
el día 2 de Mayo del corriente año

Biblioteca "AMÉRICA" Universidad de SANTIAGO ESPAÑA

BUENOS AIRES
Rel. Gráfico Robles & Cía., Defensa 257
1909

Doc. 8. Eva Canel. Conferencia dada en Salto. Arxentina, 1911.


ALBUM DE LA TROCHA

BREVE RESEÑA

DE UNA EXCURSION FELIZ

DESDE

CIENFUEGOS A SAN FERNANDO,

RECORRIENDO LA LINEA MILITAR

POR

CUATRO PERIODISTAS.

Junio, 1897.

Habana.

IMPRENTA Y PAPELERIA "LA UNIVERSAL" DE RUIZ Y HERMANO,
PROVEEDORES DE LA REAL CASA.
SAN IGNACIO 16.
1897.

Doc. 9. Eva Canel e colabs (1911). Album de La Trocha. Representa o legado de España na illa de Cuba en obras de infraestrutura.


EVA CANEL

POR LA JUSTICIA
Y POR ESPAÑA

PRECIO
(VÉASE LA ÚLTIMA PÁGINA)

BUENOS AIRES
Est. Gráfico Robles & Cía., Defensa 257
1909

Doc. 10. Eva Canel. Por la Justicia y Por España. (1909).

Doc. 11. Constantino Horta y Pardo. La verdadera Cuna de Cristobal Colón. Editado en Nova York 1911.
Fonte: fotografía propia.



Doc. 12. Enrique Zás. Galicia. Patria de Colón (1923). Obra patrocinada polo Comité Pro-Colón Español.

LA PATRIA
DE COLÓN
POR
RAFAEL CALZADA
JUAN ROLDAN, EDITOR
1920

Doc. 13. Rafael Calzada (1854-1929). La Patria de Colón (1920). Juan Roldán Editor. Buenos Aires.

Hacia la aclaración de un Enigma

¿Donde nació Cristobal Colón?

(por José M. Mosqueira Manso)

Doc.14. Mosqueira Manso José María (1953). Revista del Centro Gallego de Caracas (8).



Doc. 15. Libro de José María Mosqueira Manso (1886-1962): La Cuna Gallega de Cristóbal Colón (1961). Editorial Citania.



Doc.16. Guillermo García de la Riega Bellver (2014). Biografía de don Celso García de la Riega. Autor– Editor. España.

PORTE PAGO

TIERRA GALLEGA

SEMANARIO REGIONAL ILUSTRADO

Año I | Montevideo, Domingo 15 de Abril de 1917 | Num. 9

Colón, Gallego

La Comisión designada para continuar las indagaciones en averiguación de la patria del descubridor de América, se ha vuelto a reunir en Pontevedra convocada por su presidente y a instancias de D. Prudencio Otero Sánchez.

Esta Comisión, a virtud de cuanta impugnación de que fueron objeto los documentos remitidos por D. Celso García de la Riega, creyó oportuno someter al Ayuntamiento de Pontevedra el nuevo estado de la cuestión, para que estudiase detalladamente cuantos pormenores la controversia, considerándose, tal Comisión, como virtualmente disuelta.

Las incesantes pacientísimas gestiones de D. Prudencio Otero, eficazmente facilitadas por la benevolencia de D. Canto Sampedro, han producido felizmente el hallazgo de nuevos documentos de autenticidad indudable y que pueden tener una importancia decisiva.

En vista de ello, la Comisión se considera reconstituida, después de cubrir la vacante que dejó en ella el Sr. Rodríguez Limeo, con la compañía del distinguido escritor gallego Sr. Fernández Gasalduday, y ha procedido a examinar los nuevos documentos aportados por el Sr. Otero y la exposición redactada por este señor.

Y creyendo que la cuestión se plantea de nuevo y en términos distintos y que la documentación de haber sido Colón gallego tiene hoy mayores probabilidades de imponerse, esta Comisión acordó publicar la exposición e inmediatamente procedió por D. Prudencio Otero a la Comisión ejecutiva que presidía por los señores Presidente de la Diputación provincial y Alcalde de la capital, fué elegida en magna asamblea para hacer indagaciones sobre la verdadera patria de Colón.

La exposición del Sr. Otero, excelentemente documentada, es muy extensa, razón por la cual no la publicamos íntegra.

Pero de ella vamos a extractar algunos párrafos interesantes, porque, además de que ayudan irrefutables pruebas de que Colón era hijo de Galicia, interesa la certera de que su lectura habrá de producir inefable satisfacción a nuestros lectores.

«Señores: Cuando hablé aquel día ante ustedes el pasado que ocupán, seguramente que habéis pensado en seria fuerá llevar a término los trabajos que se proponeron en aquella magna Asamblea, de hijos suyos y vecinos otros, de esta provincia, cuales son destruir los errores que contiene la Historia respecto a la verdadera patria de Colón, hasta obtener como anagrama García de la Riega en su citada obra, que aquel grande hombre había tenido por cuna Pontevedra. Cuando dábamos los primeros pasos en nuestros trabajos, apareció un artículo suscrito por el catedrático Bermúdez Sanz en la *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* de Marzo a Abril de 1914, en el cual pretendió demostrar aquel señor que de los 11 documentos que presentaba García de la Riega, como demostración de que el apellido del *linaje verdadero de Colón* era oriundo de Pontevedra, ocho de ellos habían sido alterados.

«Nada nos extrañó que nuestro entusiasmo hubiese dicado ante semejante aseveración, hecha por personas autorizadas, mucho más desde que al cotejar los documentos fotograbados con los originales, habíamos comprendido que en algunos de aquellos documentos al finado García de la Riega había cometido (permítasenos la frase) una verdadera incentada evitando las palabras «*Colón*», no *alterándolas*, para que aparecieran más claras.

«Pero yo, y como yo algunos otros amigos del finado Celso García de la Riega, entre ellos el abogado de esta D. Luis Goyanes y D. Joaquín Núñez, (que ha sido el que le había facilitado algunos de los referidos documentos), que teníamos la seguridad de haberle visto en perfecto estado sin sospecha alguna, *creímos* que confiesa el mismo García de la Riega, y aunque no poníamos inventar a los demás la misma seguridad de que esos documentos sin excepción, declaró lo mismo en su primitivo estado, si sin haciéndole en una declaración notarial, desistí de ello y un impone el ingente trabajo de buscar nuevos datos que pudieran acreditar, lo mismo que se propone en su obra García de la Riega.

Escusamos perfectamente atinente todo cuanto dice en su obra García de la Riega desde el capítulo I.° hasta el 9.° inclusive y el I y 12, y sino no atrevería a suscribir el 13, es porque no quiero entrar en el terreno de inquirir los motivos que haya tenido el infatigable Colón para no manifestar su cuna, pues nos basta con suponer que los ha tenido y que ha querido llevarlos a la tumba.

Lo que queda en pie, lo único que en mi pobre juicio hay que averiguar es en síntesis lo siguiente:

Cristóbal Colón ¿Era Colón o Colombo? Si era Colombo, se italiano; si era Colón, es español.

Para formar juicio sensato, sin entrar en la balumba de todo cuanto se haya escrito al respecto, haciendo gala de erudición, no hay más que dos documentos fehacientes, cuyos originales para llevarnos a la verdad. Esos documentos son el contrato firmado por los Reyes de España y Cristóbal Colón en Santa Fé y su institución mayorazgo de 1498.

¿Qué nos dicen esos documentos? El primero le llama como Cristóbal Colón porque seguramente pensó que si usaremia como Colombo, podían algún día darlo por nulo.

El segundo antepone bien la nacionalidad de Génova sal; y es Génova nada, pero bien cuidado de estampar en ese documento que si llegase a extinguirse la institución por falta de varón, que se buscase en cualquier calle del mundo, aquel que llevase y hayan llevado sus antepasados *el apellido de su linaje verdadero de Colón*».

Todo lo demás de Colombo de Terradera, Colombo de Terranova, Colombino, Colonus, etc., no quieren decir otra cosa sino que variaba de apellido según le convenía.

Creo no encontrará nada serio, más que lo que deje dicho para determinar si era Colombo o Colón, pueda alimentar que su verdadero apellido era Colón y por lo tanto español.

Para demostrar que no era hijo de Domenico Colombo y Susana Fontanarrosa, basta a mi juicio preguntar a los mismos historiadores de Colón y a todos los hombres de buena voluntad. ¿Si vosotros hubiéseis descubierto un nuevo mundo, que es el hecho más grande que registra la historia después de la venida a él, del Mártir del Gólgota, a quién le trasbarcacho, con majestuosa, no temiendo ni poco ausente, ante a vuestro padre? Pues Domenico Colombo sin-

Doc. 17. Boletín Tierra Gallega de Montevideo

Doc. 18. Debuxo de Daniel Rodríguez Castelao sobre a emigración.

BIBLIOGRAFÍA

Academia Gallega. (1906). *Constitución de la Academia.* A Coruña: Academia Gallega.(20 de mayo de 1906). (1).

Altolaguirre y Duvale, Angel (1926). *La Real Confirmación del Mayorazgo fundado por D. Cristóbal Colón. El 22 de Febrero de 1498.* Madrid: Tip. de los Archivos Bibliotecas y Museos.

Arquivo de Galicia (2020). *Memoria dunha década.* Facsímile. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Asociación Cristóbal Colón Gallego. (2020). *Tras o Colón Galego. (documental).* Pontevedra: Deputación de Pontevedra.E. Meruéndano Director..

Asociación Cultural Cristóbal Colón de Portosanto. (1987). Cristóbal Colón. Facsímile. *Cristóbal Colón.*, 20.

Axeitos, Xosé Lois (2003). *Un mapa de cicatrices.* Santiago de Compostela: Edicións do Castro.

Axeitos, Xosé Lois (2016). As Irmandades da Fala no seu centenario: as orixes e as conexions cubanas. En F. P. Julian, *As Irmandades da Fala*. A Corula: Universidade da Coruña. (p. 27 -36).

Barreiro, José Ramón (1917). Colón, Gallego. *Semanario Regional Ilustrado de Montevideo.*

Beltrán y Rózpide, Ricardo (1918). *Cristóbal Colón y Cristóforo Columbo.* Madrid: Imprenta del Patronato de Intendencia é Intervención Militares.

Blanco Rosas, José (2014). *Recordando a Galicia de Maruxa Boga.* A Coruña: Deputación da Coruña.

Boletín Oficial del Centro Gallego de Buenos Aires. (1925). Buenos Aires. (226).Autor: Editor. p.7.

Cabido López, Purificación (2001). Un nome para rescatar do olvido: Mercedes Vieito Bouza. *Revista Andaina*,(15) 53-56.

Cagiao Vila, María Pilar (Coord.)(2013). *A emigración galega a América do Sur. Precedentes históricos. Os séculos coloniais.* A Coruña: Hércules de Ediciones.

Cagiao Vila, María Pilar, Rey Tristán, Eduardo e Pazos Pazos, María Luisa (2014). Congreso Memoria Final. *Programa Científico Cultural Cristóbal Colón:1914-2014: De propuesta a debate.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Calzada, Rafael (1920). *La Patria de Colón.* Buenos Aires: Juan Roldán, Editor.

Calzada, Rafael (1923). El Idioma de Colón. *Revista Vida Gallega.* (23). 1-5.Vigo

Canel Eva e outros. (1897). *Album de la Trocha.* A Habana: Imprenta y Papelería "La Universal" de Ruiz y Hermano.

Canel, Eva (1907). Isabel y Colón. *Conferencia dada en la ciudad de Corrientes a pedido de la Sociedad Española de Socorros Mutuos.* Buenos Aires: Taller Gráfico de E. Canel - Cuyo.

Canel, Eva (1909). Causas y efectos de la Independencia de España y de la Independencia de América . *Conferencia dada en Salto.* Buenos Aires: Gráficas Robles y Compañía.

Canel, Eva (1909). *Por la Justicia y por España*. Buenos Aires: Estudio Gráfico Robles.

Canel, Eva (2006). *Lo que ví en Cuba.* Santiago de Cuba: Editorial Oriente.

Carbia, Rómulo (1927). *La Patria de Cristóbal Colón.* Buenos Aires: Facultad de Filosofía y Letras Publicaciones del Instituto de Investigaciones Históricas.2da. Ed.

Carracelas, Angel (2014). *La Huella de Pedro Madruga en Cristóbal Colón.* Santiago de Compostela: Autor: Editor.

Centro Gallego de la Habana. (1915). *Tierra Gallega*, 1.Habana. Edición Facsímilar. (11 de abril de 1915).

Centro Gallego de Montevideo. Órgano de la colectividad gallega en el Uruguay. Época 2. Año IV. (63). 1922.Autor: Editor.

Centro Gallego de Montevideo (1922). La patria de Cristóbal Colón. *Centro Gallego*, 16 Montevideo: Autor: Editor

Cifre de Louriel, E. (2018). *Contribución dos galegos na illa de Puerto Rico*. Dispoñible : http://galiciaenpuertorico.blogspot.com/2011/09/una-obra-de-estela-cifre-de-loubriel.html: http://galiciaenpuertorico.blogspot.com/2011/09/una-obra-de-estela-cifre-de-loubriel.html (17 de Decembro de 2018).

Colón, Cristóbal (1985). *Diario de a bordo.* Madrid: Anaya.

Colón se llevó el secreto de su rostro real a la tumba. *La Razón. La Revista*. Gran Canaria. Dispoñible en: https://www.la-razon.com/la-revista/2013/08/28/colon-se-llevo-el-secreto-de-su-rostro-real-a-la-tumba/.20 de agosto de 2013.Autor: Editor.

Consello da Cultura Galega. (2012). Luces Alén Mar. As Escolas de Americanos en Galicia. A Coruña: España: Alva Gráfica. (Comisario: Vicente Peña Saavedra). Autor:Editor.

Consello da Cultura Galega. (2020). O soño cubano na emigración galega. *A Habana Galega: Historia e memorias cruzadas.* Santiago de Compostela : Autor: Editor

Consello da Cultura Galega. (15 de Febreiro de 2021). *Arquivo Sonoro da Emigración Galega a Venezuela. Mosqueira Manso, J. M.*

Dispoñible: http://www.enciclopediadaemigraciongalega.com/arquivo_sonoro/mosquera_son.htm: Autor: Editor.

Coruñesa, Acción (1922). Excursión Gallega a La Coruña. *Acción Coruñesa*.(16 de Xaneiro de 1922). Autor: Editor.

Costa Alcalde, María Xosé (1997). Mulleres galegas na prensa galega de América (1873-1914). O caso de Mercedes Vieito Bouza. *Estudos Migratorios*, (3) 257-283.

Cota González, Rodrigo (2008). Colón. Pontevedra. Caminha. PMMN exec . Pontevedra. Litosprint.

de la Riega, Luis (1892). *El Río Lérez*. Pontevedra: Tipografía de José Antúnez.

de la Riega Bellver, Guillermo (2000). *Historia de una Infamia.* Editor: Autor. Pontevedra.

de la Riega Bellver, Guillermo (2020). *Memorias de un Republicano Pontevedrés.* Polonia : Amazon.

de la Riega Bellvar, Guillermo (2019). *Celso Garcia de la Riega. Dispoñible:*.Pontevedra:.https://celsogarciadelariega.wordpress.com/

De las Casas, Fray Bartolomé (1989). *Diario de Colón.* Madrid: Alianza Editorial.

Diario La Noche. (1954). Conferencia de Don Manuel de Francisco en Uruguay. *La Noche*.(20 de Agosto de 1954). Autor: Editor.

Díaz Trechuelo, Lourdes (1992). *Cristóbal Colón.* Madrid: Palabra.

Dubosquet, Francois (2016). A Memoria: Remedio ou veleno. *Cátedra de Estudos Culturais Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Humanidades.* USC. Lugo: USC.

El Ideal Gallego (1909). *Revista semanal, órgano de las sociedades de Instrucción. Defensor de los Intereses de los mismos y de las colonias*. Habana 3 de julio de 1909. (1).

El Universal (1958). *Pontevedra: Cuna de Colón.* (12 de outubro de 1958). Caracas: Editora El Universal.

Espinosa Cordero, Nicolás (1929). *Historia de España en América.* Madrid: Edita Diario ABC .

Ferreiro, Manuel (2003). "Para a historia d´Os Eoas. Un poema épico fundacional no labirinto das indecisións "(01 de 02 de 2003). En María Amparo Tavares Malaval e Francisco Salinas (eds). Estudos Galego Brasileiros. Río de Janeiro. Editora H.P. Comunicaçao. 161-192. Reedición en poesía galega.org. Arquivo de Poéticas Contemporáneas. *Poemas Galegos*. http://www.poesíagalega.org.

Fortes Bouza, José. (1993). *Historia de la ciudad de Pontevedra.* Pontevedra: La Voz de Galicia.

Foucault, Michel (1976). *Genealogía del Poder (Curso del 7 de enero de 1976)*. Madrid: La Piqueta.

Foucault, Michel (1979). *Arqueología del saber.* México: Siglo Veintiuno editores.

Galicia.(1905). Real Academia. *Revista Regional de mayor circulación de la República de Cuba.* Director Vicente López Veiga. A Habana. (18) p.1-5.

García de la Riega, Celso (1897). *La Gallega. Nave Capitana de Colón.* Pontevedra: Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Imprenta de la Vda. de José Antúnez. Facsímil Parlamento de Galicia: La Voz de Galicia. 1987.

García de la Riega, Celso (1914). *Colón Español. Su origen y patria.* Madrid: Rivadeneyra Impresores. Edición original.

García Negro, María Pilar. (2020). *Ricardo Carvalho Calero. Escritor e profesor, galego cabal.* Santiago de Compostela: La Voz de Galicia.

Gegúndez López, Carlos (2016). Es un orgullo y un lujo saber que Valle-Inclán vibró con la Teoría del Colón Gallego. *Faro de Vigo,* p. 4. (21 de Agosto de 2016)

Gegúndez López, Carlos (2016). Valle-Inclán, divulgador del Colón Gallego. *Faro de Vigo* , p. 2. (21 de agosto de 2016)

Gegúndez López, Carlos (2017). *De La Habana a Pontevedra. Tras los pasos del Colón Gallego: Epistolario entre Prudencio Otero y Ramón Marcote.* Pontevedra. Edita Asociación Cristóbal Colón Galego "Celso Garcia de la Riega". 2 da. Ed.

Girgado, Luis Alonso e Vilariño, María (Coord). (2006). *Galicia. Revista Semanal Ilustrada. A Habana 1902-1930* . Edición Facsimilar. Santiago de Compostela: Fundación Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.Xunta de Galicia.

Girgado, Luis Alonso e Cuquejo, María. (Coord.). (2004). Colón pontevedrés. *Centro Gallego de Montevideo.* Edición Facsímilar. Fundación Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

Girgado, Luis Alonso, Moreda Leirado Marisa, Vilariño Suárez María (Coord.) (2006). *Galicia*. Revista del Centro Gallego. Caracas 1952- 1954. Edición Facsímilar. Fundación Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

Horta y Pardo, Constantino (1911). *La verdadera cuna de Cristóbal Colón.* New York: Imprenta de John B. Jonathan. Facsímile. Alvarellos, Lugo (1982).

Horta y Pardo, Constantino (1917). La Fiesta de la Raza. *Boletín do Centro Gallego de Montevideo* (12 de octubre de 1917). (1). 2.

Juan Bolufer, Amparo. (2013). La Voz Pública de Vallé-Inclán: Documentos (Entrevista y cartas abiertas de firma conjunta). *Páginas Finiseculares*. En A. Juan Bolufer. Madrid: Axac.(4).

Juan Bolufer, Amparo. (2021). *Citación de referencias bibliográficas y elaboración de bibliografías en trabajos académicos de corte filológico.* Material do Seminario do Programa de Doutoramento en Estudos Culturais. Facultade de Humanidades. Universidade de Santiago de Compostela. (Enero de 2021). Lugo.

Juega Puig, Juan (1996). *Historia de Pontevedra.* Santiago de Compostela: La Voz de Galicia.

Lamela, Susana.(2006). *La Emigración al Río de la Plata.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Letelier Madariaga, Valentín (1987). Cristóbal Colón. *Revista publicada pola Asociación Cultural "Cristóbal Colón" de Portosanto*, (1).Pontevedra.

López Peláez, Antolín (1895). *El Gran Gallego.* Pontevedra. Edición Facsimilar: Editorial Galaxia.

López Veiga, Vicente (1902). ¿Nació Colón en Pontevedra?. *Galicia. Revista de mayor circulación en la República de Cuba.* Habana (10 de agosto de 1902). (1).

López Veiga, Vicente (1905). Cristóbal Colón y Fonterrosa. *Galicia. Revista de mayor circulación en la República de Cuba.* Habana (17de agosto de 1902). (4).

López Veiga, Vicente (1905). *Galicia. Revista de mayor circulación en la República de Cuba.* Habana (30 de abril de 1905). (18).

Lorenzo y Macías, Pedro (2017). *El Hebreo que descubrió América.* Pontevedra: Santigraf .

Luca de Tena, Gustavo (1993). *Noticias de América: O relato da grande emigración americana na prensa de Galicia e de Ultramar.* Vigo: Nigra.

Luciano Da Silva, Jorge Da Silva (2006). *Cristóvao Colón era Portugués.* Lisboa: Quidnovi.

Manzano Manzano, Juan (1989). *Colón y su secreto. El predescubrimiento.* Madrid: Agencia Española de Cooperación Internacional.

Marcote Miñarzo, Ramón (1920). *Colón Pontevedrés.* A Habana: Impresor Gastón Burgay.

Márquez Bermejo, Gloria (2009). El Descubrimiento de Venezuela. *Tierra Nuestra: 1498-2009*. Caracas: Edita Venezuela Positiva. 79-89.

Martínez Crespo, Xurxo (2007). *Galiza en Dominicana, Nicaragua, Panamá y Venezuela.* A Coruña: Fundación para o Estudio e a divulgación da Cuestión Social en sindical en Galicia. FESGA

Martínez Crespo, Xurxo (2005). *Catro Vidas do exilio galego en Venezuela*. A Coruña. Edición Asociación Galega de Emigrantes Retornados. (AGER).

Mascarehnas Barreto (1997). *"Colombo" Portugués. Provas Documentais.* Lisboa: Nova Arrancada.

Menéndez Pidal, Ramón (1942). *La lengua de Cristóbal Colón.* Buenos Aires: Espasa-Calpe. Colección Austral.

Mosqueira Manso José María (1953). ¿Dónde nació Cristóbal Colón? Galicia. *Revista del Centro Gallego.* Caracas. (8).

Mosqueira Manso, José María (1961). *La cuna gallega de Cristóbal Colón.* Buenos Aires: Editorial Citania.

Muñoz, Laura (2009). Reseña de "Lo que ví en Cuba" de Eva Canel. *Relaciones. Estudios de Historia y Sociedad. Redalyc*. Dispoñible: www.redalyc.org.30, (117): 311-314.

Neira Vilas, José (2016). *Galicia en Cuba.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Neira Vilas, José (2012). *Xosé Neira Vilas:Memoria Gráfica.* Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones.

Nuñez Seixas Xosé María e Farías Ruy (2009). *Transterrados y emigrados*. Ciencia, pensamiento y cultura. Santiago de Compostela: Arbor.

Nuñez Seixas, Xosé María (2006). *Itinerarios do desterro.* Santiago de Compostela: Edicións do Castro.

Núñez Seixas, Xosé María (2006). *O inmigrante imaxinario.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Ónega, José Ramón (1999). *Los Judíos en el Reino de Galicia.* Madrid: Editora Nacional.

Ortega, Delfín e Rodríguez Lestegás Francisco (2017). Enseñanza de la Historia, Identidades Culturales y conciencias iberoamericana en los libros de texto españoles para educación primaria. *Historia y Memoria de la Educación*, (6): 279-318.

Otero Ricart, José Antonio (2013). Nueva Vida para el Colón gallego. *El Faro de Vigo*. (21 de Diciembre de 2013).

Otero Sánchez, Prudencio (1918). Sobre la Patria de Colón. *Boletín del Centro Gallego de Montevideo*, (2).

Otero Sánchez, Prudencio (1922). *La Patria de Colón.* Madrid: Editorial Biblioteca Nueva.

Peña Saavedra, Vicente (1990). *Las escuelas de americanos y las sociedades de instrucción*. Tesis Doctoral. Universidade de Santiago de Compostela Dispoñible: http://hdl.handle.net/11162/30929. Redined.

Peña Saavedra, Vicente (2021). *Luces de Alén Mar. As escolas de americanos en Galicia.* Arquivo da Emigración Galega. Concello da Cultura Galega. Santiago de Compostela: Imago Mundi.

Philipot Abeledo, Alfonso (1994). *La Identidad de Cristóbal Colón.* Pontevedra: Autor-Editor.

Philippot Abeledo, Alfonso (1994). *Colón, gallego*. A Coruña: Toxosoutos.

Posada García, Manuel (1982). *El comentario de textos literarios.* Madrid: Editorial Anaya.

Quelart, Raquel (2018). La catalanidad de Colón llega al gran Congreso sobre América entre críticas. *La Vanguardia*.(20 de xullo de 2018).

Quintás Leticia (2015). As edicións facsímileares no Castro, un exemplo de recuperación da memoria histórica. *Madrygal*. *Revista de Estudio Galegos*. (18) 517- 518.

Ramos Froilán. (2010). La inmigración en la Administración de Pérez Jiménez (1952-1958). *Heurística*. (13) 94-101.

Rey Soto, Antonio (1920). *Colón Español. Hijo de Pontevedra.* A Coruña: Litografía e Imprenta Nogal.

Rodríguez Lestegás, Francisco (2021). *Interculturalidade, Migracións e Dereitos Humanos. A diversidade cultural un desafío para a democracia e para a educación*. Material do Seminario do Programa de Doutoramento en Estudos Culturais. Facultade de Humanidades. Universidade de Santiago de Compostela. *(5 de Marzo de 2021)*. Lugo.

Rodríguez, Milagros Elena (2019). Salvaguarda y legitimación de los saberes soterrados desde la Educación Patrimonial Transcompleja. *In Crescendo*. 10 (2). 315-334.

Sanfuentes Correa, Enrique (1918). *Cristóbal Colón y su detractor El Marqués de dos Fuentes.* Santiago de Chile: Imprenta Universitaria.

Santaella Yegres, Ramón (2005). Pensamiento Geohistórico de Ramón Adolfo Tovar López. *Geoenseñanza*, 10 (25). Caracas.

Silva Domínguez, Carme (2020). *A análise do discurso como metodoloxía transversal na investigación humanística.* Material do Seminario do Programa de Doutoramento en Estudos Culturais. Facultade de Humanidades. Universidade de Santiago de Compostela. (Marzo de 2020). Lugo.

Simón Palmer, María del Carmen (1995). *Escritoras Españolas del siglo XIX*. Manual bio-bibliográfico.Nueva Biblioteca de Erudición y Crítica. Madrid: Castalia.

Sixirei, Carlos, Campos, Xosé Ramón, Fernández, Enrique (2001). *O Asociacionismo galego no exterior: Achegamento ao Asociacionismo.* Tomos I -II. Santiago de Compostela: Tórculo. Xunta de Galicia.

Sociedades Gallegas de Instrucción, Artísticas y Benéficas, domiciliadas en la Habana actualmente. (1922). *América-Galicia: Revista comercial ilustrada Hispano-Americana*. Órgano de publicidad de la "Casa América-Galicia". A Coruña (01 de abril de 1922). (17).

Taboada, Roberto (2018). *Las Tres décadas de Oro del Colón Gallego*. Edición Facsímilar da Exposición en el Palacio de las Mendoza. Pontevedra: Deputación de Pontevedra. (23 de noviembre de 2018).

Torna, Cilia (2017). Colón. Galego? *Sermos Galiza* (269) (26 de octubre de 2017.) p.2

Tovar López, Ramón Adolfo (1986). *El Enfoque Geohistórico.* Caracas: Academia Nacional de la Historia.

Ulloa Luis (1927). *Christophe Colomb Catalán. La vraie Génese de la decouverte de l'Amerique.* Paris: Librairie Orientale et Americaine.

Ulloa, Luis (1930). La Patria de Colón. *La Vanguardia*.(.30 de outubro de 1930)

Vergara, Nito (1988). *La verdad de un nacimiento.* Madrid: Kaydeda.

La Patria de Colón: Un nombramiento. *Vida Gallega. Ilustración Regional*. VIII. (150).(25 de xullo de 1920). Autor: Editor.

Dos grandes amigos de Galicia. *Vida Gallega. Ilustración Regional*.XXII. (443). (20 de marzo de 1930). Autor-Editor.

Vieito Bouza, Mercedes. (1918). De Actualidad Gallega. *Eco de Galicia*. *Revista Gráfica y de Información de la Colonia Gallega en Cuba* (57). Año 2. (11 de Agosto de 1918).

Vieito de López, M. (1933). La Fiesta de la Raza. *Eco de Galicia. Revista Gráfica y de Información Regional.* (15 de octubre de 1933).(364).1.

Vila Fariña, X. L. (2009). *Cristóbal Colón y Galicia.* Vigo: Cardeñoso.

Villar Ponte, A. (1922). *Almas mortas.* A Coruña. Edición Facsímilar. Edicións do Rueiro.1978. (3).

Zas E. (1923). *Galicia. Patria de Colón.* A Habana: Imprenta P. Fernández.